Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 02/12/2020 01:02:55
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 11

Sesión plenaria
10 de novembro de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPGLiG5b1Q0C5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA

Punto 1.

Debate e votación do límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 4586, 11/LGNF-000001)

Punto 2.

Debate do ditame e das propostas de resolución, aprobados na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2018 (conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2017) (doc. núm. 52969, 10/ICON-000004)
Publicación do ditame e das propostas, BOPG nº 37 do 29.10.2020.

Punto 3. Textos lexislativos

3.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei de pesca continental de Galicia (doc. núm. 2452, 11/PL-000001)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 23, do 30.09.2020
Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 36, do 28.10.2020

3.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia (doc. núm. 2453, 11/PL-000002)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 23, do 30.09.2020
Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 36, do 28.10.2020

Punto 4. Comparecencias

4.1 4147 (11/CPP-000023)
Da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición propia, para informar da situación e das medidas adoptadas polo Goberno galego ante a situación de turbidez do río Eume e o seu impacto no abastecemento de auga en Pontedeume
Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

Acumúlase na anterior a seguinte:

4.2 3835 (11/CPP-000021)
Da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición das deputadas e dos deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta do estado de deterioración ambiental e contaminación do río Eume
Publicación da iniciativa, BOPG nº 33, do 21.10.2020

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4.3 4085 (11/CPP-000022)
Do presidente da Xunta de Galicia, por petición das deputadas e dos deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para abordar as medidas que se están a adoptar fronte á segunda onda da covid-19 e aquelas dirixidas a paliar as consecuencias sanitarias, económicas e sociais provocadas pola pandemia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

Punto 5. Mocións

5.1 4110 (11/MOC-000007)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno para garantir a asistencia sanitaria á cidadanía. (Moción consecuencia da Interpelación nº 1686, publicada no BOPG nº 15, do 16.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 20.10.2020)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

5.2 4148 (11/MOC-000008)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa formación e contratación de persoal para o sistema sanitario público de Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación nº 2817, publicada no BOPG nº 27, do 07.10.2020, e debatida na sesión plenaria do 20.10.2020)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

5.3 4158 (11/MOC-000009)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa distribución das transferencias non finalistas aos concellos e as necesidades derivadas da crise da covid-19. (Moción consecuencia da Interpelación nº 2246, publicada no BOPG nº 23, do 30.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 20.10.2020)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

Punto 6. Proposicións non de lei

6.1 2552 (11/PNP-000254)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa participación da Xunta de Galicia no financiamento dos concellos, o incremento do Fondo de Cooperación Local e o establecemento no ano 2020 dos criterios de distribución das subvencións ás entidades locais
Publicación da iniciativa, BOPG nº 27, do 07.10.2020

CSV: BOPGDSPGLiG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6.2 2796 (11/PNP-000285)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e tres deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa liña ferroviaria Vigo-Porto
Publicación da iniciativa, BOPG nº 27, do 07.10.2020

6.3 3737 (11/PNP-000412)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodeiro Tato, Ovidio e seis deputados/as máis
Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa rebaixa, polo Ministerio de Educación, a través do Real decreto lei 31/2020, do nivel e dos requisitos para que un alumno aprobe, promocione ou titule no curso 2020-2021 con independencia do número de materias suspensas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

6.4 3878 (11/PNP-000427)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis
Sobre a posición que debe defender o Goberno galego diante do Goberno central e das institucións europeas en relación coa distribución dos fondos europeos para afrontar a crise da covid-19
Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

6.5 3945 (11/PNP-000436)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis
Sobre a elaoración pola Xunta de Galicia, no marco do futuro plan galego de oncoloxía, dunha estratexia de medicina personalizada e terapia celular avanzada, así como a posta en marcha en Galicia dun centro de terapia CAR-T
Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

6.6 3973 (11/PNP-000441)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e dous deputados/as máis
Sobre o establecemento polo Goberno galego dun plan de axudas directas a fondo perdido dirixido a paliar o impacto económico da covid-19 no sector da hostalaría en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

Punto 7. Interpelacións

7.1 3563 (11/INT-000223)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e tres deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos centros de atención residencial
Publicación da iniciativa, BOPG nº 33, do 21.10.2020

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.2 3635 (11/INT-000233)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa información aos concellos respecto da incidencia da covid-19
Publicación da iniciativa, BOPG nº 33, do 21.10.2020

7.3 3652 (11/INT-000235)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e dous deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos empresarios autónomos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 33, do 21.10.2020

Punto 8. Preguntas ao goberno

8.1 4632 (11/PUP-000079)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre o recoñecemento polo Goberno galego do compromiso do Goberno central para satisfacer unha demanda histórica da sociedade galega como a rebaixa das peaxes da autoestrada AP-9
Publicación da iniciativa, BOPG nº 40, do 4.11.2020

8.2 911 (11/POP-000268)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Alén Castro, Gabriel e seis deputados/as máis
Sobre cales son os beneficios que lle reporta ao estudantado galego a rebaixa do prezo das matrículas universitarias no curso 2020-2021
Publicación da iniciativa, BOPG nº 40, do 4.11.2020

8.3 2989 (11/POP-000359)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia
Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a carga de traballo para o cadro de persoal da planta de Siemens-Gamesa nas Somozas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 30, do 14.10.2020

8.4 2848 (11/POP-000345)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abelairas Rodríguez, María Isaura e tres deputados/as máis
Sobre o mecanismo previsto polo Goberno galego para garantir, dada a limitación das citas á atención telefónica, a atención sanitaria ás persoas con parálise cerebral
Publicación da iniciativa, BOPG nº 27, do 07.10.2020

CSV: BOPGDSPGLiG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

8.5 3154 (11/POP-000382)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis
Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento do Plan de asistencia ao ictus en Galicia, posto en marcha no ano 2016
Publicación da iniciativa, BOPG nº 30, do 14.10.2020

8.6 3810 (11/POP-000478)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e 2 deputados/as máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a mellora da infraestrutura e reforzo do persoal da UCI de adultos do Hospital Clínico de Santiago de Compostela
Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

8.7 4630 (11/PUP-000078)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre o número de persoas rastrexadoras que hai en Galicia para o seguimento das persoas contaxiadas pola covid-19
Publicación da iniciativa, BOPG nº 40, do 4.11.2020

8.8 3442 (11/POP-000419)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e tres deputados/as máis
Sobre a demora na detección da presenza da covid-19 e na comunicación dos resultados das probas realizadas na Residencia de persoas maiores Os Gozos, no Pereiro de Aguiar
Publicación da iniciativa, BOPG nº 33, do 21.10.2020

CSV: BOPGDSPGLiG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e oito minutos da mañá.

Debate e votación do límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do debate: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Martínez García).* (Páx. 13.)
Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 17.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 20.) *e Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 24.)

Votación do límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira: *aprobado por 41 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 27.)

Debate do ditame e das propostas de resolución aprobados na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2018 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2017). (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as propostas de resolución que se incorporan ao ditame. (Páx. 28.)

Presentación do ditame da comisión: *Sra. presidenta da Comisión non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas (Sra. Arias Rodríguez) (P).* (Páx. 28.)

Rolda dos grupos parlamentarios para a defensa das súas propostas de resolución e fixación da súa posición: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 29.), *Sra. Presas Bergantiños(BNG)* (Páx. 31.) *e Sr. Rey Varela (P).* (Páx. 33.)

CSV: BOPGDSPGLiG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor presidente anuncia que, en primeiro lugar, se vai proceder á votación do ditame. (Páx. 34.)

Votación do ditame aprobado na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2018 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2017): *aprobado por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

O señor presidente anuncia que, a seguir, se procede á votación das propostas de resolución. (Páx. 35.)

A señora Rodríguez Rumbo (S) solicita a súa votación por separado. (Páx. 35.)

Votación das propostas de resolución números 2, 3, 4, 5, 6 e 7 do G. P. Popular de Galicia, aprobadas na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2018 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2017): *aprobadas por 41 votos a favor, ningún en contra e 32 abstencións.* (Páx. 36.)

Votación das propostas números 1 e 14 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e a número 23 do G. P. dos Socialistas de Galicia, aprobadas na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2018 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2017): *aprobadas por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

Debate de totalidade do Proxecto de lei de pesca continental de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 37.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: *Sr. Arangüena Fernández (S)* (Páx. 40.) *e Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 44.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar a súa posición: *Sra. Díaz Mouteira (P).* (Páx. 47.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Arangüena Fernández (S)* (Páx. 52.) *e Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 54.)

Debate de totalidade do Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 56.)

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 59.) *e Sra. Fernández Gómez (BNG).* (Páx. 63.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar a súa posición: *Sr. Fernández Prado (P).* (Páx. 67.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 72.) *e Sra. Fernández Gómez (BNG).* (Páx. 73.)

Votación dos textos lexislativos

Votación das emendas á totalidade de devolución dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de pesca continental de Galicia: *rexeitadas por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 76.)

Votación das emendas á totalidade de devolución dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia: r*exeitadas por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 76.)

O señor presidente comunica que, rexeitadas as emendas á totalidade, os dous proxectos de lei continuarán o seu trámite parlamentario. (Páx. 76.)

Modificación no desenvolvemento da orde do día

O señor presidente comunícalle á Cámara unha modificación na ordenación do debate que afecta o punto quinto da orde do día. (Páx. 76.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno para garantir a asistencia sanitaria á cidadanía. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 77.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 80.) *e Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P).* (Páx. 83.)

Nova intervención da señora Prado Cores (BNG). (Páx. 86.)

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e seis minutos da tarde e retómase ás catro.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa formación e contratación de persoal para o sistema sanitario público de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 88.)

CSV: BOPGDSPGLiG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 89.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 91.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 94.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 97.)

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa distribución das transferencias non finalistas aos concellos e as necesidades derivadas da crise da covid-19. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 99.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 99.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 102.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 105.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 109.)

Votación das mocións

O señor presidente anuncia que na moción que se vai votar a continuación a votación se vai realizar por puntos, segundo lle solicitaron. (Páx. 111.)

Votación dos puntos 1, 4, 5, 6 e 9 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Monserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno para garantir a asistencia sanitaria á cidadanía: *aprobados por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 111.)

Votación dos puntos 2, 3, 7 e 8 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Monserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno para garantir a asistencia sanitaria á cidadanía: *rexeitados por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 111.)

O señor presidente comunica que na moción que se vai votar a continuación se aceptou a emenda presentada polo G. P. Popular de Galicia. (Páx. 112.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa formación e contratación de persoal para o sistema sanitario público de Galicia: *aprobado por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 112.)

Na seguinte moción, o señor presidente anuncia que se vai votar o punto 8 por separado por petición da señora Prado del Río (P). (Páx. 112.)

CSV: BOPGDSPGLiG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación do punto número 8 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa distribución das transferencias non finalistas aos concellos e as necesidades derivadas da crise da covid-19: *aprobado por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 112.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás o punto número 8, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa distribución das transferencias non finalistas aos concellos e as necesidades derivadas da crise da covid-19: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 112.)

Acumulación de dúas comparecencias para a súa exposición conxunta

Comparecencia da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición propia, para informar da situación e das medidas adoptadas polo Goberno galego ante a situación de turbidez do río Eume e o seu impacto no abastecemento de auga en Pontedeume. (Punto cuarto da orde do día.)

Comparecencia da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición das deputadas e dos deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta do estado de deterioración ambiental e contaminación do río Eume. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Infraestructuras e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 113.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Arangüena Fernández (S)* (Páx. 120.), *Sr. Fernández Alfonzo (BNG)* (Páx. 123.) *e o Sr. Fernández Prado (P).* (Páx. 126.)

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira de Infraestructuras e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 130.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. Nesta rolda, interveñen o señor Arangüena Fernández (S) (Páx. 134.), *o señor Fernández Alfonzo (BNG)* (Páx. 136.), *o señor Fernández Prado (P)* (Páx. 138.) *e a señora conselleira de Infraestructuras e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 139.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa participación da Xunta de Galicia no financiamento dos concellos, o incremento do Fondo de Cooperación Local e o establecemento no ano 2020 dos criterios de distribución das subvencións ás entidades locais. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 142.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 145.) *e Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 147.)

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nova intervención da señora Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 150.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa liña ferroviaria Vigo-O Porto. (Punto sexto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 152.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Fernández Gómez (BNG).* (Páx. 153.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 156.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 160.)

A señora Fernández Gómez (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 163.)

Suspéndese a sesión ás oito e trinta e sete minutos da noite.

CSV: BOPGDSPGLiG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ábrese a sesión ás dez e oito minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Entramos na orde do día co primeiro punto.

Debate e votación do límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira

O señor PRESIDENTE: Todo iso foi porque o Consello da Xunta de Galicia, con data do 29 de outubro de 2020, acordou o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, que se fixa en 11.664 millóns de euros. De conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, foi remitido a esta cámara para a súa aprobación, xunto co informe da Estratexia financeiro-fiscal, referido ao artigo 12.1 da precitada lei.

Antes de proceder á votación, o Goberno dispón dunha rolda de quince minutos para a súa presentación. E, a seguir, concederase unha rolda para cada un dos grupos parlamentarios por un tempo de dez minutos.

Comezamos, polo tanto, coa presentación polo conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Valeriano Martínez García.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): Moitas grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Comparezo hoxe ante o Parlamento para presentar o límite de gasto non financeiro para o ano 2021, aprobado recentemente polo Consello da Xunta de Galicia en cumprimento do artigo 12 da Lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Un ano máis quero pór en valor que o Goberno galego foi pioneiro na aprobación por lei deste instrumento, e este xa é o décimo ano en que o presenta ante a Cámara. Ademais, co obxectivo de favorecer a máxima transparencia da normativa aprobada hai unha década, fixouse non só que o Executivo tiña que aprobar o teito de gasto, senón que o tiña que someter

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

á consideración do Parlamento autonómico para pedir autorización a este límite de gasto non financeiro, trámite no que agora nos atopamos.

Señorías, en primeiro lugar, gustaríame explicar a razón pola que por terceiro ano consecutivo o teito de gasto chega ao Parlamento cun atraso sobre o ciclo orzamentario normal e habitual. Demora non atribuíble ao Goberno galego, como agora exporei.

O Consello da Xunta tivo que aprobar este límite de gasto non financeiro máis tarde do habitual debido a que os primeiros datos para estar en disposición de elaboralo non nos chegaron ata hai apenas un mes. E ademais recibimos datos incompletos, pois a información tan relevante como o salario dos funcionarios ou os fondos europeos non a tivemos ata a mesma semana que o aprobamos, o pasado 29 de outubro. Ante este escenario, desde a Consellería de Facenda e Administración Pública quixemos acelerar o traballo tamén máis ca nunca cun obxectivo: compensar un atraso de máis de dous meses respecto dun ciclo orzamentario normal. Xa temos comentado que este ano entendemos que se podería atrasar algo a comunicación das entregas á conta e a axenda de déficit público, pero o que non é razoable é que desde o mes de febreiro non se convocase o Consello de Política Fiscal e Financeira ata o pasado 5 de outubro. Ademais, esta demora, que podería ser unha excepción este ano, tense convertido nun hábito co actual Goberno central, que tanto no 2019 como no 2020, como para o 2021 incumpriu sempre os prazos legais.

Ante esta circunstancia, desde o Goberno galego —insisto— traballamos coa maior celeridade posible e coa experiencia acumulada para, primeiro, aprobar o teito de gasto —hai doce días— e, segundo, estar en condicións de aprobar os orzamentos antes de que remate este mes de novembro. Queremos ter en vigor os orzamentos de 2021 canto antes, xa que está sendo unha ferramenta fundamental para a loita contra a pandemia. E queremos que o próximo ano sexa igualmente un instrumento para a loita contra a pandemia —que me refería hai un momento—, pero tamén de reactivación económica.

E a segunda cuestión importante é que o teito de gasto que debatemos hoxe é o máis alto da serie histórica, que iniciamos agora hai unha década, porque estamos nunha situación excepcional.

¿Que pretendemos? Afrontar con garantías a pandemia sanitaria, reactivar a economía e atender as familias e empresas que están sufrindo a crise económica.

Señorías, hai que ter en conta o contexto no que se debate este teito de gasto e por que é un teito de gasto excepcional. E o motivo é que logo de cinco anos de forte crecemento e creación de emprego, desgraciadamente, a partir de marzo deste ano, a pandemia truncou de maneira abrupta esa boa evolución.

O primeiro que fixemos foi unha actualización do cadro macroeconómico para 2020, posto que —como acabo de dicir— a pandemia cambiou por completo o escenario. Se sempre fixemos estimacións prudentes e realistas, nesta ocasión isto cobra maior relevancia se cabe. Segundo as nosas previsións, o impacto na economía galega da covid-19 provocará unha caída do PIB do 9,7 % en termos reais, que se ben é menor que a media española, será moi importante.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En termos de emprego, o impacto da pandemia levará unha caída do emprego do 10,6 %, medido en postos de traballo equivalentes a tempo completo, co cal a taxa media de paro neste exercicio estimamos que será do 12,3 %, tamén menor, sensiblemente menor que no conxunto de España.

Unha vez adecuado o cadro macroeconómico deste ano á situación da pandemia, o seguinte paso para elaborar o teito de gasto non financeiro para 2021 foi realizar tamén unhas estimacións realistas do cadro macroeconómico para o vindeiro ano. Neste sentido, obviamente, existe unha elevada incerteza sobre a evolución e a intensidade da pandemia, o que sen dúbida repercutirá na velocidade de recuperación da economía.

Con este condicionante e con toda prudencia, consideramos que en 2021 Galicia podería ter un crecemento do PIB do 8 % en termos reais. Esta recuperación tamén permitirá en materia de emprego incrementar un 7 % os postos de traballo equivalentes a tempo completo, co cal a estimación da taxa media de paro prevémola para o 2021 nun 12,9 %.

Exporei a continuación como calculamos os ingresos. E o primeiro que quero apuntar é que dispomos duns recursos que podemos considerar ordinarios e outros que cualificamos como extraordinarios.

Empezando polos ingresos ordinarios, o habitual é que os procedentes do sistema de financiamento autonómico representen practicamente o 80 % do total de recursos non financeiros, pero neste teito de gasto excepcional, pola contía dos fondos extraordinarios previstos, soamente supón un 67 %. No ano 2021 o total de recursos procedentes do sistema de financiamento autonómico será de 7.949 millóns de euros, e diminuirá o 1,6 % respecto deste ano 2020.

Respecto das transferencias finalistas ordinarias doutras administracións, estas quedarán en 1.176,5 millóns de euros. En concreto, no que atinxe os fondos europeos estimamos unha previsión moi similar á do presente exercicio, cun lixeiro incremento do 0,7 %, ata acadar os 629,2 millóns de euros, contía coa que pechamos a orzamentación dos fondos estruturais Feder e Fondo Social Europeo no marco 2014-2020, actualmente vixente.

En canto ao financiamento finalista do Estado, baixa a súa estimación no 1,6 %, fundamentalmente pola redución de ingresos derivados dos finalistas de emprego nun 6,9 % e pola caída esperada dun 9,1 % no Fondo de Compensación Interterritorial, que queda nos 38,5 millóns de euros.

Pola súa banda, os recursos propios non financeiros da Comunidade Autónoma, nos que incluímos os tributos cedidos xestionados pola Xunta, os tributos propios, os prezos públicos e os ingresos patrimoniais, estimamos que o seu importe se reducirá nun 7,6 %. Loxicamente, a súa evolución depende en gran medida dos principais tributos cedidos: o imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o imposto sobre sucesións e doazóns e o imposto sobre patrimonio, xa que estes tres impostos representan máis da metade desta partida. A diminución débese principalmente pola evolución prevista no imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, de forma que o vindeiro

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ano os dereitos que se esperan recoñecer polo dito imposto se reducen nun 18,4 % en relación co orzamento en curso. Pero hai que ter en conta que a previsión deste ano é que os dereitos recoñecidos soamente acaden o 80 % da previsión inicial, como consecuencia, tamén obviamente, da parálise que sufriu a economía durante gran parte do ano e de que este imposto está moi vencellado ao ciclo económico.

Sumadas estas contías, os recursos ordinarios para o vindeiro exercicio ascenderán a 9.864,2 millóns de euros, logo de incluír o que se denominan «axustes de contabilidade nacional», neste caso negativos, por un importe de 33 millóns de euros.

Ademais, como lles dicía ao principio, este teito de gasto é excepcional porque conta con recursos extraordinarios. E a decisión política do Goberno galego é aproveitar ao máximo as posibilidades que temos de conseguir estes recursos extraordinarios.

Por unha banda, incluímos a parte que lle corresponde a Galicia da transferencia extraordinaria do Estado ás comunidades autónomas, por un importe global de 13.456 millóns de euros, tal e como anunciou o Consello de Ministros do día 6 de outubro e tal como corrobora o Plan presupostario de 2021 enviado a Bruxelas o pasado 15 de outubro. Ante a falta de concreción por parte do Ministerio de Facenda de como se van repartir os ditos recursos entre as comunidades autónomas, a nosa estimación é de 684,9 millóns de euros como resultado de aplicar o 1,1 % ao PIB estimado para Galicia no 2021.

E, por outra, recollemos os recursos REACT-EU, Axuda á Recuperación para a Cohesión e os Territorios de Europa, que son unha iniciativa que persegue e amplía medidas de resposta á crise e reparación da mesma. O Reino de España conta cuns recursos que ascenden a 12.400 millóns de euros, dos que 10.000 millóns se distribuirán entre as comunidades autónomas; 8.000 millóns no ano 2021 e 2.000 millóns no ano 2022, segundo foi acordado no Consello de Política Fiscal e Financeira. Destes fondos europeos extraordinarios incluímos unha previsión prudente para Galicia de 430 millóns.

En canto ao déficit público, como consecuencia da situación extraordinaria deste ano, o Consello de Ministros decidiu suspender as regras fiscais durante os anos 2020 e 2021, aínda que se estableceron unhas taxas de referencia que imos seguir en Galicia. Así, decidimos empregar o déficit público do 1,1 %, outros 684,9 millóns de euros, o máximo posible na taxa de referencia apuntada polo Goberno central. E tomamos esta decisión logo de ter completada na práctica a consolidación fiscal e ser a Comunidade que menos incrementou o seu endebedamento na última década. Precisamente o endebedamento responsable levado a cabo desde 2009 sitúa Galicia nunha mellor posición para poder agora, que é necesario, incrementalo. *(Aplausos.)* Con esta política de endebedamento os galegos evitamos endebedarnos en 5.654 millóns de euros na última década. E o resultado é que cada galego e galega debe 2.095 euros menos que a media do resto de españois.

Ademais, froito da confianza de que Galicia chega aos investidores, no ano 2019 fomos unha das poucas comunidades autónomas que retornou aos mercados financeiros para aproveitar as condicións que ofrece, con abundante liquidez, elevada demanda e tipos de xuro historicamente baixos. A finais do ano 2019, en Galicia mesmo chegamos a formalizar a primeira

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

emisión de débeda con rendibilidade negativa da historia da autonomía. E hai unhas semanas acabamos de confirmar a segunda. Ademais, este ano 2020 tamén formalizamos unha emisión de bonos sostibles, integramente orientados aos investimentos sociais e ambientais. O resultado é que Galicia se atopa nunha mellor posición que outras administracións públicas para afrontar a crise sanitaria, económica e social vinculada á pandemia.

Con estes ingresos, para o vindeiro ano teremos un límite de gasto de 11.664 millóns de euros. E desta cantidade, 9.864,2 millóns serán ingresos que podemos considerar ordinarios. E practicamente mil oitocentos millóns de euros que podemos cualificar como extraordinarios, debido a esta situación excepcional que temos que afrontar.

Con estas previsións, afrontamos un teito de gasto para o 2021 excepcional, prudente e rigoroso. Un teito de gasto non financeiro que ascende —como digo— a 11.664 millóns de euros, o que supón un crecemento do 14,9 % respecto do orzamento deste ano. É o maior teito de gasto desde que existe este instrumento en Galicia, implantado hai unha década, pero —reitéroo— estamos nunha situación excepcional. Dos 11.664 millóns, 11.012 millóns son ingresos non financeiros, 685 millóns proceden do obxectivo de déficit e 33 millóns son axustes negativos en contabilidade nacional. Este incremento do 14,9 % do teito de gasto non financeiro para o vindeiro exercicio permitirá...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): ...que incrementemos nun total de 1.516 millóns de euros a capacidade de gasto.

Señorías, pídolles a todos os grupos parlamentarios o apoio a este teito de gasto extraordinario, porque entendo que é o marco financeiro necesario para afrontar o momento excepcional que estamos a vivir.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señores e señoras deputadas.

Señor conselleiro, hoxe non podemos ter un debate sobre os orzamentos da Comunidade Autónoma para 2021 igual que o debate que tivemos durante os anos anteriores. Non poden seguir con políticas de austeridade e de contención do gasto público. Non poden seguir sendo

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o alumno máis aplicado para cadrar as contas antes que atender as persoas, tal e como aconteceu coa xestión da Xunta de Galicia da crise de 2008.

Señor conselleiro, sete meses despois da declaración pola Organización Mundial da Saúde da pandemia causada pola covid-19 padecemos hoxe en todo o mundo unha crise sanitaria aparellada dunha crise económica e dunha crise social sen precedentes. Unha situación que puxo de manifesto as grandes eivas —reiteradamente demandadas polo noso grupo parlamentario nesta cámara— das políticas dos gobernos de Feijóo na Xunta de Galicia.

Foron once anos que teñen situado Galicia ante a peor situación dende o punto de vista demográfico. Once anos de recortes en sanidade, fundamentalmente en atención primaria. Once anos de recortes en educación, fundamentalmente na modernización do sistema educativo. Once anos sen que se atendesen as demandas postas de manifesto polos representantes do sector e incluso polo propio Consello de Contas sobre as deficiencias na xestión das residencias de maiores. Anos nos que o emprego non foi unha prioridade para este goberno, perdendo unha parte moi importante da poboación activa do noso país e non tendo recuperado o emprego que había antes de 2008. Once anos sen política industrial, sen unha aposta real polo investimento en I+D+I. Once anos nos que o despregue tecnolóxico foi adiado continuamente, no que o rural foi esquecido por estes gobernos.

Gobernos do PP que miraban cara a outro lado ante os datos de pobreza ou exclusión social nos que se encontraba nada menos que o 24,3 % da poboación galega en 2019, isto é, 655.000 persoas, señor conselleiro. Gobernos que nada teñen feito para evitar que en 2019 o 7,9 % da poboación galega vivise con ingresos inferiores aos 500 euros ao mes. *(Aplausos.)*

Polo tanto, a Galicia que tiñamos antes da crise derivada da covid xa era un país con moitas desigualdades e con falla de oportunidades.

Vostede falaba hai un momento do endebedamento, pero quérolle recordar, señor conselleiro, que o endebedamento do noso país se multiplicou por tres respecto do endebedamento que tiña o noso país no ano 2008.

Polo tanto, señor conselleiro —insisto—, o debate orzamentario para o 2021 que se inicia hoxe coa aprobación do teito de gasto ten que ser diferente.

Hoxe levantámonos coa amarga noticia de que en Galicia superamos xa o milleiro de falecidos pola covid, 1.009 persoas falecidas no noso país, cunha presión hospitalaria máis que preocupante e cunha ocupación nas UCI que levantan todas as alarmas. Tamén temos que dicir que temos unha boa noticia, polo menos esperanzadora, desa vacina do laboratorio Pfizer, que esperamos que o máis axiña posible sexa unha realidade tamén no noso país.

Señor conselleiro, se antes considerabamos a saúde como o ben máis prezado, hoxe máis ca nunca podemos dicir que sen saúde todo o demais é secundario. Sen loitar contra a pandemia non imos recuperar a nosa economía. E as administracións públicas hoxe máis que nunca teñen que xerar confianza na poboación nestes momentos de incerteza e poñer todos os medios ao seu alcance para que os sectores e as persoas máis afectadas por esta crise non queden atrás.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vostede sabe perfectamente que toda a economía está a resentirse, pero que hai determinados sectores que son os que peor o están pasando: a hostalería, a cultura, o ocio nocturno e o comercio, entre outros. E, nestes momentos, debería ser unha oportunidade para demostrarlle á cidadanía que a política é útil e que a súa principal misión é dar resposta ás necesidades da poboación. Por iso, señor conselleiro, insisto en que este non pode ser un debate como os anteriores e que as contas da Comunidade Autónoma galega para o 2021 teñen que atender as persoas. A política ten a obriga de axudar para que este país non se afunda. E vostedes como xestores do público teñen a obriga de empregar os recursos dun xeito diferente a como o fixeron durante a crise de 2008.

Señor conselleiro, temos unha oportunidade única que non deben, non poden deixar pasar, temos que aproveitar todo o potencial que o Goberno do Estado pon ao dispor das comunidades autónomas, todo o potencial do Fondo extraordinario europeo de recuperación e resiliencia. Pero tamén a Xunta de Galicia ten que incrementar o seu propio poder expansivo para que poidamos saír todos e todas desta crise sen que ninguén quede atrás.

É o momento de sentar as bases do cambio do modelo produtivo cara a un país máis cohesionado, máis verde e máis feminista; apostar por unha economía do coñecemento que priorice a educación, a formación e a investigación; reforzar o Estado do benestar e garantir un apoio constante ás familias, aos traballadores, ás persoas autónomas e ás empresas, e canalizar os fondos europeos para avanzar cara a unha economía con maior valor engadido, máis dixital e baseada na transición enerxética. Por certo, esperamos coñecer en breve cales son eses cento oito proxectos que a Xunta de Galicia di que ten mandado ao Estado *(Aplausos.)* e que esperamos que vaian neste sentido.

No mes de outubro, o Goberno do Estado comunicou ás comunidades autónomas no Consello de Política Fiscal e Financeira a suspensión das regras fiscais para 2020 e 2021; unha medida extraordinaria que segue as recomendacións das autoridades comunitarias e que dotará as comunidades autónomas da marxe necesaria para colaboraren coa reconstrución económica e social derivadas da crise sanitaria da covid-19. Nese mesmo consello, a ministra de Facenda trasladou aos conselleiros que o Ministerio de Facenda blindará os recursos do sistema de financiamento autonómico ante a caída dos ingresos derivados da covid-19.

As entregas á conta para o 2021 serán practicamente as mesmas que para o 2020, cun descenso dun 0,26 %. E as comunidades autónomas recibirán pola liquidación positiva do exercicio 2019 un importe algo inferior ás recibidas pola liquidación de 2018, pero estas diferenzas veranse compensadas cunha maior marxe no déficit público, cunha taxa de referencia para o 2021 dun 2,2 % do PIB, que o Goberno de Pedro Sánchez se compromete a financiar a través dos mecanismos extraordinarios de liquidez, permitindo deste xeito que as comunidades autónomas conten con maiores recursos. E ademais dos ingresos derivados do sistema de financiamento, a ministra tamén comunicou ás comunidades autónomas que contarán con 12.436 millóns de euros do Fondo REACT-EU.

Con base neses datos, o Consello da Xunta, o 29 de outubro do 2020, aprobou o teito de gasto non financeiro extraordinario para o 2021, que como vostede ben dicía acadaba os 11.664 millóns de euros. Un teito que se incrementa nun 14,9 % respecto do 2020 e que supón que

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a Xunta de Galicia contará con 1.515 millóns de euros adicionais, dos que o 50 % serán asumidos directamente pola Administración do Estado a través desa transferencia extraordinaria.

Vostede falaba na súa intervención dunha caída do PIB para o 2021, que vai ser menor que para o conxunto do Estado. Evidentemente, incluso o informe do Foro Económico de Galicia e outros estudos din que vai ser así, que Galicia ten unha caída menor. Pero tamén advirte o Foro Económico de Galicia que ben que a caída é menor, a recuperación posterior ás crises foi en Galicia sempre moito máis lenta que na economía española. Polo tanto, nós pedímoslle á Xunta de Galicia, á Comunidade Autónoma, que empregue todos os recursos ao seu alcance para que esta saída sexa o máis axiña posible e que sexa sen que quede ninguén atrás.

Xa sei que me queda moi pouco tempo, pero quero poñer de manifesto algo que vostede comentaba. É que a Xunta de Galicia renuncia a exercer a súa maior capacidade fiscal. Polo tanto, a Xunta de Galicia renuncia a aplicar o seu poder expansivo para que estes orzamentos sexan maiores e, polo tanto, poidan atender maiormente as persoas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Vostede falaba dunha redución do 7,7 % para o 2021. E só vou poñer un exemplo: recuperen, deixen esa rebaixa sobre o patrimonio do Goberno Feijóo, que afectou só 7.132 persoas, cunha cota líquida media de dez mil euros, e que supón que as arcas de Facenda da Xunta de Galicia deixen de percibir uns doce millóns de euros.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Como non teño tempo para máis, non podo seguir, pero tamén xa lle anticipo o noso voto en contra por esa falla de expansión dos recursos propios que ten a Xunta de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Bo día a todos e a todas.

Señor conselleiro, dicía José Luis Sampedro que existen dous tipos de economistas: os que traballan para facer máis ricos aos ricos e os que traballan para facer menos pobres aos pobres.

Até o de agora, o Goberno do Partido Popular en Galiza actuou como os primeiros. Antes da pandemia, Galiza xa tiña datos que eran realmente preocupantes. Agora temos unha crise

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

económica que se fixo moito máis profunda e temos unha crise sanitaria. Pero é que o noso país xa tiña problemas moi importantes.

De feito, tiñamos e temos unha crise demográfica que cada vez se fai máis aguda; tiñamos xa unha crise social. Fíxense: no 2019 non conseguiramos chegar ao emprego que había hai dez anos. Durante esta última década na que gobernou o Partido Popular, tiveron que emigrar no noso país máis de duascentas mil persoas. Isto é como se desapareceran as cidades de Santiago e Ourense. Cada vez hai emprego máis precario. De feito, deteriorouse tanto o mundo laboral que no día de hoxe ter emprego non é sinónimo dunha vida laboral digna, ao contrario, pois vostedes crearon con esas reformas laborais —que agardamos que se derroguen canto antes— unha nova modalidade de traballadores, que son os traballadores e as traballadoras pobres. Segundo o informe Foessa, en Galiza, o 12,3 % das persoas que traballan encóntranse en exclusión social, estamos falando de 130.000 persoas. E iso é a punta do iceberg, porque o propio Instituto Nacional de Estatística alertaba de que no noso país hai máis de medio millón de persoas que viven en risco de pobreza.

Polo tanto, as súas políticas precovid xa estaban provocando unha Galiza con cada vez máis desigualdades. E hai un indicador que é moi importante á hora de ver estas desigualdades, o de como evolucionan as rendas do traballo fronte ás rendas do capital. E aquí vemos como, no ano 2009, as remuneracións dos traballadores e das traballadoras sumaban o 48 % do PIB fronte ás rendas do capital, que significaban o 43,8 %.

Nesta década, coas súas políticas, provocouse unha alteración que —¡fíxense!— non se dá no conxunto do Estado español, pero que si se dá en Galiza, e vemos como os salarios teñen menos peso que as rendas do capital. Así, o peso das rendas salariais baixaron ao 42,7 %, mentres as rendas dos empresariais soben até o 47,3 % a finais do 2019. E este é o resultado de políticas que teñen consecuencias, que é facer máis ricos aos ricos.

E isto, evidentemente, ten consecuencias neste momento, onde a covid acelerou todo este proceso social que xa estabamos vendo. E comprobamos como a falta de anticipación e de previsión do Goberno galego non está provocando que non se lle dera unha resposta axeitada á hora de controlar a expansión do virus, senón que tamén vemos como se está desprotexendo os sectores que xa eran máis vulnerables nesta crise.

E esas consecuencias podemos velas compensadas en imaxes que son realmente preocupantes. Esta semana pasada viamos medios de comunicación que poñían en evidencia unha foto *(A señora Pontón Mondelo mostra unha fotografía.)*, que vexo, señor conselleiro, que non quere mirar. É xente facendo cola na Galiza do ano 2020 para ter acceso á comida e aos bens de primeira necesidade. *(Aplausos.)* E fíxese o titular: «Tristeza e resignación nas colas da fame da Coruña, cada vez máis extensas. O paro, disparado, leva cada día máis xente ás portas das institucións benéficas». Esta é, desde logo, unha imaxe desoladora.

E a pregunta é se este teito de gasto que hoxe presentan no Parlamento é a solución para estas persoas, se é a solución ante a maior crise sanitaria, económica e social que atravesa o país nas últimas décadas. E a resposta non nos gusta, pero hai que dicirlle a verdade á xente. Non vai haber unha resposta á altura do desafío que temos neste momento, porque

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

non se lle pode poñer un corsé ao investimento público necesario cando está en xogo a vida e a saúde das persoas *(Aplausos.)* e cando está en xogo o futuro do país.

E nós o que dicimos é que se necesita investir máis e investir ben. E investir máis e investir ben para rescatar a sanidade pública e dotala de máis medios, acabando coa precariedade. Investir máis e investir ben para garantir o dereito a unha vellez digna; ¡nunca máis negocio co dereito a unha vellez digna! *(Aplausos.)* Investir máis e investir ben para fortalecer a educación pública. Investir máis e investir ben para rescatar a quen neste momento xa está pagando esta crise económica e social, que son as mulleres, a xente nova, que é a hostalería, que é o sector da cultura, que é a pequena e mediana empresa deste país, que son os que hai que rescatar, e non as grandes multinacionais nin as empresas do Ibex 35. *(Aplausos.)*

Porque, miren, a covid deixa moitas lecciónns e, entre elas, as mentiras dos dogmas neoliberais e centralistas. E hoxe, por exemplo, ninguén discute que a austeridade —esa que abrazou Feijóo desde o ano 2008— é un suicidio en termos sanitarios, sociais e económicos. Ninguén discute tamén que necesitamos fortalecer a sanidade pública, non privatizala, como levan facendo vostedes. Ou tamén estamos vendo no marco desta crise que nos queda pequeno o autogoberno que temos e que necesitamos máis capacidade de decisión para protexer mellor a nosa sociedade. Por iso nós dicimos que hai que ir moito máis alá.

E, de verdade, de pouco vale que en 2020 e 2021 se suspendan as regras fiscais e se permita un maior gasto público se a partir desa data se impón outra vez o déficit cero, que é o que xa nos está dicindo o Banco de España que vai facer, porque iso significa simplemente adiar os recortes ao ano 2022 e que serán máis profundos. Polo tanto, hai que acabar con esa política do déficit e permitir, desde logo, un maior investimento público.

Vemos tamén como o propio informe que vostedes nos relatan demostra a insuficiencia do actual sistema de financiamento do noso país. ¿Como pode ser que na maior crise sanitaria e económica, e cando o Estado ten máis recursos, resulta que o sistema de financiamento prevé un descenso do 1,6 % dos investimentos? Este é o fracaso do modelo de financiamento que asinou Feijóo, *(Aplausos.)* e o que necesitamos é un novo modelo de financiamento que nos permita ter máis recursos. Porque coa insuficiencia do sistema financeiro —e que ía ser cada ano maior xa o denunciamos nós—, o que fixo o Partido Popular foi simplemente aceptar submisamente este sistema e non quere cambiar o marco, quere seguir co mesmo sistema que nos fai máis dependentes.

Por iso nós dicimos que non chegan parches, que hai que mirar máis alá, porque o Goberno ten a obriga de traballar nun escenario e de prever as peores situacións. Iso significa anticipación. E aínda que hoxe temos un dato esperanzador, que é que pode haber unha vacina pronto, tamén é certo que as propias persoas están dicindo que esa vacina de maneira xeneralizada para a poboación como moi pronto chegará a finais do ano que vén. Iso significa que imos seguir traballando nun escenario de incerteza, onde nós cremos que aquí o que ten que facer o Goberno é anticiparse ante ese escenario que pode ser o peor.

E vemos como nestes orzamentos tamén se deixa en evidencia a deixación de funcións do Goberno galego á hora de usar as ferramentas fiscais que ten Galiza e á hora de defender

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mellor os nosos intereses ante o Estado. Porque miren, vostedes mesmos recoñecen que estes incrementos se deben principalmente aos recursos procedentes do incremento do déficit e tamén á transferencia extraordinaria dos orzamentos. De non existiren estes dous mecanismos, podiamos estar nuns orzamentos menores que os do ano pasado.

E tamén vemos como na capacidade recadatoria que ten a Xunta de Galiza non se fai un esforzo extraordinario para que neste momento haxa máis recursos. De feito, os recursos propios non financeiros prevese que van ter unha caída do 7,6 %. E nós cremos que o Goberno galego desaproveita a capacidade normativa fiscal, e podería facelo dándolle máis progresividade ao IRPF, ao imposto de patrimonio, podería crear tributos propios, podería apostar por unha fiscalidade verde neste momento que nos permitira que o país tivera máis recursos para poder enfrontar a peor situación.

En definitiva, señorías, Galiza, desde o noso punto de vista, non necesita teitos, non necesita límites e corsés. O que necesita é expandir o investimento público para darlle unha resposta á grave crise sanitaria, económica e social que nos deixa esta pandemia.

Vemos, ademais, como na crise os gobernos están sendo moi exixentes coa cidadanía, á que se lle está pedindo un plus de responsabilidade e un plus de esforzo tamén a nivel persoal, cunhas altas consecuencias emocionais. Pero eu creo que é importante resaltar que ese plus que se lle pide á cidadanía ten que ir acompañado de responsabilidade por parte do Goberno. E a responsabilidade do Goberno para conter a crise é reforzar a sanidade pública, é contratar máis rastrexadores, é ter máis capacidade para facer PCR, é ter máis investimento público para reforzar e rescatar as persoas que neste momento están asfixiadas por esta crise económica.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: A responsabilidade do Goberno é sentar as bases para os cambios estruturais que necesita o noso país, apostando por unha economía verde, pola industria e pola ciencia. E para iso o que se necesita é máis ambición de país, máis recursos económicos, e non límites ao noso investimento público. Porque, señorías —e remato, presidente—, estamos nun momento no que o dilema non é salvar vidas ou salvar a economía; salvar vidas é unha obriga ética e moral, pero tamén é a primeira medida para evitar que a crise económica se faga máis profunda.

Sabemos que estamos nun marco onde hai moitas incertezas e nós o que lle pedimos ao Goberno é que actúe con previsión e con anticipación, xusto o que non tivemos ata este momento. Por iso pedímoslles e dicímoslles que non é tempo de improvisación e propaganda, non é tempo de políticas que sigan acentuando as desigualdades...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...senón que o que necesitamos é rescatar e apoiar a xente traballadora e emprendedora, que o está pasando realmente mal. Necesitamos poñer Galiza

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a producir, temos un enorme potencial e nós, desde logo, imos traballar para que ese potencial se poña en marcha. Nesa liña irán as propostas do BNG.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

O señor PRESIDENTE: Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Conselleiro, señorías.

Ante unha situación extraordinaria o Goberno o que nos trae tamén no financeiro é un teito de gasto extraordinario. Subimos dos 10.148 millóns de euros do ano pasado —que subiran 300 millóns de euros o teito de gasto do ano anterior— a un límite de gasto de 11.664 millóns de euros; é dicir, 1.516 millóns de euros sobre o ano 2020, un incremento practicamente do 15 %.

A este debate nós sempre lle damos a transcendencia que merece; é a décima vez, efectivamente, que o celebramos, pero ten lugar por primeira vez nun contexto de suspensión das normas de estabilidade financeira. E por iso precisamente este debate cobra unha importancia engadida. Primeiro, porque reflicte o compromiso coa transparencia do Goberno da Xunta —e lembren que este é un dos poucos parlamentos nos que se debate o teito de gasto autonómico, porque na maioría deles este debate está ausente das cámaras—, transparencia sobre cal é a política orzamentaria do Goberno.

Pero, en segundo lugar, porque tamén cumprir a Lei galega de estabilidade e sustentabilidade financeira nos permite manter o compromiso a medio e longo prazo coa estabilidade financeira, en coherencia cos obxectivos da Unión Europea e tamén coa ortodoxia económica que esta segue, que basicamente está baseada nun equilibrio keynesiano a longo prazo, ao longo do ciclo, e no contorno dunha economía social e de mercado que ademais está sendo a que xera máis prosperidade no continente europeo.

Conselleiro, nós apoiaremos obviamente o teito de gasto, por tres motivos. En primeiro lugar, porque entendemos que vai na liña das actuacións e recomendacións de todos os expertos e autoridades, tanto das galegas como das españolas e das europeas e internacionais. En segundo lugar, porque está baseado, con todas as cautelas, nunhas previsións de evolución macroeconómica bastante realistas, desde logo moito máis realistas que as do Goberno de España. E, en terceiro lugar, porque cremos que aprobar o teito de gasto contribúe a incrementar as certezas alí onde vivimos nunha fonda incerteza nun contorno no que tanto administración como administrados terán polo tanto máis certezas que terían na alternativa de non ter un teito de gasto.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O primeiro motivo, polo tanto, é que o teito de gasto vai na senda das políticas correctas, de acordo con todos os expertos, incluídos os galegos, os españois, os europeos e os foros internacionais. Estamos nunha situación clara de presión económica sobrevida por unha crise sanitaria inesperada, que xera na economía unha caída tanto da oferta como da demanda agregada, e o que estamos é a dar, desde a Xunta de Galicia e co apoio do Grupo Popular, unha resposta de política económica baseada, primeiro, no financiamento urxente das emerxencias, tanto da sanitaria como da económica, e de axuda aos sectores produtivos máis afectados, como no ámbito social, a través de mecanismos como as transferencias directas, as reducións das cargas fiscais no momento e axilizar o pago aos provedores. En segundo lugar, cando teñamos a vacina —a ver se é verdade que vai adiante—, na segunda fase da pandemia, haberá que impulsar a transformación con apoios xa máis selectivos a aqueles sectores que non só van permitir unha superación da crise a curto prazo, senón que van garantir unha maior resiliencia e maior prosperidade da economía galega, avanzando na redución das emisións, nas infraestruturas dixitais, por suposto nas infraestruturas sanitarias. Para iso creo que a Xunta está xa poñendo os primeiros alicerces, reiniciando antes que ninguén os proxectos en marcha, acelerando os proxectos de investimento que xa estaban en carteira e ademais adiantando novos proxectos para a sociedade poscrise.

Pois no contexto da crise da pandemia, se todos recomendan que isto é o que hai que facer, estamos na primeira etapa e este teito de gasto resposta a estas necesidades. O incremento do 15 % do gasto responde a esta necesidade e é posible, entre outras cousas, porque Galicia ten un espazo fiscal que permite apurar os límites de endebedamento. Certamente estamos vendo en toda Europa como os niveis previos de endebedamento, tanto público como privado, son os que están a permitir que os Estados reaccionen. Estamos a ver como, grazas á política monetaria da Unión Europea, estamos sendo capaces de financiar desde o público a economía.

Pero, evidentemente, esa capacidade de financiamento ten moito que ver coa situación previa. Pois ben, Galicia ten capacidade de reacción, que se reflicte no incremento do teito de gasto, e debemos de recordar sempre por que. Porque agora hai forzas que votaban en contra do Banco Central Europeo e non se dan conta de que España e Galicia se poden financiar fundamentalmente polos mecanismos de apoio aos préstamos que está establecendo o Banco Central Europeo. España estaba, ademais, nunha mala posición de débeda, por riba ou ao redor do 100 % do PIB. Alemaña, no 60 %; Países Baixos, no 50 %; e Finlandia, no 34 %, son exemplos de capacidade de reacción inmediata con transferencias directas a todos os traballadores, porque tiñan marxe fiscal.

Afortunadamente, de novo a Unión Europea non só é un escenario macro, senón que a través do Fondo de Financiamento Plurianual, ademais da capacidade de financiamento que outorga o Banco Central Europeo, aproba o Fondo Next Generation, que, sumado ás políticas orzamentarias normais, van supoñer algo así como 1,8 billóns de euros nos próximos anos, que van beneficiar especialmente as economías que tiñan menos marxe de reacción, como a economía española.

Pero, xunto ao apoio europeo e o apoio que a través do Goberno de España chega de Europa, é que Galicia ten a súa propia marxe. A situación financeira é mellor, as contas estaban en

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

equilibrio, nos últimos anos conseguimos reducir a ratio débeda pública/PIB e, como dixo o conselleiro, serían 5.600 millóns de euros que teriamos en Galicia adicionais de non ser pola política que se levou con relación á media de España, e, polo tanto, estamos ante unha situación realmente extraordinaria na que a boa, mellor —relativamente— posición de Galicia nos permite avanzar.

A señora Pontón decidiu hoxe no seu discurso substituír o vello discurso das Mareas —eu creo que seguir os exemplos das Mareas é un mal exemplo—. Fíxoo tanto nos referentes intelectuais, citando o profesor Sampedro, como nos referentes verbais, falando de igualdade, sen recoñecer que, de acordo con todos os índices —AROPE, Gini...—, a desigualdade baixou en Galicia desde o ano 2008 ao ano 2019; recorrendo ás multinacionais, sen especificar se as multinacionais son galegas ou son internacionais doutros países; cun discurso en que a única solución é o autogoberno, dicindo que máis soberanía fiscal nos tería permitido saír desta, cando é evidente que, se non chega a ser polo apoio da Unión Europea e tamén do Estado —ao que agora farei unha referencia—, estariamos moito peor; e, desde logo, cun sistema de cupo seguro que o teito de gasto non sería o que é, senón que sería moitísimo máis reducido, de acordo con calquera previsión da recadación nas actuais circunstancias.

A inconsistencia do PSOE é aínda máis grave. Despois de falar do discurso dos recortes, que é bastante impreciso, sobre todo a partir do ano 2013, resulta que o que presenta o Goberno é literalmente un cumprimento do cadro que recomenda o Goberno de España, literalmente, nas marxes de endebedamento que recomenda o Goberno de España para as comunidades autónomas.

Vostedes, nunha recente iniciativa, rexistraron que os orzamentos de Galicia terán unha marxe para incorrer nun déficit de 1.400 millóns de euros, 1.400 millóns de euros cando crece o teito de gasto 1.500 millóns de euros e caen todas as partidas menos precisamente o endebedamento e as transferencias que veñen do Estado, que se imputan como endebedamento ás comunidades autónomas. *(Aplausos.)* Vostedes calculaban 1.400 millóns de euros e non lles valen 1.500 millóns de euros, van votar en contra. É sorprendente. Levan todo o que levamos de pandemia pedindo lealdade do Goberno da Xunta ao Goberno de España e, unha vez que a Xunta trae un documento que vai ao pé da letra do que pide o Goberno de España de capacidade de endebedamento das comunidades autónomas, a vostedes non lles vale. Pois é unha pena que a primeira vez que discrepan do Goberno de Sánchez sexa para criticar o teito de gasto da Xunta. Eu realmente estou sorprendido.

Ben, en segundo lugar cremos que é un orzamento realista. As previsións dos orzamentos do Estado veas todo o mundo claramente infladas: o Banco de España, a Airef, o Fondo Monetario Internacional, a OCDE, a Comisión Europea. En Galicia, que ten unha tendencia ao crecemento superior á media de España, como tamén están dicindo todos os informes económicos, o crecemento estimado inercial é do 6, con fondos será do 8; é un escenario prudente e, polo tanto, realista, que nós tamén consideramos oportuno.

En terceiro lugar, o teito de gasto, como dicía como terceiro argumento, é unha mensaxe de confianza á sociedade. É unha mensaxe de confianza a unha sociedade que sabe que a Xunta non vai deixar a ninguén atrás, que imos facer todos os esforzos de gasto posibles para salvar

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

empresas, para salvar os servizos públicos, para acelerar os cambios necesarios na economía española e para axudar a quen máis o necesita. *(Aplausos.)*

A mensaxe de confianza e estabilidade que lanza este teito de gasto podería ser moito mellor se vostedes, especialmente o Grupo Socialista, fosen algo coherentes co que piden normalmente. É que —insisto— o teito de gasto vai polo libro das recomendacións do Goberno de España. É a primeira vez que o Grupo Socialista contradí o que pide o Goberno de España nesta cámara. É unha mágoa que sexa precisamente nesta ocasión.

Ben, nós temos confianza no autogoberno, na capacidade de Galicia de facer fronte á crise, a unha crise sen precedentes, é a segunda crise sen precedentes á que este goberno vai facer fronte, e certamente no ano 2020 este goberno reaccionou e con este teito de gasto no ano 2021...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...poremos en marcha as medidas excepcionais que nos permitirán superar esta situación excepcional.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Eu creo que avisei tres veces, penso que foron tres veces as que toquei. Si, ben, pois entón así xa estamos todos. Estou comprobando. Estamos todos.

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación.

Votamos.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Votación do límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

Rematou, polo tanto, este debate. Continuamos agora co punto segundo da orde do día.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Debate do ditame e das propostas de resolución aprobados na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2018 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2017)

O señor PRESIDENTE: O ditame incorpora propostas de resolución: a número 1 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, relativa á aprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2017, seguido de novas propostas de resolución que foron aprobadas en comisión na sesión do 27 de outubro de 2020, que se someten agora ao debate e votación, en concreto as propostas de resolución números 2 ao 7 do Grupo Parlamentario Popular, as propostas de resolución números 1 e 14 —transaccionadas— do Bloque Nacionalista Galego e a proposta de resolución número 23 do Grupo Parlamentario Socialista.

Para a presentación do ditame da comisión, ten a palabra a presidenta da Comisión non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, dona Raquel Arias Rodríguez.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN NON LEXISLATIVA PARA AS RELACIÓNS CO CONSELLO DE CONTAS (Arias Rodríguez): Grazas, presidente.

Señorías.

Por acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020 admitiuse a trámite, por inicio de lexislatura, o escrito do Consello de Contas de Galicia no que remite a Memoria anual de actividades correspondente ao exercicio de 2018, que inclúe tamén o Informe de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2017.

Logo de estudar os citados informes, así como as sete propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, as quince presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e as 31 formuladas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a ponencia nomeada para o efecto, reunida o 20 de outubro de 2020, elevoulle á Comisión para as Relacións co Consello de Contas o correspondente informe e as propostas de resolución, respecto dos que se pronunciou este órgano na sesión do 27 de outubro de 2020.

O ditame da comisión incorpora a proposta de resolución número 1 do Grupo Parlamentario Popular, relativa á aprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2017. As restantes propostas de resolución que foron aprobadas en comisión e que se someten agora a debate e votación son nove.

a) Propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular. Aprobáronse as números 2 a 7 deste grupo parlamentario.

b) Propostas de resolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Aprobáronse dúas transaccións sobre as propostas 1 e 14 deste grupo parlamentario.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

c) Propostas de resolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas. Aprobouse unha transacción sobre a proposta 23 deste grupo parlamentario.

Grazas, presidente.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Arias.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

É agora a rolda dos grupos parlamentarios para marcar a posición de fixación e defender as súas propostas de resolución.

Ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Hoxe imos debater o ditame das propostas de resolución aprobadas na Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2018 e que inclúe a Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia 2017.

O Grupo Parlamentario Socialista recoñecemos e valoramos moi positivamente o traballo desenvolto polo Consello de Contas e queremos novamente, dende aquí, felicitar o conselleiro maior e os conselleiros e conselleiras, así como o resto do persoal que forma parte do Consello de Contas, polo rigoroso traballo feito, aínda que os socialistas seguimos mantendo que o Consello de Contas precisa dunha maior dotación de persoal para avanzar nesa Sección de Prevención da Corrupción e tamén na elaboración de informes que avalíen a implantación de políticas públicas, tal como temos solicitado os socialistas nas nosas propostas de resolución.

O Consello de Contas elabora un traballo rigoroso pero que non está exento de atrancos, atrancos debido á falla de colaboración da Xunta de Galicia e do seu sector instrumental; un traballo ninguneado polo Goberno galego, que incumpre reiteradamente as recomendacións que ano tras ano recomenda o Consello de Contas; atrancos para que o órgano que ten a competencia de fiscalización teña sempre limitacións para desenvolver as súas funcións. A verdade é que cada vez que facemos este debate, tanto na comisión como aquí, este é un continuo *déjà vu*.

Os grupos parlamentarios propoñemos, ano tras ano, unha serie de propostas de resolución que o partido que sustenta ao Goberno da Xunta de Galicia, co seu rodillo habitual de maioría absoluta, impide que sexan aprobadas e, polo tanto, que a Administración autonómica cumpra coa súa obriga de formular a Conta xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais de acordo coa obriga de transparencia e de rigor orzamentario que exixen as normas.

Os socialistas presentamos 31 propostas de resolución, que o Grupo do Partido Popular rexeitou, impedindo que se aproben recomendacións do Consello como que o Goberno galego

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

aprobe urxentemente un novo plan de contabilidade pública, cumprindo cunha normativa contable aprobada no ano 2010 e que é de obrigado cumprimento para todas as administracións públicas.

O propio Consello de Contas di que se está traballando niso, e prevíase a súa aprobación a finais de 2018, sen que se teña acreditado ao peche deste informe, é dicir, cando teñen presentado o estado da tramitación. É dicir, estamos no ano 2020 e dez anos despois a Xunta de Galicia aínda está traballando niso, nunha normativa obrigatoria por lei.

O Partido Popular tamén impide que se aprobe a recomendación que insta a Xunta de Galicia a delimitar as entidades que integran o perímetro orzamentario e da Conta xeral, co fin de dotar de maior transparencia a Conta xeral da Comunidade Autónoma, cuestión que o Consello de Contas expresamente di que se aborde con urxencia.

O Partido Popular, o Grupo do Partido Popular tamén impide que se inste a Xunta de Galicia na implantación da rendición telemática da Conta xeral da Comunidade Autónoma e impide evitar o desprazamento contable —ese que habitualmente fai a Xunta de Galicia, que no ano 2017 supuxo un importe global de de 270 millóns de euros—. Ou que se exixa á Administración autonómica a revisión profunda da memoria da Conta xeral, que ano tras ano volve recomendar o Consello de Contas, e a informar no seguimento das recomendacións do ano anterior, que segue sen abordarse.

Tampouco considera importante o Grupo Parlamentario do Partido Popular que haxa entidades que forman parte da Administración autonómica e que non presentan as súas contas para ser fiscalizadas.

En definitiva, o Goberno galego, a Administración autonómica, unha administración pública na que leva gobernando o Partido Popular durante once anos ininterrompidamente, presenta ano tras ano unhas contas carentes de transparencia e de rigor orzamentario.

E como non ten consecuencias, como non pasa nada, o grupo que sustenta ao Goberno entende que as recomendacións do Consello de Contas só están para cumprir un trámite administrativo máis, sen necesidade de exixirlle á Xunta de Galicia que cumpra, que teña en conta as recomendacións e que cumpra coas súas obrigas normativas.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Remate, señora Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Remato xa, señora presidenta —perdón, que antes lle chamei señor presidente—.

É verdade que o Consello de Contas —xa remato— xa nestes últimos informes renunciou a volver manifestar, a poñer expresamente: «Ponse de manifesto que en xeral non se apreciaron avances salientables, polo que, á vista do seu insuficiente grao de implantación, van ser reiteradas no presente informe.» E este ano, para estes informes de fiscalización, substituírono por «estase traballando niso». É entendible, posto que reiteradamente o Consello de Contas utiliza a fórmula que comentaba anteriormente, pero é que a Xunta de Galicia non

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

fai absolutamente nada. Entón, é unha maneira elegante e discreta por parte da Xunta de Galicia de dicirlle: ¡home!, non están facendo nada, e polo tanto poñer ese «están traballando niso».

Remato xa. É unha mágoa que o partido que sustenta ao Goberno non aprobe as propostas de resolución feitas por este grupo parlamentario, que o único que fai é recoller expresamente, e practicamente na súa literalidade, as recomendacións feitas polo Consello de Contas, impedindo que haxa a transparencia que se supón na administración pública e obviando o rigor orzamentario que debe ter a Xunta de Galicia.

Pola miña banda, nada máis, e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Ten agora a palabra, polo Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Bo día a todos e a todas.

Hoxe conclúe o debate respecto de varios informes de fiscalización do sector público de Galiza elaborados polo Consello de Contas e é hoxe o punto final dun proceso que está enmarcado sen dúbida por dous acontecementos: por unha banda, a interrupción da anterior lexislatura, a súa disolución, que interrompeu este debate, e, por outra banda, unha pandemia sen precedentes, que fixo que tivera un atraso esta conclusión de máis de oito meses.

E, señorías, eu creo que temos que ser conscientes de que a Galiza de hoxe é diferente da Galiza da Conta xeral do 2017, que hoxe pechamos. É diferente a Galiza dos informes da memoria do 2018, que hoxe tamén poñemos como punto final, e mesmo a Galiza de comezos dos anos 20, que encetou este debate. Pero hai algo que permaneceu inalterado, que é a nula vontade do Partido Popular por aceptar propostas que impliquen asumir que cometen erros e que impliquen a máis mínima corrección. E iso é unha mala noticia. É unha mala noticia en xeral en termos democráticos, pero é unha moi mala noticia neste momento histórico, onde acertar vai determinar cando e como saímos adiante como país, e iso é verdadeiramente demoledor, como diría o presidente da Xunta de Galiza.

Este debate, ademais, ten un agravante que hai que subliñar: que a meirande parte das propostas que hoxe rexeita o Partido Popular son reclamacións, recomendacións simplemente do Consello de Contas, algunhas delas enunciadas nas nosas recomendacións de forma literal, moitas delas reiteradas ano a ano e tamén rexeitadas polo Partido Popular e desoídas ano tras ano. Son os clásicos do Consello de Contas.

Por exemplo, a necesidade de corrixir o abuso ao recurso do Fondo de Continxencia e aos programas de gastos imprevistos para pagar gasto corrente, que iso —traducido— vén dicir

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que se orza e se planifica mal. Por exemplo, que non hai medidas suficientes para contribuír á prevención da corrupción e para favorecer a transparencia nin sequera desde o ámbito institucional. Ou, por exemplo, o alto número de entidades e organismos dependentes da Xunta de Galiza que simplemente non renden contas ao Consello de Contas ou envían información parcial. Ou, por exemplo, algo tan importante como a falta de transparencia sobre a débeda galega.

Hai uns minutos, no debate anterior, presumía o conselleiro. Nós, desde logo, desde o Bloque Nacionalista Galego non entendemos de que presume. Estamos en máximos históricos de débeda, nunca o noso país tivo tanta, e falta información sobre como e para que se xerou esa débeda. Iso é o que se pon enriba da mesa nas recomendacións que o Partido Popular vai rexeitar unha vez máis.

Eu facía unha reflexión cos meus compañeiros e compañeiras. O importante é que poidamos ter instrumentos para avaliar esa débeda, para ver como e para que se xerou, porque, por exemplo, onte, que soubemos que nunca tantos ingresos de covid tivo o noso país nos hospitais galegos nesta segunda vaga, temos que reflexionar sobre que, despois de ter triplicado a débeda do noso país, hoxe hai no noso país menos camas instaladas e menos camas en funcionamento que hai once anos, cando vostedes entraron a gobernar. Entón, ¿de que nos vale esa triplicación da débeda galega se non serve para fortalecer o noso sistema público de saúde? *(Aplausos.)* Esa é a realidade que nos deixa o Partido Popular.

E vinculado a esta cuestión dos servizos públicos, unha vez máis, chamamos a atención sobre como o Consello de Contas reitera, unha e outra vez, que o sistema público está infrafinanciado, especialmente a sanidade.

E hoxe o Partido Popular, tamén rexeitando as nosas propostas, veta tamén algo tan importante como corrixir o abuso dos concertos e das privatizacións, como poñer solución á situación de aspectos tan importantes como a situación das fundacións sanitarias de investigación, como facer un plan de estabilización do persoal, ao que despois lle pedimos milagres.

E, en resumidas contas, pois diversas propostas de varios ámbitos que non terei tempo de detallar, pero que, en resumidas contas, atinxen a cuestións fundamentais denunciadas polo Consello e Contas e importantes para o noso país. 15 propostas, das que o Partido Popular só vai aceptar 2. Unha é a aprobación da Conta xeral, que sempre aprobamos todos e todas por unanimidade, e a outra é simplemente que van facer un esforzo no cumprimento das exixencias do FCI, pero quedan no camiño outras tan importantes como os fondos europeos; en resumidas contas, rexeitadas porque sería asumir que ter maioría absoluta non significa ter razón sempre nin facer as cousas ben.

Pero remato cunha última reflexión que me parece grave e que retrata o Goberno da soberbia. As propostas que presenta o BNG son as mesmas que rexistramos a comezos de ano, porque os informes eran anteriores a esta pandemia, pero había problemas como a sanidade ou como as residencias que xa estaban aí, e era grave onte que as rexeitaran, pero é máis grave hoxe. Por exemplo, a resolución número 6, que di algo tan elemental como que é necesario que a Xunta de Galiza ocupe todas as prazas que ten nas residencias públicas. Hoxe temos

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

residencias, como a do Carballiño, que non están ao cen por cento de ocupación. Dicimos algo tan importante como que hai que prover o sistema público de prazas residenciais. Antes iso era unha necesidade, pero, despois de oito meses de pandemia, é indecente que se rexeiten propostas así. *(Aplausos.)*

Polo tanto, entendemos desde o Bloque Nacionalista Galego que, resumindo moito, é unha mala nova que o Partido Popular continúe con esta actitude de soberbia e que se rexeiten propostas que obxectivamente son fundamentais para este país.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Presas Bergantiños.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Rey Varela.

O señor REY VARELA: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, sométense á aprobación deste Parlamento os informes de fiscalización das contas do sector público de Galicia de 2017. En primeiro lugar, no nome do Grupo Popular, queremos dar a en hora boa ao Consello de Contas, ao seu presidente, aos conselleiros e a todo o seu persoal polo seu intenso traballo contido nunha memoria. Son, nada máis e nada menos, que 27 informes presentados que veñen dar cumprimento ao que di o noso Estatuto de autonomía e á propia lei reguladora deste órgano estatutario. Son 21 informes, centos de reflexións e de folios que nos permiten coñecer, aos parlamentarios e á sociedade galega, as contas públicas de Galicia.

En segundo lugar, en nome tamén do Grupo Parlamentario Popular, queremos dar a en hora boa ao Goberno da Xunta de Galicia, que en momentos difíciles mantén a estabilidade política, económica e institucional de Galicia, porque dá conta ao órgano fiscalizador dos recursos de todos os galegos nun momento —tamén hai que recordalo— no que posiblemente, se nos fiásemos dalgún grupo parlamentario, non estaría case constituída esta Cámara, non se podería estar facendo este traballo de fiscalización do ano 2017, non se podería ter presentado o traballo de fiscalización e a Memoria do ano 2019 e non se podería ter aprobado, como se aprobou no punto anterior a este, o obxectivo económico para este ano.

Os informes que se presentan acreditan que a información é completa, tanto na Conta xeral como en todos os centros públicos da Administración autonómica. Reflicten a imaxe fiel do patrimonio dos resultados e da liquidación dos orzamentos que aproba esta Cámara. Polo tanto, fronte a algunha visión diferente, Galicia rende contas en prazo, na parte xeral e na parte dos seus organismos. A verdade é que sorprende pero, como dixo algunha portavoz, xa parece que isto é habitual, que vivimos en realidades totalmente diferentes. Non estará todo perfecto, pero, de aí a que estea todo mal, de verdade que cremos dende este grupo que non lles interesa esa mensaxe tan negativa sobre a xestión económica da Xunta de Galicia, sobre todo no inicio dunha lexislatura, cando van catro maiorías absolutas —e esta refor-

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

zada—, de Alberto Núñez Feijóo. De verdade que cren vostedes que se pode enganar a moita xente moito tempo e iso é absolutamente imposible.

Non vou utilizar o meu tempo para comparar a xestión económica de Galicia coa xestión económica do Estado ou coa xestión económica de concellos gobernados polo PSOE e polo BNG. Por certo, tamén poderiamos falar moito sobre isto porque tamén son auditados nestes informes do Consello de Contas. Imos centrarnos no que xa é a retórica habitual, nas recomendacións do Consello de Contas. Non vou falar de discursos, vou ler o que din os informes sobre estas recomendacións. Textualmente: «Constátase que a Intervención Xeral está traballando no novo Plan xeral de contabilidade público na implantación da rendición telemática da Conta xeral, que xa no exercicio 2017 se enviou como novidade en formato electrónico...» —acábase de dicir que non se enviaba; o Consello de Contas di que se enviou—. «...A intervención remite aos traballos de reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable». Di tamén, textualmente, o Consello de Contas: «O 31 de xaneiro de 2018, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ditou unha instrución sobre o principio da anualidade orzamentaria». Di tamén —tanto que falamos do Sergas— textualmente: «Nos últimos exercicios, particularmente neste 2017, respecto do Sergas, avanzouse na redución do gasto aprazado». Si, señorías, en Galicia avanzamos. *(Aplausos.)*

Aquí aprobamos orzamentos, aquí aprobamos teito de gastos, aquí executamos os orzamentos —a diferenza do que sucede noutros lugares— e aquí rendemos contas. Rendemos contas ante o Consello de Contas, ante o Parlamento e, sobre todo, ante os galegos, porque este Goberno o que sabe é xestionar. Somos —e así o aprecian os galegos— unha comunidade solvente que paga o que debe e que non gasta máis do que ten. Pero tamén sabemos que queda moito por facer, por iso agradecemos as achegas do resto dos grupos parlamentarios, aceptamos propostas de resolución do primeiro partido da oposición —a número 1 e a número 14— e aprobamos tamén varias das súas recomendacións; e o mesmo para o Grupo Socialista. Moitas delas, ademais, comprenderán que non poden ser unha imposición dos grupos parlamentarios porque, se todos dicimos respectar tanto o Consello de Contas, tamén teremos que respectar o que quere investigar o Consello de Contas e non dicirlle desde aquí exactamente o que ten investigar.

E de verdade que, por iso, coa man estendida para seguir traballando na Memoria do ano 2019, solicito en nome do Grupo Popular o voto favorable ao ditame e ás propostas de resolución dos informes de fiscalización do sector público de Galicia de 2017 contidos na Memoria do Consello de Contas de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rey Varela.

Votación do ditame e das propostas de resolución

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate, procedemos á votación do ditame e das propostas de resolución aprobados na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as rela-

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cións co Consello de Contas en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2018 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2017).

En primeiro lugar, imos votar o ditame da comisión.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado)

Votamos.

Votación do ditame aprobado na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2018 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2017).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este ditame por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as propostas de resolución aprobadas pola Comisión, que, en concreto, son: as números 2, 3, 4, 5, 6 e 7 do Grupo Parlamentario Popular; as números 1 e 14 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; e a número 23 do Grupo Parlamentario Socialista. ¿Podémolas votar conxuntamente? *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿Señora Presas?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Por parte do BNG, pedimos a votación separada das propostas 2, 3, 4, 5, 6 e 7 do Grupo Popular; e da 1, 14 e 23 dos grupos Nacionalista e Socialista.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Bueno, comezamos votando...

(A señora Rodríguez Rumbo pide a palabra.)

¿Si, señora Rodríguez Rumbo?

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Solicitamos esa división para votar os puntos por separado. As transaccionadas...

O señor PRESIDENTE: Entón...

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Efectivamente.

CSV: BOPGDSPGLiG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Entón, comezamos votando as propostas do Grupo Parlamentario Popular números 2, 3, 4, 5, 6 e 7.

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 2, 3, 4, 5, 6 e 7 do G. P. Popular de Galicia, aprobadas na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2018 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2017)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; abstencións, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas.

O señor PRESIDENTE: Podemos votar agora conxuntamente as propostas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e a proposta do Grupo Parlamentario Socialista.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¿Perdón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Serían as números 1 e 14 do Bloque Nacionalista Galego e a número 23 do Grupo Parlamentario Socialista. Estábame referindo a iso.

Votamos.

Presentes na sala, 73... Debe de haber un erro por aí, alguén se debeu confundir. Si, un erro. Agora corriximos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, dixo el que manifestaba o seu desexo de corrixilo e xa o corrixo eu desde aquí; é fácil esta corrección. Só hai un voto en contra, quere pasarse a positivo e acabouse o asunto, non ten máis historias. *(Risos.)*

Votamos.

Votación das propostas números 1 e 14 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e a número 23 do G. P. dos Socialistas de Galicia, aprobadas na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2018 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2017)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas por unanimidade.

CSV: BOPGDSPGLiG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Rematou o debate deste punto. Continuamos coa orde do día, que son agora os textos lexislativos.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de pesca continental de Galicia

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas á totalidade do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ánxeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Señorías, traemos hoxe a esta Cámara o proxecto da que será a futura Lei de pesca continental de Galicia; un texto que agora inicia a súa tramitación parlamentaria, que virá substituír a lei do ano 1992 —tres décadas de vixencia dunha lei— e que é preciso agora adaptar e tamén modernizar. A pesca é unha actividade deportiva que nos dá a oportunidade de estar en contacto coa natureza. É unha actividade que leva ligadas moitas vantaxes: o coñecemento que ofrece do noso medio natural, o comportamento das especies e tamén a súa capacidade como dinamizadora do contorno e do turismo de natureza.

Dende a Xunta de Galicia sabemos que o coñecemento e a posta en valor do noso territorio, da nosa contorna natural e tamén da biodiversidade son pasos importantísimos de cara á súa protección, polo que o noso obxectivo é conciliar a práctica deportiva e recreativa coa conservación da natureza e o respecto á biodiversidade. O texto que hoxe debateremos nace da base da importancia que a pesca ten en Galicia; unha comunidade na que contamos con 40.000 pescadores, xestionamos 150.000 permisos de pesca ao ano e contamos con 160 xornadas hábiles de pesca anuais. Estamos ante unha actividade que actualmente se concentra en 14.043 quilómetros de ríos galegos, dos que son de augas libres 11.778, que vén a ser o 83 %; de augas acoutadas, 1.114 quilómetros, o 7 %; e vedados de pesca, 1.551 quilómetros, o 10 %.

En Galicia contamos, ademais, con 66 entidades colaboradoras de pesca fluvial, 24 na provincia da Coruña, 21 en Lugo, 9 en Ourense e 12 na provincia de Pontevedra. Delas 59 teñen convenio coa Consellería de Medio Ambiente; é dicir, o 98 % das entidades.

Esta nova Lei de pesca continental será o instrumento que nos permita coidar o que xa temos e avanzar en catro obxectivos: garantir a remuda xeracional e fomentar a educación e sensibilización dos máis novos; impulsar a pesca sustentable e respectuosa co medio ambiente; situar a pesca como ferramenta de desenvolvemento turístico, económico e social no noso medio rural; e dotarnos dunha nova e boa planificación estratéxica da xestión da pesca que nos permita poñer en valor os recursos naturais piscícolas.

Na tramitación do texto buscamos o maior consenso posible e implicamos a todos os axentes, para iso consultamos un total de 47 organismos.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E con esta nova lei seguiremos avanzando na renovación do marco normativo da área de patrimonio natural, que tivo nos tres últimos anos dous fitos salientables: por un lado, a Lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, da que neste momento estamos tramitando o seu regulamento, e a Lei de patrimonio natural, aprobada no ano 2019.

Pasarei agora a destacar as principais novidades deste novo texto lexislativo que propoñemos para a pesca. Como xa dixen, un dos principais obxectivos cos que nace esta lei é garantir o necesario relevo xeracional nesta actividade. Neste sentido, cómpre destacar un dato importante, e é que a idade media actual dos pescadores en Galicia se sitúa entre os 50 e os 70 anos, se ben é certo que se incrementaron en 3 puntos as licenzas para menores de 20 anos dende o ano 2010. Esa é a liña que temos que seguir e o que debemos conquerir, xa que somos conscientes tamén de que fomentar o contacto cos mozos e as mozas coa natureza é sempre un aspecto moi positivo.

Cremos que o camiño que debemos seguir para acadar isto debe ser apostar pola concienciación, a formación e o fomento de valores deportivos e medioambientais asociados a esta actividade entre os máis novos. Para iso unha das novidades do texto lexislativo é a creación das escolas de río por primeira vez en Galicia; unhas escolas que terán como obxectivo implicar e educar os máis pequenos na conservación dos ecosistemas acuáticos continentais e que se desenvolverán a través do regulamento da lei, pero que poderán poñerse en práctica antes a través de convenios coas entidades colaboradoras e coa Federación Galega de Pesca. Estas escolas xa están sendo un éxito noutras comunidades autónomas, como é o caso de Castela e León, e a través delas os mozos e mozas toman contacto coa natureza, respectan e tamén protexen o seu contorno e nelas, a través da teoría, pero tamén da práctica, non só aprenderán as técnicas de pesca, senón que adquirirán coñecementos doutra índole, como é a flora, a fauna e o clima.

Deste xeito, apostamos polo fomento e a formación, así como pola educación e a colaboración coa Estratexia galega de educación ambiental, propiciando a formación a través de principios básicos e indo sempre da man dos máis novos.

Ademais, nesta mesma liña de implicar os mozos e mozas na pesca, tamén tomamos medidas relativas ás licenzas. Concretamente, os rapaces de ata 14 anos non poderán practicar a pesca sen sacar a licenza, sempre e cando vaian acompañados por un adulto. Todos os menores de idade non terán que pagar as taxas da obtención de licenza e tamén gozarán de gratuidade nos permisos para a práctica da pesca sen morte.

Os segundos obxectivos deste texto son continuar coa aposta pola pesca sostible e respectuosa co medio ambiente. Por esta razón, a lei inclúe diversas medidas orientadas a fomentar a implicación progresiva da pesca sen morte na nosa comunidade autónoma.

Para dar a coñecer e impulsar esta modalidade entre os máis novos, realizamos novas configuracións. Actualmente en Galicia temos 143 tramos habilitados de pesca sen morte, que supoñen un total de 341 quilómetros. O que queremos é que siga coexistindo o modelo de pesca tradicional arraigado na nosa comunidade, é dicir, o extractivo, coa pesca sen morte, e buscar un maior equilibrio entre os dous, ao igual que está a acontecer no resto do Estado

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e noutros países do noso contorno. E para isto a lei inclúe medidas como actuacións de promoción e divulgación por parte das entidades colaboradoras de pesca, programas de formación específica e a gratuidade dos permisos de pesca sen morte para todos os menores de idade.

A través desta lei queremos tamén dar unha especial protección ás técnicas tradicionais de pesca, que son representativas da cultura, pero tamén da forma de vida tradicional galega. Entre elas, destacan as pesqueiras do río Ulla, as estacadas do río Tea para a pesca da lamprea ou os caneiros de Portomarín. O noso obxectivo é garantir a súa transmisión, a súa promoción e tamén a súa posta en valor.

A futura Lei de pesca continental tamén busca impulsar o desenvolvemento turístico, económico e social do medio natural, e facelo de diferentes maneiras que permitan á pesca ser un motor de turismo sostible na nosa sociedade. E para iso pensamos medidas como as que veñen reflectidas na lei: a concesión de aproveitamentos piscícolas en encoros e lagoas a empresas turísticas, a reserva de permisos específicos para entidades turísticas, a exención das taxas de licenza a maiores de 65 anos e a simplificación e axilización de tramitación das actuacións menores de mantemento e conservación dos nosos ríos, como son a retirada de árbores mortas e de podas que impidan accesos á canle ou reduzan a súa capacidade ou a eliminación de elementos arrastrados pola corrente que obstrúan a canle, especialmente nas obras de peso.

O cuarto e último dos obxectivos da Lei de pesca continental de Galicia incide na importancia da ordenación para un aproveitamento equilibrado dos ríos. Deste xeito, clasifica as augas continentais en pescables e non pescables. E nas pescables distinguimos entre augas libres para pesca ou augas sometidas a un réxime especial.

Dentro destas últimas —as de réxime especial— diferencia entre coutos de pesca e tramos de auga de especial interese para a riqueza piscícola, que inclúe dúas novas categorías: os escenarios deportivo-sociais e de formación e as augas de pesca para aproveitamentos diversos; unha medida esta incluída no paquete de medidas para potenciar o turismo da pesca nos nosos ríos e que xa se aplica noutras comunidades, como é o caso de Castela-León. Estas augas serven para o fomento da pesca, para realizar programas con nenos, para a práctica de pescadores da terceira idade, permiten o adestramento dos competidores e moven a economía da pesca en períodos de veda, beneficiando en especial o medio rural.

O texto tamén prevé unha planificación dos aproveitamentos e da xestión da pesca continental a través da elaboración dun plan galego de ordenación da pesca continental. En canto ás especies, fixa unha lista das que poden ser obxecto da pesca continental e establece un réxime de autoguiado para os exemplares, como é o caso do reo, e para a identificación das capturas, de xeito que será o propio pescador o que comunique á Administración os datos das capturas realizadas. Isto é algo novidoso que existe noutros países da Unión Europea e supón un exemplo de corresponsabilidade na xestión por parte de quen practica a pesca. E, ademais, intégrase a regulación das especies exóticas invasoras e regúlanse as repoboacións e as soltas, determinando que estas últimas deberán realizarse sempre con especies autóctonas e baixo o control da Consellería de Medio Ambiente.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por último, e tamén no texto, inclúese unha reestruturación das infraccións, e presta unha atención especial á reparación do dano causado e á reposición da situación alterada ao seu estado anterior. Un dos focos sobre os que pon a mirada o novo texto é a Lei contra o furtivismo, endurecendo as sancións por pescar sen licenza e por utilizar aparellos prohibidos, e tamén na erradicación de especies exóticas invasoras, incluíndo a posibilidade de adoptar medidas específicas e determinando a prohibición da súa devolución ás augas.

Por último, tamén se prohibe a utilización de aparellos paralizantes ou repelentes e a comercialización de calquera especie de pesca deportiva ou recreativa.

En definitiva, señorías, dende a Consellería de Medio Ambiente, seguimos traballando para que medre o número de licenzas de pesca continental. Entendemos que para iso é necesario garantir o relevo xeracional, e tamén impulsar novas normativas coas que buscar dar o noso apoio aos pescadores para que poidan desenvolver esta práctica nas mellores condicións posibles, sempre buscando unha pesca sostible e respectuosa co medio ambiente.

O que queremos, en definitiva, é que os nosos ríos sigan sendo fonte de vida ao longo e ao ancho de toda a nosa xeografía, xa que os ríos de Galicia son a nosa bandeira a nivel natural, medioambiental e tamén paisaxístico. Son unha parte indispensable da nosa Galicia verde e azul.

Nada máis e moita grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade —de devolución— e de posicionamento respecto do proxecto de lei.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora conselleira, grazas pola súa letanía sobre a materia que tratamos hoxe aquí, que é a posibilidade de aprobación do proxecto de lei que eu chamarei «de pesca fluvial», porque estou, digamos, apegado ás antigas denominacións, que me parecen máis axeitadas.

Señora conselleira, o signo dos tempos é o que é claramente desfavorable ás cuestións humanísticas, entre elas á lexislación. A calidade lexislativa tende á baixa en xeral dende hai moito tempo, e a necesidade compulsiva que ten a Xunta de Galicia de aparentar que fai cousas, de facer que fai, pode talvez explicar parte do atentado contra o sentido dos tempos que supón o proxecto de lei que nos trae aquí hoxe. Pero permítame que lle diga que é absolutamente inaudito que unha lei feita no ano 2020, que en teoría ten por obxecto protexer

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e fomentar a pesca continental, fluvial, na nosa comunidade, na práctica supoña un auténtico retroceso nesa protección e fomento, na medida en que empeora significativamente unha lei feita nada máis e nada menos que hai vinte e oito anos, en 1992, cando o dereito ambiental estaba *en pañales*.

É, polo tanto, difícil de concibir que unha lei de 2020 sexa menos protectora do medio ambiente que outra de 1992, insisto, cando o dereito ambiental estaba *en pañales*. Soamente por iso merecería ser devolta e repensada, comezando pola súa propia necesidade, porque non hai unha necesidade real dunha nova lei de pesca, excepto polo feito de que o departamento que vostede dirixe amosa unha escasísima fertilidade normativa; é dicir, que como o departamento de medio ambiente leva tempo sen ter actividade lexislativa significativa, hai que facer unha lei, que é a explicación que se lles ocorre, a única, a persoas ben coñecedoras da Administración e do mundo da pesca.

E o certo é que esta lei é innecesaria e a súa presentación carece dunha xustificación sólida, dado que na exposición de motivos se utiliza como argumento principal a longa vixencia da Lei 7/1992, cando o problema non é a longa vixencia da norma lexislativa de 1992, o problema é a moi mala xestión dos recursos realizada pola Xunta de Galicia, que non se cumpre esa lei de 1992 e que nin vostedes a fan cumprir, a omisión constante das súas competencias, sinaladamente a de sancionar e impedir as agresións aos ríos, e a constante deterioración medioambiental dos ecosistemas fluviais, que derivou nunha situación de abandono da pesca fluvial por parte de moitos dos seus practicantes, caendo case á metade o número de licenzas de pesca na última década. Así, onde Galicia chegou a ter case cen mil licenzas de pesca, agora roldan, como vostede dixo, as corenta mil, e non é un problema de relevo xeracional, como desafortunadamente argumenta vostede e di a exposición de motivos da lei. Eu mesmo son pescador —que herdei a paixón pola pesca fluvial do meu pai— e durante vinte anos practiquei esa afección, mentres ía vendo como os ecosistemas fluviais e a pesca ían a menos en Galicia, ata chegar a un punto no que un pescador coma min deixa de sacar a licenza e deixa de ir ao río, como tantos outros, aproximadamente 50.000, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* salvo para outra cousa que non sexa pasear. ¿Sabe por que? Porque non hai troitas, nin reos, nin salmóns. Iso a vostede sóalle a chino mandarín, porque tampouco é unha cousa que vostede coñeza nin lle interese, pero xa lla comento.

É dicir, dicir que non hai troitas é unha simplificación excesiva; troitas hai na maior parte dos ríos, o que pasa é que cando hai dez anos era relativamente sinxelo achegarse a un río e coller media ducia de troitas nun par de horas, hoxe é practicamente imposible porque a pesca caeu en picado, ¡en picado! Non por exceso de pesca, señora conselleira, porque os pescadores, como lle digo —e vostede recoñece, supoño—, son cada vez menos. Non é por iso. E dado que vostede non sabe de pesca máis que o que lle contan os seus técnicos, porque para saber algo de pesca hai que patear ríos, ler revistas científicas —cousa que non ten vostede por que facer; bastaría con que politicamente dirixise axeitadamente—... *(Murmurios.)* Non lle reprocho que vostede non saiba de pesca, o que lle reprocho é esta lei que vostedes están perpetrando. Hai que estar apaixonado polo tema e coñecelo. *(Murmurios.)*

E voulle explicar, por tanto, os motivos polos que non hai troitas, «especies pescables», como di a lei. Verá vostede, un río é un ecosistema. Dese ecosistema forma parte a especie

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

piscícola, que é a raíña dos nosos ríos, cuxa pesca forma parte da nosa cultura tradicional dende hai séculos; non só da nosa, senón tamén doutras como a inglesa. Para exemplo mencionolle que un dos clásicos da literatura en lingua inglesa é un libro que eu mesmo lin hai tanto tempo que xa nin me lembro e que se chama *The compleat angler,* traducido ao noso idioma como O *perfecto pescador de cana.* Como xa apreciaba Izaak Walton —autor do libro e máis ou menos contemporáneo de Cervantes—, a pesca, como case todo, é unha cuestión holística, que depende do estado dos ríos, e o estado dos nosos ríos non deixou de empeorar neste século por unha combinación de factores que conflúen na súa progresiva e constante deterioración medioambiental. O cambio climático fai que os episodios de seca sexan cada vez máis intensos e máis frecuentes.

Espero que non faga falta que lle explique que, sendo as troitas peixes, se o río queda sen auga, non hai troitas, porque, a diferenza do capital, as troitas non poden deslocalizarse —digo estas obviedades, porque comprendo que a señora conselleira, dada a letanía que perpetrou tamén hoxe aquí, non entende moito deste tema— *(Murmurios.).* E canta máis auga hai nun río, mellor é a calidade do ecosistema dese río, que está conformado polo propio río e por todo o que o arrodea; co cal, forman un sistema que, se está san, dá cobixo a unha poboación ictícola numerosa, e se non o está, sucede xusto o contrario. Resulta que Galicia ten unha das maiores concentracións de presas de España, e España é o primeiro país da Unión Europea e o quinto do mundo por número de presas. «O país do mil ríos», como o chamaba Cunqueiro, converteuse no país das non sei cantas presas, e cada presa é un obstáculo ao remonte do salmón e dos que tenden a remontar os ríos para atopar os seus frezadeiros nos cursos altos dos ríos ou nos leitos dos regatos. Se lles cortamos o remonte á baixada, interpoñendo o muro dunha presa hidroeléctrica que non poden franquear, vense mermadas as súas poboacións, por non falar de que tampouco poden baixar unha vez que desovan. E o que afecta as troitas afecta aínda máis a salmóns e a reos, que son especies migratorias ou anádromas —é dicir, que viven no mar ou nas rías, caso do salmón e do reo respectivamente— e desovan despois nos ríos.

Logo está o problema agudo, acusado, crecente da contaminación, que en troques de ir a menos vai a máis, entre outras cousas, porque vostedes non sancionan, salvo testemuñalmente. E aproveito, xa que estamos aquí —se vostede quere responderme—, para preguntarlle cantas sancións impuxeron nos últimos anos —en calquera período de tempo, dáme igual— por contaminación, por incumprimento do caudal ecolóxico ou por incumprimento da obriga de non comercializar salmónidos. Xa llo digo eu: moi poucas, escasísimas. Non se sanciona, señora conselleira.

O problema desta lei, como lle dicía, é que pasará á historia —se é que é aprobada— por ser, incriblemente, unha lei menos ambientalista que a que fixo Fraga, talvez porque Fraga, que non se caracterizaba polo seu respecto ao medio ambiente, si coñecía algo o mundo da pesca, a diferenza de Feijóo ou de vostede, a quen a pesca lles é, aproximadamente, tan familiar e cercana como a pelota vasca —estimo—. Polo tanto, defenden vostedes menos o medio ambiente que don Manuel Fraga, ¡que xa é dicir! *(Murmurios.)*

Esta lei fai desaparecer como infracción grave o incumprimento do caudal ecolóxico, que estaba na anterior, ou o incumprimento da obriga de instalar e manter en boas condicións

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dispositivos de remonte, prevendo só exixencias para as novas concesións e autorizacións hidráulicas en afrontar os graves incumprimentos das numerosas concesións e autorizacións anteriores, que eluden constantemente obrigas establecidas para conservar de xeito sostible os ecosistemas, como as de instalar reixas e mantelas en adecuado estado e dispositivos de protección para impedir o acceso da poboación ictícola ás correntes de derivación ou achega, as xa mencionadas de instalar dispositivos de remonte ou outras alternativas que permitan garantir as migracións periódicas de peixes ao longo dos cursos fluviais, ou a de manter caudais mínimos —si, reiteradamente incumprida en Galicia—. Son cuestións que non se incorporan debidamente no texto remitido, o que indica que neste campo o Goberno galego se move, incriblemente, cara a unha normativa moito máis laxa, con todo o que iso pode chegar a provocar. É dicir, imos para atrás, como os cangrexos.

E non introduce ningunha novidade salientable para o control de verteduras e residuos perigosos que afectan a fauna acuícola e a auga, e ademais reduce enormemente —e isto chama poderosamente a atención— o réxime sancionador, xa que baixa o importe das sancións para os infractores, diminuíndo, polo tanto, o poder coercitivo neste eido. En xeral, as infraccións redúcense a menos da metade, cando pasaron vinte e oito anos dende a anterior lei, e o simple efecto da inflación acumulada en vinte e oito anos debería facer que se multiplicasen. ¿Sabe vostede cal é a inflación acumulada dende 1992? O 88 %. É dicir, unha sanción de 100 euros, ou as correspondentes pesetas no ano 1992, actualizada sería hoxe de 188 euros. O cal implica que as sancións terían case que duplicarse polo simple efecto da inflación, e sen embargo vostedes as reducen, en xeral, á metade. Por exemplo, a sanción por infracción moi grave, que podía chegar aos 50 millóns de pesetas na lei de 1992, queda agora nun máximo de 150.000 euros; é dicir, a metade. E así, sucesivamente. Unha vertedura que sexa infracción moi grave, por exemplo, sae hoxe á metade de prezo que en 1992, e, se contamos a inflación, sae pola cuarta parte do prezo. Imos para atrás coma os cangrexos, e pasamos do principio de «quen contamina paga» ao principio de quen contamina recibe a cuarta parte da multa que recibía en 1992.

Tampouco se establecen de forma clara medidas para a conservación de leitos que garantan o mantemento das súas condicións naturais, e óbviase a eliminación gradual das especies invasoras.

Tamén resulta moi pouco comprensible a retirada do denominado Fondo para a xestión da pesca continental.

Outro aspecto fundamental que non prevé o proxecto de lei é a problemática que está a xerar o escaso número de efectivos para os labores de inspección e vixilancia; escasísimo diría eu, que son practicamente nulos na época estival por estaren a maioría dos efectivos destinados a labores de prevención e extinción de incendios.

E, señora conselleira, con todo o respecto, non ten vostede credibilidade cando a súa inacción ante as verteduras contaminantes ao río Furelos —é dicir, ao río do seu pobo, do que foi alcaldesa—, como alcaldesa primeiro e despois como conselleira de Medio Ambiente, levaron a que sexa este un río que leva quince anos rexistrando verteduras contaminantes, dende o ano 2005, e sen que vostede fixera absolutamente nada para remedialo, cando foi

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

alcaldesa de Melide durante oito anos e conselleira durante máis de dous. ¿Cal é a súa credibilidade para protexer os ríos se desprotexeu por completo e permitiu que se atentase gravemente contra o río do pobo do que foi alcaldesa? *(Aplausos.)*

E remato xa dicindo que a Lei de pesca de 1992 foi unha lei necesaria no seu tempo, que supuxo un avance na regulación da pesca fluvial en Galicia na medida en que superaba unha lexislación franquista que quedara obsoleta tras medio século de cambios na pesca fluvial e na conservación do medio. Era unha lei protectora da pesca e dos ecosistemas fluviais, adecuadamente redactada e que non pretendía abranguer aspectos regulamentarios, como fai esta. Tiña 46 artigos. A actual ten 88, é dicir, practicamente o dobre. Dun xeito absolutamente farragoso tende xustamente ao contrario do que debería, tende a desprotexer os ríos e os ecosistemas fluviais.

Señora conselleira, retiren vostedes esta lei e, se non o fan, cámbienlle polo menos o nome por un máis axeitado: «Lei de desprotección dos ecosistemas fluviais».

Moitas grazas e nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o Señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, presidente.

No fondo da lagoa de Cospeito había unha cidade asolagada, disque, polo Deus dos cristiáns no tempo en que camiñaba polo mundo; cidade castigada pola falta de caridade dos seus habitantes. E así, antes da moderna barbarie do seu secado, en noites de invernía sentíase o laio das campás da igrexa de Valverde. Nas vellas pontes que salvan o atranco dos ríos nos camiños de sempre acostuma haber un pozo, chamado dos mouros, que atesoura unha valiosa grade de ouro macizo que está á espera de ser desencantada por un baril mozo que saiba requirir as palabras máxicas ao xeito, sen equivocación ningunha. E era con auga dun regato que movese sete rodicios arriba que na medicina popular se lavaban a contrapelo as crianzas afectadas polo enganido ou tangaraño nos tempos de antonte.

Nas romarías de merendas ás que acudimos as xentes galegas no verán hai sempre unha fonte que testemuña un resistente rito precristián de purificación, que foi santificado co culto da cruz por medio dunha capela e un santo ou unha santa moitas veces de procedencia sospeitosa.

Señorías, isto somos nós, unha cultura pousada en auga, un territorio conformado por unha tea de araña de veas que vai desde os capilares máis pequechiños, formados polas fontelas e regos, ata as arterias que son os ríos señoriais e o pai Miño sucando o país. Esas veas, auténticos corredores de biodiversidade, son a nosa garantía de vida, de mantemento da necesaria amabilidade entre nós e a natureza. Porque a auga é o líquido da vida, repartidor de vida, e diso debería tratar este proxecto de lei que debatemos hoxe.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E é neste contexto de auga, tradición e vida que queremos situar esta ameaza, señora conselleira, esta falla de respecto que nos presenta hoxe o PP en forma de proxecto de lei. Porque, señorías, esta temeridade feita proxecto de lei que se perpetra desde o Goberno galego parte dunha irreflexión, a de que as nosas augas continentais e os seus ecosistemas gozan de boa saúde. Isto é unha falsidade que atenta contra o sentido común das xentes que coñecemos e amamos a natureza galega. Porque toda norma que pretenda regular o uso e desfrute dun ben natural colectivo deberá partir da análise do estado dese ben. Afirmar no 2020 desde o Goberno de xeito oficial que os ríos galegos son aproveitables para a pesca e que irradian abundancia e boa saúde é unha barbaridade. Un río galego é —resístome a dicir «era»— un ecosistema vario no que un debería poder contemplar lontras, martiños peixeiros, troitas, salmóns, reos, lampreas, escalos, anguías, merlos de río, parrulos, garzas, pitas de auga, cabaliños do demo, miñocas de braña e besbellos... ¡Eu que sei! Todo un listado de vida móbil que, xunto cos ameneiros, espiños, salvares, salgueiros, oucas, brizos, dentes de agrón —e toda esa flora e fauna de ribeira que non tería tempo a nomear—, conformaban e conforman os *flumen* e os humidais deste noso país.

E ¿cal é o estado actual deste tesouro con que os deuses nos agasallaron? ¿Cal é a calidade das súas augas? Porque os nosos ríos andan a se converter en correntes polas que viaxan ao mar os detritos e as contaminacións máis variadas: depuradoras que funcionan defectuosamente, lixiviacións de vertedoiros de residuos de todo tipo —ese gran negocio do século XXI—, augas mineiras sen control ningún, lamas de depuración vertidas directamente ás augas con impunidade... E todo con pleno coñecemento dos feitos polas autoridades incompetentes. E nada se fai. ¡Nada! ¿Catastrofismo? Non, todo isto ten nomes: Lengüelle, Mandeo, Eume, Mera, Furelos, Umia, Ulla... ¿Sigo? Non quedaría un só río nin lagoa sen nomear.

Nin que dicir que estes espazos deberían ser as barreiras naturais aos incendios, lugares de contención e de penetración para a súa extinción; e tamén as zonas protexidas para a preservación da saúde ambiental en xeral. Mais nada se menciona deste aspecto e nada se lexisla que condicione, preserve e potencie esta función. Pois é.

Propoñen unha Lei de pesca continental menosprezando —como acabamos de expoñer— o elemento principal: os ríos e a súa conservación. E isto ponse xa de manifesto no preámbulo da propia lei. ¿Como é posible non facer ningunha mención en todo o texto á Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos, e non poñer ambas normas en estreita relación? Claro, era unha iniciativa lexislativa popular e agora... en fin, molesta para os intereses prácticos das políticas do PP. O mellor, por tanto, é obviala, facer como que non existe.

E outro tanto acontece coa Lei 5/2019, do patrimonio natural de Galicia, esquecida tamén no preámbulo. Unha lei do verán do ano pasado que promulga no seu artigo 87 que a Administración outorgará un papel prioritario aos cursos fluviais a prol de mellorar a coherencia e a conectividade ecolóxica do territorio. ¡Vaites, vaites! Esta idea non se traslada no novo documento, é molesta, atenta contra o libre negocio.

Presentan, pois, unha lei cun ostensible déficit conservacionista que deixa de lado a conservación, restauración e principios fundamentais de sustentabilidade. Unicamente falan

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dun dereito de aproveitamento á marxe da realidade en que se atope o recurso e non de como se preserva. Pola contra —como xa vimos dicindo—, nin unha palabra aos ríos de vida e á función principal destes no conxunto da natureza galega: canles de irradiación de biodiversidade. Soamente con manter conservadas e ben protexidas as franxas de policía das nosas correntes fluviais xa permitiría recuperar unha boa parte da saúde dos ríos. Escasa mención e escasa lexislación lles merece a situación destas franxas, invadidas de aproveitamentos forestais exóticos, por veces case ata o mesmo cauce, e de especies de flora invasora non autóctona, resultado do descontrol na súa multiplicación e venda. Nada din dalgúns encoros onde as especies ictícolas autóctonas desapareceron por completo para dar paso a especies exóticas de gran tamaño para un aproveitamento deportivo que nos leva á posta en perigo de todo o ecosistema. Fálolle do *black bass* e desas cousas que se levan agora.

Todas estas cuestións deberían ser obxecto da súa vixilancia e control; mais, sen embargo, non é que fagan a vista gorda, é peor: agochan informes e denuncias dos seus técnicos e axentes, toleran vertidos de polígonos, lixiviación de vertedoiros, difusión de lodos de depuración sen tratar, existencia de balsas semiclandestinas, de lamas de diferentes procedencias que en épocas de chuvia intensa sobardan e contaminan as augas de superficie e os acuíferos.

Fomentar o dereito ao exercicio da pesca, artigo 1. O que resulta sanguento é que no propio artigo 1 obvian que o dereito ao exercicio da pesca debe facerse conforme a unha práctica sostible e respectando a conservación do patrimonio fluvial e a súa biodiversidade. E isto debería figurar no obxecto da lei de entrada no seu artigo primeiro, xa que se trata de cuestións que van máis alá do que son principios inspiradores da lei, como manifestan no artigo terceiro: «A conservación e sustentabilidade do recurso, a vida do río susceptible de se aproveitar, debe ser obxecto prioritario e non un fundamento co que argumentar e xustificar a realización da actividade».

A pesca nos ríos debe preservar o que sempre foi: unha pesca pública e socializada, ben con tramos libres ou mediante coutos de pescadores sen ánimo de lucro, rexida por uns principios de servizo público, que contemple os ecosistemas acuáticos como un ben común a coidar e resgardar e cunhas bases lexislativas que permitan un aproveitamento sostible baseado en datos e principios científicos.

Ningunha alusión seria aos aproveitamentos hidráulicos, que continúan a ser o grande obstáculo en máis do 70 % dos nosos cursos fluviais para as especies migratorias.

A anguía atópase en perigo de extinción, señora conselleira, no seu estado salvaxe. E o salmón reduciu a súa existencia en máis dun 99 % nos últimos cincuenta anos. ¿Por que esta lei non fai ningunha mención á obrigatoriedade de se instalaren dispositivos de franqueo eficaces para permitir que estas especies completen o seu ciclo biolóxico? «A chumbeira da xustiza —non vin cousa semellante— pilla os peixes pequeniños e deixa pasar os grandes». Esta élle unha copla tradicional. *(Aplausos.)*

E así topamos coa disposición transitoria sexta, que supón unha amnistía encuberta aos titulares de aproveitamentos hidráulicos, que levan anos e anos causando danos irreparables

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

aos nosos ríos, ao faceren caso omiso da obrigatoriedade legal de estableceren dispositivos de remonte ou outras alternativas que permitan a migración dos peixes. Outro tanto á necesaria circulación das gravas que arrastra a auga e que conforman os leitos vivos dos ríos. Tantos anos de permisividade, de ollar para outro lado. ¡Ai si! Pero agora vai na lei. Esa permisividade xa vai na lei. ¡Que xeito tan sutil de favorecer aqueles peixes gordos que incumpren a lei causando reiteradamente un gran prexuízo ás poboacións ictícolas!

Son estes que levamos debullado uns poucos dos moitos defectos e ausencias que atopamos neste proxecto de lei que aquí analizamos, mais son dabondo para cualificar este texto de inadecuado para o estado actual das nosas augas fluviais continentais.

O Grupo Parlamentario do BNG solicita a retirada do Proxecto de lei de pesca continental pola desconsideración que fai este texto aos nosos maltratados ríos, lagoas e zonas húmidas, no que obvian elementos fundamentais e prioritarios para mellorar, protexer e conservar a súa calidade e natureza. Porque pretende crear un artificio de aproveitamento máis preocupado de privatizar un ben público con intencións turísticas, de facer repoboacións e dunha ensoñación ao pensar que temos uns ríos en envexable estado de conservación que serían capaces de satisfacer a mentira que nos traen aquí. Tal e como están os nosos ríos hoxe, resulta imposible facer un aproveitamento de pesca sostible e viable. En tanto a Administración autonómica non asuma que os nosos ríos son arterias que oxixenan o territorio, precisan dunha verdadeira vontade de mirar por eles, amalos, mimalos, recuperalos e protexelos.

Señora conselleira, recollan esta masa sen levedar, vólvana á artesa e amásena outra vez. De momento o forno non está para bolos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo non emendante, Grupo Parlamentario Popular, señora Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

A verdade é que despois de escoitar o señor Arangüena e o señor Rivas non sei con que quedar. Por un lado, señor Arangüena, unha contraditoria reflexión por parte do seu grupo en relación con este proxecto de lei de pesca e, sobre todo, con esa lección que nos acaba de dar como experto pescador, que probablemente se converta nesa segunda aportación que fai o Partido Socialista á conservación dos ríos; despois da primeira, que foi tirar os vagóns dun tren ao río. *(Aplausos.)*

Despois tamén quédame constancia en relación coa intervención e, sobre todo, coa visión poético-catastrofista que fai o grupo nacionalista dos nosos ríos. Pois ben, como represen-

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tante do Grupo Parlamentario Popular, correspóndeme aclarar —ou intentar polo menos facelo, por suposto— todas as dúbidas que levaron, tanto o Grupo Socialista como o Grupo Parlamentario Nacionalista, a presentar esas emendas á totalidade deste proxecto de lei. Dende logo o punto de partida non é axeitado; comezar xa co rexeitamento íntegro deste proxecto de lei, aínda que queda ese inicio que estamos arrancando hoxe de tramitación parlamentaria. Agardamos que se impoña —sobre todo no noso ánimo está— o diálogo e a procura do consenso, para dotar a nosa comunidade, como ben dixo a conselleira de Medio Ambiente, dun instrumento que garanta a conciliación da práctica deportiva recreativa da pesca coa conservación, por suposto, da natureza e o respecto á biodiversidade, plenamente conscientes de que a posta en valor do noso contorno natural é unha premisa básica para a súa protección.

Voume centrar nas súas emendas, porque é moito o que hai que explicar e pouco o tempo do que se dispón.

Señor Arangüena, a verdade é que se mete vostede moito e fala de pesca fluvial; nós falamos de pesca continental. É raro porque por parte do seu grupo non se presentou ningunha emenda ao que é o nome.

Vén dicir tamén vostede ao longo do seu discurso que non houbo implicación dos actores interesados ou da comunidade científica, que houbo poucas alegacións... ¡Home!, eu creo que preto dun milleiro de alegacións é un número considerable e, sobre todo, que representa unha ampla participación pública. Non me vou parar nesas 108 achegas ou opinións no trámite de consulta pública, no trámite de audiencia; nas 47 entidades e organismos, entre eles os membros do Comité Galego de Pesca, nin nesas practicamente 617 alegacións. E tamén hai que ter en conta que nesas 617 alegacións había simplemente 183 que se centraban no mesmo, que era a prohibición do chumbo. Entón hai que ver a totalidade das recibidas na fase de información pública, que foron 617. Así que creo que se deduce claramente que interese houbo, e moito.

Cuestionan tamén a oportunidade da lei de pesca despois de vinte e oito anos: que é innecesaria, que carece de xustificación... Temos que ser rigorosos. Transcorreron xa case trinta anos, unha xeración completa, e xa que vostede fala como pescador, como apaixonado da pesca e como especialista creo que é necesario ese novo texto, porque hai novas situacións: hai un cambio climático ao que nos temos que enfrontar, as secas, a contaminación, o furtivismo, as especies exóticas invasoras e a propia evolución da actividade de pesca, que pasou de ser esa fonte de alimentación a esa actividade recreativa e deportiva.

E si, señor Arangüena, aínda que o neguen ou non lles guste, con esta lei tamén queremos asegurar o que vostede dicía: o relevo xeracional; potenciar a pesca sen morte; dinamizar o turismo rural e incluíndo tamén diversas medidas, que non vou citar porque acaba de expolas a conselleira, como son exencións de licenza a menores de idade, a maiores de 65 ou exención de pago de taxas, que creo que é importante á hora de fomentar a pesca.

Ao parecer tamén non ven vostedes neste texto medidas precisas para regular, protexer e fomentar o dereito á pesca continental nin tampouco o seu potencial como motor económico rural.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pois miren, artigo 2 —ben claro—: dereito ao exercicio da pesca. Artigo 3, letra b): garantía na igualdade no acceso ao mesmo. Artigos 6 e 7: fomento de mecanismos de colaboración e cooperación. Artigos 8 a 10: medidas para a promoción, formación e investigación en materia de pesca continental. Artigos 8.2 e 11: medidas para o fomento da pesca deportiva e recreativa como ferramenta de desenvolvemento turístico, económico e social no medio rural.

Falan vostedes tamén de concesións, de autorizacións hidráulicas, das que existen, das novas, das súas obrigas de conservar de xeito sostible os ecosistemas... Non, señorías do PSOE, e aquí tamén me vou dirixir xa ao Bloque Nacionalista Galego, que tamén apela a esta cuestión. Non imos cara a unha normativa máis laxa neste ámbito, simplemente cumprimos a doutrina do Tribunal Constitucional.

A previsión de eximir da instalación dos dispositivos de remonte ou doutras alternativas que se puidesen establecer para garantir as migracións periódicas dos peixes ao longo dos cursos fluviais que establece o artigo 12 ten como antecedente normativo o disposto nos artigos 23 da Lei de 1992 e o artigo 76 do Decreto 190/97.

A redacción definitiva do artigo 12.2, así como da disposición transitoria sexta, obedece ao indicado pola Asesoría Xurídica Xeral no seu informe de decembro de 2019, que invoca, precisamente, á doutrina do Tribunal Constitucional, na que incide na necesidade de clarificar que a obriga da instalación de dispositivos de remonte só pode ser exixible respecto das autorizacións e concesións que se outorguen con posterioridade á entrada en vigor dea lei.

A lei —tamén di o Grupo Socialista— non introduce novidades no control de verteduras e residuos perigosos que afectan a fauna agrícola e a auga. Estas cuestións, señorías —e inclúo de novo aquí o grupo nacionalista, porque tamén fai alusión a elas, e así xa falamos das dúas cuestións—, están reguladas na normativa sectorial de augas, correspondendo a competencia á administración hidráulica respectiva. Hai un momento falaba o señor Arangüena da situación do río Furelos e da que foi alcaldesa e que hoxe é conselleira de Medio Ambiente. Pois alí hoxe estase gobernando co apoio do Partido Socialista, evidentemente, e pode vostede ir ao tempo en que foi alcaldesa a señora Ángeles Vázquez Mejuto e seguro que non atopa ningunha noticia relativa á mortaldade durante ese período. *(Aplausos.)* Pode ir e consultalo.

Con todo —volvo outra vez ao tema das verteduras—, o proxecto de lei, no artigo 12.4, condiciona a realización de verteduras ao cumprimento de valores de referencia que se determinan regulamentariamente, recollendo as correspondentes infraccións e sancións sen prexuízo da obriga de reparar os danos recollidos no artigo 78.

Tamén se critica a redución do importe da sancións dos infractores. Esta redución da que falan vostedes só se prevé nas infraccións moi graves, que van dende 25.001 ata 150.000 euros. Esta é a única contía con respecto ao importe máximo previsto na vixente lei, que ata agora viña sendo de 300.000 euros. ¿E por que esa redución? Parece mentira, señor Arangüena, que descoñeza vostede o principio de proporcionalidade, cando tanto alega ao dereito; un principio de proporcionalidade recollido no artigo 29 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, e en cuxa virtude a imposición de sancións polas administracións públicas

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

deberá observar a debida idoneidade entre a sanción a impor e a adecuación, por suposto, á gravidade do feito. Pero, ademais, esa proporcionalidade entre o dano e a multa resulta garantida pola exixencia da reparación dos danos medioambientais, que pode realizarse de xeito simultáneo ao procedemento sancionador.

E, en terceiro lugar, cómpre tamén ter en conta a Lei 9/2010, de augas de Galicia, en cuxo réxime de infraccións e sancións do título VII o ben xurídico é velar pola calidade das augas.

Polo que respecta ás infraccións leves, estas manteñen as súas contías, suprimíndose a contía á categoría de infraccións menos graves. Ademais, prevese que, xunto á sanción, se poida realizar ou retirar a licenza de pesca e a inhabilitación para obtela durante un período dun ano.

Para as infraccións graves tamén se manteñen practicamente iguais os límites mínimos e máximos dos importes, de 3.001 a 25.000 euros. O importe máximo ata o de agora era de 10.000 euros, e tamén se recollen os supostos nos que se imporía a retirada de licenza e a inhabilitación para obtela durante un período de entre un ano e un día e tres anos.

Di tamén o Grupo Socialista que non se establecen de forma clara medidas para a conservación dos leitos que garantan o mantemento das súas condicións naturais. Estas cuestións están reguladas tamén na normativa sectorial de augas, correspondendo a súa competencia á administración hidráulica respectiva, sen prexuízo da existencia das previsións específicas nesta lei, en concreto no artigo 12, sen que se poida entrar a fondo na súa regulación, porque se trata dunha cuestión na que converxen competencias de distintos departamentos desta administración.

E resulta que tamén critican vostedes —con isto tamén me refiro ao grupo nacionalista— a retirada do Fondo de xestión de pesca continental. Pois miren, os recursos que integrarían o Fondo para a xestión da pesca continental, procedentes de sancións, de indemnizacións, de taxas, de prezos públicos..., xa forman parte dos orzamentos da Dirección Xeral de Patrimonio Natural para o cumprimento das encomendas de xestión de pesca continental e para a conservación e recuperación dos ecosistemas acuáticos. Crear un fondo suporía máis carga administrativa para a Consellería e, ademais, non implicaría mellora na xestión destas funcións.

E no que toca aos efectivos para labores de inspección, que din que non hai na época estival, non é verdade. Os axentes non están a apagar lumes, outra cousa é que seguen, evidentemente, coas súas funcións, con independencia da actitude colaborativa que se poida ter por parte destes axentes e desta consellería en casos de extrema necesidade.

Resulta, cando menos, curioso que na emenda do Grupo Socialista se subliñen algunhas das principais novidades desta lei: a remuda xeracional, o impulso do desenvolvemento turístico no rural..., e digan que non hai xustificación para esta norma, sinalando, ademais, que se trata de medidas que se poderían ter adoptado con anterioridade. Polo tanto, parece, no fondo, recoñecerse a utilidade e acerto delas. ¿Que se podería ter adaptado con anterioridade? Claro que si. A Lei de 1992 non foi modificada ata agora —estamos niso—, pero nin sequera

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

durante o Goberno bipartito, polo que queda de paso máis que xustificado o impulso desta nova lei que rexeitan na súa emenda.

Señor Rivas, tamén din vostedes, pola súa banda, que facer esta lei sen un ánimo conservacionista e recuperador é absurdo. O ánimo conservacionista e recuperador da riqueza piscícola dos nosos ríos está presente en todo o texto. Está, por exemplo, presente no aproveitamento ordenado e sostible dos recursos piscícolas, no desenvolvemento e mantemento da biodiversidade autóctona, tamén está na previsión de todo tipo de medidas para a súa execución. ¿Como se pode dicir que este proxecto de lei pretende adecuar a lexislación ás exixencias tamén do comercio, das explotacións privadas, cando o artigo 36 desta lei prohibe expresamente a comercialización de calquera especie procedente da pesca deportiva ou recreativa exercida nas augas continentais de Galicia?

Danlle voltas tamén a un presunto menosprezo dos nosos ríos, á súa conservación..., porque faltan unha ou dúas leis, non só a 5/2006, á que se refire vostede, e 5/2019, que, por certo, aparece referida en artigos deste proxecto de lei: artigos 9, 32, 33 e 35. E se falamos de esquecernos de leis, tamén se esquecen doutras moitas normas, non só estatais, senón autonómicas e mesmo europeas.

Pero esta falta de cita non significa que non resulten plenamente compatibles e complementarias as previsións da Lei do 2006, as do 2019 e as do presente proxecto de lei, toda vez que, aínda que son leis que obedecen a títulos competenciais distintos, regulan aspectos interrelacionados entre si.

Quero sinalar en particular tamén que a regulación de cuestións como a calidade das augas, os caudais ecolóxicos ou a planificación hidrolóxica son materias obxecto tamén dunha normativa sectorial, pero hai que dicir neste aspecto que do ano 2014 ao 2016 o 80 % das masas de auga se consideraron en bo estado e melloraron en once puntos nos últimos anos.

Tamén hai que dicir, señorías, que a Confederación Hidrográfica, señor Arangüena ten algo que dicir. Insten vostedes tamén o seu goberno a que faga os seus deberes, porque a Xunta os está a facer.

Así que, quérolle dicir, señorías, que a exixencia, por outro lado, de que se leve a cabo un aproveitamento ordenado e sostible dos recursos piscícolas non só se recolle no artigo 3 senón ao longo de toda a lei. Non resulta necesario, señor Rivas, que figure no artigo 1, que xa fala do obxecto da lei. Temos que falar doutros aspectos da nosa lei, dese desenvolvemento coherente e respectuoso, desas repoboacións, que falan tamén dos coutos de pesca. Se miran ven o artigo 62, verán que se determinan repoboacións e se realizan con especies autóctonas; só as poderá realizar a Consellería de Medio Ambiente, e con planificación previa.

En definitiva, quérolles dicir, señorías, que, sen dúbida, hai diferentes xeitos de tratar as liñas estratéxicas e normativas para regular unha actividade tan importante como é a pesca, e estámolo a ver neste debate. Hai debate e ao Partido Popular, desde o Goberno da Xunta de Galicia, tócalle adaptar neste momento a Lei continental de pesca aos tempos actuais.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Onde si creo que estamos todos de acordo, como ben destacaba a conselleira, é no feito de que os ríos de Galicia son a nosa bandeira natural. Estamos de acordo, son unha parte esencial do noso territorio, e como tal temos que procurar unha práctica sustentable e respectuosa do medio ambiente.

Iniciamos hoxe o trámite parlamentario, e remato como empezaba. Estou segura de que na ponencia, na comisión haberá debate, claro que estou segura, pero tamén estou segura de que haberá entendemento, que haberá acordos, que chegaremos a transaccións, e, por suposto, que haberá máis dun desacordo...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: ...como aquí se puido ver en cuestións de debate que imos ter.

En definitiva, do que estou segura é de que en relación con este Proxecto de lei de pesca continental de Galicia haberá traballo, haberá diálogo e haberá debate, pero entre todos sacarémolo adiante.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Mouteira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica de grupos emendantes.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Arangüena Fernández.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, Galicia foi, hai décadas, un auténtico paraíso da pesca, e podería voltar a selo —polo menos en certa medida— se en troques de impulsar unha lei que menoscaba e tende a desmantelar a protección dos ríos —que establecía na teoría e sobre o papel a Lei de 1992— fixeran vostedes na práctica cumprir esa lei, cumprindo de paso coa súa obriga de sancionar, previr e mellorar a situación dos ecosistemas fluviais, etc., etc., cousa que vostedes non fixeron en absoluto nestes últimos once anos.

O único interese que amosou o señor Feijóo pola pesca fluvial ou continental en todo este tempo foi cando en plena pandemia se lembrou de que os pescadores eran un xeito ou unha vía para confrontar co Goberno central na súa liña habitual.

Pero, se queren vostedes mellorar a pesca, inspírense na Lei de pesca de León, por exemplo, por poñer un exemplo, que optou máis ou menos por tomar en serio a pesca nos últimos cinco anos e viu como a situación dos seus ríos melloraba de xeito moi significativo, enormemente significativo, cando a dos nosos empeorou radicalmente. E iso non o pode negar

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vostede, póñase como se poña, nin a señora representante do PP, porque iso o sabe calquera persoa que pescase nos últimos vinte anos e que saiba o que son os ríos da nosa comunidade.

E fíxese que non lle falo, cando falo de Castela-León, dunha comunidade gobernada por outro partido distinto do seu —que podería, perfectamente; hai outros exemplos—, senón que lle poño como exemplo o que fan os seus compañeiros de partido. Fale con eles, igual aprende algo. E sería importante que o fixese, porque a conservación dos ecosistemas fluviais é, non soamente fonte de vida, senón que tamén pode ser fonte de riqueza a través do turismo rural asociado á pesca.

Di a señora representante do PP que non saíu ningunha noticia durante o tempo que foi a señora conselleira alcaldesa de Melide. Non é certo, ¡non é certo! A señora conselleira permitiu, primeiro como alcaldesa en dúas lexislaturas, e despois como conselleira, que o río Furelos, de alto valor ecolóxico e dentro da Rede Natura, por certo, fora contaminado reiteradamente pola falla de depuradora no parque empresarial de Melide. *(Aplausos.)* Isto é así, e sufriu mortaldades de troitas, sufriu deterioración ecolóxica e converteuse nunha sombra do que foi.

Señora conselleira, poño no seu coñecemento —por se o descoñece, que non creo que sexa o caso— que hai un informe demoledor, absolutamente demoledor, do Seprona, no que se fala de vostede, entre outros representantes públicos, que describe a pasividade do Concello e da propia Xunta ante as verteduras reiteradas durante toda a súa etapa e que considera que hai indicios de prevaricación por omisión. Non o digo eu, dío un informe do Seprona, que detalla os sucesivos episodios de verteduras ao río Furelos dende o ano 2005. Vostede foi dende ese ano e durante oito anos alcaldesa de Melide, e durante dous conselleira de Medio Ambiente.

Por tanto, poñela a vostede a coidar dos ríos, pese o que lle pese á señora representante do PP, é como poñer o raposo a coidar das galiñas. *(Aplausos.)*

Anímoa a que me resposte, cando teña ocasión, ás tres preguntas que lle fixen, pero fágolle unha cuarta: ¿foi vostede, —non o sei, igual me equivoco, pero, dende logo, iso tampouco foi noticia— ao río Eume dende que se produciu o episodio de contaminación nos últimos tempos, que leva prolongándose aproximadamente durante un mes?

Mire, señora conselleira, a necesidade desta lei non está xustificada en absoluto. Todos eses motivos ou circunstancias que vostedes enumeraron se poden afrontar coa lei vixente, ou modificando o seu desenvolvemento regulamentario. Sinteticamente intuímos que esta lei só pode ter dúas finalidades: unha, favorecer os grandes incumpridores da lei, que son as empresas contaminantes e as concesionarias de concesións hidroeléctricas, ou seguir omitindo —como veñen facendo durante os últimos once anos— a súa obriga de protexer e mellorar os ecosistemas fluviais.

E, señora representante do Partido Popular, cando fala vostede da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, teño que informala, por se non o sabe, de que está —esa Confederación Hi-

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

drográfica— recuperando concesións de aproveitamento do caudal dos ríos para o público... *(Murmurios.)* E está facéndoo a diferenza —xustamente o contrario— do que fai Augas de Galicia; por tanto, creo que erra na súa apreciación.

En resumidas contas, esta é unha lei innecesaria. O que deberían facer, se queren recuperar os ríos de Galicia, é tomar en serio a cuestión e facer cumprir a lei que xa existe, que pode ser mellorable en moitos aspectos, pero non facer unha nova lei que o que fai é relaxar as obrigas medioambientais, relaxar o réxime sancionador, por certo, non soamente nas infraccións moi graves, senón con carácter xeral...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ...sobre todo se consideramos o efecto da inflación. E non me fale de proporcionalidade, porque a proporcionalidade xa estaba na Lei de 1992 e nas súas sucesivas actualizacións en canto á contía das sancións.

Remato. Retiren vostedes esta lei e protexan os ríos de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arangüena.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bebemos auga de ríos e regatos, as captacións de augas de moitos municipios, mesmo pequenos, débense a estacións de bombeo, collemos auga para beber e botamos o que sae das deficientes depuradoras ao mesmo río. ¿Estamos ben da cabeza, señora conselleira?

Velaí a razón da nosa insistencia na restauración e conservación dos nosos ríos. Non lle é só pola pesca, que tamén; élle porque desde o BNG non estamos por un futuro da auga mineral embotellada, sendo un territorio onde a auga é un elemento principal marcador e conformador da nosa existencia. A posibilidade do exercicio da pesca en plenitude é o mellor referente da saúde das augas; se as especies ictícolas viven en normalidade, se hai ras, anguías, salmóns, pinchorras e demais fauna, nós tamén viviremos. Se eles morren, estaremos sentenciados como sociedade. Este élle o grave do problema, e non é catastrofismo, é realidade. O de vostedes, claro que non é catastrofismo, non, é catastrófico. Negando a evidencia non salvan a responsabilidade política, que llo pregunten ao río Furelo —xa amentado—, ao consentimento desde o concello de tantos anos do PP e desde a Xunta dos vertidos e da inexistencia dunha depuradora que puido ser, e vostedes coidáronse ben de convertela en alcaldía de xeito carrañento.

O seu irresponsable tratamento destes temas é temeridade e raia a delincuencia. Así de claro; si, así de claro. Porque quen exculpa e non actúa tendo o deber de facelo diante de

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

delitos medioambientais convértese en cómplice útil na reiteración destes feitos. E iso élles verdade, élles verdade nos vertidos que hai na parroquia de Grixalba. Élles verdade que verten directamente ao río Mandeo; ao río Mandeo, non, aos dous regatos de cabeceira do río Mandeo. ¡E non fixeron nada, e foi denunciado por activa e por pasiva! ¡E non fixeron nada! E séguense vertendo lodos de depuración directamente aos regatos. E alá abaixo, no cárcere de Teixeiro beben a auga dese río, e o polígono industrial tamén colle a auga dese río, e en Aranga tamén se colle a auga dese río. Esta élle a realidade, e isto é o que nós denunciamos.

Os efectivos que deben velar polo cumprimento das normas son poucos e non están revestidos da autoridade necesaria. Non lles falo da persecución de infraccións menores, como a medida das capturas, artes de pesca ou horarios, cebos..., non, fálolles dos vertidos, das analíticas, das denuncias que quedan esquecidas no fondo dos caixóns da Consellería de Medio Ambiente cando o peixe é gordo. E aquí nada plantean, nesta lei nada se plantea, que siga coma se nada acontecese; mentres as troitas mortas non baixen panza arriba e canten moito.

Non hai moitos anos, señorías, os nosos ríos soportaban carburo, lixivias, ganchos, pólvora, trasmallos e podían con todo, rexenerábanse sen moita dificultade; hoxe o cancro está dentro, as augas non soportan as agresións que vostedes consenten. E digo unha e mil veces que vostedes consenten porque non actúan, ¡porque non actúan! Porque o negocio é de amigos. E hai que dicilo claramente porque, se non, estou faltando á verdade e estoulle faltando á miña xente, e non me é consentible facelo.

Eu —non llelo dixen— fun pescador, deses que se aburriu; aburriuse de que se lle encollese o corazón cada vez que baixaba ao río, ¿saben? Encolléuseme o corazón no peito de ver como o río se deterioraba ano a ano, como as chamadas, as denuncias e todo continuaba na mesma, todo menos o río e a súa vida. Eucaliptos ata a mesma beiriña, no medio do río non porque non daba xeito plantalos; as augas alodadas de vertidos e eutrofización, e todo iso.

Miren: polo ben das nosas augas continentais póñanse a funcionar e apliquen as leis e deixen de protexer a quen contamina de xeito grave. Retiren esta lei, báñense de realidade e actúen en consecuencia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Debate de totalidade do Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia

O señor PRESIDENTE: Debatemos agora o Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia.

A este proxecto de lei presentáronse emendas á totalidade do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Señorías, quero presentar o segundo dos textos lexislativos que hoxe trae á Cámara a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Despois de debater a Lei de pesca continental iniciamos o debate á totalidade da que será a nova Lei de ordenación do territorio de Galicia, reiniciando a tramitación iniciada en xaneiro deste ano e que quedou suspendida por mor da campaña electoral. Xa tivemos este debate da totalidade no Parlamento, pero quero volver incidir sobre a importancia que ten o texto e este texto para os galegos e as galegas.

A futura Lei de ordenación do territorio actualiza a normativa vixente, que conta xa con vinte e cinco anos de antigüidade, a Lei 10/1995. Tras un cuarto de século no que ten mudado e segue mudando Galicia e a sociedade, a nosa comunidade necesita un texto normativo máis sinxelo, actualizado e, ao mesmo tempo, un texto eficiente.

O territorio é o noso ben máis prezado, o soporte no que desenvolvemos todas as nosas actividades, e por iso precisamos dun texto que nos permita actuar coas máximas garantías e que aposte pola protección do solo, a súa conservación, pero tamén a súa posta en valor. Por todo isto, a lei contén unha serie de obxectivos que buscan mellorar a calidade de vida dos galegos e das galegas, como son lograr un desenvolvemento equilibrado para toda a comunidade galega, garantir a accesibilidade de todos os cidadáns a todas as infraestruturas e servizos, mellorar a relación do mundo rural, do eido rural tamén co urbano, apostar polo desenvolvemento económico sostible, aproveitar e valorar as oportunidades que nos ofrece o territorio e mais protexer os valores que presenta, tanto os naturais como os culturais.

De aí a importancia desta lei, que simplifica e axiliza a planificación urbanística para evitar os posibles desequilibrios, mellorar a coordinación territorial, que é fundamental. E segue a senda iniciada coa redacción da Lei do solo e do seu regulamento de acadar normativas máis simples, útiles, eficiencias e tamén prácticas.

Sen dúbida, a tramitación deste texto é un fito máis no traballo realizado polo Goberno galego na última década para modernizar e actualizar o corpo urbanístico da nosa comunidade autónoma, e virá completar os instrumentos necesarios para un urbanismo sustentable e respectuoso, sumándose aos fitos no urbanismo acadados na última década e que incluíron as Directrices de ordenación do territorio, o Plan de ordenación do litoral, a Lei do solo e o desenvolvemento do seu regulamento, as guías de intervención no territorio, os catálogos da paisaxe, o Plan básico autonómico, os plans básicos municipais, os pactos pola paisaxe e as normas técnicas de planeamento urbanístico.

En resumo, é unha lei que dá resposta a tres grandes obxectivos: ningún concello sen plan xeral, facilitar o desenvolvemento ordenado e sustentable do medio natural e a protección

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da paisaxe; fundamentais. Por iso apostamos pola participación na súa tramitación, e así no trámite de información pública este texto foi remitido a un total de trescentas cincuenta entidades. Recibíronse duascentas corenta e nove alegacións, das que foron estimadas un total de cento trece, total ou parcialmente; é dicir, supón o 45 %. O que permitiu enriquecer deste xeito o texto redactado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A Lei de ordenación do territorio fixa catro instrumentos de ordenación territorial: as Directrices de ordenación do territorio, os plans territoriais... Estes divídense en integrados e especiais, sendo o máis significativo dos integrados o Plan de ordenación do litoral, o POL, e como especiais destacan os aplicados a unha área concreta como é o Plan territorial integrado do Eume ou o que estamos a tramitar agora mesmo de San Fiz de Chantada. Os plans sectoriais, como son o Plan eólico ou o Plan de áreas empresariais de Galicia, ou os proxectos de interese autonómico, que substitúen os proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal e que regulan a ampliación das grandes empresas ou de grandes infraestruturas, como son a ampliación dos hospitais. Como exemplo está o da Coruña ou tamén o de Pontevedra. E substitúen os proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

En canto ás directrices, hai que dicirlles que estas non presentan grandes variacións con respecto ao establecido na lei do 1995; son instrumentos de carácter global. É o marco xeral de referencia que temos no territorio, e establecen regras espaciais de implantación, de usos e tamén de actividades, sempre de acordo e tendo en conta as necesidades sociais, económicas, culturais e ambientais.

O segundo dos instrumentos son os plans territoriais, que se diferencian entre integrados e especiais, en función da súa maior ou menor escala de afección territorial. Os integrados permiten organizar áreas xeográficas supramunicipais que conten con características homoxéneas ou as que polo seu tamaño ou relación funcional necesitan unha planificación dos usos do solo, actividades produtivas, infraestruturas ou equipamentos. E no caso dos especiais, estes dan resposta e soporte aos requirimentos especiais de planificación de ámbitos tendo en conta distintas características: as morfolóxicas, as agrarias, as gandeiras, as forestais ou mesmo as etnográficas, que precisan unha consideración unitaria.

O terceiro dos instrumentos son os plans sectoriais, que inclúen unha novidade: amplíase o seu ámbito de aplicación para que sexa toda a comunidade autónoma, e tamén se concreta a súa definición con respecto á lei do ano 1995. O obxectivo é acadar unha mellor ordenación das actividades que se poidan implantar no noso territorio. Cómpre destacar que estes plans só poderán ser de iniciativa pública, sendo a administración quen determine onde se instalan as actividades, e que se redefinen como instrumentos que regulan a implantación de actividades sectoriais, como poden ser a xestión dos residuos, as vivendas protexidas ou os equipamentos supramunicipais.

E, por último, está o cuarto instrumento de ordenación que contempla a LOT, que son os proxectos de interese autonómico, que substitúen os proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal. Este é o único instrumento de intervención directa no territorio que vai servir para planificar e executar actuacións concretas, implantación de dotacións urbanísticas, creación de solo destinado a vivendas protexidas, creación de solo destinado á realización

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de actividades económicas, entre outras. Deberá xustificarse que transcenden do ámbito municipal pola súa incidencia tanto territorial como económica, social ou mesmo cultural, e que non teñen previsión nin acomodo no planeamento vixente. Ademais, poden ser de iniciativa pública ou privada, e poderán desenvolver plans sectoriais vixentes ou ser autónomos. Como novidade, a súa declaración de impacto ambiental caduca aos tres anos.

Ademais, a lei inclúe a creación do Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, co que se blinda a normativa dunha maior seguridade xurídica, transparencia e tamén accesibilidade para toda a cidadanía. Neste rexistro inscríbense todos os instrumentos de ordenación do territorio antes da súa entrada en vigor, evitando así unha morea de problemas que se podían dar anteriormente. É dicir, para que un instrumento de ordenación entre en vigor será unha exixencia a súa inscrición no dito rexistro, polo que será unha garantía de seguridade xurídica, xa que estaremos ante a versión definitiva do dito instrumento, e será á que terán acceso tanto as administracións como aquel cidadán que así o desexe.

Facemos tamén unha aposta con esta lei pola axilización e simplificación administrativa. A nova Lei de ordenación do territorio aposta pola simplificación administrativa, tanto do número de figuras como no procedemento da súa tramitación. Deste xeito, establécese un único procedemento de tramitación para todos os instrumentos de ordenación do territorio, diferenciando entre os que se someten a avaliación ambiental estratéxica ordinaria ou simplificada. O obxectivo é integrar o procedemento ambiental no de tramitación do instrumento de ordenación, evitando ter que acudir a diversas normas para identificar que procedemento resulta aplicable á mesma. Isto implica que sexa unha lei máis clara, unha lei máis útil, unha lei máis práctica, e facilítase ademais a súa aplicación. Mellorando e ao mesmo tempo dando maior responsabilidade entre as distintas administracións, pero dando vida aos concellos e evitando a duplicidade de trámites e tamén de procedementos.

En resumo, a nova Lei de ordenación do territorio que hoxe debatemos neste pleno pretende corrixir erros que se detectaron durante os anos de aplicación da actual lei, tentando de mellorala e de dotar a Comunidade dunha ferramenta útil para levar a cabo a ordenación da mesma.

Como non podía ser doutra maneira, tamén se aproveitou esta revisión e actualización para incorporar ao contido da lei criterios como a sostibilidade ambiental, a protección dos valores paisaxísticos, a loita contra o cambio climático, a garantía da accesibilidade universal de servizos e tamén infraestruturas e mais a consideración do solo como ben esgotable e limitado.

En definitiva, señorías, somos moi conscientes da importancia que ten a nova Lei de ordenación do territorio para a nosa comunidade. E dende a Xunta defendemos que a lexislación urbanística é unha garantía de éxito para acadar que a ordenación do solo de cada municipio sexa coherente e igualitaria para os cidadáns do propio concello, pero tamén para os cidadáns do resto de Galicia, dos contiguos.

Tamén son necesarios instrumentos de carácter supramunicipal que garantan esta mesma igualdade de oportunidades a nivel de comunidade autónoma, co fin de corrixir os posibles

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

desequilibrios resultantes da variedade que presenta o noso territorio. Por iso a futura Lei de ordenación do territorio adáptase á evolución territorial de Galicia e á súa realidade actual, e preséntase como un camiño para garantir a cohesión social, a mellora de calidade de vida non só das xeracións presentes, senón tamén das futuras.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución e de posicionamento respecto do proxecto de lei.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Bos días, señora conselleira. Grazas pola súa exposición.

En todo caso, cremos que as políticas de ordenación do territorio son a base para construír un país; as prioridades sociais, económicas e medioambientais determinan a organización do noso territorio.

En Galicia, dende 2009, foise progresivamente esquecendo a idea de facer país, foise esquecendo a idea de ter un pacto polo territorio non partidista e capaz de sentar as bases dun desenvolvemento a medio prazo. As Directrices de ordenación do territorio, aínda que perderon parte das fortalezas dos documentos iniciais, elaborados durante a presidencia do presidente Touriño, plantexan un documento de partida moito máis atractivo que as leis que se desenvolveron posteriormente, onde a visión liberal do solo se fixo máis presente.

En calquera caso, o fracaso da Lei do solo de Galicia de 2016 quedou demostrado pola escaseza de novas tramitacións de planeamento en Galicia. Recordemos que a derrogación normativa da Lei do solo alcanzou, entre outras, a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; a Lei 6/2008, de medidas urxentes en materia de vivenda, e parcialmente a Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia.

Pero é que na memoria entregada recentemente no Parlamento de Galicia do Plan de seguimento das Directrices de ordenación de territorio de sustentabilidade territorial do ano 2019 —recordemos que ten como obxectivo realizar unha avaliación continua dos instrumentos de ordenación territorial e de urbanismo que desenvolven esas Directrices de ordenación do territorio— vemos que no que se refire a plans xerais de ordenación municipal aprobados ou adaptados ao modelo territorial definido nesas Directrices de ordenación do territorio ou elaboración foron aprobados corenta e nove e noventa atópanse aínda en tramitación, o que,

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

segundo a propia memoria, situaría un 43 % de poboación, un 41 % da suplencia da comunidade autónoma e un 44,2 % dos concellos galegos os que contarían cun plan adaptado ou en proceso de adaptación, que son a maior parte.

Non parece, precisamente, que a inestabilidade normativa contribúa a acadar o obxectivo de ter plans adaptados ao visto do que se foi facendo en oito anos.

E falabamos dunha norma con rango de lei, a do solo de Galicia, que non deu os froitos esperados. E non é que non teñamos normativa, temos ata dezaseis normas integrando o que poderiamos chamar o «Código urbanístico de Galicia». En primeiro lugar, esta lei que se pretende derrogar, a Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia; a Lei 6/2007, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia; a Lei 7 /2008, de protección da paisaxe de Galicia; a Lei 4/2012, da área metropolitana de Vigo —e non quero traer Vigo precisamente a colación neste pleno, que soe ser un motivo de confrontación—; a Lei 2/2016, do solo de Galicia; a Lei 3/2016, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de interese excepcional; a Lei 1/2019, de rehabilitación e rexeneración e renovación urbana de Galicia; a Lei 5/2017, de fomento da implantación de iniciativas empresariais; e decretos: o Decreto 80/2000, que regula os plans e proxectos sectoriais de licenza supramunicipal —aos que vostede fixo referencia en repetidas ocasións—; o Decreto 2013/2007, que aproba os estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística; o Decreto 29/2010, polo que se aproban as normas de habitabilidade e vivendas de Galicia; o Decreto 142 —estou rematando, señorías— polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia; o Decreto 83/2018, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia; o Decreto 172/2018, polo que se aproba o Regulamento da organización do réxime de funcionamento do Xurado de Expropiación de Galicia, e, por último, o Decreto 96/2020, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia —por certo, un decreto aprobado doce anos despois da publicación da lei que lle dá sustento.

Despois desta exhaustiva enumeración da normativa urbanística de Galicia, entendemos que non quedan habilitados suficientemente os motivos da necesidade dunha nova lei, xa que o mero feito de máis de dúas décadas de vixencia da actual lei non resulta argumento suficiente, porque existen outras moitas leis autonómicas anteriores que non precisan necesariamente ser substituídas.

Tampouco as modificacións levadas a cabo na normativa urbanística existente deberan ser as que provocan que deba existir en Galicia unha nova Lei de ordenación, porque iso debera operar precisamente en sentido contrario, pois creo que primeiro son as leis e despois os desenvolvementos regulamentarios. Pola enumeración que fixen hai un momento, creo que desenvolvemento regulamentario temos suficiente. E, igualmente, a teórica necesidade de afrontar novos obxectivos debera en calquera caso ir precedido dunha análise de resultados da actual Lei de ordenación do territorio, tanto no referido ao seu grao de desenvolvemento e aplicación como á vixencia ou á propia capacidade dos instrumentos de ordenación do territorio que contén, cuestión que tampouco se aborda.

Tamén hai que argumentar cales serían aquelas cuestións que non poden ser abordadas no marco da actual normativa. Sen esa análise previa da actual lei que a Xunta de Galicia evita

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

realizar resulta incoherente motivar suficientemente a xustificación para a súa modificación ou substitución, e máis cando de feito a maioría dos aspectos sinalados na exposición de motivos do proxecto de lei xa están incluídos na aprobación do ano 2011 das propias Directrices de ordenación do territorio.

Tanto é así que incluso a Xunta de Galicia ten recoñecido que o modelo de desenvolvemento territorial recollido na Lei de ordenación do territorio vixente na actualidade —esta que se pretende derrogar— e nas Directrices de ordenación do territorio de 2011 é flexible e conta cun percorrido, ou cando se salienta a utilidade de determinados instrumentos de ordenación existente que agora se pretenden eliminar.

Polo tanto, semella que este proxecto de lei puidera ser unha cortina de fume na que agachar a falta de xestión e a incapacidade da Xunta de Galicia nesta cuestión fundamental, resultando evidente a súa ineptitude ante as posibilidades de desenvolvemento aínda vixentes —repito— de cada unha das figuras contempladas na actual Lei de ordenación do territorio.

Resúltanos sorprendente que pola Xunta de Galicia se argumente agora a inutilidade de determinados instrumentos que contén a actual Lei de ordenación do territorio e opte pola súa derrogación, cando foi precisamente o propio Goberno autonómico o que se desentendeu de promovelas, evidenciando a súa propia ineficacia que agora tenta transmutar en obsolescencia do texto lexislativo.

Un proxecto de lei que, pola contra, encobre cambios importantes e concretos e que precisan do corpo legal para poder ser levados á práctica, como a problemática introdución de novas figuras —ao que vostede fixo referencia— e como constituímos proxectos de interese autonómico. Instrumentos novos que se formulan dun xeito distinto ao dos actuais plans e proxectos de incidencia supramunicipal, configurándose como instrumentos de ordenación directa por parte da Xunta de Galicia, que vén posibilitar —e isto é evidente— que se lesione o principio de autoridade municipal, e supón unha ameaza para a totalidade do territorio, calquera que sexa a cualificación do solo, incluso para aquel con protección especial.

Ao tempo que é a constatación da falta de orientación e incapacidade de xestión demostrada nos últimos anos para a planificación estratéxica e ordenación do territorio polo Goberno autonómico, cando agora se promove unha opción que confunde flexibilidade normativa con liberalización e transixencia, e cando xa na actual lexislación urbanística ou industrial existen figuras ás que acudir para posibilitar a implantación de determinados proxectos.

Así mesmo, xa tomada a decisión de realizar un novo texto legal, o proxecto non aproveita a fondo a oportunidade de potenciar cuestións que si aparecen como orientadoras do desenvolvemento sostible, utilización racional e protección do medio e do equilibrio territorial, e que deberían incluír con criterios máis claros a prol da sostibilidade o aforro enerxético, a rexeneración territorial, as actividades de baixo impacto ambiental paisaxístico e sobre recursos territoriais, o medio ambiente ou a paisaxe.

Cuestións todas estas que deberían servir para situar a planificación territorial no novo contexto tecnolóxico e alimentario, facendo fincapé en aspectos esenciais como a saúde e o be-

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nestar, posto que as mencións a estes aspectos resultan meramente expositivas e teóricas, quedando o seu potencial real anulado pola perda de instrumentos operativos que o proxecto de lei anula.

E o proxecto de lei tampouco introduce, como é habitual, ningún tipo de compromiso real nin de obriga futura por parte do Goberno da Xunta de Galicia, cuns obxectivos proclamados que contrastan coa nimiedade do gasto público realmente dedicado ás cuestións relacionadas coa ordenación territorial de Galicia na última década.

Señora conselleira, este texto non parece establecer como principio orientador garantir o dereito á igualdade por parte das persoas con discapacidade a través da promoción da autonomía persoal e da accesibilidade universal, erradicando calquera forma de discriminación ao respecto.

No que se refire á cohesión social e económica e á perspectiva de xénero, non considera elementos esenciais como a interrelación, proximidade e combinación dos usos para facer confluír as catro esferas da vía cotiá: a produtiva, a reprodutiva, a política e a persoal, e outorgarlles o mesmo valor.

A sostibilidade como eixo que, de forma transversal, impregne todo o urbanismo que debe ter coidado do medio, a auga, a enerxía, a contaminación, o solo, os residuos, o medio natural, as zona verdes ou os espazos naturais.

Non emprega o concepto de cidade coidadora como modelo urbano; é dicir, que o espazo urbano, mobilidade, transporte público, accesibilidade, seguridade e equipamento estean en función das persoas e da vida cotiá.

Tampouco garante o dereito da información á cidadanía e dos colectivos afectados, así como tampouco fomenta a participación cidadá en todas as fases, tendo especial coidado en incluír tanto a paridade como a diversidade en todas as súas vertentes.

En canto á participación cidadá, o proceso debería instrumentalizarse mediante plans de participación públicos, que deberían conter unha serie de elementos claros, como a identificación dos axentes sociais e da cidadanía interesada, o resumo das propostas de ordenación máis importantes, a memoria de viabilidade e sostibilidade económica, a metodoloxía de ferramentas de difusión e participación etcétera.

Para rematar, señora conselleira, o Borrador das directrices de ordenación do territorio cremos que debería conxuntamente cos informes e documentos previos que serviron para a súa elaboración ser remitido ao Parlamento de Galicia, para o seu coñecemento. Non se trata simplemente de valorar memorias sobre a avaliación da normativa urbanística e da súa implementación.

E, por último, preocúpanos dunha forma particularmente importante a desaparición no texto do Instituto de Estudos do Territorio. Parece necesario que un organismo que ten prestado

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

—e aquí tense recoñecido en moitas ocasións— un servizo fundamental á ordenación territorial desta comunidade autónoma conte no texto cun apartado específico.

Polo tanto, gustaríanos que todos estes aspectos que acabo de sinalar xunto con outros dos que non teño tempo fosen incluídos nun texto legal, que —repito— consideramos innecesario. Por iso imos solicitarlle a esta cámara a devolución do proxecto de lei ao Goberno de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidente.

O impulso dunha nova Lei de ordenación do territorio debería, en primeiro lugar, vir acompañada loxicamente dunha reflexión sobre as limitacións da lexislación actual, do seu grao de desenvolvemento e da incidencia que tivo despois de vinte e cinco anos da aplicación da primeira e, ademais, única Lei de ordenación do territorio. O lóxico sería —como digo— unha reflexión que xustificase a reforma da lei.

Pola contra, hoxe preséntase aquí unha raquítica avaliación, que se centra unicamente nos procedementos administrativos, pero que pasa por alto as implicacións máis elementais e transcendentais que ten a Lei de ordenación do territorio na planificación territorial.

E isto que vostede fai aquí hoxe pois é o típico caso de miopía contrarreformista. Preséntase a axilidade burocrática como o fundamento da reforma; todo o problema reside unicamente nas rixideces burocráticas, que por outra parte previamente crea a propia administración. Colócase ese problema á fronte, pero pola porta de atrás, no fondo, o que está é a intención de coar toda unha axenda de contrarreformas de gran calado. Isto é o típico caso —como digo— de miopía calculada. E creo que no fondo demostra que é unha covardía política de subir aquí e defender realmente iso que vostedes denominan como «proxectos de interese autonómico», que son en realidade o auténtico leitmotiv desta reforma legal.

Se o problema fundamental, señora conselleira, fose unha cuestión de axilizar os trámites, a Consellería tería tan fácil como dotar de máis persoal e máis recursos as oficinas da Consellería, e xa con iso tería medio problema resolto.

Pero xa que vostedes non van facer ningunha análise da lexislación actual, tócanos facer a nós unha avaliación do seu desenvolvemento. Esta lei do 1995, que aínda está vixente, é unha lei con certa precariedade conceptual, sobre todo no que ten que ver coas políticas de escala subrexional. Pero o que destaca especialmente da aplicación desta lei é o feito de que parte dos instrumentos da planificación que prevé nunca fosen desenvolvidos en vinte e cinco anos de vixencia.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Se facemos unha comparativa cos distintos modelos europeos da ordenación do territorio, observamos que existen algúns países nos que pode ser que haxa unha maior prevalencia da planificación económica, e noutros casos unha maior prevalencia da planificación física, pero sempre cunha certa visión integral. Sen embargo, aquí só se desenvolveron aqueles plans de carácter sectorial. Repasemos:

En vinte e cinco anos tan só se elaboraron unhas únicas Directrices de ordenación do territorio, e para iso tiveron que pasar dezaseis anos, e para acabar ademais sendo meras declaracións de intencións.

En vinte e cinco anos non se desenvolveu nin un só plan de escala subrexional como plan territorial integrado, nin para áreas metropolitanas, ni para comarcas; nada. O único que se desenvolveu foi un Plan de ordenación do litoral, que, por outra parte, é unha demostración da lea conceptual que teñen en canto ao papel de cada instrumento.

En vinte e cinco anos non se desenvolveu nin un só plan de ordenación do medio físico. En vinte e cinco anos non se desenvolveu ningún plan coordinado de adaptación. Fronte a isto desenvolvéronse un total de trescentos noventa e seis proxectos de plans sectoriais de incidencia supramunicipal.

O resultado é que a ordenación do territorio quedou reducida neste país á implantación de actividades e de infraestruturas de forma fragmentaria e mais á preponderancia e á exclusividade dunha visión sectorial que se impón sobre a ordenación integral do territorio. Por tanto, podemos concluír que o problema fundamental da anterior lei é que non estaban previstos mecanismos que obrigasen a crear os instrumentos da planificación que a propia lei establecía. Por iso levamos vinte e cinco anos sen ningún avance na ordenación do territorio no noso país.

Por tanto, partindo desta reflexión, unha chave fundamental para unha reforma legal sería corrixir este aspecto. ¿Que fan na nova reforma legal que plantexan aquí hoxe? Non tocar nada disto, porque o obxectivo precisamente é perpetuar esa eiva. O obxectivo fundamental é que non se desenvolva a planificación do territorio no noso país, porque a vostedes estórballes a planificación do territorio, só lles interesa facilitar a mobilización dos sectores privados.

Nós consideramos que esta é unha das cuestións fundamentais. Por iso dende o BNG presentamos entre as numerosas emendas parciais que presentamos unha específica para que se fixe un horizonte temporal de dez anos, para que neste país teñamos en todo o territorio, en cada ámbito territorial cadanseu plan territorial integrado. E este debería ser un obxectivo estratéxico para calquera goberno que crea realmente nas políticas de planificación.

Eu supoño, señora conselleira, que se o obxectivo do Executivo non é continuar boicoteando a elaboración da planificación subrexional, vostedes non terán ningún tipo de problema en aceptar estas emendas; que se o obxectivo é evitar a fragmentación da planificación estarán dispostos. ¿Está disposta, señora conselleira, a aceptar estas emendas e establecer un horizonte temporal de dez anos para que este país conte con todos os proxectos territoriais integrados para todas as comarcas e áreas metropolitanas? *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Unha nova lei que vén substituír unha lei de hai vinte e cinco anos debe ter tamén como obxectivo dar resposta a unha realidade territorial que mudou substancialmente. Hoxe temos en Galiza un maior desequilibrio territorial entre o litoral e o interior, unha derruba demográfica, o reto de responder á revolución tecnolóxica e ás crises sociais e económicas e culturais que vai conlevar, problemas derivados da difusión da organización, a fragmentación territorial, responder aos retos do cambio climático, incrementar as cotas de participación pública ou integrar unha visión feminista na planificación territorial. Ademais, esta podería ser unha oportunidade para incorporar novos principios cos que se está a traballar na planificación naqueles países cunha maior tradición urbanística e de planificación. Sen embargo, neste proxecto non hai nada disto, non hai ningunha vocación de actualizarse, non hai vontade de prestarse ao interese xeral, tan só o obxectivo de coar pola porta de atrás os proxectos de interese autonómico e poder mediante estes recualificar e reclasificar solo.

Pero, claro, isto daba un pouco de vergoña, facer un copia e pega da anterior lei e engadirlle os proxectos de interese autonómico quedaría un pouco groseiro. E tiveron a xenial idea de facer unha chapuza legal. Primeiro, os instrumentos de ordenación territorial practicamente non os tocan, son os mesmos. Simplemente maquillan un par de nomes, renomeamos os «proxectos de ordenación do medio físico» como «proxectos territoriais especiais», borramos os PCA —que era unha cousa da Lei da comarcalización e que, á parte, vostedes xa hai tempo que iso xa o desbotaron—. Pero digamos que o marco dos instrumentos da lei segue exactamente igual.

Para que non se note que o único que meten son os proxectos de interese autonómico, o que fan é engadir toda unha nova primeira parte a esta lei. É de pura literatura, e teñen un montón de títulos bonitos e interesantes: desenvolvemento territorial sostible, racionalidade territorial, cohesión social, perspectiva de xénero, participación... Un montón de literatura. É toda unha serie de disposicións xerais que non teñen en realidade ningún carácter normativo.

Voulles poñer uns exemplos. Falan de incluír a perspectiva de xénero, pero despois nos instrumentos non aparece a perspectiva de xénero. Falan de incluír a participación cidadá, pero despois nos instrumentos o único que aparece é o habitual trámite de alegacións. Falan de desenvolvemento sostible, pero despois dedícanse a buscar vías para facer trámites simplificados de avaliación ambiental. O capítulo do sistema rural de Galiza, ese directamente pérdese nun misterioso limbo da lei e non volve aparecer nunca máis. E así con toda esa parte de literatura.

Polo tanto, esta lei consta dun primeiro paso de márketing baleiro e dunha segunda parte que é esencialmente igual que a anterior lei, coa única novidade dos proxectos de interese autonómico e a capacidade de clasificar e recualificar o solo.

Polo tanto, imos entrar no que é realmente a cerna desta lei e o que realmente está motivando a súa tramitación. Os proxectos de interese autonómico son proxectos puntuais que non van requirir de ningún plan sectorial; a única condición que deben cumprir son as Directrices de ordenación do territorio. Pero para iso xa se encargan vostedes de que as directrices sexan o máis laxas posible e que non teñan carácter vinculante. Estes proxectos de interese autonómico ademais poden ser desenvolvidos por iniciativa privada. Para a súa aprobación habilítase un trámite exprés no que só é preciso contar cunha declaración de in-

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

terese autonómico, que emitirá o Consello da Xunta, e con iso poderá reclasificarse e recualificarse o solo. E en todo este procedemento, aos concellos afectados dáselles trámite de audiencia pero nula capacidade de determinar nada.

Isto quere dicir que o único instrumento que teñen vontade de desenvolver vostedes consiste nun mecanismo para fomentar a especulación, o pelotazo urbanístico e o espolio dos recursos territoriais deste país. *(Aplausos.)* O único instrumento co que vai operar a ordenación do territorio no noso país consiste en que un operador privado poida impulsar a transformación de solo, por exemplo, non urbanizable para promover calquera actividade só con que sexa declarado de interese autonómico. E chegados, por certo, a este punto xa se perdeu de vista aquela literatura da primeira parte que falaba de sustentabilidade e cohesión social.

Señora conselleira, gustaríame que me respondera: ¿que vai saír desta ruleta rusa da planificación? Por exemplo, unha empresa que pretenda explotar unha mina nalgún punto do noso territorio, ¿podería ter a declaración de interese autonómico por parte do Consello da Xunta, si ou non? Por exemplo, unha universidade privada que pretenda localizarse nun solo no que o plan xeral non llo permita, ¿podería obter a declaración de interese autonómico e recualificar solo, si ou non?

É que o que vostedes plantexan aquí é moi grave. Esta lei supón, de verdade, un enorme perigo para os recursos naturais deste país e que ademais permite darlles un salvoconduto aos especuladores, e especialmente, ademais, a aquelas empresas privadas que están tratando de furar o Estado de benestar na sanidade, na educación, e que o están convertendo nun nicho de negocio nestes tempos de neoliberalismo desenfreado.

A aprobación desta lei coa inclusión deste novo instrumento supón decretar a morte da planificación territorial no noso país. Esta non é unha nova lei, senón que é unha gran contrarreforma que nos leva ao punto cero da ordenación do territorio en Galiza. Por iso esta lei vai contar co noso maior rexeitamento.

Señora conselleira, ¿de verdade defende este mecanismo de espolio e de pelotazo? ¿Que país quere deixarlles ás próximas xeracións, señora conselleira? *(Aplausos.)*

Con este proxecto de lei, ademais, decretan a desaparición do interese público e independizan definitivamente os proxectos de toda planificación. Isto que impulsan non debería levar o nome de instrumento de planificación porque é tan só un mecanismo para lexitimar a arbitrariedade política que van executar as persoas que sentan no Consello da Xunta. E iso que vostedes autodenominan «declaración de interese autonómico» tan só vai ser o seu amparo legal. *(Aplausos.)*

E así, finalmente, o Partido Popular consegue o seu grande obxectivo: todo o poder para o Consello da Xunta e ningún mecanismo de contrapeso, nin normas previas, nin plans xerais, nin criterios mínimos. As persoas que senten no Consello da Xunta van aumentar o seu poder como negociadores e mediadores coas empresas privadas. Esta é, sen dúbida, unha gran lei para ampliar as portas xiratorias. E neste proxecto de lei cobra sentido aquilo que declaraban dende Greenalia cando ficharon a Mato e dicían dela que era un gran valor porque contaba

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cunha contrastada experiencia nos novos modelos de bo goberno. Estes son os seus modelos de bo goberno: deixan o resto de instrumentos en situación de inoperatividade e activan un mecanismo de espolio e pelotazo exprés. Deberíalles caer a cara de vergoña presentando este proxecto de lei, que a única ambición que ten é a de converter a aqueles que sentan no Consello da Xunta nos conseguidores das grandes empresas. A vostedes este país dálles exactamente igual. *(Aplausos.)*

E remato xa. Como ven centrei a miña intervención nos proxectos de interese autonómico, porque son o cabalo de Troia da ordenación do territorio, porque é gravísimo o que vostedes pretenden aprobar nesta lei, poderiamos falar longo e tendido do resto da lei, da parte literaria —esa que parece un pouco o Frankenstein conceptual— ou quizais unha suma de termos de moda que se poñen aí porque hai que inflar a lei para camuflar e sobre todo para despistar a atención dos proxectos de interese autonómico, e que vostede poida vir aquí hoxe cubrir o expediente.

Tamén poderiamos falar das distintas arquitecturas para articular os instrumentos de planificación territorial que serían acaídos para o noso país. Pero quizais falar de todas as cousas sería darlles a oportunidade de que subisen aquí e non falasen dos proxectos de interese autonómico. Señora conselleira, suba aquí e respóndanos e explíquenos como eses proxectos de interese autonómico van mellorar o noso país. E, sobre todo, a pregunta máis intrigante: ¿como van dar resposta os proxectos de interese autonómico a toda aquela literatura da primeira parte? Ese é o gran misterio. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Gómez.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo non emendante. Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Bo día, conselleira, e moitas grazas pola explicación da lei e por traela.

Gustaríame empezar destacando a importancia da ordenación do territorio para calquera sociedade, pero dun xeito especial para Galicia, onde o territorio e a paisaxe son elementos clave de país. Esta lei establece os criterios xerais para ordenar as actividades sobre o solo —que quero recordar que é un ben limitado e moi sensible— para facer un desenvolvemento sostible, equilibrado e salvagardando os valores naturais. Conceptos que impregnan a totalidade da lei desde a exposición de motivos ata as disposicións finais, completamente en todos os artigos.

Gustaríame tamén felicitala porque —como dicía— se pecha a renovación destes textos lexislativos, e ademais culmínase eu creo que esa ordenación urbanística actualizando e modernizando as leis obsoletas e as que faltaban.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O coidado da paisaxe sempre foi un dos aspectos centrais das políticas dos gobernos de Feijóo, pero neste momento é un dos catro grandes eixos da estratexia de Galicia cara ao 2020-2030, é a Galicia verde, en sintonía coas políticas europeas e mundiais. Son especialmente importantes e transcendentes para Feijóo todos os aspectos relacionados con esta ordenación do territorio e a Galicia verde. Esta lei persegue estes obxectivos en relación e en consonancia cos obxectivos de desenvolvemento sostible das Nacións Unidas, pero tamén co Pacto verde europeo, co reto mundial contra a cambio climático, como expresamente —parece que lemos leis distintas— se pon no articulado desta lei.

A sociedade mudou moito nestes vinte e cinco anos de lei, pero se hai un tema que eu creo que mudou especialmente é o da demanda que a sociedade nos fai sobre os requirimentos pola preocupación contra a cambio climático o e os temas ambientais. Creo que isto só, só isto —á parte de todas as cousas que seguirei dicindo—, xustifica a actualización desta lei. Só adecuar a lei a esta política, a este compromiso verde de Galicia e da sociedade galega, creo que o xustifica dabondo; ademais de facer —como dicía— unha normativa máis útil, máis práctica e eficiente, porque esa simplificación administrativa tamén é importante, é unha demanda importante para ter unha mellor coordinación e planificación integral do noso territorio.

A lei —sería outra das razóns que xustificaría tamén o cambio— atende aos principios de igualdade de xénero, de igualdade entre homes e mulleres, e expresamente así o define: «...avanzando cara a unha cidade coidadora» —si, señor Álvarez—, cara a unha cidade coidadora na que os elementos deben atender as persoas e a súa diversidade. Fálase expresamente tamén da diversidade, e tamén da accesibilidade. A perspectiva de xénero aporta a visión de que o territorio, as cidades e a forma en que ordenamos a paisaxe deben perseguir a idea de xerar espazos sostibles medioambientalmente, accesibles humanamente, para mellorar deste xeito a calidade de vida da nosa sociedade en toda a súa complexidade, en todas as súas vertentes.

Polo tanto, parabéns, conselleira, por incorporar estas —eu creo— demandas sociais, estas —eu creo— respostas que nos demanda conxuntamente a sociedade. E creo que calquera delas xustifica esta actualización.

Pero tamén, a respecto doutras cousas, diciamos que se integra todo o procedemento ambiental nunha tramitación do instrumento —tamén outra razón suficiente para esta actualización—. Pero, ademais, refórzase o control ambiental e mellórase ese control ambiental —tamén outra xustificación para traer esta lei—. Establécese un único procedemento para todos os documentos de ordenación do territorio, intégranse nun único procedemento coa modificación do planeamento.

Polo tanto, eu creo que son razóns máis que dabondo para traer esta modificación e, polo tanto, creo que ten pouco sentido —logo falaremos das emendas en concreto— traer estas emendas á totalidade. A oposición, evidentemente, non podía deixar de utilizar este momento para vir cos seus mantras e cos seus relatos inventados, e, evidentemente, tiña que traelas. Pero, eu teño a impresión —despois de escoitalos, señor Álvarez e señora Fernández— de que ou lemos textos distintos ou é que descoñecen a lei actual. ¡Porque a verdade

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que algunha das cousas...! Vou intentar desgranar algúns destes temas. Por certo, a ver se podo pararme en todo o que apuntaron.

Dicían que se eliminan os plans coordinados de actuación e os plans de ordenación do medio físico. Pois si, como fan o resto de comunidades autónomas coas últimas leis. Porque noutra lexislación autonómica, ou, por exemplo, nas leis ambientais de protección de espazos naturais ou da paisaxe, temos xa documentos que permiten facer isto, como son os plans de ordenación dos recursos naturais e os PRUX. Podemos perfectamente facer desde esas leis estes documentos. Igualmente, a propia lei tamén permite aos plans territoriais especiais facer este tipo de documentos. Entón, non fai falla seguir tendo figuras cando temos as doutras leis e se están desenvolvendo, ademais, desde a Consellería de Medio Ambiente.

Falan dos programas coordinados de actuación. Miren, son documentos de carácter simplemente investidor e administrativo, non de planificación do territorio. Por iso están eliminándose das leis de ordenación do territorio xeneralizadamente. Pero ademais esta lei inclúe en todos os documentos memorias económicas con plans, fases e programacións. Iso é incorporar de verdade aos plans coordinados de actuación os investimentos e as fases dentro do propio documento —outra mellora da lei—.

Din que non se respecta a autonomía municipal. Eu aquí o único que podo entender é que non coñecen a lei actual, porque niso non se modifica absolutamente para nada. Ao contrario, aquí o que se está tratando de facer é unha lei máis eficiente, máis eficaz, que o que fai é minimizar as cargas sobre os concellos e sobre os recursos públicos.

Vamos ver, ¿que di a lei de hoxe? Primeiro vamos aclarar unha cousa. Todas as leis de ordenación do territorio de todas as cores, de todos os gobernos, impóñense sobre as leis urbanísticas, este é o concepto. ¡Todas! Non hai ningunha —díganme unha— que non sexa así. Todas, de todas as cores, sexa do PSOE, de nacionalistas, independentistas..., ¡todas! Ademais, todas estas leis din o mesmo, din que se aprobe o proxecto sectorial e que logo ese proxecto... A lei actual dicía: <<...e logo xa actualizará o plan xeral o concello>>. ¿Que pasou nestes anos? Que os concellos non tiñan ningún interese en actualizar eses documentos porque xa daban as licenzas e informaban co plan sectorial ou co proxecto sectorial. Entón, excepto os técnicos do propio concello, a xente de fóra quedaba en indefensión.

¿Que di este documento? Que se poden e se deben tramitar paralelamente, de tal xeito que o órgano promotor faga tamén o traballo que se lle pedía antes ao concello. Pero xa se impoñía sobre os concellos, con esta lei e con todas as de ordenación do territorio. E xa facían eses cambios calquera das leis que se coñecen en España. Polo tanto, creo que non hai cambios nese aspecto e, evidentemente, debemos recordar que estes cambios van ir só nos ámbitos que teñen que ver co proxecto, co documento territorial.

Pero permítanme tamén recordarlles unha cousa. Porque, claro, cando aquí oímos estas cousas... A maior parte destes proxectos sectoriais dos que falan son en desenvolvemento de plans sectoriais, como o de solos industriais, ou ben por demanda expresa dos concellos, que non son capaces de desenvolver actividades, equipamentos ou polígonos industriais, e que lle piden á Xunta, como non son capaces de facer as cousas urbanísticas, que lles faga o

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

traballo que non son capaces de facer. Pídeno eles. Agora mesmo, o meu concello, o da Coruña, está pedindo dous proxectos sectoriais: a Cidade das TIC —pídelle á Xunta, por favor, que lle faga a Cidade das TIC— e o novo CHUAC. Logo falaremos dos PIA, dos Plans de interese autonómico, pero ¿como cren que se fixo Montecelo —ou que se vai facer—? Non pola modificación do plan, que leva trinta anos en Pontevedra —desde 1990—sen modificarse, ¡trinta anos!, antes de que chegara o BNG —que, por certo, está collendo un plan doutras cores—. ¿Por que non fixeron en trinta anos unha modificación para poder facer Montecelo? ¡Non, que veña a Xunta e que faga un deses proxectos sectoriais que tanto lles molestan!

E por último, señor Álvarez, claro que temos que falar de Vigo, ¡claro que temos que falar de Vigo! Porque o último que se aprobou foi o Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo —en abril deste ano—, porque, se non, Vigo —que non ten plan xeral— estaría sen o parque tecnolóxico. Isto é o que non lle contan á xente: que os concellos onde gobernan son os primeiros que piden que se fagan estes documentos, porque non son capaces de xestionar e de levar as súas propias competencias.

Pero, claro, a señora Fernández paréceme que xestionou pouco, que coñece pouco a xestión —perdoe que llo diga—, porque todo o discurso vai contra a creación do que chaman a nova figura dos PIA, dos Proxectos de interese autonómico. Mire, todo o que vai poder facerse cos PIA xa se estaba facendo co proxecto sectorial non previsto, ¡todo! Ou ¿como cre que se fixo o polígono de Carballo, concello gobernado polo BNG? ¿Como o fixemos? ¡Cun proxecto sectorial! ¿Como fixemos os hospitais? ¿Como fixemos todos estes grandes equipamentos en Galicia? Grazas a que temos esta ferramenta. Pero, claro, a hipocrisía xeral é que, cando gobernaba o Bipartito, o utilizou proporcionalmente moitas máis veces que os gobernos do Partido Popular. *(Aplausos.)* Iso é hipocrisía. E son ferramentas perfectamente útiles. Por certo, que non só están recollidas na lei, senón que, e pode ler a determinación excluínte 10.1.2 das propias directrices, están previstas nas propias directrices porque, evidentemente, ninguén pode prever todo o que pode aparecer con tantos anos de anticipación.

Pero, ademais, isto cae todo polos solos, é dicir, toda a argumentación era porque se incorporaban os proxectos de interese autonómico, que —xa digo— non é nada novo, existen en todas as comunidades autónomas e existen tamén en Galicia, que estamos tramitando. Leu antes o informe —non sei cal dos dous— de todos os que se tramitaron estes anos, tamén durante o BNG.

Pero, ademais, por seguir con cousas, dicían que desaparece o Instituto de Estudos do Territorio. É verdade que non aparece nesta lei, porque estaba regulado na Lei 6/2007, e elimínase todo menos o capítulo III. Lea a disposición derrogatoria. Segue vixente o Instituto do Territorio. Tecnicamente —pero isto non é de debate á totalidade— podemos falar, e así o fixemos nunha emenda parcial, de traelo daquela Lei 6/2007 a esta. Ben, pero estas non son cousas dun debate á totalidade.

Mire: falan do fracaso da lei. Pero unhas Directrices de ordenación do territorio feitas; un POL con premios de Nacións Unidas —ademais os dous feitos holística e transversalmente como piden—; varios plans sectoriais para moitos dos sectores estratéxicos, dos que se de-

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

senvolven logo os proxectos sectoriais, e ducias de proxectos sectoriais que usaron e que se usaron para facer estes grandes equipamentos, as grandes infraestruturas e os grandes servizos para estes concellos. E teño que corrixirlles unha cousa, ¡eh!, señor Álvarez —xa sabe que non me gusta...— pero o Bipartito nisto fixo cero.

Sendo conselleiro de Política Territorial Alberto Núñez Feijóo, e eu era o director xeral de Ordenación do Territorio, fixemos non só un documento de hipótese senón a aprobación inicial das DOT. En catro anos de Bipartito, nisto que era tan importante e son tan bos xestores, non fixeron nada. Tivo que chegar Alberto Núñez Feijóo e aprobar as directrices no 2011. E, por certo, señora Fernández, foi un traballo que tiven a honra logo xa na universidade de coordinar con xente de todos os ámbitos e especialidades e de todas as cores, e chegamos a un documento de consenso que hoxe está vixente.

Pero non só isto, o Plan de ordenación do litoral tamén lles quedou en trámite e neses catro anos de tanta boa xestión e tan importante que é para vostedes non o fixeron, e tivo que chegar Alberto Núñez Feijóo e aprobalo posteriormente no 2011.

¿Que foi o que fixo de todos eses grandes plans o Bipartito? Cero.

Pero vou dicirlles que vostedes intentaron unha cousa: un plan de vivenda, que conseguiu a unanimidade: toda Galicia, incluído o BNG e o PSOE, estaba en contra dese plan porque se fixo sen diálogo e sen participación. Polo tanto, creo que hai que ser un pouco máis modestos e ser un pouco máis responsables.

É unha pena porque teño tantas cousas, pero vou rematar, porque por desgraza non teño máis tempo. Traen dúas emendas que eu creo que non son á totalidade, sinceramente. Tiñan que buscar unha xustificación para vir aquí largar o seu discurso. O PSOE leu unha restra de leis urbanísticas para intentar xustificar. O BNG empezou a falar de emendas parciais, porque non son á totalidade; falou das súas emendas e preguntoulle á conselleira. Teremos tempo de falar das emendas parciais. Pero cometen neste postureo eu creo que dous grandes erros: primeiro,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...—remato xa, presidente— que a xente non cre estes discursos, porque non os cren como acabamos de velo; sigan vostedes imaxinando con ese relato. E segundo, a incongruencia da esquerda, pois onde gobernan fan leis como estas, cópiannos as leis de promoción e de actividade económica, e non teñen coherencia e utilízanas máis que os gobernos populares.

Polo tanto, eu creo que remato dicindo que votaremos en contra destas dúas emendas. Esperamos outra postura máis construtiva cando falemos das emendas parciais e esperamos que deixen eses intereses partidistas e os relatos falaces, e poidamos falar de verdade da lei e do que significa, e non dos seus discursos e ensoñacións.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Réplica dos grupos emendantes.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Fernández Prado, dous puntos:

Parecía vostede francamente estar recitando unha ladaíña do rosario de tantas veces como citou o señor Feijóo. Só lle faltou dicir: «Señor Feijóo, *ora pro nobis, protégenos*». *(Risos.) (Aplausos.)* Señor Fernández Prado, eu podo entender que o afamado tándem Núñez Feijóo-Fernández Prado na súa época na consellería fixeran grandes cousas, e que vostede as considere aínda máis grandes. Pero, de verdade, a protección, o interese pola paisaxe demostrada polo señor Núñez Feijóo desde a aprobación da Lei 7/2008, da protección da paisaxe, ata a publicación do Decreto 96/2020, de regulamento desa lei, revelan cando menos —déixenme calcular: 2020 menos 2008— doce anos de despreocupación pola paisaxe. ¿Non tiveron tempo vostedes en doce anos de facer un decreto para regular a protección da paisaxe?

Mire: francamente, hai cousas que deberan estar fóra desa viaxe á moderación e ao centro recentemente emprendida polo Partido Popular cando nos fala de postureo tanto do BNG como do PSdeG para presentar emendas. Con independencia de que poida vostede estar en absoluto desacordo lexitimamente con todo canto dicimos, creo que hai determinados termos que non deberan ser empregados para cualificar a posición de ningún grupo político. *(Aplausos.)*

En todo caso, sabe vostede que sabemos o que son os plans de incidencia supramunicipal e tamén sabemos ata onde chega a diferenza entre estes e os proxectos de interese autonómico.

Dixo a señora conselleira na súa intervención que era unha lei que tiña xa vinte e cinco anos, que se pretendía facer un texto máis sinxelo, actualizado e eficiente, coas máximas garantías de actuación, un desenvolvemento equilibrado para a nosa comunidade autónoma e que simplifica e axiliza a tramitación urbanística. Ben, nese sentido, ¿que lle vou dicir? Xa era hora, ¿non?, se se consegue este obxectivo. Pero despois direi por que dubido de que ese obxectivo se poida conseguir con esta normativa.

En todo caso, dixo vostede que se pretendía que ningún concello da comunidade autónoma estivese sen un plan xeral de ordenación municipal. ¡Oxalá!, ¡oxalá se consiga! Visto o éxito acumulado ata este momento do desenvolvemento da lei do 2016, co número de plans aprobados e os que están en elaboración, permítame que semente unha sombra de dúbida sobre ese éxito, que oxalá se consiga.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E dicía vostede que as Directrices de ordenación do territorio non presentan avaliacións. Evidentemente, é un instrumento eficaz, é un instrumento válido, é un instrumento que foi perdendo relativamente impulso co avance dos anos, pero en todo caso dentro desta norma vanse facer cousas que non creo que ao final se poidan facer conforme o que está previsto.

Hai un fracaso evidente na planificación das DOT e a súa implementación nos plans xerais de ordenación municipal dende o ano 2011. A propia lei ten percorrido na ordenación do territorio e vaime permitir, e tamén falando directamente co señor Fernández Prado, porque sei que ten experiencia tanto na xestión no Goberno da Xunta de Galicia, como director xeral, como concelleiro nunha cidade moi importante desta comunidade autónoma, que sabe perfectamente —e el sabe que eu tamén sei— que a experiencia demostra que a verdadeira complexidade no desenvolvemento urbanístico está no campo legal, sempre. Non está no deseño das directrices, nin moito menos nos instrumentos técnicos. Creo que, en xeral, nas grandes cidades e concellos tamén grandes, a estrutura básica, con matices, das concellerías de Urbanismo vén sendo un servizo de arquitectura, un servizo de licenzas e un servizo de urbanismo, e deles a maior parte, evidentemente, de connotación xurídica.

Polo tanto, non é un problema técnico, é un problema de planificación, que cremos francamente que non se dá na normativa. Cremos que á hora de desenvolver esta nova normativa non se ten calibrado o impacto dunha nova lei, que vai operar precisamente —cremos—, e a historia futura dirá —isto de historia futura, perdóeme, señora conselleira, que o diga tendo en conta a súa formación— se este obxectivo se chega a acadar ou non se chega a acadar, porque me parece a min que esa simplificación que se pretende con esta nova lei vai sumir nun certo caos dende o punto de vista de cumprimento da normativa, e a posible colisión desta nova norma, que sen dúbida se aprobará, co resto da normativa urbanística que temos no resto da comunidade autónoma.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Señor Prado, estamos de acordo en que é necesario pasar a ordenar o territorio na escala supramunicipal, que os procesos de urbanización hoxe en día requiren de traballar nesa escala, pero é que para iso están os plans territoriais integrados. Levan vinte e cinco anos e o resultado é cero plans territoriais integrados desenvolvidos. *(Aplausos.)*

Comparémonos con Euskadi, que, pola contra, ten plans territoriais para todos os ámbitos da totalidade do seu territorio. ¿Por que Euskadi pode telos e Galiza non? ¿Cal é a diferenza, xa que as competencias son as mesmas? A cuestión é que o problema do Partido Popular non é un problema de competencias, senón de pura incompetencia, que ese é o seu problema. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E estamos de acordo en que eses proxectos de interese autonómico poden ser positivos sempre e cando vaian asociados a unha planificación previa, pero é que vostedes o que fan neste caso é separalos de calquera tipo de planificación. Estamos de acordo en que poden ser interesantes para facer infraestruturas públicas, pero é que o que vostedes propoñen con este proxecto de interese autonómico é permitirlles aos operadores privados que especulen co solo e que utilicen os recursos naturais sen ningún tipo de criterio.

Insistimos, polo tanto, no noso rexeitamento a este proxecto de lei, especialmente polos proxectos de interese autonómico, tal e como se definen, pero tamén en xeral pola falta de respostas, tanto ás eivas que temos da lexislación anterior como á falta de capacidade de responder a retos de futuro.

E vostede falaba aquí de que estabamos falando das emendas parciais. Claro que falamos das emendas parciais, claro que falamos das emendas que presentamos, porque as emendas que presentamos non só teñen un carácter de oposición a esta lei, senón que tamén teñen un carácter propositivo, de pensar cal é a ordenación do territorio que precisa a Galiza do 2020.

E eu quero sinalar aquí cando menos catro cuestións que nos parecen as máis estruturais:

En primeiro lugar, é necesario reformular o papel das Directrices de ordenación do territorio. A principal eiva que nos atopamos durante os nove anos que levan aprobadas as directrices é que a pesar de que son un instrumento que se sitúa na cúspide da pirámide do sistema ordenador, que é o marco base ao que queda supeditado despois o resto de instrumentos, na práctica non tivo capacidade de incidir e operar sobre a planificación. Porque se despois non se aproban os plans que xerarquicamente están nun peldaño inferior, as directrices quedan reducidas a un libro explicativo sen aplicación real. Polo tanto, unha reforma legal debería orientarse a corrixir esta situación.

Presentamos as seguintes cuestións: que as DOT deben ter capacidade de planificar de forma propositiva, de establecer obxectivos temporais; que as directrices deben definir e delimitar os ámbitos supramunicipais, preferentemente de tipo metropolitano e comarcal, en que se divide e se articule a totalidade do territorio, e que sexan desenvolvidas nun prazo máximo de dez anos mediante plans territoriais integrados. Ademais, para evitar a visión fragmentada do territorio, as directrices deben establecer para cada ámbito unha serie de obxectivos específicos, baseados nos obxectivos xerais en clave de país, porque debe existir unha relación vertical entre os obxectivos de país e os obxectivos dunha comarca ou dunha área metropolitana.

En segundo lugar, cremos que é necesaria unha nova arquitectura dos instrumentos de planificación. Esta lexislación da ordenación do territorio pertence aos modelos que organizan por debaixo das directrices dous tipos de plans fundamentais: os plans de escala subrexional e os plans sectoriais. Poderiamos debater tamén longo e tendido se esta é a mellor fórmula ou sería máis apropiado avanzar cara a outros modelos de maior integración coas cuestións urbanísticas e paisaxísticas, pero isto daría para un debate máis longo.

Asumindo o marco que se establece aquí dos plans de escala e dos sectoriais, a cuestión fundamental é a forma en como se relacionan de forma horizontal estes dous tipos de plan, e que ao final definen a preponderancia dunha visión do territorio ou outra.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Está claro que vostedes apostan pola preponderancia dos plans sectoriais pola vía dos feitos consumados, aínda que despois legalmente ambos os plans estean situados no mesmo nivel. Nós entendemos que, ao contrario, deben ser os plans de escala subrexional os que deben ser os elementos preponderantes, porque son os que teñen un carácter integral das cuestións sociais, económicas, ambientais e culturas para un mesmo ámbito. Son os que teñen a capacidade de ter unha visión poliédrica, das oportunidades de actuación, das necesidades sociais, dos recursos endóxenos e dos problemas para solventar.

Pola contra, os plans sectoriais teñen efectivamente algúns puntos positivos, como a capacidade de incentivar e ordenar actividades. Tamén teñen a capacidade de poñer límites ecolóxicos, aínda que non os queiran utilizar. Pero, sobre todo, os plans sectoriais teñen o risco de que conteñen unha visión fragmentada dunha actividade. E se non se poñen criterios de vinculación entre os plans sectoriais e os plans de escala subrexional, estes rematan por operar á marxe das necesidades do conxunto da sociedade. Por iso propomos que os plans sectoriais deben ter carácter preparatorio para os plans territoriais integrados e que o peso fundamental da aplicación recaia sobre os plans territoriais integrados, que deben ser os que deben acoller esas directrices estratéxicas dos plans sectoriais.

Por último, cremos que tamén é necesaria a creación dunha nova figura para poder gobernar nós o noso territorio: os plans con incidencia na planificación territorial. Creo que podemos estar de acordo en que existe unha disfunción entre as competencias de ordenación do territorio, que son exclusivas do Goberno galego, e a capacidade real que despois temos para definir os proxectos de infraestruturas, equipamentos e servizos que teñen incidencia no noso territorio.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Polo tanto —acabo xa—, o que propomos é a creación dun novo tipo de plan para resolver esta disfunción respecto das competencias que ten o Estado no noso país. Pedimos a creación dun plan con incidencia na planificación territorial, no que a Consellería poderá planificar cuestións como a rede viaria no seu conxunto, as de competencia galega pero tamén as de competencia estatal, a rede ferroviaria no seu conxunto, os aeroportos, os portos, os centros loxísticos, que poidamos definir dende Galiza as pezas fundamentais para a ordenación do territorio. E que cando os órganos da Administración do Estado, no exercicio das súas competencias, queiran levar a cabo actuacións no territorio galego, deban contar cun informe favorable da consellería competente, e que no caso de que haxa discrepancias deba buscarse o acordo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Eu creo que se vostedes están a favor de que poidamos decidir os galegos como ordenamos as nosas infraestruturas e servizos, supoño que aceptarán as nosas emendas.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Gómez.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate destes textos lexislativos, procedemos á votación.

Comezamos cunha votación conxunta das emendas á totalidade de devolución presentadas ao Proxecto de lei de pesca continental de Galicia. Votamos en concreto a emenda do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación das emendas á totalidade de devolución dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de pesca continental de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas á totalidade.

O señor PRESIDENTE: O proxecto de lei continúa o seu trámite parlamentario.

Votamos agora tamén, de xeito conxunto, as emendas presentadas ao Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia, emenda do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación das emendas á totalidade de devolución dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas á totalidade.

O señor PRESIDENTE: Este proxecto de lei tamén continúa o seu trámite parlamentario.

Remataron aquí as votacións.

Modificación no desenvolvemento da orde do día

O señor PRESIDENTE: Continuamos cunha alteración da orde do día; neste caso é unha moción, cando non correspondería, pero debatémola así para ordenar un pouco os tempos parlamentarios; se non, non acabariamos hoxe.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno para garantir a asistencia sanitaria á cidadanía

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

No pasado pleno o BNG interpelaba o conselleiro de Sanidade para que nos dixera en que condicións está a sanidade pública galega para atender as necesidades sanitarias dos galegos e das galegas, as habituais e as derivadas da covid e tamén as previsibles por enfermidades respiratorias propias da época invernal que estamos empezando.

Queriamos saber, ao igual que os profesionais, igual que a poboación, cal é o plan de continxencias que ten preparado a Xunta de Galicia para garantir esa asistencia sanitaria. A resposta á pandemia non pode estar baseada en incrementar as restricións de acceso á asistencia, ao sistema público, porque supón un claro risco para a saúde e a poboación. Esta situación de ter baixo mínimos o sistema sanitario pode levarnos a un problema de saúde colectiva, de cronificación de patoloxías e de atencións tardías.

Cada día son máis as voces que están alertando sobre o grave problema de mortalidade e morbilidade pola suspensión ou atraso de consultas, pola suspensión de probas diagnósticas, de intervencións, de cirurxías ou de tratamentos. E a resposta que está a dar a Xunta está centrada en medidas restritivas, direccionadas fundamentalmente cara á responsabilidade individual, á criminalización de determinados colectivos como responsables dos contaxios. E a pregunta que nos facemos o BNG, igual que moitos miles de galegos e de galegas, é: ¿onde están as medidas que lle corresponde efectivizar ao Goberno? E ¿que medidas toma a Xunta do Partido Popular para fortalecer a sanidade pública como chave na loita contra a pandemia?

Por iso hoxe traemos aquí esta moción, que deriva da interpelación do pleno pasado, unha moción que demanda anticipación, ir por diante, ter unha posición proactiva e non reactiva, e demanda tomar medidas, tomar decisións para solucionar os problemas actuais, os graves problemas cos que se están encontrando os galegos e galegas para acceder á asistencia sanitaria; medidas para aumentar o número de profesionais e a súa protección; medidas para reactivar de inmediato a atención presencial en atención primaria e rematar con esas ringleiras de persoas para acceder aos centros de saúde e coas demoras para ser atendidos telefonicamente, e demoras que, dende logo, consideramos inaceptábeis de semanas para acceder a consultas presenciais; polo tanto, tamén medidas propostas para rematar coas colas físicas e para rematar coas colas telemáticas e telefónicas.

E o primeiro punto da moción que presenta hoxe o BNG o que demanda é presentar de inmediato no Parlamento galego o plan de continxencias. No pleno pasado o conselleiro dixo que aínda o estaban elaborando, e estabamos a aquela altura a finais do mes de outubro, e

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o conselleiro dixo que estaban elaborando aínda o plan de continxencias. Parécenos que, nunha situación excepcional como a que estamos vivindo e despois de oito meses de pandemia, o máis normal sería que ese plan de continxencias para abordar a sobreexposición de problemas habituais, de problemas covid e de problemas respiratorios debería estar elaborado.

Por iso demandamos que de inmediato se presente ese plan de continxencias, porque agora máis que nunca é preciso garantir que a sanidade pública teña os recursos axeitados e os profesionais precisos para poder responder aos desafíos actuais e tamén aos futuros. Parece máis que evidente a necesidade dese plan de continxencias que contemple as necesidades de contratación de persoal e para atender —como dicía— a atención habitual, os brotes de gripe e as enfermidades respiratorias, que contemple as necesidades de persoal e de medios para a atención sanitaria ordinaria e a extraordinaria.

E non é posible —e dígoo todo o alto e claro que podo— atender toda a demanda sanitaria sen aumentar os medios, e a alternativa non pode ser pretender baixar esa atención, deixar en suspenso o resto das patoloxías. E é preciso pois ese plan que garanta esa atención sanitaria á poboación. E non se pode dar resposta á pandemia sen unha boa asistencia sanitaria e non se pode garantir esa asistencia sanitaria sen o persoal preciso tanto na atención primaria como na hospitalaria.

E o segundo punto que demandamos é proceder de inmediato a subsanar os déficits de persoal —parece do máis lóxico— e a contratación urxente de todos os profesionais precisos para ter todos os servizos dimensionados para cando sexa necesario atender toda esa demanda. Non se pode seguir agardando a ter o problema, a que estean colapsados os servizos, a que xa haxa unha presión asistencial moi elevada para empezar a contratar persoal e para ter os dispositivos a punto. Hai que actuar con antelación, porque, dende logo, nós cremos que non vale de nada facerse trampas ao solitario, e vemos como o Sergas e o Partido Popular se fan trampas ao solitario.

E un exemplo é dicir estes días nos medios de comunicación que van contratar 750 novos profesionais de enfermería; e falo de enfermería pero podería falar de calquera outra categoría. ¿E que di o colectivo de Enfermeiras en Loita respecto diso? Pois di que este plan de continxencias, baseado na contratación de 750 enfermeiras, non é máis que unha burda e simple maquillaxe; que esas 750 enfermeiras non son outras que as contratadas, que finalizan as ditas vinculacións a 30 de novembro. É dicir, que sae a Xunta de Galiza, o Sergas, dicir que vai contratar 750 novas enfermeiras, que son as que cesan o 30 de novembro e que logo vai contratar en decembro. Eu, dende logo, o que lles pido hoxe aquí é que deixen de facerse trampas, de intentar enganar os galegos e as galegas e actuar e adiantarse, e que acepten esta moción que presenta o BNG, onde demandamos contratar o persoal de inmediato.

Demandamos rematar coa política de precariedade e explotación na contratación, ofertando contratos dignos. Estamos continuamente vendo como hai moitos profesionais que están sendo contratados na sanidade privada, outros moitos que marchan fóra de Galiza —ben sexa a outras partes do Estado ou a outras partes da Unión Europea— pola política de contratación, de precariedade que lles oferta o Sergas.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O mesmo colectivo de Enfermeiras en Loita fixo unha enquisa para saber cal é a xestión da contratación nas enfermeiras. Teñen que facer enquisas porque o Sergas, a Xunta en xeral, ten un nivel de opacidade respecto da súa actuación que realmente é digno de que o fixeran mirar. Pois fixeron unha enquisa para saber cal era esa situación e deulles este resultado: que desde o 1 de marzo o 30 % destas enfermeiras realizou máis de dez contratos, o 55 % traballou en máis de cinco servizos distintos e o 79 % foron chamadas con menos de dous días de antelación. Se isto non é precariedade, se isto non é unha contratación que fai que calquera que teña calquera outra oportunidade saia correndo, pois mo deberían explicar.

No cuarto punto o que demandamos é limitar os riscos de contaxio das traballadoras e traballadores, facilitándolles a protección que necesitan. Non é de recibo que, a esta altura, na segunda onda da pandemia, teñan que seguir demandando protección con máscaras FPP2 para a atención directa ás persoas que se achegan tanto aos centros de saúde como aos hospitais. E desa falta de protección son eses gromos que están xurdindo, ben en servizos de hospitais ou ben centros de saúde, que non terían por que estarse producindo.

Demandamos tamén activar a atención presencial en atención primaria para dar resposta a esas demandas da poboación. Dende logo, quedamos no BNG moi preocupados, moi preocupadas cando hai uns días nunha entrevista nun medio de comunicación o conselleiro recoñecía que soamente entre o 25 % e o 30 % da atención primaria é atención presencial. Estes datos dende logo non poden seguir nesta dimensión. Hai que rematar con esas ringleiras de persoas facendo cola no centro de saúde e esa incapacidade para atender telefonicamente. Por iso tamén demandamos garantir a atención telefónica sen demoras, co aumento e mellora da rede, dotación do número de profesionais precisos para responder a este aumento exponencial da demanda.

A accesibilidade e a continuidade asistencial é máis precisa ca nunca e a característica fundamental da atención primaria é a accesibilidade e a proximidade, e, dende logo, o contacto e a relación entre médicos e doentes é básico en atención primaria, e neste momento non está garantido, e con iso non está garantida unha boa atención sanitaria.

Demandamos tamén poñer en marcha un plan de rastrexos. Non sabemos por que se seguen negando a dicir cal é a situación do plan de rastrexos e mañá preguntarémoslle ao conselleiro pola situación.

Informar no Parlamento pola situación da campaña da gripe. Este ano a Xunta fixo unha campaña inmensa, empezando polo propio presidente da Xunta, o conselleiro, altos cargos..., pedíndolle á poboación que fora vacinarse e encontrámonos con que aos poucos días de iniciarse esa campaña da gripe xa non había doses suficientes para vacinar nin sequera os grupos diana, os grupos de máis risco. Queremos saber cal é a situación e se están en condicións de garantir esa vacinación como mínimo para os grupos de risco.

E tamén, para rematar, asistimos con bastante estupor á campaña que lanzou a Xunta de Galiza, a bombo e prato, na que publicitaba miles de tests rápidos que se podían facer en farmacias da provincia de Ourense, para determinar se eran positivos ou non de coronavi-

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

rus. Optouse por centros privados na vez de fortalecer a atención primaria. Mais tan grave como iso foi o feito de que simplemente fora unha medida para o telexornal, non para proporcionar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...solucións á poboación, porque a inmensa maioría destes tests caducaban nuns días; ou sexa, foi unha medida publicitaria e non unha medida para actuar.

Polo tanto, esta é a moción que presenta hoxe aquí o Bloque Nacionalista Galego e agardamos o voto favorable dos outros dous grupos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día, case mediodía xa.

Esta moción do BNG, unha moción ampla con numerosos puntos diversos, que impiden profundar a verdade en cada un deles, é unha moción un pouco como un prato combinado: rastrexadores, a gripe, os tests rápidos, atención primaria presencial, atención primaria telefónica, a protección dos traballadores, a precariedade laboral... Nós imos votar a favor porque cremos que recolle este fío de situacións máis ben unha recompilación das novas máis recentes, porque ao final o problema que temos —e isto si que é un elemento que esta iniciativa apunta ben— é que vivimos nunha situación moi confusa na organización do sistema.

Temos un sistema sanitario en xeral neste país que funciona —como todos temos dito moitas veces— ben e ten uns grandísimos profesionais. Pero debemos de superar o elemento de quedar tan contentos dicindo que está moi ben porque estivo moi ben; non por ter tido razón se ten razón. Hoxe en día ten problemas organizativos graves que están fundamentados e teñen a súa raíz fundamentalmente no feito de que durante anos vimos perder capacidade de investimento no sistema sanitario. Con iso vimos perder tamén profesionais e, por tanto, temos un problema de déficit de profesionais. Nós trasladaremos isto a través da moción que se debaterá esta tarde e na que queremos poñer ese foco.

Hoxe aquí nesta moción que traslada o BNG hai este conxunto de iniciativas que é certo que plantexan algúns problemas reais que ten o sistema e que están no día a día. Probablemente hai moitas ocasións en que nos gusta falar —a algúns especialmente gústalles falar— de cuestións de moi alta tecnoloxía, de sanidade de alto rendemento, doutros niveis do sistema

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que son importantes, claramente importantes. Pero olvidamos moitas veces —ou parece que se olvida moitas veces— que hai problemas reais no día a día da atención sanitaria, aquela que é menos vistosa para os congresos, moito menos vistosa para grandes investimentos empresariais, pero en realidade a que máis utiliza a poboación, que é probablemente a que se preocupa menos, aínda que cando o necesita debe estar aí, de que pasa coa medicina nuclear e moito máis de que levan un mes sen poder ser atendidos para renovar as receitas.

E este é un problema no día a día de moitas persoas, de hoxe en día. Hoxe, esta mesma mañá, cando saín para aquí, ao vir no coche, pasei por diante do meu centro de saúde —é unha vantaxe a de ver todos os centros de saúde de Vilagarcía, porque con corenta mil habitantes só temos un, e ten cincuenta anos— e vin como hai xente esperando, como todos os días, cruzando unha carretera, tendo que esperar facendo fila na acera de enfronte —na mesma non poden porque a ambulancia ten que entrar alí—, e teñen que esperar, como todos os días, fóra do centro de saúde persoas maiores que teñen que facer algunha cuestión no centro de saúde e que algunhas delas inevitablemente teñen que estar alí, como teñen aqueles que están esperando pola extracción de sangue tamén, que están alí esperando. E isto pasa, e chéganos a nós, como lles chegará a todos os grupos, en multitude de centros de saúde de Galicia.

E hoxe en día seguimos tendo ese problema, sen que ninguén saiba dicir cal vai ser a solución, máis alá de —seguramente moi interesante— debater sobre o futuro dos produtos europeos en sanidade e da inversión das grandes tecnolóxicas —que está moi ben—, pero hai xente esperando na rúa nos centros de saúde. E isto é porque temos unha descoordinación profunda e agora, que temos que xestionar unha situación de crise no sistema, vense as costuras.

Hai xente hoxe en día nos centros de saúde que non é capaz aínda de ter as citas que necesita, porque a demora antes xa estaba sendo a maior que tiñamos nunca en termo medio, pero é que hoxe en día non as teñen. Polo tanto, estamos ofrecéndolle á cidadanía un suposto sistema que non é de todo real, que ten aínda trazas de poder recuperar esa potencia que tivo, pero que non é de todo real.

E pasan cousas como que ofertamos, anunciamos unha campaña da gripe con todas as da lei e resulta que se olvida comprar as doses de vacina para a gripe. Facemos unha campaña e, ¡ah!, olvidamos comprar a vacina. *(Aplausos.)* É a manipulación informativa maior do reino. Anunciamos unha campaña e olvidouse comprar a vacina.

Dígoo porque ao señor Feijóo esta fin de semana déuselle por tuitear sobre a manipulación dos medios informativos, *(Murmurios.)* ao señor Feijóo, ¡eh!, *(Aplausos.)* ao señor Feijóo, que, se nos apuramos, a CRTVG dáo por gañador en Pensilvania, ¡eh! *(Murmurios.)* Pois, en vez de andar tuiteando sobre estas cousas absurdas, mentiras, *fake news*, podiamos estar tuiteando sobre que pasou coas vacinas da gripe e non dicir ademais que é que os demais estamos sendo alarmistas. Alarmistas o que queiran, pero hai xente que non ten a súa vacina da gripe e que foi e veu cancelada a súa cita para poñer a vacina, e que lle deron novas citas para poñer a vacina e aínda non chegaron. E hai profesionais nos centros de saúde —menos

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dos que había— que non teñen a capacidade de dar unha resposta real. E, por tanto, este é o noso sistema, este é o noso sistema que temos hoxe en día.

Citáronse aquí os tests das farmacias. Imprescindible saber que pasou, non hai unha resposta real sobre que pasou. E o plantexamento, ademais, ten dous problemas. En primeiro lugar, foi apuntado aquí pola voceira do BNG —e con razón—: é sacar do Sistema público de saúde unha función que é propia do Sistema público de saúde, que é facer os tests. Pero, en segundo lugar, plantexamos se, ao dicirlle á xente que, facendo por vontade propia un test que lle pode dar un resultado poñamos que negativo, non estamos facendo un chamamento absurdo sobre a invulnerabilidade. Porque é un problema facer tests masivos, a pesar do que Pablo Casado dixera repetidamente —non é ningunha solución—, porque facer tests masivos á poboación dá unha foto hoxe, pero ninguén promete que a foto de mañá sexa distinta, e, polo tanto, non ten ningún sentido. Así que, aínda por riba de non facelo dentro do sistema, estamos alimentando crear unha falsa sensación de invulnerabilidade, e tampouco ten ningún sentido, salvo que o obxectivo da medida fora outro —que iso é o que parece—, que é resolver un problema de estocaxe, que está moi ben, pero igual os bares tamén necesitan que lles resolvan un problema de estocaxe.

Así que é importante que non se tomen medias *ad hoc*, para saír nos telediarios, para ser capaces de dar un par de titulares de prensa e que poidamos pensar que o sistema diario, o noso Sistema de saúde, no día a día, está tendo graves problemas, sobre todo, como ben se apunta nesta iniciativa, tamén a atención primaria.

Claro que é necesario ter un sistema de atención primaria que protexa as persoas e que, ante a situación na que vivimos, teña unha especial coidado de protección, por suposto. Pero iso non quere dicir que debamos de prescindir do sistema por completo e dicirlle á xente que se busque a vida, que é indirectamente o que lle estamos dicindo, e iso non é decente. Porque o noso sistema está preparado para facer, se ten os medios necesarios, un sistema duplo e facer a atención necesaria a pacientes covid e a pacientes non-covid, sobre todo en atención primaria, e pódese facer. A pregunta é por que aínda non hai nin un só paso dado para isto. Pois esta é a cuestión que temos que responder. E a verdade é que ninguén é capaz de estar dando ningunha resposta.

Habería, dende logo, moitas iniciativas para sacar; soamente con esta que eu presentaba dá para debates diversos, pero dende o noso punto de vista enfoca o problema xeral da falta de coordinación do sistema e de como non se está dando unha resposta real á atención necesaria que necesitan día a día moitas persoas.

Lembremos que probablemente esteamos deixando de lado ou esteamos atendendo en menor media da que necesitan poboación de enfermos crónicos, que normalmente son persoas maiores, pero non só os únicos do noso sistema, que son o 80 % das consultas de atención primaria, e, polo tanto, estamos deixando fóra o 80 % da actividade ordinaria. Claro que vivimos nunha pandemia e que necesita toda a nosa atención sanitaria, pero iso non pode deixar de lado unha parte da poboación que necesita unha atención.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

É que agora xa non é que poidamos discutir sobre a situación prepandemia, onde a atención primaria estaba en dificultades, como todo o mundo temos asumido, con propostas de solucións distintas e con enfoques e perspectivas distintas sobre a solución. É que agora estamos nunha situación onde xa non é que esteamos en precariedade, como antes, é que están en moitos casos abandonados. E, polo tanto, o noso sistema ten que dar a capacidade de resolución dos problemas do día a día e non unicamente estar pensando nunha parte da atención sanitaria, senón que debemos de afrontar toda, coa dificultade que ten, que todos somos conscientes de que ninguén lle pode pedir unha excelencia, unha eficiencia cen por cento a ningún goberno.

Polo menos nós entendemos que iso si é a lealdade. Non facemos outras cousas como fan outros gobernos, pero si que é posible dar unha resposta digna e mínima ao noso sistema sanitario, ás persoas que máis o necesitan. E iso non está ocorrendo e a iso entendemos que tamén vai, directamente, esta iniciativa.

E por iso ímola apoiar. Entendemos que a iniciativa si é certo que é ampla e non nos permite profundar en toda ela, pero, a través de moitas outras que temos presentadas neste parlamento, poderemos debater outras cousas. Non o podemos facer nunha comisión específica sobre a covid porque a iso si que o Partido Popular se negou e parece que non é de interese.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Señor Torrado, que vostede diga hoxe aquí que o presidente Feijóo fixo *fake news* na fin de semana, polo menos co que está facendo en Madrid o seu partido aproveitando o estado de alarma, mediría un pouco máis as miñas palabras con ese comité que vixiara a desinformación dos medios. *(Aplausos.)*

Debatemos hoxe unha moción sobre a garantía da asistencia sanitaria en Galicia, asistencia que nós, desde o Grupo Popular, pensamos que é boa aínda que mellorable. Aí están os resultados das enquisas do barómetro sanitario, das enquisas de satisfacción dos pacientes; aí están as cifras de Galicia no manexo da pandemia, que ata o momento amosan que a xestión que se fixo ou se está a facer é comparativamente menos mala que a que se fai noutras comunidades autónomas, e, evidentemente, que as medidas que tomou o Goberno galego non serían tan exitosas se non fose polo traballo dos profesionais sanitarios, que unha vez máis valoramos moitísimo dende esta tribuna.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estamos de acordo con vostede na situación complexa na que se atopa a atención primaria. Liámolo na prensa de setembro: «*En un comunicado de los sindicatos, los trabajadores de primaria exigen soluciones a los graves problemas del sistema sanitario: falta de personal con altas tasas de temporalidad, sobrecarga sistemática de trabajo, estrés, desprotección, descuido de la salud laboral y nula disposición ante las necesidades de conciliación y progresivo deterioro de las condiciones de trabajo.*» Pero o curioso é que todos estes problemas non son causados polas políticas sanitarias de Feijóo ou do PP, non, señora deputada; son protestas polas políticas sanitarias que se fan en Euskadi. O pasado mes de outubro manifestábase o persoal de atención primaria do Institut Català de la Salut para reclamar máis recursos, máis persoal e mellores condicións laborais, cun goberno de JuntsxCat e Esquerra Republicana que non é que aplique a política sanitaria do PP e ten os mesmos problemas que temos nós.

Un dos problemas é a estabilización na contratación. Pero poucas comunidades autónomas poden dicir que, nos peores momentos da crise, en Galicia se convocaron OPE ininterrompidamente dende o ano 2012, esgotando a taxa de reposición permitida en cada momento. Incluso houbo anos en que se contratou máis do cen por cento, chegando ao 108 %, grazas á xenerosidade doutras consellerías. A oferta para este ano, a oferta para 2020, do Sergas, incluirá 973 prazas, que é certo que poderían chegar ás 3.500 se, como dixo o conselleiro de Sanidade o outro día, pois a Administración do Estado eliminase definitivamente a taxa de reposición solicitada en reiteradas ocasións polo presidente Feijóo e pola mesma Consellería de Sanidade; e para isto só fai falta vontade política.

A oferta deste ano, de 2020, representa o cen por cento da taxa ordinaria de reposición de efectivos; en total serían xa 6.909 os profesionais que se incorporan ás institucións sanitarias públicas con vínculo de fixeza dende o ano 2012. O pasado venres na Mesa Sectorial presentouse o Plan de continxencia covid-19 en materia de recursos humanos, un plan que se pode realizar a partir do 1 de decembro e que vostede o nomeaba, con 750 nomeamentos de emerxencia sanitaria na categoría de persoal de enfermería, cunha duración mínima de catro meses, chegando 150 deses contratos a unha duración dun ano. Moitos deses contratos, como vostede dicía, xa remataran, pero faise de novo a contratación deses 750 nomeamentos. Ademais, xa se fixeron 121 contratos de continuidade, que se teñen xa formalizado este ano. E tamén se prevé realizar nomeamentos de emerxencia sanitaria noutras categorías, tanto de atención primaria como de hospitalaria.

Evidentemente que se necesita moito máis —niso estamos de acordo—, pero temos que ir pouco a pouco e co que podemos facer nestes momentos.

Os plans de continxencia para atender a demanda extraordinaria de asistencia derivada do incremento dos casos da covid son necesarios e este ano pois moito máis, coa confluencia da covid e da gripe, e nós estamos de acordo, señora Prado, en solicitar ao Goberno galego que se presente neste parlamento o plan de continxencia. Dicíao o conselleiro no pasado pleno: o mellor plan de continxencia é a prevención e evitar na medida do posible eses incrementos extraordinarios de casos por esas dúas patoloxías.

E, no caso da gripe, falabamos tamén da campaña de vacinación, que se organiza todos os anos entre outubro e decembro, para minimizar precisamente o impacto que ten a enfer-

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

midade e poder previla. Comezou o 13 de outubro e a poboación quizais máis sensibilizada polo tema da covid pois acudiu máis pronto que noutras campañas, e, de feito, sinalábao o xefe do Servizo de Control de Enfermidades Transmisibles: «Sanidade xa vacinou 398.171 persoas, o que supón case 125.000 persoas máis que o ano anterior a estas alturas da campaña. E as persoas maiores de 65 anos vacinadas tamén se sitúan en cifras récord, ao alcanzar as 248.834, é dicir, 52.311 máis que o ano anterior.»

O que si é certo que se percibe é un incremento de solicitude para a vacinación antigripal dos menores de 65 anos, e o que está transmitindo a consellería neste momento é que se solicite a vacinación en primeiro lugar para os grupos de risco, porque a campaña vaise estender ata o 31 de decembro e non hai urxencia sanitaria para vacinarse antes, xa que se prevé que a epidemia de gripe non chegue ata mediados de xaneiro.

Efectivamente, nós non negamos que houbo problemas de distribución da vacina, pero quedan reservas, téndose vacinado moita máis xente que o ano anterior. A portavoz nacional de SATSE dío: «*Se tiene conocimiento de falta de dosis en algún momento de la campaña en Navarra, Madrid, Galicia, La Rioja, Cantabria, Aragón y Valencia, pero también es verdad que se están reponiendo las vacunas.*» Co cal nós cremos que temos que dar unha mensaxe de tranquilidade á poboación, porque a campaña aínda continúa ata o 31 de decembro.

Ao respecto de garantir unha atención telefónica sen demoras, estamos totalmente de acordo, porque o tema da atención telefónica nos preocupa, non vou dicir nin máis nin menos que a vostede pero polo menos igual que a vostede, e dende logo o paciente ten que poder contactar co seu médico ou polo menos co seu centro de saúde o mesmo día que fai a chamada.

E tamén nos preocupan os riscos de contaxio dos traballadores que traballan en contacto directo cos doentes, e entendemos que se deben proporcionar os materiais de protección axeitada, como entendemos que a xente, a cidadanía debe usar a mascarilla. E o que tamén entendemos é que supón un gasto grande para moitos bolsillos dos cidadáns en Galicia e no resto de España, pero hoxe mesmo temos unha mala noticia: que o Goberno acaba de votar en contra dunha iniciativa para baixar o IVE das mascarillas, porque di que supoñería 1.568 millóns menos de recadación. Iso é o que di o Goberno para intentar axudar a toda a cidadanía, tanto en Galicia como en España, e que a xente poida utilizar as mascarillas e intentar frear o avance da pandemia.

En canto ao último punto da moción, parécenos ben que se presente un informe no Parlamento no que se expliquen os detalles da colaboración da Consellería e do Colexio de Farmacéuticos de Ourense polos tests rápidos que se fixeron nas farmacias. Pero si que me gustaría clarexar que non son tests de antíxenos, como din na súa moción, senón que son tests de anticorpos, non son tests de diagnóstico; son tests que o que permiten é, mediante unha punción dixital, obter os resultados para saber se unha persoa padeceu ou padece unha infección activa por covid.

Non foi unha medida publicitaria, realizáronse en Ourense nun momento en que estaban aumentando os caos perigosamente, como vostede sabe, e se facía necesario detectar os po-

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sibles contaxios, pero sobre todo as persoas asintomáticas e a posibilidade de contaxio delas. Participaron máis da metade das farmacias, farmacias en concellos como Barbadás ou O Carballiño, que tiñan unha alta incidencia, e a xente en Ourense —e dígollo porque son ourensá— está moi satisfeita, xa que son tests gratuítos e permítenlles coñecer o estado inmunolóxico fronte á covid nese momento. *(Murmurios.)* Non que sexan gratuítos —non me faga eses xestos—, é porque a xente nese momento en quince minutos pode saber en que situación inmunolóxica se atopa, e parécenos importante.

E, ademais, vostede fala —e estou de acordo— da sobrecarga de traballo de atención primaria, e isto permitiulle nese momento descargar esa sobrecarga —por dicilo dalgunha forma— e ao mesmo tempo tamén seguir as recomendacións dos epidemiólogos, que din que hai que facer moitos tests. En Galicia séguense as recomendacións sanitarias. De feito, temos unha taxa de tests de anticorpos por mil habitantes que dobra a española; a media de España é de 55,09, e a de Galicia, 132,58.

Polo tanto, señoría, podemos facer contribucións para mellorar a sanidade na nosa comunidade autónoma, na medida en que nos permita a situación da que partimos, e aí dende logo poden contar con nós, polo que eu lle pediría a votación por puntos, porque si que hai moitos dos puntos nos que estamos de acordo con vostede e algúns que polo momento non se poden resolver.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo autor da moción, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Efectivamente, o BNG trae aquí unha moción extensa, pero incluso, a pesar desa extensión, só abarca algún dos problemas urxentes a resolver, só algúns dos problemas urxentes a resolver para abordar de inmediato. É dicir, ter un plan de continxencias parece que debería ser inmediato, igual que o tema de ter persoal para poder atender a poboación, a atención presencial e a atención primaria; é dicir, cuestións que están demandando miles e miles de galegos e galegas. Eu dou por suposto, señora deputada, de que neses puntos que mencionou é que van votar a favor se aceptamos a votación por puntos, ¿non? Ben.

Antes de ir a eses puntos, é bastante repetitivo que vostedes veñan aquí á tribuna valorizar moito o traballo dos profesionais e dicir os bos profesionais que son; é que o son. Un dos comparecentes na Comisión de Reactivación, membro do comité clínico da Xunta, daba un dato sobre o que deberían reflexionar vostedes, e era que o custo, o investimento na sanidade no Estado español e en Galiza era moi baixo. Tiñamos unha sanidade dunha calidade moi elevada, cun investimento moi baixo, o cal significa que esa calidade vai fundamentalmente no lombo dos traballadores e traballadoras da sanidade pública, co cal esa situación non se pode manter indefinidamente. É dicir, a calidade do sistema a base de maltratar os profe-

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sionais non se pode manter, co cal está moi ben que recoñezan esa valía —que a teñen—, pero estaría moito mellor que aceptaran e que atenderan as súas demandas, que deixaran de ter esa contratación precaria e de ter ese abuso cos profesionais da sanidade.

Imos aceptar esa votación por puntos. Parécenos insuficiente, porque —insisto— é unha moción ampla porque cremos que recolle cuestións básicas que había que facer neste momento, mais é un avance en cuestións fundamentais. A primeira, na cuestión de activar a atención presencial en atención primaria, e eu agardo que despois de votar a favor realmente sexa unha realidade, porque o conselleiro, nunha interpelación que lle fixen neste parlamento, dixo que ía dar ordes para que iso fora así, e estamos a mediados de novembro e hai uns días deu o dato de 25 % ou 30 % nada máis de atención presencial. Co cal parécenos moi ben que dean o paso de darse conta xa de que hai que activar a atención presencial, pero iso terá que verificarse na realidade; non pode ser simplemente un intentar quedar ben.

O plan de continxencias, que o presenten canto antes. Necesitamos saber cal é esa situación.

O de garantir a atención telefónica co aumento de liñas que sexa necesario ou co aumento de persoal. É certo que o persoal de atención telefónica en centros de saúde nalgúns xa o están ampliando, o cal é necesario pero non é suficiente; é necesario aumentar aínda máis eses profesionais, que viron como se aumentou exponencialmente a necesidade da atención telefónica, non só polas persoas que piden cita senón tamén polas persoas que hai que pasar co médico ou as liñas que están ocupadas polos médicos que están atendendo a atención telefónica; e, dende logo, no que se concreta é nesa imposibilidade de conectar cos centros de saúde.

E no tema dos contaxios, ¡é que, a verdade, oito meses despois de estar nunha pandemia ter que vir demandar ao Parlamento que se atendan as demandas dos profesionais para unha correcta protección da súa saúde e con iso tamén a do resto dos doentes e do resto dos profesionais para non andar contaxiando! Eu agardo tamén que sexa de verdade e que non sigan limitando dispositivos que ao final son o chocolate do loro dentro do orzamento, como son máscaras de protección FFP2, na maioría dos servizos, que a estas alturas coa transmisión comunitaria é necesario, porque non é posible determinar, cando entra alguén pola porta, quen é susceptible de ser positivo ou non, porque hai transmisión comunitaria máis que demostrada.

Imos aceptar esa votación por puntos. Pero tamén lle dicimos que imos estar vixiantes de que cumpran —como lle diciamos—, porque precisamente non votan a favor de mellorar os déficits de profesionais, ou o tema da precariedade, ou que sigan negando a situación dos rastrexos ou o tema da campaña da gripe.

É que nós non o inventamos nin imos a ningún tipo de alarmismo, pero non hai máis que ir aos medios de comunicación, que din que Galiza mantén sen vacinas da gripe a poboación de risco porque esgotou as doses, a pesar de que en maio o presidente da Xunta, Núñez Feixóo, xa empezou a facer campaña de que este ano o tema da vacina da gripe ía ser fundamental —tamén o dixo aquí o conselleiro no anterior pleno— porque o mellor método é a

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

prevención. ¡Claro! Pero ten que ser unha prevención que exista. E se o mellor método para a gripe é ter vacinas e non as hai, pois mal imos, e se o mellor para loitar contra a covid é detectala a tempo e ter rastrexadores e non os temos ou non o están facendo eficientemente...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...pois realmente estamos facendo un pan cunhas tortas.

Agradezo o voto favorable que manifestou tamén o Partido Socialista a esta iniciativa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Prado.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis horas, as catro da tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e seis minutos da tarde e retómase ás catro.

O señor PRESIDENTE: Boas tardes.

Reanúdase a sesión.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa formación e contratación de persoal para o sistema sanitario público de Galicia

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Encarnación Amigo Díaz, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción, doc. núm. 4148 (11/MOC-000008).

Emenda de adición.

Débese engadir ao texto do punto 2 da parte resolutiva o que segue a continuación:

«Convocar todas as prazas MIR habilitadas para o sistema sanitario público de Galicia naquelas especialidades deficitarias en termos de persoal e instar ao Ministerio de Sanidade a que dea cumprimento aos acordos do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde do 28 de abril de 2018 relacionados coa axilización e flexibilización das acreditacións de unidades docentes, en particular nas especialidades que se teñen declarado maioritariamente deficitarias como Medicina de familia, Pediatría e as súas áreas específicas.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra o señor Torrado.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde, novamente, a todos e todas.

Plantexamos dende o Grupo Socialista esta moción sobre o que consideramos o problema esencial que ten o noso sistema sanitario en Galicia, que está focalizado no persoal, e é que o problema grave é que temos unha política de recursos humanos errática —por dicilo dunha maneira suave—, descoordinada, imprecisa, inconcibible —por dicilo un pouco máis claro—.

O Sergas tense convertido nestes últimos anos na primeira e a máis potente ETT de Galicia. Faino por vontade política, porque nin sequera é necesario asumir o nivel de eventualidade e de precariedade que o Sergas ten desenvolvido nos últimos anos como está ata este momento. E faino porque a vontade de ser precarizador como sistema pois está —polo que é comprobable— no ADN da organización sanitaria que desenvolve o Partido Popular, especialmente aquí en Galicia; vímolo noutros lugares con marca PP como en Madrid, pero vémolo aquí tamén en Galicia.

Hai un problema de persoal —grave— no sistema sanitario, de déficit e de precariedade. Como exemplo claro do déficit, en once anos, orzamento contra orzamento —cito fontes oficiais—, soamente a atención primaria perdeu en once anos 1.100 profesionais, 1.100 profesionais, en once anos. Non é que crezamos pouco, non é que non creceramos nada, é que perdemos 1.100 profesionais en atención primaria en once anos, e ese é un problema de déficit grave. Non se pode defender que temos unha mellor sanidade se temos 1.100 profesionais menos, salvo que creamos que se pode ter unha mellor sanidade con menos profesionais, pero non é o noso modelo. Se alguén defende ese modelo, é lexítimo, pero nós non o compartimos e ademais non o entendemos. Pero, ademais, é que o persoal que si participa do sistema ten un problema de precariedade gravísimo.

A semana pasada, o venres, na Comisión de reconstrución, participou un doutor, membro do comité clínico de Galicia, que está hoxe en día asesorando o Goberno, e falaba de que o grave e o principal problema que ten este sistema está na temporalidade. Nós agradeciámoslle a intervención, porque cando o traslada o Partido Socialista neste parlamento nós recibimos todo tipo de cualificativos, seguro que moi cariñosos pero moitas veces non moi *halagüeños*. Cando o di algún profesional que participa por exemplo neste caso no comité clínico, é posible que escoiten algo máis. Xa o bombo e platillo estará o día en que, ademais de escoitar, se poidan tomar medidas para resolvelo, pero iso xa ¿quen sabe?

En todo caso, falaba este profesional dun 30 % de temporalidade no conxunto do sistema, e é algo inasumible. É un dato que nós temos manexado aproximadamente en termos xerais para o conxunto do sistema. Hai colectivos que están peor, peor. O colectivo de enfermería aproximadamente pode rozar o 40 % de eventualidade, incluso o colectivo de enfermeiras eventuais cita por enriba do 40 % o volume de eventualidade das enfermeiras no sistema sanitario de Galicia. Isto quere dicir basicamente que a maior parte de profesionais cos que temos contacto no noso día a día, porque son as que máis en contacto están coa maior parte da cidadanía, están en situación de eventualidade.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A eventualidade dun profesional-dunha profesional quere dicir, por exemplo, que, se nós chegamos hoxe a un hospital e somos atendidos en urxencias, pode estar atendéndonos un profesional-unha profesional que o día de onte estivo noutro servizo, que non ten garantido que teña tido os descansos necesarios; pode ser que leve traballando moitos máis días en continuidade que un persoal que teña estabilidade plena no sistema; pode ser que teña toda a incerteza de se vai traballar mañá ou pasado; e pode ser que leve meses sen poder dispoñer nin un só día, nin un só día, para si, porque non sabe se a van chamar. E, ademais, ten que estar pendente porque non pode non coller o teléfono ou desatender unha chamada do sistema, porque, estando en situación de eventualidade, necesita atender sempre para non ser penalizada no sistema.

Esta é a realidade. Aténdenos xente que vive en situación de permanente tensión ante o sistema. E, por tanto, esta maneira de contratar e de tratar os nosos profesionais alimenta un problema, un problema de risco laboral, un problema de queime laboral dos profesionais. E este é un sistema que nós non podemos permitirnos. A eventualidade é un problema político e é un problema de vontade política. Temos este nivel de eventualidade porque o Goberno quere.

Anualmente o Goberno da Xunta gasta aproximadamente 400 millóns de euros en eventualidade no Sergas, 400 millóns de euros, máis que o orzamento de moitas consellerías. E é moi importante que alguén poida explicar nalgún momento como é posible que un sistema de eventualidade supostamente preparado para afrontar de maneira excepcional algunha circunstancia poida gastar 400 millóns de euros ao ano todos os anos.

Porque isto quere dicir dúas cousas. En primeiro lugar, que a capacidade de prever é moi pouca e, por tanto, temos ese nivel de eventualidade; e, en segundo lugar, se é todos os anos, que se fai á vontade. 400 millóns de euros —polo baixo— en eventualidade anualmente. Alguén terá que poder explicar como pode ser que isto sexa eficiente, porque é moito máis sinxelo percibir e entender que con ese nivel de gasto en eventualidade ser capaces de dar estabilidade aos nosos profesionais sería máis eficiente e máis efectivo; 400 millóns de euros que se gastan en eventualidade e en facer que os profesionais ou as profesionais do sistema sanitario non saiban hoxe se van estar contratados mañá.

Poñemos un caso, por ser claros, porque isto é do que estamos falando. Unha baixa dentro do sistema que vai durar tres meses. Pode ser cuberta cun contrato de tres meses. Isto sería o razoable; sabemos que é unha baixa de tres meses, contrátase tres meses. Non é o que ocorre no Sergas. O Sergas contrata, como moito, o primeiro mes. No último día do primeiro mes a persoa que está cubrindo esa baixa saberá se vai ser contratada o segundo mes ou non. Pode ser a mesma persoa ou pode ser outra. Pode ser que esa praza que estea cubrindo vaia ser cuberta por alguén que está noutra planta no hospital, pero, claro, desvestir un santo para vestir outro, e, por tanto, esoutra praza volve quedar baleira e agora esa persoa que estaba o primeiro mes aquí ten que ir para a segunda. Xa é un lío difícil de explicar, pero agora xa temos un segundo contrato só dun mes, porque cando acabe ese mes volveremos reorganizar esas dúas persoas e con sorte as dúas volverán ter outro contrato doutro mes. E ao final cubrimos o mesmo tempo pero con tres contratos; iso si, para poder saír tres veces na prensa a dicir que se contrata tres veces, como se estiveramos contratando

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tres profesionais cando é un só para unha substitución; como pasou coas 750 anunciadas, que non é máis que limitar contratos precarios para poder anuncialos varias veces. Esas si que son *fake news* —e, ademais, bastante indecentes—.

Isto é o que está pasando no sistema: que temos profesionais que non saben onde van traballar, e isto non se pode admitir. Temos un problema de precariedade. Falamos, énchesenos a boca coa investigación sanitaria. Onte recibimos unha boa noticia, esperanzadora, que depende da investigación, a investigación sanitaria. Creo que todos somos conscientes de que nos últimos tempos debemos mirar para a investigación sanitaria como unha aposta de futuro. Nos últimos dous anos Galicia deixou de investir un 11,5 % no seu programa de investigación sanitaria. Pero é que é máis: os investigadores e as investigadoras galegas nas fundacións biomédicas en Galicia non teñen nin convenio laboral, non teñen convenio laboral. Este goberno ten sometidos os investigadores e as investigadoras galegas a unha situación de non convenio laboral no seu traballo, baixo un padroado do que os invito a saber quen era ata hai un mes e medio o seu presidente —doulles unha pista: hoxe é conselleiro—, sen convenio laboral. E esa é estabilidade dos profesionais.

Ourense. Coñecen vostedes seguro a EOXI de Ourense. Poderíalles sorprender que a Inspección de Traballo teña notificado que en Ourense existen cotizacións irregulares de profesionais do servizo de *pool*. Pois non é certo unha soa vez, nin sequera dúas, nin tres, senón que ata catro veces a Inspección de Traballo notifica cotizacións irregulares no sistema.

O sistema xudicial está emendándolle a plana a este Sergas habitualmente e condenan por contratación fraudulenta —leo literalmente—, «contratación fraudulenta». Este é o noso sistema. Temos un Sergas convertido na peor ETT de Galicia, e non está o mundo para entender que aos nosos sanitarios se lles poida tratar así. Nunca debería e menos agora. *(Aplausos.)*

Traemos esta moción coa intención de aprobar medidas de estabilidade. Agardamos que poida ser tida en conta e valoraremos todas as aportacións para ver se somos quen de sacar unha proposta de estabilidade en adiante para dicirlles aos nosos profesionais que, ademais de falar moi bonito aquí, ao final tomamos medidas, que é o que debemos facer se de verdade cremos no sistema público.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes. Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Eu vou empezar punto por punto a tratar de posicionar o sentido do voto nesta moción que hoxe trae ao Parlamento o PSOE, pero, antes de nada, señor Torrado, aquí vimos contar ver-

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dades. E os orzamentos de Sanidade da Xunta de Galicia non deixaron de medrar. Eu quérolle recordar aquí que os orzamentos para o ano 2020 son de 4.109,6 millóns de euros, a partida orzamentaria máis alta da consellería, un 40,5 % do presuposto do Goberno galego.

Empezando cos puntos da súa moción, no punto primeiro, desde logo que estamos a favor de apoiar todas as iniciativas e accións institucionais que faciliten a posta en marcha da medida de eliminación da taxa de reposición; ¡como non imos estar de acordo con isto!, despois de todas as accións que se levan facendo desde Galicia neste sentido.

Recordemos, sobre este asunto, que hai pouco tempo o conselleiro de Sanidade, neste mesmo salón de plenos, dicía e recordaba que hai anos que o Goberno da Xunta de Galicia vén solicitando esta medida. Xa o anterior conselleiro de Sanidade, o señor Almuíña, o solicitou por carta ante a ministra Dolores Monserrat en decembro de 2016 e, así mesmo, expresouno na Comisión de Recursos Humanos do Consello Interterritorial no ano 2017, despois de que este parlamento aprobara por unanimidade unha proposta neste sentido —precisamente do seu grupo, señor Torrado—, no que dicía vostede textualmente que só facía falta vontade política para tomar esa medida. Un ano máis tarde, no 2018, o seu partido accedeu ao Goberno de España e esa medida non se tomou.

Por iso, desde o Goberno galego, conscientes de que é unha medida imprescindible, imprescindible, para poder facer contratacións, seguiuse insistindo, e Galicia volveu solicitar esta medida ante a ministra Montón, ante a ministra Carcedo e ante o ministro Illa. Pero non se desistiu. No pasado mes de maio o conselleiro de Facenda solicitoulle á ministra de Política Territorial, a señora Darias, no transcurso nunha reunión telemática, a eliminación da taxa de reposición, tanto en sanidade como en servizos sociais. E o presidente Feijóo tamén lle pediu ao Goberno central que eliminase a taxa para as OPE en sanidade e servizos sociais para o 2020 e, se era posible, para o 2021.

Ata o día de hoxe, ningún resultado. E é máis: ao final da lexislatura pasada, en decembro do 2019, xa co Goberno PSOE-Podemos no Goberno de España, de novo o Pleno do Parlamento galego aprobou tamén por unanimidade unha proposición no mesmo sentido. E nesta mesma lexislatura o 22 de setembro deste ano eu mesma trouxen unha PNL no mesmo sentido.

A Xunta ten feitos os deberes, señor Torrado, sen éxito ata o de agora. A ver se vostede ten máis éxito neste asunto; realmente, desexámosllo. Esta é unha vella reivindicación fundamental, e, ademais, nas actuais circunstancias de emerxencia sanitaria, é imprescindible que o Estado elimine a taxa de reposición, tal e como foi solicitado de maneira reiterada, para que poidan ser ofertados por cada comunidade todos os postos que as necesidades asistenciais están a demandar.

E a nós, señor Torrado, chámanos a atención que se manteña a taxa de reposición, non mudou. Non sei o que nos vai dicir na súa segunda intervención ao respecto, pero, segundo os presupostos xerais do Estado para o próximo ano, que acaba de presentar o seu Goberno, mantén a mesma taxa. En sanidade mantense a mesma taxa de reposición nos presupostos xerais do Estado para o 2021 que os previos que había no 2018. E xa sei o que me vai dicir, pero mire, xa se melloraba respecto dos previos. Nós temos que recordar aquí que a taxa vén

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do Goberno de Rodríguez Zapatero, cando se baixou no ano 2009 dun 100 % a un 30 %. O Goberno Rajoy no ano 2015 elevouno ao 50 % e no ano 2016 ao 100 %. Non sabemos se isto de que manteñen a mesma taxa de reposición é porque non hai vontade política ou se é falso iso de que a vontade política é o único necesario. Nós, señor Torrado, estamos a favor da eliminación da taxa de reposición.

No punto número 2 da súa moción di: convocar todas as prazas MIR habilitadas para o sistema sanitario público de Galicia naquelas especialidades deficitarias en termos de persoal. Nós estamos de acordo, pero parécenos razoable e necesario ter unidades de formación acreditadas nos hospitais que permitan a formación de máis especialistas, fundamentalmente naquelas especialidades nas que somos máis deficitarios. Se non temos unidades de prazas docentes, mal podemos pedir formación. Por este motivo é polo que lle presentamos a emenda no sentido de que as convocatorias de prazas vaian ligadas a instar o Ministerio de Sanidade a que dea cumprimento aos acordos do Consello Interterritorial do Sistema nacional de saúde do 28 de abril do 2018 relacionados coa axilización e flexibilización das acreditacións de unidades docentes, en particular nas especialidades que teñen declarado maioritariamente deficitarias, como poden ser a medicina de familia, a pediatría e as súas áreas específicas.

No punto número 3, que se refire a avaliar coa Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela a posible necesidade de formar máis estudantes de medicina nos vindeiros anos, coa dotación dos medios necesarios para facelo, non temos tampouco ningún problema en pedirlle á Facultade de Medicina avaliar esta posibilidade, pero permítame que mostre o meu escepticismo neste sentido. Penso que a falta de facultativos ten causas moito máis complexas que a formación de estudantes na Universidade de Santiago de Compostela.

En canto ao punto número 4, que pide ampliar o tempo medio de contratación do persoal eventual ata o máximo posible, especialmente no correspondente ás prazas de enfermería, para dotalas de máis estabilidade, pois tamén aquí estamos a favor. En datas recentes, o pasado 6 de novembro, presentouse aos sindicatos na mesa sectorial un Plan de continxencia en materia de recursos humanos, un documento que incorpora unha vintena de medidas extraordinarias en materia de persoal, dese persoal que se considera preciso e imprescindible para facer fronte á situación de emerxencia sanitaria. Contempla, ademais, que se poidan realizar ata 750 nomeamentos de emerxencia, na categoría de persoal de enfermería e chegando a unha duración mínima de catro meses, e en 150 deles á duración dun ano.

E tamén se presentou o proxecto de decreto de oferta de emprego público do Servizo Galego de Saúde 2020, que inclúe 973 prazas de persoal estatutario, que se suman ás aprobadas ininterrompidamente desde o ano 2012 e que supón un total no período de 6.909 prazas no sistema público galego.

O Goberno da Xunta de Galicia sempre tomou medidas estruturais sobre o persoal nos últimos anos, e a medida máis estrutural que se pode tomar nun servizo de saúde no eido da súa plantilla é ser constante nas ofertas públicas de emprego, e así o fixo o Goberno da Xunta

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de Galicia. Hai poucas comunidades autónomas que poidan dicir que convocaron ofertas públicas de emprego na sanidade durante os peores anos da crise económica, e Galicia non deixou de facelo, esgotando sempre a taxa de reposición permitida en cada momento.

A Xunta de Galicia está na senda da estabilidade, puxo en marcha un plan de estabilidade do emprego do persoal estatutario do Sergas, acordado con centrais sindicais, co obxectivo fundamental de situar a taxa de temporalidade no servizo nun 5 %.

En canto ao que vostedes solicitan no punto número 5 sobre a realización dun informe no prazo dun mes que avalíe a necesidade de contratación de persoal, e no número 6, de entregar un informe de contabilización do persoal do sistema público de Galicia, pois tamén nós estamos de acordo niso, señor Torrado. Nós confiamos plenamente na transparencia e no bo facer deste goberno do Partido Popular. Sabemos que traballa e xestiona para que a nosa sanidade cumpra cos estándares máis altos de calidade, protexendo da mellor maneira posible a saúde dos galegos. E non temos tampouco ningún reparo nestes dous puntos; tamén estamos de acordo.

Nós imos votar a favor de todo, señor Torrado, e esperamos que vostede se atreva a poñerlle algunha tarefa ao seu Goberno, e de verdade que esperamos e desexamos que teña máis éxito con esta tan necesaria e tan solicitada —e ademais na que estamos todos os grupos de acordo— eliminación da taxa de reposición, para a mellora dos nosos servizos sanitarios. Mal podemos melloralos en materia de contratación de persoal se non eliminamos a dita taxa.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Pois eu vou empezar por dicir que concordo, como empezou a exposición o señor Torrado, deputado do Partido Socialista, en que as políticas de persoal sanitario son froito dunha posición política, e eu engádolle que son froito dunha decisión ideolóxica; unha decisión ideolóxica que non é casual, que non ten que ver cunha decisión de última hora, senón que é unha decisión que ten traxectoria.

Un dos últimos pasos foi a crise do 2008, onde foi usada como coartada perfecta para tomar medidas de recortes dos servizos públicos en xeral e da sanidade en particular; a crise como coartada para efectivizar unha folla de ruta neoliberal de recorte do público e de converter servizos públicos esenciais, como é o caso da sanidade, como pode ser o caso do ensino, dos servizos sociais, en nicho de negocio para o sector privado, nomeadamente para multinacionais, que son as que están no fondo tomando as decisións, fondos de capital risco, fondos voitres, e desas decisións logo veñen estas consecuencias; e tómanse esas decisións e logo vaise actuando para implementalas.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

No Estado español invístese o 15 % menos de orzamento que na media da Unión Europea en sanidade. Estamos falando dunha diferenza realmente importante. A media no Estado español é de 1.600 euros, cando por exemplo Noruega ou Alemaña invisten 4.000 euros por persoa ou Dinamarca e Suecia, 3.000. Claro, estamos falando de que no Estado español son 1.600 e en Galicia, 1.523, aínda menos. Entón, a diferenza é que en Galiza hai unha diferenza a menos de 2.477 euros por persoa; é dicir, Alemaña gasta 2.477 euros máis ao ano por cada alemán que en Galiza por cada galego ou galega.

E claro, esas decisións, eses investimentos teñen consecuencias, e a consecuencia é un sistema sanitario, como dixen na defensa da moción que presentei antes, onde a súa calidade está directamente sobre as costas do persoal sanitario; un sistema sanitario con fortalezas, pero a fortaleza é un persoal sanitario moi explotado, moi precarizado e cunhas moi malas condicións laborais.

E se algo puxo en evidencia esta crise, esta pandemia da covid, foi o valioso, o máis valioso que ten o sistema, que é o seu persoal; uns magníficos profesionais, que volveron dar o mellor de si, que os aplaudimos entusiasticamente nas varandas, nos balcóns, mais que, pasada a época de confinamento, volvemos, como sistema, telos nas mesmas condicións de precariedade e de sobreexplotación en que estaban antes. E é un persoal que leva sufrindo anos de precarización, de temporalidade, de saturación, que está farto de que lle fagan soflamas do magníficos que son pero que esas soflamas non se converten logo en actuacións. E o que precisan os profesionais da sanidade é que lles respecten os seus dereitos, unhas condicións laborais decentes, unhas condicións salariais tamén decentes.

Por iso que, para tomar esas medidas, hai que partir dunha diagnose certeira, non partir da posición de combate; é dicir, se o Partido Socialista está no Goberno do Estado, o Partido Popular na Xunta dispara, e se é ao revés, pois o mesmo.

Porque imos ao primeiro dos puntos desta moción, que evidentemente o BNG vai a votar a favor, votar a favor de apoiar todas as iniciativas e accións institucionais que faciliten a posta en marcha de medidas de eliminación. ¿Por que non lles chamamos ás cousas polo seu nome? Que se elimina xa dunha vez por todas a taxa de reposición, prometida por todo o mundo e nunca efectivizada, *(Aplausos.)* prometida unha e outra vez e non efectivizada, e de novo pois, efectivamente, volvemos ver na mesa sectorial en Madrid a negativa a eliminar a taxa de reposición, que no proxecto de orzamentos do Estado se mantén esa taxa de reposición.

Non ten ningunha xustificación se non é enlazar co que vin dicir antes. Para non ter uns servizos públicos precarizados e que as multinacionais e as empresas entren neses servizos públicos a saco para convertelos en nicho de negocio, necesitamos ter un sistema e uns profesionais nestas condicións, porque a taxa de reposición non é outra cousa que eliminar profesionais do sistema. Se, aprobado no 2010, ata o 2015 só se puido repoñer o 10 % das persoas que se xubilaron, estamos a falar de que o 90 % de xubilacións producidas durante cinco anos non están recuperadas no sistema. E son moitos miles de prazas.

Entón, para que se poidan recuperar esas prazas, non facer borrón e partir do ano 2016, senón poder recuperar todos eses anos, é necesaria a eliminación desa taxa de reposición. Non vale

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

con que de aquí en diante podemos repoñer todos os efectivos, porque deixamos moitos no camiño, que ademais son prazas imprescindibles para ter unha calidade asistencial axeitada.

Por iso, evidentemente, imos votar a favor, igual que votar a favor de que se aumenten as prazas MIR. En resumo, votar a favor de que se planifique. Eu xa non sei cantas veces dixen aquí neste parlamento que no ano 2010 o Sergas fixo un plan de recursos humanos, e nese plan de recursos humanos —está aí para quen o queira ver— poñíase con toda claridade a cantidade de efectivos que se ían xubilar nos vindeiros anos, fundamentalmente facultativos e enfermería. Estamos falando do ano 2010, hai dez anos, non é unha novidade sobrevida de hai un par de meses, nin de hai un par de anos, nin coa pandemia; hai dez anos, como mínimo, dese plan de recursos humanos que daba xa ese diagnóstico, —insisto— plan feito polo propio Sergas.

¿Que fixo o Sergas? Meteuno nunha gabeta e non actuou para solventar un problema que se nos viña encima. ¿Por que non se actuou? Porque non se quixo actuar, porque o que se fixo foi deixar que as cousas fluíran para chegar a este punto e poder dicir que non hai profesionais. E iso debaterémolo noutro momento, se realmente non hai profesionais ou que políticas se están levando a cabo para que non haxa eses profesionais, que políticas de contratación para expulsalos decididamente.

E poderiamos falar dos certificados de idoneidade que se fan cada ano, e iso significa cantidade de profesionais que piden eses certificados para ir traballar fóra. Podemos falar de cantos profesionais que rematan o MIR e non quedan no Sergas; podemos falar de que practicamente a metade. E iso ten que ver xa non con taxas de reposición senón tamén coa xestión que se fai dos recursos humanos e dos recursos que si ten o Sergas para actuar e que non o está facendo.

Polo tanto, eu alégrome de que o Partido Popular tamén caera do cabalo camiño de Damasco e estea a favor de facer un informe de contabilización do persoal. Porque o BNG trouxo aquí, a este parlamento, cantidade de veces, o tema de ter un sistema de identificación de prazas. Evidentemente, isto que pon aquí non é un sistema de identificación de prazas, é traer un informe de canto en 2019 e en 2020. Pero trouxemos aquí en cantidade de ocasións un sistema de identificación de prazas que permitira saber cal é a situación do persoal: ¿cantas prazas estruturais?, ¿cantas están ocupadas de xeito permanente?, ¿cantas de xeito temporal?, ¿cal é a rotación? E néganse sistematicamente a ter ese sistema de identificación. ¿Por que? Porque eses datos poñerían contra o espello cal é o sistema de contratación que teñen no Sergas, poñerían contra o espello —díxeno na anterior intervención— como converte sistematicamente 750 novos contratos nos mesmos contratos que remataron o mes pasado, ou poñerían contra o espello os 3.500 —4.000, segundo o día— do presidente da Xunta, que logo un día escapóuselle que está falando de contratos, non de persoal; claro, poñerían contra o espello realmente esa situación do persoal, que —insisto— é o máis valioso que ten o sistema mais tamén é o máis maltratado.

O BNG vai votar a favor desta iniciativa e, igual que na anterior, agardamos que logo pase do papel á realidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo autor da moción, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Ben, quero agradecer o apoio manifestado polos dous grupos, coas súas respectivas discrepancias —naturais— sobre a iniciativa, pero eu creo que pode ser de interese.

Gustaríame precisar algunha cuestión. Dixo vostede, señora Amigo, ao inicio, que hai que ser rigorosos nos datos, porque eu citeille os orzamentos para falar de persoal e veu aquí contestarme. Voulle dar o dato exacto que eu citei; citei 1.100 profesionais menos en atención primaria en once anos. Como vostede me dixo que tiña que ser preciso, vou dar o dato exacto: en 2009, na atención primaria, 9.610 profesionais —orzamento publicado da Xunta de Galicia aprobado neste parlamento—; o orzamento para o 2020 —aprobado neste parlamento—, en atención primaria, persoal, 8.448; 9.610 no orzamento do 2009, 8.448 no 2020; eu dixen 1.100, ten razón, non fun exacto, perdéronse 1.162 profesionais; eu estaba sendo un pouco máis livián co Goberno do PP e vostede foi un pouco máis dura. Pero, ben, se vostede quere que sexamos tan duros, está ben.

Tamén vexo que son vostedes duros co Goberno do PP porque presentan unha emenda que é basicamente —permítame a expresión— pintarlle a cara ao Goberno de Rajoy; e estamos de acordo, como non podía ser doutra maneira. Porque ¿que presentan vostedes como emenda aquí? Pois facerlle caso a un acordo interterritorial de abril de 2018. Ben, ¿que di ese acordo? ¡Oian!, para poder convocar prazas MIR é imprescindible acreditar moito e non se está facendo; e ten razón; abril de 2018. Pero, claro, é que en abril de 2018 levaba anos gobernando o Partido Popular, e vostedes apelan a un acordo interterritorial que di: ¡oian!, aceleren vostedes as acreditacións, que non o están facendo. Ben, xa compartimos algunha cousa máis. Hai un problema de miras ata ese momento, porque o Goberno Rajoy pois debeu deixar aquilo nun caixón e como non había ordenadores que os destruíran aí, ninguén o abriu en ningún momento. E ese era un grave problema. *(Aplausos.)* Ben, ¡xa temos un segundo avance! Xa sabemos quen paralizou os MIR, xa só lles queda recoñecer que o seguinte Goberno do señor Rajoy —non o cito, que non vaia ser amentar a bicha, que os pon un pouco nerviosos— convocou o MIR máis grande da historia. E está ben, porque o Goberno galego tamén fixo algunha cousa boa, que é aproveitar eses MIR e convocar o maior número de prazas posible, sobre todo en medicina familiar e comunitaria e en pediatría.

E, polo tanto, hai cousas que fixo ben todo o mundo e cousas que fixo mal probablemente todo o mundo. Pero está ben que poñan vostedes en toda esta iniciativa a única emenda que é para recordar que o problema estaba no Goberno Rajoy. E está ben. Eu non sei se foi camiño de Damasco —debe ser camiño ao centro— que están vostedes recuperando o seu punto; e está ben, nós estamos de acordo.

E algunha puntualización máis a dous temas importantes. Un, a taxa de reposición —¡como non!—, e, outro, sobre a estabilidade.

CSV: BOPGDSPGLiG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a taxa de reposición, eu creo que é importante citar que está ben apoiar as iniciativas que poidan levar a cabo. Dígoo porque a taxa de reposición se promoveu a partir do acordo —xa o citei aquí algunha vez pero debe ser que mo queren volver escoitar— na Comisión de reconstrución do Congreso, e lémbrolles que votaron en contra. Fíxense que non mencionei a ningún dos partidos en concreto, podo mirar a ambos os lados. Por tanto, está ben. Despois no pleno do Congreso é certo que ao Partido Popular se lle convenceu de que votara a favor porque estaba con outras condicións, non lle importaba a taxa de reposición, importábanlle outras cousas.

Por certo, permítanme un detalle, xa que sempre lembran isto de que llo pediron á ministra Dolors Montserrat. Eu xa comentei aquí varias veces —así deixándoo caer— a ver se me poden compartir esa carta que din que presentaron —dígoo porque me din sempre: si, si, xa lla facilitamos, pero aínda non—; esa carta, ese rexistro onde o pediron naquel momento, no 2017 —sempre o citan—, a ver se é posible que ma poidan compartir. A ver se non vai ser que vai haber que eliminar a taxa de reposición, que veña outra crise dentro de dez anos, que haxa que volver poñela, e en 2050 e non sei cantos alguén estea aquí pedindo esa carta e lle pasen a de 2017, ¡que tamén pode ser! *(Aplausos.)* É unha carta, é unha carta nada máis, non é necesario gastar en papel, pódena enviar incluso por correo electrónico. Pero xa me dixeron tres veces aquí que ma ían dar porque iso demostraba que eu non estaba dicindo ningunha verdade. E, entón, eu agradezo moito —eu mira que me equivoco cantidade de veces, pero está moi ben cando me equivoco— que mo poidan demostrar. Entón, a ver se ma poden facilitar, a ver se desta vez vai.

E, por último, citaba vostede, señora Amigo —e eu creo que ben—, o pacto recente destes días. Está ben, pero eu vou facer unha apreciación, dentro da naturalidade de que podemos aprobar isto por completo, porque a emenda non temos problema en aceptala e, polo tanto, votaremos todos a favor. Fíxese que este pacto fala de contratar enfermeiras-enfermeiros, sobre todo, a catro meses, algúns poden chegar a un ano, pero fíxese que son practicamente o 15 %, practicamente todos a catro meses. ¿Como andará o sistema sanitario que vostedes lle chaman estabilidade a contratos de catro meses? E este é o problema, que cremos que contratar a catro meses é estabilidade, ¡en sanidade, a catro meses! ¡Home!, pois igual é posible —xa que nós cando debatiamos o contrato de continuidade falabamos de dous ou tres anos, e vostedes de un a tres, que sempre era un— que agora debe ser que a cousa sanitaria debe ir moito mellor e non hai ningún problema en que en vez de contratar entre un e tres —que sempre é un— contratan entre catro meses e doce meses —que sempre son catro—.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: Cando peor vai a situación, vostedes contratan menos, e seguen chamándoo estabilidade, e é un problema.

Pero, en todo caso, se é posible que sexamos capaces de aprobar todo isto, sería un bo avance. Parece que si, que o imos facer. E súmome aos desexos que manifestou a señora Prado, a ver se ademais é posible que, ademais de aprobalo, despois se execute; que isto parecería sorprendente que non fose así, pero neste parlamento nunca se sabe.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGLiG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa distribución das transferencias non finalistas aos concellos e as necesidades derivadas da crise da covid-19

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Paula Prado del Río, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción (11/MOC-000009).

Emenda de substitución.

Débese substituír no texto da parte resolutiva o que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Iniciar un proceso negociador co municipalismo galego, co obxectivo de realizar unha auditoría conxunta para determinar as competencias impropias que está asumindo cada Administración así como os custos económicos respectivos.

2. Analizar, no seo da subcomisión permanente de réxime económico e financeiro as subvencións con fondos propios que poidan ser susceptibles de integrarse no Fondo de Cooperación Local así como a incorporación de indicadores que teñan en conta factores demográficos e de dispersión xeográfica na súa distribución.

3. Reiterar novamente ao Goberno do Estado a definición dun novo modelo de financiamento autonómico e local que dea certeza dos recursos cos que pode contar cada administración e que teña en conta as particularidades dos concellos galegos.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Moi boa tarde.

Esta iniciativa, esta moción do BNG, contén varias propostas. Ten oito puntos que se poden resumir en un. Pódense resumir nunha proposta, que é: máis recursos para os concellos. Isto, evidentemente, xa era necesario antes, pero agora é indispensable, nesta situación de emerxencia sanitaria, social e económica. Trátase con esta iniciativa, polo tanto, de acabar coa asfixia, co afogo financeiro, que sofren os concellos, que é parte tamén do afogo financeiro que sofre a Xunta de Galiza por un sistema de financiamento autonómico claramente inxusto e discriminatorio para o noso país. E non é hoxe o momento do debate, pero quero

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

deixar claro tamén a este respecto que o BNG defende un sistema de concerto, porque estamos convencidos de que sería un sistema moito máis beneficioso. Suporía centos de millóns de euros anuais para poder investir por parte da Xunta de Galiza e tamén polos concellos en máis investimentos, en máis servizos, en máis emprego e, en definitiva, en máis calidade de vida.

Pois ben, imos debullar esta proposta nos catro grandes apartados que contén. E quero deixar claro tamén que estas non son as propostas do BNG, estas son as propostas da Fegamp, son propostas que foron acordadas unanimemente, por todos os grupos políticos que estamos aquí representados, na Xunta Directiva da Fegamp e tamén na Asemblea Xeral da Fegamp —que tivo lugar o pasado ano 2019 e do que teño aquí o documento, que terán tamén vostedes—.

A primeira destas propostas concretas é a demanda tanto á Xunta coma ao Estado da transferencia de fondos extraordinarios para os concellos. Está claro que neste momento o Estado dispón de máis fondos extraordinarios. O Estado estalle transferindo fondos extraordinarios á Xunta de Galiza, pero aquí a única administración que ten que asumir máis competencias —moitas delas impostas por parte da Xunta de Galiza— e que non ten máis recursos para facelo son os concellos. E todos sabemos, todas sabemos, que neste momento de emerxencia a primeira porta a onde van petar as persoas é á do concello. As persoas que están en situación de extrema necesidade social, que non teñen traballo, que non teñen recursos, que non teñen que comer, van aos concellos ou aos bancos de alimentos —que tamén están, en moitos casos, financiados polos concellos, ou, polo menos, cofinanciados—.

Polo tanto, chama a atención que o Partido Popular, por exemplo, pida —hoxe viamos o caso dun concello— axudas dos concellos para o sector dos autónomos —concretamente no concello de Pontevedra pedía nada máis e nada menos que 7 millóns de euros de axudas— cando non o fai alí onde ten competencias para facelo, que é na Xunta de Galiza. ¡Menudo morro, menudo morro! Xa non lle digo o detalle das axudas que propoñen, porque é un auténtico disparate o que propoñen nestas iniciativas.

Polo tanto, o que estivemos vendo ao longo destes anos é que a Xunta lles pon obrigas aos concellos —tamén por aprobación de leis, como, por exemplo, de benestar animal, espectáculos, abastecemento de auga— que supoñen máis gasto para os concellos, pero non hai o conseguinte traspaso de fondos. E isto aféctalles a todos os concellos. Debería preocuparlles tamén a vostedes polos concellos onde están gobernando.

A segunda proposta ten que ver co cambio dunha cuestión estrutural, que é un sistema de financiamento local que é imperante no Estado español e que é claramente discriminatorio para Galiza. Levámolo dicindo décadas, levámolo aprobando décadas, e hai que cambialo. Demostramos —ou ten demostrado a Fegamp— o escandaloso e inxusto trato discriminatorio que sofren os concellos galegos por este sistema de repartición, polo que perden os concellos galegos 135 millóns cada ano do que lles correspondería pola súa poboación. Máis de 2.000 millóns de euros deixaron de ingresar os concellos galegos desde o ano 2004 por este sistema discriminatorio. E segue todo igual. ¿E saben por que segue todo igual? Porque vostedes, por moito que voten aquí unha cousa, cando están no Goberno en Madrid mante-

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ñen este sistema que discrimina a Galiza. E despois non queren que digamos que Madrid nos rouba. Pois claro que nos rouba. Madrid róubanos, e este é un exemplo clarísimo: 2.000 millóns de euros que van para outros lados. *(Aplausos.)* Isto xa sen ter en conta que ese sistema debería ter en conta a realidade de Galiza. Porque as leis que fan en Madrid, desde logo, non as fan pensando en Galiza. Non as fan pensando que nós temos case a metade das entidades de poboación do Estado, máis de 30.000 de 61.000. E iso supón máis gastos para abastecemento de auga, para iluminación, para estradas, para saneamento, para prestar servizos de telecomunicacións, para recoller o lixo, para todo... E isto non se ten en conta neste sistema. Polo tanto, hai que cambialo e teñen que aplicarse nesa tarefa uns e outros cando lles toca gobernar en Madrid. Uns e outros, os gobernos de turno, teñen os dous as súas responsabilidades.

A terceira proposta é outra demanda histórica da Fegamp, que é o cambio do sistema de participación dos concellos nos ingresos da Xunta. Miren, neste momento ese famoso Fondo de Cooperación Local reparte menos dun terzo do diñeiro que a Xunta transfire aos concellos, menos dun terzo. E isto non é defendible. O que pide a Fegamp é que as subvencións, polo menos as subvencións non finalistas, e tamén eses convenios que se asignan a dedo formen parte do Fondo de Cooperación Local e que haxa unha repartición máis equilibrada, máis xusta e, desde logo, non caciquil e partidista dos fondos públicos. É dicir, que, nos convenios —e xa lles relatei na anterior intervención casos escandalosos como o da Axencia Galega de Infraestruturas ou o da Consellería de Medio Ambiente, a través do Plan Hurbe—, o 90 %-95 % dos que asinan son para concellos do Partido Popular. E iso non é admisible a estas alturas dunha democracia avanzada do século XXI. Hai que cambialo, ¡hai que cambialo!

E isto tamén hai que cambialo mediante unha lei, que é o que está pedindo, por certo, a Fegamp. A Fegamp pediu unha lei para blindar esta cuestión, para que non dependa do goberno de turno, para que todos os gobernos teñan que cumprir unha lei e repartir de maneira equilibrada e xusta os fondos públicos, que é o que merecen os cidadáns. Os cidadáns non poden ter un trato distinto se viven nun concello ou no do lado porque cambie a cor política do goberno. Teñen que recibir o que é xusto, o que merecen e é o seu dereito. Non pode ser esta discriminación.

E, curiosamente, o señor presidente da Xunta no ano 2017, cando se reuniu co presidente da Fegamp, dixo solemnemente —está escrito nas notas de prensa da Xunta de Galiza—: «Feijóo (Feixóo) acorda co presidente da Fegamp impulsar unha lei autonómica para blindar a cooperación local». Foi no 2017. ¿Que foi desa lei? Vostedes atrévense a dicir —veu aquí o señor vicepresidente da Xunta a dicilo— que non podemos integrar as subvencións no Fondo de Cooperación Local porque na Fegamp non se poñen de acordo. ¡Como que non se poñen de acordo! Eu teño aquí as resolucións da última asemblea da Fegamp e miren o que di na cláusula vixésima: «Solicitar a progresiva integración no Fondo de Cooperación Local das axudas e subvencións anuais que a Comunidade Autónoma destina ás entidades locais, para o maior respecto á autonomía financeira e á suficiencia local». Loxicamente, os concellos queren saber canto van recibir anualmente.

Por certo, teñen vostedes un camiño a seguir, que é o das deputacións que fan ben estas cousas, que foron mellorando a forma de facer estas cousas. Creo que a que mellor o fai é a

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da Coruña. Lugo e Pontevedra tamén avanzaron moito nesta dirección, e Ourense está fóra do que é un sistema democrático de repartición de recursos públicos. Aínda que non lles guste, esta é a realidade. É escandalosamente, vergonzosamente, infumable o que fan vostedes na Deputación de Ourense. Pero isto vouno deixar para despois, que teño outra quenda.

E a última proposta é cambiar as leis que foron tamén impostas desde fóra de Galiza, incluso desde fóra do Estado, que estrangulan os concellos na súa capacidade de investimento e de gasto —por exemplo, a famosa «Lei Montoro», a Lei de estabilidade orzamentaria, e moitas outras máis—, sobre as que tamén houbo acordos unánimes na Fegamp —de todos os grupos políticos— para cambialas. E tamén está a posibilidade de utilizar os remanentes e os superávits, que agora é tan necesario, para poder investir eses cartos en tantas necesidades que hai.

Polo tanto, facemos unha proposta que entendo que é razoable, que entendo que representa o sentir maioritario —desde logo de todos os grupos políticos na Fegamp—, que pide máis recursos para os concellos pero tamén que pide máis xustiza, máis equidade, máis transparencia e máis autosuficiencia dos concellos para poder abordar as súas responsabilidades, as súas competencias, as súas necesidades, que son moitas, moitísimas, e moi importantes neste momento de grave emerxencia económica, social e sanitaria.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, gustaríame contextualizar a miña intervención, en representación do Grupo Parlamentario Popular, en relación co financiamento municipal. E é que defendemos, por riba de todo, a autonomía local e en ningún caso podemos consentir que este Parlamento supla o diálogo Xunta-Fegamp.

No pasado pleno xa advertiu o vicepresidente primeiro que a Administración autonómica e a Fegamp están a colaborar de modo permanente na defensa dos intereses municipais, unha colaboración institucional que goza de boa saúde e está presidida polo diálogo en materia de financiamento local a través da Subcomisión Permanente do Réxime Económico-Financeiro. Eu non sei se teño que felicitalo, señor Bará, porque o nomearan agora voceiro desta subcomisión ou voceiro da Fegamp. Non sei moi ben en representación de quen veu vostede aquí. O que si sei é que esta mañá se reuniu o presidente da Xunta co seu alcalde de Pontevedra, o señor Lores, e manifestaron a vontade de seguir no diálogo, e nun clima de colaboración bastante bo. Di vostede que non. Será que era falso postureo, non sei. Eu prefiro pensar que si, que efectivamente segue ese clima de colaboración e diálogo entre a Xunta e a Fegamp.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire, a Xunta leva demostrado nos últimos once anos de Goberno popular que está ao carón dos concellos. Galicia foi pioneira en fixar no ano 2011 un modelo de participación estable das entidades locais nos tributos autonómicos cunha garantía de mínimos, cunha verdadeira participación en ingresos. Os concellos reciben en función dos ingresos que ten a Xunta. E o Fondo de Cooperación Local vostede sabe que é incondicionado, e garántese como mínimo o que recibiu cada concello no ano 2010. Aínda que os ingresos da Xunta vaian a menos, os concellos van recibir exactamente o mesmo. Claro, vostede tívose que remontar ao 2004 para que lle deran as contas, señor Bará. ¡Claro, é que iso é facer trampas! Faga vostede as contas dende o ano 2009, que é dende que goberna o Partido Popular.

Mire, no ano 2009 o Fondo de Cooperación Local era de 112.972.806 euros. Este ano, no 2020, son 13,5 millóns de euros máis, 126.496.281. Quero dicir que as cifras son as que son, señor Bará, aquí non hai nin trampa nin cartón. Vostede pode dicir que é menos; pero, mire, 126 son 13,5 millóns de euros máis que 112.

Dicía vostede: «Máis recursos para os concellos». Intenta vostede xerar unha confusión en relación coa identificación do réxime de concorrencia competitiva, coma se fose desigual ou subxectivo. Pois, mire, no ano 2020 máis do 70 % das convocatorias de axudas da Xunta que teñen como beneficiarios os concellos galegos establecéronse en réxime de concorrencia competitiva, ¡máis do 70 %!

E, claro, vostede vén aquí cun discurso vitimista, de discriminación con base na cor política e fala da Deputación de Ourense. Falemos das deputacións de Lugo e de Pontevedra, falemos. Vostede fala de convenios. Deputación de Lugo: convenios en 2016, 2017 e 2018 con concellos do Partido Popular, 26,99 % de cartos desde a Deputación de Lugo; concellos do PSOE e BNG, 72,5 %. ¡E non é a porcentaxe que teñen vostedes de gobernos coa cor PSOE e BNG, señor Bará!

Pero, mire, na Deputación de Pontevedra, nos convenios do ano 2018: PP, 403.019 euros; PSOE e BNG, 14.961.111 euros. Pois, mire, por falar no seu idioma, ¡é escandaloso, señor Bará!, ¡escandaloso!, ¡é inadmisible nunha democracia do século XXI! *(Aplausos.)* Estes son os convenios da Deputación de Pontevedra. Por moito que intente vostede tapar isto coa de Ourense, coa Xunta..., ¡imposible!, ¡é imposible de tapar, señor Bará!

Miren, vostedes falan de máis recursos para os concellos. De educación vostede hoxe non falou aquí, supoño que falará no segundo turno, e seguro que tamén a voceira do Partido Socialista. Porque ela, precisamente ela, trouxo á comisión un informe da Deputación da Coruña para dicir que os gastos de desinfección anticovid nos centros educativos públicos de titularidade autonómica deben ser asumidos pola Xunta de Galicia. Claro, pero, tal e como o explicou na comisión, dicía que iso non podía ser dos concellos. Claro, é que os de titularidade autonómica teñen que ser efectivamente asumidos pola Xunta de Galicia. E así é, son asumidos pola Xunta de Galicia. Non poden manipular eses informes. Os gastos extraordinarios de centros de titularidade autonómica corresponden á Xunta; dos de titularidade municipal, aos concellos; e dos de titularidade privada, aos centros privados. ¿Ou é que pretenden que, con independencia da titularidade dos centros educativos, os asuma a Xunta de Galicia, señor Bará e señora voceira do Partido Socialista —que falará despois—?

CSV: BOPGDSPGLiG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Claro, pero é que tamén hai un informe da Deputación de Pontevedra —que non é sospeitosa de ser do Partido Popular, ¿verdade?—, e tamén un informe dos servizos xurídicos da Xunta de Galicia, que fala de que o artigo 25.2.n) da Lei de bases de réxime local establece, en materia de educación, que a conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, primaria e de educación especial corresponde aos concellos —igual que a Lei orgánica, do 3 de maio, de educación, no seu apartado 2) da disposición adicional décimo quinta.

Pero vai máis alá o informe da Deputación de Pontevedra, e no apartado 3) di: «A única referencia normativa que regula a desinfección da covid como lexislación básica do Estado nos centros docentes é o Real decreto-lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á dita crise. As administracións educativas deberán asegurar o cumprimento polos titulares dos centros docentes, públicos ou privados». Se teñen que garantilo, terán que garantir que sexan os seus titulares os que os desinfecten; se son públicos e titularidade do concello, o concello; se son privados, as empresas que xestionen eses centros educativos privados. E nos da Xunta, tamén a Xunta está facéndose cargo desa desinfección. O que non di o informe é se ten que ser a Xunta ou o Estado —que as dúas son autoridades sanitarias— quen sufrague eses gastos. E ¿quen é o que dá esa competencia impropia ao concello? Pois o decreto do Estado. E se é o Estado o que dá esa competencia impropia, é o Estado quen ten que dar os recursos para asumir esa competencia impropia, póñanse como se poñan, señorías. O que pasa é que é máis fácil pedirllo á Comunidade Autónoma porque é do PP. Así de claro e así de sinxelo.

Miren, vostedes pídenlle á Xunta o que non son capaces de pedirlle ao Estado, señor Bará. ¿Por que non lle piden ao Estado iso? ¡Ah, no! Iso non llo pedimos. *España nos roba*, *Madrid nos roba*, pero o Goberno de Sánchez non nos rouba, ¿non? Aquí só rouban entes descoñecidos. ¡Pois non, señor Bará!

Mire, o problema, e o que quedou absolutamente claro, é que as deputacións xa non queren asumir a función de auxiliar os concellos que teñen dificultades para ampliar as súas competencias. ¿As deputacións están para emitir informes de balóns fóra e pouco máis? As deputacións teñen que garantir a prestación integral e adecuada de servizos públicos en todo o territorio da provincia, tal e como as obriga o artigo 109 da Lei de Administración local de Galicia. E pregúntome: ¿que pasa entón co incremento de gasto que xera a recollida de residuos urbanos?, ¿quen o asume? ¿Que pasa co incremento de traballo que ten a policía local nos concellos? Porque ten que asumir moitos máis traballos, tanto o de garantir o tema dos aforos como o do cumprimento das normas covid. ¿E o incremento do gasto social, señor Bará?

Sobre iso gustaríame falar. Mire, ¿quen ten que asumir ese gasto? Pois a Xunta asumiu moitos deses gastos no ámbito social. ¿Sabe vostede que, dos 17 millóns de euros que trasladou o Goberno de España á Xunta de Galicia para gasto social, a Xunta destinou aos concellos 8,8 millóns de euros? É dicir, máis da metade dos cartos que a Xunta recibiu do Estado para gasto social destinounos aos concellos.

Claro, di vostede que son a primeira porta na que petan os cidadáns, a dos concellos. Pois si, pero eu pregúntome, ¿os concellos foron quen de xestionar ben eses cartos que lles deu a

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xunta? Mire, deses 8,8 millóns de euros, 6 millóns foron para o servizo de axuda no fogar. Voulle contar un caso —moi triste, por certo— que vivimos no concello de Santiago, o dun matrimonio de 84 anos. Os dous residían na súa casa, ela cunha infección respiratoria e el recén operado de cáncer de colon e cunha bolsa que tiña que cambiar dúas veces ao día. Non saben se a coidadora ou un dos fillos os infectan de covid. Ela falece á semana e el queda só. Os fillos quedan confinados nas súas casas por estar en contacto cun covid; e a coidadora, igual. Trasladan á traballadora social do Concello de Santiago unha axuda extraordinaria por servizo de axuda no fogar, e foille denegada.

Señor Bará, non volvan dicir aquí que non deixan quedar a ninguén atrás. O Concello de Santiago está gobernado polo Partido Socialista e apoiado polo Bloque Nacionalista Galego. ¿Que fixeron cos cartos que lle trasladou a Xunta de Galicia para ese gasto social extraordinario da covid? ¡Dígano, dígano!, porque, claro, igual que deixaron esa xente atrás, eu quero preguntarme: se esa familia non tiña dereito a un servizo de axuda no fogar para cambiar unha bolsa dúas veces ao día nunha situación de infección por covid, dígame vostede a quen lle dan esas axudas. *(Aplausos.)*

Di vostede que España nos rouba. ¿Cal é o significado de roubar? Pois, mire, segundo a RAG, é apropiarse de algo que pertence a outra persoa ou que en xustiza lle corresponde. Pois apropiáronse de 200 millóns do IVE, apropiáronse de 100 millóns para a formación de desempregados, apropiáronse de orzamento para o Plan de vivendas, apropiáronse de 236 millóns para educación e —a raíña das apropiacións— de 1.300 millóns dos aforros dos concellos. O que pasa é que esta falcatruada non lles saíu ben, señor Bará. Pero aí tiveron a intervención estelar dun socialista que brilla con luz propia, o señor Caballero sénior —pero co apoio do señor Caballero júnior—. Porque, mire, vostede di «*Madrid nos roba*». Eu non sei se *España nos roba*, se *Madrid nos roba*, se *Sánchez nos roba.* O que está claro é que hai inxustizas moi graves que se están cometendo con Galicia, cos galegos e coas galegas...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...porque hai quen está poñendo os intereses dos socialistas, dos nacionalistas, dos independentistas e dos comunistas por riba dos intereses dos galegos e das galegas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

A verdade é que, señora Prado del Río, hoxe parece que vostede vén un pouco alporizada.

CSV: BOPGDSPGLiG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En calquera caso, señor Bará, estamos totalmente de acordo con vostede en que as iniciativas que traemos aquí os grupos da oposición a esta Cámara son pois para apoiar e para achegar máis recursos para os concellos de acordo cos acordos que se aproban no seo da Fegamp. E, ademais, son aprobados por unanimidade de todos os grupos políticos, incluído tamén o Partido Popular, señora Prado del Río.

E vostede di se aquí temos que facer unha reunión diferente da da Fegamp. Bueno, algo así lle entendín. Pero é que, mire, os acordos da Fegamp teñen que materializarse nas institucións que lexislan para poder ser levados a cabo; e, polo tanto, evidentemente, teñen que vir a este Parlamento para poder ser aprobados. Aínda que xa sabemos que co rodillo do Partido Popular, que vota unhas cousas na Fegamp e outras diferentes no Parlamento, seguramente non saian a adiante.

E, mire, señora Prado, o que falaba vostede do Fondo de Cooperación Local non é verdade. No ano 2000 chegouse ao acordo de que o Fondo de Cooperación Local fose un fondo incondicionado, ¡incondicionado! E o que fai a Xunta de Galicia nos últimos anos é facer unhas contías complementarias que non son incondicionadas, e que, polo tanto, non se poden meter dentro do Fondo de Cooperación Local, porque son para concellos fusionados —aqueles marabillosos que anunciaba o presidente da Xunta de Galicia e que ían acabar con todos os problemas do municipalismo galego—, para os que teñen centros penitenciarios, para os que teñen que atender os compromisos que vostedes non atenden do asinado no Pacto local para atender os custos de funcionamento dos centros de educación primaria, ou para atender os centros de saúde, que de momento aínda están a cargo dos concellos.

Volvendo ao que é a propia iniciativa, a Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. O Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma de Galicia, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para subvencións incondicionadas.

E a propia Lei reguladora das bases de réxime local —que, por certo, foi modificada no 2013 cando estaba gobernando o Partido Popular no Estado, o señor Mariano Rajoy— pois di que, «para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores de acción pública segundo a distribución constitucional das competencias, deberá asegurarlles aos concellos o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente o círculo dos seus intereses, atribuíndolles as competencias que procedan en atención ás características da actividade pública da que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estreita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira». E despois, no artigo 105 di que, conforme a lexislación prevista no artigo 5, «dotará as facendas locais dos recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais».

Así, o principio de suficiencia financeira implica que as entidades locais galegas deberían dispoñer de medios suficientes para o desempeño das funcións que as leis lles atribúen, e

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que deben nutrirse dos tributos e da participación nos ingresos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

Vostedes saben perfectamente que a Administración local galega se caracteriza por un importante raquitismo orzamentario no que os cometidos superan os recursos financeiros cos que contan para poder acometelos, constituíndose, non obstante, a Administración local no protagonista máis importante ante a cidadanía debido ao seu achegamento.

O Pacto local, asinado entre a Federación Galega de Municipios e Provincias —a Fegamp— e o Goberno, encabezado por Emilio Pérez Touriño no ano 2006, constituíu un paso fundamental cara á formulación de diversas iniciativas que se puxeron en marcha dende o Goberno da Xunta de Galicia. Por certo, señora Prado del Río, hoxe en día ese pacto local, asinado no ano 2006, aínda non está desenvolvido na súa totalidade.

O 14 de febreiro do 2017 a Comisión Executiva da Fegamp aprobou por unanimidade dos grupos políticos —insisto, do Partido Popular tamén— un documento coas demandas en materia de financiamento de cara ao debate para reformar a Lei de facendas locais. As ditas propostas materializáronse nun documento —que seguramente todos os deputados e deputadas desta Cámara coñecen— titulado *Resumo executivo da Comisión de análise para o estudo e proposta de medidas de cara á reforma da normativa que rexe as facendas locais.* É un documento que consta de tres puntos e con cen propostas —antecedentes, introdución e propostas—. E neste último punto, nas propostas, trátanse varios apartados, entre os que se inclúe o financiamento local, a participación nos ingresos da Comunidade Autónoma e as transferencias a través de subvencións. Por certo, traeremos máis iniciativas para que vexa vostede que esas transferencias das que vostede fala, no caso da Xunta de Galicia e de todo o sector autonómico, teñen moito, moito, moito, para sacarlles as colores. Porque en todas aquelas que se fan por medio de convenios, a maioría dos concellos subvencionados —podemos dicir que no 80 % dos casos— teñen un goberno do Partido Popular. E non sabemos se ese é un criterio obxectivo para a repartición deses convenios a dedo.

Ben, en todas estas bases que xa foron aprobadas na Fegamp —do que falaba anteriormente—, outras administracións, nomeadamente as deputacións —a da Coruña, a de Lugo e a de Pontevedra—, apostaron por este cambio —aprobado no seo da Fegamp— aprobando o Plan único de concellos, no que se unifican os antigos plans de investimento e determinadas liñas de subvencións nunha única convocatoria anual. E, ademais, permítelles aos concellos non só unha mellor planificación —que tamén é importante— senón unha maior axilidade na tramitación, unha maior autonomía local para decidir eles —os propios gobernos locais, que gozan desa autonomía— onde queren destinar estes fondos, e unha maior transparencia na asignación dos recursos.

Na última asemblea, na X Asemblea xeral da Fegamp, desenvolvida o 29 de novembro de 2019, as reivindicacións aprobadas por unanimidade dos grupos políticos —de todos os grupos— van no mesmo sentido do documento aprobado no ano 2017, e poñen de relevo que as entidades locais son unha administración clave dentro da organización territorial do Estado, fundamentalmente como administración máis achegada á cidadanía. Despois das crises económicas que vivimos no 2008 e na que estamos padecendo nestes momentos debido á covid-

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

19, grazas á inmediata resposta dos concellos moitas persoas evitaron a súa exclusión económica e a súa exclusión social. Os concellos, a pesar do seu raquitismo orzamentario, actuaron para atender a súa veciñanza, actuaron para atender as persoas máis vulnerables e evitar esa exclusión económica e esa exclusión social. Incrementaron as contías en emerxencia social, volveron crear roupeiros municipais, fixaron campañas de recollida de alimentos, pagan alugueiros para evitar lanzamentos, axudan as familias para que os seus fillos poidan ser escolarizados en condicións de normalidade, financian os servizos «Xantar sobre rodas», actuaron para facer as reformas e as melloras nos centros educativos —que a Xunta non atendía— para evitar esa precarización nos centros públicos, actuaron para atender as vítimas de violencia de xénero —amparando as mulleres e amparando os seus fillos e as súas fillas—, actuaron asumindo maior financiamento nas escolas infantís e nos centros de día, e actuaron asumindo un número importante de competencias impropias para atender as necesidades da súa cidadanía.

Polo tanto, os socialistas imos votar a favor desta moción, que vai no mesmo sentido que moitas iniciativas traídas a este Parlamento polo noso grupo durante esta última lexislatura. De feito, dentro duns momentos tamén teremos ocasión de debater unha proposición non de lei traída polos socialistas.

E, por certo, algo que lles quería comentar é unha nota de prensa, publicada polo Ministerio de Facenda, do 5 de outubro de 2020, referida á propia ministra de Facenda, que di: «A ministra de Facenda destaca o seu compromiso para dotar os concellos de recursos suficientes para afrontar os efectos da covid-19». *(Murmurios.) (A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non actuamos igual, señora Prado del Río, non actuamos igual. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Mentres o Goberno do Estado atende as comunidades autónomas e os concellos para que ninguén quede atrás, vostedes sacan axudas ridículas que non permiten que os sectores, as persoas autónomas e as persoas que están en risco de pobreza saian desa situación.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ¡Aprendan do Estado! ¡Aprendan do Estado!
Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¡Silencio!

¡Por favor! Xa saben o tema de... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, non é con vostede. Estou falando con eles. É polo tema dos aerosois. Por favor, teñamos en conta

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

isto. Teñamos en conta isto. Non se poden lanzar así ao aire, ¡coidado! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Por favor, prudencia, que nos está mirando moita xente!

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da moción, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señora Prado, eu non sei para que pensa vostede que é este Parlamento. Se pensa que é para que lle regalemos os oídos ao Grupo Popular, non é para iso. Este Parlamento, entre outras cousas, é para traer aquí propostas de acordo, por exemplo, de cuestións que están negociadas e acordadas no seo da Fegamp. Temos toda a lexitimidade, desde logo, e toda a obrigación de traelas aquí para que sexan aprobadas e trasladadas ao Goberno. ¡Pero que vai ser isto! *(Murmurios.)* ¿A vostedes moléstalles que traiamos aquí acordos da asemblea da Fegamp? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Entón, ¿cal é o problema? *(Murmurios.)* ¿Cal é o problema? Supoño que estarán de acordo, porque isto xa foi acordado por parte de todos os grupos na Fegamp. ¡En fin!

Mire, vostede veu aquí, completamente á defensiva, a falarme de cousas das que eu non falara. Así que non atinou ben coa súa intervención. E despois, mire, outra cousa que non se pode facer é mentir, porque mentir é pecado. *(Risos.)* Mentir —polo menos na doutrina cristiá dos dez mandamentos— é pecado. *(Risos.)* *(Murmurios.)* Polo tanto, teñan moito coidado porque van ter que confesarse, *(Murmurios.)* porque non se pode mentir dicindo que a Deputación de Pontevedra asinou convenios... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Porque ¡non é certo! ¡Non é certo! *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor BARÁ TORRES: A Deputación de Pontevedra o que fixo foi incrementar, con respecto ao Partido Popular, o Fondo de concellos en máis de 12 millóns para unha repartición equitativa e xusta. E, despois, cos remanentes o que fixeron foi unha convocatoria de proxectos aos que se puideron presentar todos os concellos, e que foron baremados e valorados por funcionarios públicos. ¿Que están dicindo vostedes?, ¿que os funcionarios públicos actuaron de mala fe para beneficiar uns concellos e para prexudicar outros? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Iso é unha infamia e unha calumnia. E deberían retiralo porque non é certo. *(Murmurios.)*

E non lles vou falar xa do que pasa —desde logo que é un exemplo para seguir— na Coruña, en Lugo e en Pontevedra respecto de Ourense. Ourense reparte o 6 % do seu orzamento en fondo local, ¡o 6 %!, cando na Coruña está no 45 %. E, mire, voulle dicir máis. Eu faríalles a proposta aos concellos de Ourense —aos do PP tamén, eh!— de que escollan se lles gustaría máis estar —proporcionalmente respecto da poboación e orzamento— na repartición da Coruña ou na de Ourense, ou na de Pontevedra ou na de Lugo. Marcharían correndo para outra provincia, porque é un trato máis xusto, unha repartición máis xusta. ¡Claro que si! E a vostedes moléstalles iso. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Dígalle o do...

O señor PRESIDENTE: Xa llo dixen tres veces.

O señor BARÁ TORRES: ¡Non fai caso! *(Risos.)* *(Aplausos.)* *(Murmurios.)*

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Miren, é que os datos son irrebatibles, e cando hai números calan barbas —ou como sexa o dito—. *(Murmurios.)* A Deputación da Coruña —2015, último ano do Partido Popular—: 36 millóns de euros do Fondo de concellos, Plan único; 2020, 100 millóns, ¡100 millóns! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Claro! Non me estraña que os concellos do Partido Popular fagan unha festa. Dirán: ¡Que goberne a esquerda nas deputacións, porque dan máis cartos que os nosos propios gobernos! *(Aplausos.)* Efectivamente, Pontevedra: 30 millóns en 2015 —gobernando o Partido Popular na Deputación—, e 42 millóns no 2020. Polo tanto, todos os concellos do Partido Popular fan unha festa porque reciben máis fondos das deputacións cando goberna o BNG ou o PSOE que cando goberna o Partido Popular. ¡Fíxense no que é utilizar as institucións para tratar a todo o mundo por igual! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Fíxense no que é utilizar as institucións para tratar a todo o mundo por igual. *(Murmurios.)* Despois vostedes intentan confundir mesturando o fondo único coas convocatorias de proxectos. *(Murmurios.)* Non, non, proxectos... *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)*; proxectos de DepoRemse...

O señor PRESIDENTE: Señor Pazos, silencio por favor. Silencio.

O señor BARÁ TORRES: ...e proxectos de fondos para concellos de menos de 20 000 habitantes, por certo. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Pero que nerviosos os puxo esta intervención, por favor! ¡Tranquilidade! Vamos con calma. *(O señor Bará Torres vírase cara ao presidente desde o estrado.)* Non, non é con vostede...

O señor BARÁ TORRES: Xa, xa...

O señor PRESIDENTE: Estou pedindo un pouco de tranquilidade. Hai que tomar isto con calma, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Pero, pare o reloxo.

O señor PRESIDENTE: Tamén. Ten razón. *(Risos.)* Compénsoo despois.

O señor BARÁ TORRES: Xa para ir rematando.

Non lle imos aceptar a súa emenda porque nos parece unha emenda reducionista, unha emenda falta de ambición que quere baleirar de contido cuestións que xa están acordadas na Fegamp. Polo tanto, non ten sentido limitar o ámbito de acordos e a ambición dos acordos que propoñemos nesta iniciativa. Polo tanto, non as imos aceptar.

Pero o problema non é a falta de ambición das súas emendas, o problema é a falta de alma dos seus discursos, a falta de alma; porque veñen aquí criticar que se un concello eliminou non sei que, unha subvención, unha axuda do SAF... ¡Pero se vostedes acaban de comunicarlles aos concellos que van retirar a partir do 30 de novembro o SAF extraordinario! ¡Iso é ser un goberno absolutamente sen alma! *(Aplausos.)* *(A señora Prado del Río nega coa man.)* ¿Como que non, se está aí a comunicación que lles acaban de facer? ¿Como se atreven a vir

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

aquí criticar que un concello non lle deu o SAF a unha persoa se vostedes llelo están quitando a miles de persoas nun momento de extrema necesidade como é esta? *(Aplausos.)* Persoas que están sufrindo unha situación...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...insostible. Iso é un goberno non sen ambición, é un goberno sen alma, e por iso non pasamos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate sobre as mocións, comezamos as votacións.

En primeiro lugar, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Monserrat Prado Cores.

Foi aceptada a votación por puntos e comunícanme se podemos votar, en primeiro lugar, os seguintes puntos: 1, 4, 5, 6 e 9. Entón, imos votar, en concreto, estes puntos: 1, 4, 5, 6 e 9.

Votamos.

Votación dos puntos 1, 4, 5, 6 e 9 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Monserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno para garantir a asistencia sanitaria á cidadanía.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes puntos.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos: o 2, 3, 7 e 8.

Votamos.

Votación dos puntos 2, 3, 7 e 8 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Monserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno para garantir a asistencia sanitaria á cidadanía.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Julio Torrado.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa formación e contratación de persoal para o sistema sanitario público de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

(A señora Prado del Río pide a palabra.)

Si, señora Prado, ¿para que quere a palabra?

A señora PRADO DEL RÍO: Quería pedir se podemos votar por separado o punto 8.

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta vostede, señor Bará, que se vote por separado o punto número 8? *(Asentimento.)*

Pois, entón, procedemos a votar, en primeiro lugar, o punto número 8.

Votamos.

Votación do punto número 8 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa distribución das transferencias non finalistas aos concellos e as necesidades derivadas da crise da covid-19.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto número 8.

CSV: BOPGDSPGLiG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás o punto número 8, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa distribución das transferencias non finalistas aos concellos e as necesidades derivadas da crise da covid-19.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Terminaron as votacións das mocións e continuamos coa orde do día, co punto 4º, que é de comparecencias.

Acumulación de dúas comparecencias para a súa exposición conxunta

Comparecencia da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición propia, para informar da situación e das medidas adoptadas polo Goberno galego ante a situación de turbidez do río Eume e o seu impacto no abastecemento de auga en Pontedeume

Comparecencia da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición das deputadas e dos deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta do estado de deterioración ambiental e contaminación do río Eume

O señor PRESIDENTE: Para formular a comparecencia, ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel Vázquez Mourelle.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Presidente, señorías, comparezo, a petición propia, nesta Cámara para dar conta das decisións que adoptamos e das actuacións que levamos a cabo dende o Goberno galego ante o episodio de turbidez que presentou o río Eume e o impacto desta circunstancia no abastecemento de auga ao concello de Pontedeume. Unha situación grave, sen paliativos, que supuxo que a poboación de Pontedeume e parte da de Cabanas estivesen sen auga potable uns dez días. Un episodio no que a Xunta de Galicia se implicou dende o primeiro momento á procura, por unha banda, de ser áxiles, de ser eficaces e, por outra banda, para que os responsables do sucedido asumisen as ineludibles consecuencias das súas accións.

Polo tanto, é unha comparecencia —eu creo que acaída— para trasladar a esta Cámara transparencia —como sempre estamos a traballar— e detalle de todas as accións, actuacións e medidas que implantamos desde a Xunta de Galicia e para explicárllelo aos políticos desta Cámara.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En primeiro lugar, para a tranquilidade de todos os veciños de Pontedeume —xa o dixo a directora de Augas de Galicia—, o episodio de turbidez en ningún momento supuxo ou conlevou presenza de toxicidade na auga. As constantes análises realizadas, que se seguen, por suposto, a facer, así o constatan; tamén os técnicos de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente confirman que non se produciron danos na fauna nin mortalidade piscícola e tampouco se detectou, como confirman dende a Consellería do Mar, variacións que provocasen algún tipo de afección a moluscos ou a outros organismos mariños na ría.

Os resultados das mostras de sedimento que tomamos tamén revelan niveis de parámetros habituais da xeoloxía da zona, e sen quitarlle relevancia e gravidade ao asunto, non parece nada xustificado ese alarmismo que algúns trasladan e ao que se queren aferrar.

Eu podo asegurarlles, señorías, que a nosa prioridade sempre é garantir a saúde dos cidadáns e a calidade da auga aos nosos veciños. Eu comparezo aquí coa máxima tranquilidade, coa máxima confianza e coa máxima seguridade do deber cumprido. Isto non me impide, dende logo, poñerme no papel de moitos veciños de Pontedeume, que estiveron dez días sen auga e con esas incomodidades, e lamentalo, pero trasladamos confianza, tranquilidade e seguridade. En segundo lugar, tamén actuamos con inmediatez, con responsabilidade e con contundencia e tamén con espírito de colaboración en todo momento, porque saben perfectamente que os responsables directos do abastecemento de auga á poboación e de garantir a calidade de auga á poboación son as entidades locais —é a traída municipal—.

E todas estas accións fixémolas a pé de río. A pé de río estiveron dende o primeiro momento tanto os técnicos de Augas de Galicia —os técnicos de calidade das augas—, como a directora de Augas e como eu mesma, que nos trasladamos ao lugar. Dende o primeiro momento instamos a empresa explotadora para que adoptara as medidas oportunas para minimizar a turbidez do río Eume. Dende o primeiro momento —e así o dixen o mesmo día que me trasladei— abrimos unha investigación e, polo tanto, actuamos con inmediatez porque as circunstancias así o requirían.

Saben todos que a auga é un servizo básico esencial, e a dispoñibilidade e a calidade ten que estar garantida. E é unha competencia, unha obriga, das administracións locais, das administracións públicas. A Xunta de Galicia ten a súa obriga de constatar que a auga que se consome ten garantías e que se cumpre a calidade nos parámetros fixados. Polo tanto, para as administracións públicas é unha obriga, e para os cidadáns é un dereito consumir auga de calidade, cos parámetros de calidade, e con garantías sanitarias. Polo tanto, as restricións no consumo de auga dende logo que obrigan a actuar con rapidez, pero é dobremente necesario ante un episodio como o que vimos, no que os veciños de Pontedeume quedaban sen auga potable. Hai que ter presente que o abastecemento no concello de Pontedeume dá servizo a 11.000 habitantes e distribúe máis de 3.000 metros cúbicos de auga ao día.

Actuamos, como dicía, con contundencia, con transparencia, pero tamén con responsabilidade, como consecuencia directa do cumprimento das nosas obrigas. No ámbito da afección actuamos con dilixencia e responsabilidade, porque así o obrigaba a situación. Estabamos nunha zona que afectaba o Parque Natural das Fragas do Eume, con relevancia, con singularidade, de protección ambiental, e tamén para preservar a actividade marisqueira. E fixé-

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

molo, aínda que o saneamento, a depuración e, como é este caso do que estamos a falar, o abastecemento de auga á poboación con calidade sexan unha responsabilidade municipal.

En calquera caso, eu creo que de todos é sabido que a Xunta está apoiando de xeito moi decidido a todas as entidades locais en materia de infraestruturas hidráulicas para unha óptima xestión das infraestruturas hidráulicas. E un bo exemplo precisamente é o de Pontedeume, onde estamos a acometer infraestruturas hidráulicas, financiadas integramente por Augas de Galicia, pola Xunta de Galicia, en saneamento —que tamén é unha competencia municipal—. E non desvelo ningún segredo se lles digo que unha boa parte do orzamento da consellería que teño a honra de dirixir vai precisamente para iso, para garantir e posibilitar que os servizos de abastecemento, de saneamento e de depuración sexan o máis eficaces posible. Aí están os datos, señorías: 1.100 millóns de euros dende o ano 2009, 300 actuacións en materia de abastecemento en 165 concellos dende o ano 2009, e 45 depuradoras e, polo tanto, 1,7 millóns de galegos cun sistema de depuración, o que supón dous terzos da nosa poboación.

E, como dixen, actuamos con contundencia. E actuamos con contundencia non soamente para buscar solucións —que tamén, por suposto—, senón tamén para depurar responsabilidades. No mesmo momento no que detectamos a turbidez —que estaba relacionada coa mala praxe da explotación do encoro— déuselle instrucións directas á empresa explotadora para que adoptara todas as medidas pertinentes para acadar o antes posible que esa turbidez se baixara.

Como dixen, o seguinte paso foi tamén a investigación para esclarecer todos os feitos concretos que causaron a turbidez e repercutilo a quen fose responsable desa situación. A nosa postura, polo tanto, é clara e inequívoca de que ningunha agresión contra a calidade da auga e o medio ambiente pode quedar impune.

E, señorías, para garantir o abastecemento con calidade —que saben que é responsabilidade municipal, neste caso do Concello de Pontedeume— o Concello encontrou na Xunta de Galicia colaboración total. Sempre, dende o primeiro momento, estivo ao lado do Concello de Pontedeume, porque era imposible pola súa parte cumprir este deber. Estivemos en contacto directo e permanente co Concello de Pontedeume e tamén coa empresa concesionaria explotadora da auga alí nese concello. Sempre estivemos implicando nas nosas decisións os responsables municipais, e consensuando todas as accións e sendo sempre proactivos para buscar solucións, porque era imprescindible garantir a calidade da auga a todos os veciños de Pontedeume e de parte de Cabanas —que se abastecen de auga potable desde ese sistema de explotación—. E sempre estivemos dispostos a aportar medios técnicos, medios materiais, o que fose necesario para solucionar este problema.

Esta colaboración faise extensible a todos os municipios. E estámolo a facer, co obxectivo común de garantir o abastecemento, a calidade da auga e a calidade ambiental, en todos os concellos de Galicia que precisan colaboración.

Para a maior transparencia sobre o acontecido no episodio de turbidez do río Eume, que lles quitou durante dez días a posibilidade de abastecerse de auga aos veciños de Pontedeume, pois centrarei a miña intervención en explicar polo miúdo todo o que fixemos.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, señorías, estes son os feitos.

Nos primeiros días, no mes de outubro, ante o preocupante nivel de turbidez que presentaba o río, alertáronse os concellos afectados e traballamos en diferentes liñas de actuación. Un dos primeiros pasos —por suposto, lóxico— foi reforzar as inspeccións e as analíticas que se fan da auga do Eume para coñecer a orixe e o alcance destas alteracións que se rexistraban. A conclusión —á parte da obvia turbidez da auga que todos sabemos— é que non había nin hai alteración de PH nin de oxíxeno, nin tampouco houbo mortalidade de especies. Saben que xa hai un seguimento habitual da calidade das augas, que o marca o Plan hidrolóxico Galicia-costa. No encoro do Eume víñanse facendo rutineiramente esas analíticas en distintos puntos do río e do encoro, e con frecuencias diversas. Hai tres puntos de control —concretamente un augas arriba do encoro e dous augas abaixo—. Pero dende o momento no que detectamos esta situación de turbidez reforzouse cun plan de vixilancia extraordinario, reforzando, dende logo, as analíticas e as inspeccións no encoro e tamén no río. No encoro houbo dous puntos de control, con realización de analíticas diariamente en toda a columna de auga en vertical, en diferentes profundidades, de parámetros como temperatura, PH, oxíxeno, clorofila e turbidez. Semanalmente tamén se facía de substancias metálicas. E tamén se fixeron no río. Polo tanto, no encoro e no río reforzamos de forma substancial e extraordinaria todas as nosas inspeccións e analíticas. No río, en cinco puntos de control, analizábanse diariamente multitude de parámetros; e semanalmente tamén as substancias metálicas sólidas. A maiores, semanalmente, tamén se fixo a catalogación dos sólidos por difracción de raios X para determinar os diferentes tipos de compostos —en tres puntos diferentes: na saída do encoro, na restitución e na captación—. E tamén se fixo análise puntual nos sedimentos do encoro.

A estes controis rutineiros e extraordinarios que fixemos hai que sumar os que fixeron outros departamentos —dos que xa informamos—, os que realizou a Consellería de Sanidade, os que realizou a Consellería de Medio Ambiente e os que realizou a Consellería do Mar. E a maiores tamén os dos especialistas en emerxencias ambientais, acompañados de técnicos da calidade das augas que percorreron o río para contarlles con todo detalle os valores das medidas que había no río e no encoro, e para adoptar todas as medidas que fose preciso.

O 9 de outubro constatouse que os niveis de turbidez acadaban parámetros que eran incompatibles co consumo humano, e sen maior dilación comunicamos esta situación ao Concello de Pontedeume. E o Concello de Pontedeume pois tomou a decisión de prohibir a utilización do seu abastecemento para consumo humano, unha medida que se fixo efectiva o 10 de novembro.

Cando o Concello de Pontedeume adoptou esta decisión xa estaban os técnicos da Xunta de Galicia ao lado do Concello de Pontedeume traballando. E así, tendo en conta o desenvolvemento dos acontecementos e das propostas e dos datos que ían aportando os profesionais de Augas de Galicia, adoptouse de forma inmediata, o máis rápido posible, a decisión de colocar as barreiras de contención no punto de captación, porque era o punto máis sensible, e protexer ese punto para facilitar a potabilización e o tratamento da auga para o abastecemento. Sen supoñer unha solución inmediata, dende logo que contribuíu a unha progresiva recuperación para o abastecemento.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tamén se aplicaron tratamentos físico-químicos, nos que tivemos que implicarnos dende a Xunta de Galicia para reducir a turbidez de entrada da auga, e o tratamento da propia depuradora para conseguir que esta fora apta para o consumo humano. Non obstante, ante a persistencia da turbidez e as consecuencias que supoñía no abastecemento de Pontedeume, o día 13 —polo tanto, tres días despois— declaramos a emerxencia, cun investimento xa concretado e analizado e para destinar ao Concello de Pontedeume de 1,5 millóns de euros. Esta emerxencia podería tela declarada o Concello de Pontedeume, pero declarámola nós. O Concello de Pontedeume —non se sorprenda, é unha administración local— ten capacidades para declarar emerxencias e para actuar de forma inmediata e de forma urxente, pero decidímolo dende a Xunta de Galicia porque había que actuar e porque queriamos restituír o abastecemento á poboación canto antes.

Esta declaración de emerxencia permitiunos actuar de forma urxente, eficaz, con celeridade e adoptar todas as medidas que vimos precisas para paliar a situación e corrixir as deficiencias detectadas, sobre todo na potabilizadora municipal, que foron as deficiencias que detectamos claramente cando analizamos todo o que estaba a pasar en relación co abastecemento de auga a Pontedeume na potabilizadora de titularidade municipal. Actuabamos aí cunhas obras que xa practicamente están rematadas. E con todas estas xestións, con este traballo, con celeridade, transparencia e urxencia, conseguimos que a auga fose potable para consumo e restablecer o abastecemento de auga aos veciños de Pontedeume e tamén de parte de Cabanas.

Por descontado, queriamos garantir a calidade das augas no río Eume e tamén na súa desembocadura, evitando calquera risco que puxera en perigo os recursos hídricos e os ecosistemas acuáticos e terrestres vinculados a estas masas de auga, e fixémolo, como dicía ao principio, a pé de río. Desprazámonos ao lugar técnicos de Augas de Galicia, a directora de Augas de Galicia e eu mesma, a pé de río, para axudar e para resolver esta situación o máis rápido posible e, ademais, para facer seguimento, porque somos transparentes e porque comunicamos de forma transparente, non o dubiden. Á iniciativa da Xunta de Galicia —que podía ser á iniciativa do Concello de Pontedeume, pero non o foi— creamos unha comisión de seguimento onde participan o Concello de Pontedeume, o Concello de Cabanas, a empresa responsable da xestión do encoro, técnicos de calidade das augas, tamén persoal técnico da Consellería de Medio Ambiente e o Intecmar. Á instancia da Xunta de Galicia creamos esa comisión de seguimento.

O día 20 esa comisión reuniuse para avaliar a situación, e decidiuse levantar as restricións. ¿Por que? Porque as actuacións que levamos a cabo funcionan e vese que os parámetros da turbidez baixan. Cando se actúa con celeridade, con emerxencia e con responsabilidade danse resultados, como fixemos na Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* Ao mesmo tempo, abrimos un expediente sancionador á empresa que explota a presa por incumprir os requirimentos efectuados por Augas de Galicia para seguir as directivas de explotación e os plans de explotación do encoro.

Polo tanto, señorías, creamos esa comisión de seguimento para que todos os axentes implicados estivesen puntualmente informados e ofrecer a máxima transparencia, porque así traballamos sempre. E, nesa liña, xa lles adianto que temos convocada, por suposto, unha nova

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

comisión de seguimento para esta mesma semana para dar conta de todo o que estamos a ver e de todas as actuacións que estamos realizando, e que estamos ao lado do Concello de Pontedeume nesta situación dende o primeiro momento e en todo momento.

Dende o momento en que se prohibe a utilización da auga para o abastecemento municipal, os técnicos, xa case de forma inmediata, vían que a turbidez do río era consecuencia directa do baixo nivel do encoro. Esta diminución do nivel da lámina de auga do encoro, que baixa dun nivel que consideramos que xa non era aceptable, é un claro incumprimento das normas de explotación e do Plan de explotación. Dende o primeiro momento instouse a empresa explotadora do encoro a que adoptase as medidas necesarias para recuperar a situación normal do río para paliar esa turbidez. Como consecuencia da desatención destes requirimentos realizados e, dende logo, de que somos responsables, como vimos informando progresiva e puntualmente neste caso, abrimos un expediente sancionador en relación coa xestión da presa, que tamén levará aparellada esa sanción en función dos danos ocasionados á calidade da auga do río que teñamos constatados e ao abastecemento.

No marco deste expediente, instouse, dende logo, a empresa a que mantivera o nivel das augas do encoro nos parámetros normais de explotación e a que se adoptasen as medidas para reducir a turbidez dos ríos. Son feitos que están tipificados na Lei de augas, e por suposto que cumprimos e facemos cumprir a Lei de augas.

Nestes momentos este expediente segue en tramitación, presentaranse as alegacións que se consideren oportunas e seguirá o seu curso, por suposto, e tamén se analizará o alcance da sanción; unha consideración que, loxicamente, terá xa presente o custo das actuacións que foi necesario acometer e que se están aínda a realizar para reverter a situación totalmente no que atinxe á calidade das augas, como o restablecemento da subministración de auga á poboación, que era algo que nos preocupaba.

Buscamos solucións, e demos solucións, e nesa busca de solucións constatamos que a ETAP, a Estación de Tratamento de Auga Potable do Concello de Pontedeume, tiña carencias importantes. Iso foi o que constamos, e ademais moi rapidamente. Non dispoñía de cámaras de mestura de reactivos de auga bruta, nin físico-químicos, o decantador, pequeno... Con eses niveis de turbidez, non estaba preparada para garantir unha calidade das augas que merece a poboación, porque non estaba realmente adecuada nin modernizada.

Constatamos este problema: que a ETAP de Pontedeume non tiña capacidade para garantir o cumprimento dos parámetros para a subministración de auga potable. Tamén se concluíu, despois de analizar diferentes alternativas, que a alternativa máis áxil, máis eficaz e que nos permitiu facer a declaración de emerxencia era actuar na estación potabilizadora municipal, dotándoa dos sistemas que se necesitan para depurar algo que é depurable, porque estamos ante unha situación na que o abastecemento á poboación non se tería por que ter cortado nin un só día.

Foi unha medida extraordinaria que se tomou ante unha circunstancia excepcional. Declarouse a emerxencia, e o obxectivo era conseguir tratar esa auga e dar abastecemento de calidade á poboación. A emerxencia foi xa aprobada polo Consello da Xunta, e estamos xa

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

rematando ao cen por cento a estación de tratamento de auga potable. A cámara de mestura permitirá optimizar todos os equipos da planta municipal, que está a punto de rematarse. Este xoves, día 12, xa estará practicamente rematada, e procederase á instalación do novo equipo, e a vindeira semana a estación de tratamento de auga potable de Pontedeume estará rematada o cen por cento.

Polo tanto, modernizamos a estación de tratamento de auga potable de Pontedeume en tres semanas. En tres semanas estaba modernizada unha ETAP, unha Estación de Tratamento de Auga Potable, para garantir a calidade da auga a todos os veciños de Pontedeume e unha estación de tratamento de auga potable para o presente e para o futuro, para as próximas décadas; unha estación de tratamento de auga potable que nestes cinco anos o alcalde de Pontedeume pois non fixo; fixémola dende a Xunta de Galicia en tres semanas de forma áxil, eficiente, *(Aplausos.)* e grazas a esa declaración de emerxencia, porque estivemos en todo momento ao lado dos veciños de Pontedeume.

A esta actuación véñense sumar outras, que xa estamos a facer, que financiamos integramente dende Augas de Galicia en materia de saneamento, como son o colector de Pontedeume, para optimizar o sistema de saneamento. Sempre estivemos ao lado do Concello de Pontedeume executando todas estas actuacións de saneamento. En conxunto, en materia de augas —e financiadas integramente por Augas de Galicia, polo tanto, pola Xunta de Galicia—, investimos 10 millóns de euros no Concello de Pontedeume estes anos para o seu beneficio e para mellorar a xestión do saneamento e do abastecemento; 100 millóns de euros investiu a Xunta de Galicia.

A miña exposición agardo que sirva para unha reflexión de todos os grupos políticos: que hai unha dificultade manifesta de todos os concellos para xestionar a complexidade que ten o ciclo integral da auga, os abastecementos e os saneamentos. É complicado. Son servizos municipais, é unha competencia directa municipal.

Hai dous feitos incontestables: a auga é fundamental e hai que xestionala con profesionalidade, eficacia, e, dende logo, garantindo a calidade da auga para o abastecemento. E os concellos, quizais os de menor tamaño, aínda que tamén os de gran tamaño, teñen dificultades para exercer esta competencia. Vímolo no concello de Pontedeume: a falta de auga potable, a turbidez, sen ningún xénero de dúbidas, foi un problema para garantirlle o abastecemento á poboación. Pero nin moito menos era un problema sen solución. Dende a Xunta de Galicia demos a solución, pero o Concello de Pontedeume non era capaz de dar unha solución ao abastecemento de auga á poboación. E aí estivo a Xunta de Galicia para dar solución, para garantir calidade ao abastecemento de auga ante as serias dificultades que tiña o Concello de Pontedeume, evidentes, que non era capaz de buscarlle a solución. Desbordado o Concello de Pontedeume, estivemos a carón del dende o primeiro momento e, polo tanto, a resposta foi inmediata, a pesar de que é competencia municipal —volvo insistir— o abastecemento de auga á poboación.

Polo tanto, hai unha dificultade contrastada en materia de xestión do ciclo integral da auga, e dende a Xunta de Galicia queremos aportar, queremos sumar, queremos dar solucións, como demos solución aquí en Pontedeume para garantir a calidade da auga á poboación.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Temos esa proposta de constituír unha empresa pública para apoio aos concellos, para axudar os concellos nesta dificultade constatada e contrastada da xestión da auga; unha entidade pública participada pola Xunta de Galicia á que se poidan adherir os concellos voluntariamente para unha xestión axeitada e profesionalizada da auga, para que sexa eficaz a xestión das infraestruturas hidráulicas, abaratar custos, aproveitar esas economías de escala, aproveitar as sinerxías e aproveitar as eficiencias de sistemas conxuntos. Porque é, dende logo, unha dificultade contrastada, como vimos no concello de Pontedeume, que non era quen de solucionar e dar garantía de calidade da auga á poboación, ás 11.000 persoas que se abastecen dese sistema de abastecemento. Os obxectivos sábenos e dixémolos aquí ou no Pacto local da auga: xestión eficiente, tarifas igualitarias e investimentos con criterios obxectivos.

O Eume é un exemplo máis das carencias, das dificultades dos concellos para xestionar a auga, para darlle á súa xente auga con calidade e para darlle a tranquilidade de que poden vivir tranquilamente coa auga da súa vila. Polo tanto, creo que é evidente que as infraestruturas hidráulicas teñen que estar modernizadas e que non poden quedar obsoletas, hai que mantelas.

Creo que vale a pena reflexionar, facer unha reflexión conxunta entre todas as administracións, concellos, Xunta e deputacións: que hai que ofrecerlles unha solución aos nosos veciños, aos nosos concellos dunha xestión profesionalizada e eficaz para a xestión do ciclo integral da auga.

E, pola miña parte, nada máis.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra o señor Arangüena Fernández.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, ten vostede a desvergoña e a cara dura de vir aquí botarlle a culpa ao Concello de Pontedeume, ¡nada máis e nada menos! ¡Que mostra de cinismo máis descarado e de elusión das súas competencias e das súas responsabilidades! ¡Que cara! —insisto—.

Di vostede que ten o Concello de Pontedeume a competencia do abastecemento de auga, ¡pois claro que ten a competencia do abastecemento de auga! Iso é unha obviedade. E di que a depuradora de Pontedeume non estaba preparada para o que lle veu enriba, ¡pois claro que non estaba preparada para que, de repente, o río —que en teoría debería ter a mellor calidade de auga de Galicia, porque é o río que constitúe a cerna, o núcleo, dun parque natural— baixe da cor do leite nin para que, de repente, unha depuradora, que leva décadas funcionando con total normalidade, se vexa desbordada ante un episodio de contaminación, ou do que pasase alí, que vostede nega que sexa contaminación.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E di que crearon vostedes unha comisión. ¿E quen a vai crear? Vostede repróchalle ao Concello de Pontedeume que non cree unha comisión, cando vostedes son a autoridade competente para xestionar unha situación de contaminación, por competencia de contaminación, por competencia de medio ambiente, porque a auga baixa e tómase directamente dun parque natural que xestionan vostedes e por competencia da policía da Administración hidrolóxica de Augas de Galicia. Por todas as competencias e por todos os medios son vostedes quen teñen que crear unha comisión. ¿Como a vai crear o Concello de Pontedeume? Insisto, ¡que desvergoña e que cara máis dura!

O primeiro —á parte diso— que me chama a atención é que vén hoxe aquí comparecer en relación cun episodio de contaminación que afecta un río que é o núcleo e a arteria do segundo parque en superficie de Galicia, como é o das Fragas do Eume, e quen comparece hoxe é a conselleira de Infraestruturas, non a de Medio Ambiente, o cal evoca un certo tic franquista que fai lembrar aqueles tempos en que a protección do medio ambiente era cousa do mítico Icona, formado fundamentalmente por enxeñeiros coma vostede, moito menos ou case nunca por biólogos. Unha situación que un asumía que era cousa do pasado, pero que na Xunta de Galicia se reproduce tradicionalmente nos seus conselleiros de Medio Ambiente, case todos enxeñeiros, agás —salvo que eu me trabuque— dona Ánxeles Vázquez. E con isto non lles estou chamando franquistas, obviamente —aínda que o seu presidente fundador procedese do franquismo e se reconvertese felizmente—, simplemente digo que teñen vostedes un tic do pasado que sería moi bo que superasen, porque o río Eume non é unha infraestrutura nin unha canalización de auga nin pode ser tratado como tal, como pretenden vostedes e como están facendo aquí hoxe.

O Parque Natural das Fragas do Eume, declarado en 1997, que abrangue máis de 9.000 hectáreas, é o segundo en superficie de Galicia e pretende protexer o que pasa por ser un dos bosques atlánticos de ribeira máis occidentais e mellor conservados de Europa. Vinte e tres anos despois da súa declaración, a situación do parque é mala. Sufriu agresións coma esta da que estamos falando hoxe aquí, ou o incendio do ano 2012, e moitas máis ou menos vistosas ou mediáticas, pero cotiás. Para máis inri, a pesar de que a lexislación establece a obriga de aprobar o correspondente plan reitor nos dous anos posteriores á declaración do parque, aínda hoxe —vinte e tres anos despois desa declaración— o parque carece do correspondente plan. E permitiuse que un parque que presume —como dixen— de ser un bosque autóctono de ribeira sufrise dende a súa creación un proceso de eucaliptización que, segundo diversos estudos, supera o 20 %; é dicir, que a superficie de eucaliptal medrou un 20 % e a de bosque autóctono diminuíu na mesma proporción. Iso, sen contar a contorna ou a área de influencia, onde o nivel de eucaliptización é xa case total, ata o punto de que unha organización ecoloxista tan seria como a Sociedade Galega de Historia Natural propón —ironicamente, obviamente— que se lle cambie o nome —e digo ironicamente, non o vaian tomar en serio— ao parque polo de «eucaliptal do Eume».

Este é o contexto no que se produce a situación que motivou a comparecencia, que —insisto— non debería ser súa, senón da conselleira de Medio Ambiente. Nun comunicado emitido o xoves 8 polo Consello de Pontedeume —non por vostedes— sinalábase que polo menos dende a mañá do día 6 de outubro as augas do río Eume «baixan completamente turbias, cunha cor e textura que parece deberse a algún tipo de vertido»; feito que foi tras-

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ladado inmediatamente a Augas de Galicia polo Concello de Pontedeume. A situación empeorou nos días seguintes, ata pecharse o consumo de auga o día 10. Logo soubemos pola comparecencia en comisión da directora de Augas de Galicia que ese organismo recibiu a correspondente denuncia o día 5. E a conselleira de Infraestruturas —vostede— dignouse a personarse no lugar o martes 13 —¡actuación contundente!—, oito días despois das verteduras, para anunciar a instalación dunha barreira anticontaminante no punto de captación das augas para consumo do concello; medida que é moi vistosa ante a prensa —aparéntase que se fai algo e permite facer unha foto—, pero ineficaz, dado que a barreira é un dispositivo mecánico que moi dificilmente pode evitar a contaminación suspendida na auga, e nunha porcentaxe mínima, en todo caso, segundo os expertos que consultamos e que pode —seguro— tamén vostede consultar, se non o fixo xa.

Diversos colectivos ecoloxistas denuncian dende hai moitos anos que os lodos acumulados no fondo do encoro do Eume son un perigo potencial para o parque natural —que é un dos seis que ten Galicia—, así como para unha ría de tan alto valor ecolóxico, pesqueiro, marisqueiro e turístico como a de Ares, dado que poden conter todo tipo de materiais e substancias tóxicas asociadas á contaminación que vén de augas arriba do encoro, incluíndo as derivadas de décadas de actividade mineira e industrial.

O día 14 a Xunta declarou, efectivamente, a situación de emerxencia —lóxico que o faga a Xunta, porque, insisto, ten todas as competencias e os medios ao seu alcance; é quen o ten que facer— coa intención, segundo dixo, de recuperar a calidade das augas do Eume, ademais de anunciar a creación dunha comisión, que, segundo nos dixo a directora de Augas de Galicia, se creou o día 20. Vostede creo que nos dixo antes que foi o día 15. Ben, a directora de Augas de Galicia di que foi cinco días despois; é dicir, quince días despois da denuncia. ¡Actuación contundente —como dixo vostede— e rápida! Por tanto, a conselleira tardou oito días en personarse na beira do río e a Xunta tardou quince días en crear esa comisión para analizar a situación. ¡Vamos!, que o tomaron cunha calma digna de mellor empeño. E a conselleira de Medio Ambiente —que saibamos— nin apareceu por alí. ¡Total, un parque natural máis ou menos que máis dá, como temos tantos e tan ben conservados! Iso si, a conselleira de Infraestruturas na súa visita declarou á prensa que a situación lle parecía intolerable; unha situación que motivou que o Concello de Pontedeume denunciase ante a Xunta e o Ministerio de Transición Ecolóxica os feitos, e días despois, só días despois, a conselleira anunciou a adaptación da depuradora de Pontedeume por 1,5 millóns de euros.

Por outra banda, o 30 de decembro de 2020 remata o prazo do pacto ambiental asinado pola Xunta de Galicia con Endesa no seu momento e que inclúe, entre os seus obxectivos, a modernización das infraestruturas hidroeléctricas para a recuperación ambiental do río Eume. Non sabemos se ese pacto inclúe algún tipo de actuación relativa ao embalse do Eume; sería interesante que o comentase.

Cómpre lembrar que durante as últimas décadas diversos colectivos ecoloxistas e de pescadores denunciaron reiteradamente o incumprimento da obriga de manter o caudal ecolóxico por parte de Endesa, que mantivo practicamente seco un tramo de río de 4 quilómetros dentro do espazo do parque, no corazón do parque, ante a pasividade e inacción da Xunta de Galicia. Cousa inaudita: deixar 4 quilómetros de río secos dentro dun parque natural que se

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

articula en torno a ese río. É dicir, ¿como se pode concibir que se conserve un ecosistema fluvial que é o núcleo dun parque natural como o das Fragas, cando 4 quilómetros do río no centro do parque están secos? Permítanme que lle diga que é unha situación propia ou digna de república bananeira, porque resulta que, como xa lle dixen, o río Eume non é unha canalización de auga —aínda que vostede pareza que o toma por tal—, e, aínda que proporciona auga ás poboacións da súa ribeira, non é esa a súa función nin o seu valor, senón que se trata dun ecosistema fluvial que é esencial como cerna do Parque das Fragas do Eume, dado que o principal valor ecolóxico dese parque, segundo tanto publicita a Xunta, a pesar das múltiples agresións que leva décadas sufrindo, é o de ser o bosque atlántico de ribeira mellor conservado de Europa —din vostedes—. E un bosque de ribeira dificilmente pode estar minimamente conservado se o río do que depende está contaminado ou maltratado.

Pola contra, o río Eume, precisamente por ese carácter de arteria carótida fluvial do segundo parque natural en superficie de Galicia, debería ser o río mellor conservado de Galicia, o río máis limpo de Galicia. E aínda estes días, un mes despois de que se iniciase este capítulo da súa historia, baixa da cor do leite ou, polo menos, baixaba hai uns días, ata hai uns días.

Na sesión da Comisión 2ª do Parlamento de Galicia celebrada o día 22 de outubro e outra vez o pasado venres, a directora de Augas de Galicia tratou de normalizar a situación como un episodio natural de deriva de sedimentos, o cal é indicativo de que ou descoñece cal é o estado natural dun río nun episodio de turbidez asociado á choiva ou descoñece cal é o estado do Eume, que, como lle digo, hai máis dun mes...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ...que segue baixando da cor do leite.

Así que espero que na segunda intervención nos explique, efectivamente, en que consistiu ese episodio e cales foron as súas causas, porque da comparecencia da directora de Augas de Galicia chego...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ...á conclusión de que non o saben aínda. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Arangüena.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

En nome do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Fernández Alfonzo.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Grazas, señor presidente.

Pedimos a súa comparecencia no pleno, señora conselleira —ben, en realidade da conselleira de Medio Ambiente—, porque o asunto ten moita importancia, moita máis da que vostedes

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

queren darlle. Non se trata tan só dun episodio de turbidez na auga do río que afectara a subministración do concello de Pontedeume, trátase de moitos anos de impunidade por parte de Endesa, de impunidade ambiental, agredindo o río e, por extensión, as fragas e a ría. Xa no ano 1988 a prensa facíase eco dunhas verteduras de Endesa no río con consecuencias nos bancos marisqueiros da ría de Ares. Chove sobre mollado.

Trátase de que estas agresións se producen, precisamente, nun contorno que debía ser obxecto de especial protección pola súa biodiversidade, pola fermosura das súas paisaxes e polo impresionante patrimonio monumental e histórico que acolle. É un espazo de enormes potencialidades, absolutamente abandonado polo seu goberno, que leva máis de vinte anos agardando por un plan reitor de usos do parque que o protexa e que o poña en valor; un plan que debería ser a primeira pedra para o seu aproveitamento ordenado e respectuoso coa súa conservación e a primeira pedra para que o parque sirva como elemento de sensibilización ambiental e de dinamización económica nunha comarca que non entende como un tesouro semellante está como está.

Cando estes meses atrás Endesa incumpriu por enésima vez as normas ambientais e baixou o nivel de auga do encoro por debaixo do permitido, o que quedou á vista, señora conselleira, foron as vergoñas do seu goberno. *(Aplausos.)*

Estas lamas de cor enferruxada que puidemos ver no encoro *(O señor Fernández Alfonzo mostra unha fotografía.)* non poden disimular a súa orixe mineira. Anos e anos de actividade mineira nas Pontes a ceo aberto e sen control provocaron por efecto do vento e das escorrentías unha acumulación de sedimentos no encoro; «un proceso natural en todos os encoros», que dicía a directora xeral de Augas de Galiza, si, mais, neste caso, as lamas conteñen restos das actividades mineiras e, polo tanto, poden conter desde metais pesados a restos dos hidrocarburos que durante anos se empregaron como tratamento do mineral. Eses sedimentos que nunca foron retirados do encoro, tal e como a normativa actual obrigaría a facer periodicamente e que Endesa nunca fixo.

Houbo ocasión de solucionar este problema con motivo das obras que Endesa tivo que realizar para cambiar as válvulas de desaugamento do encoro, obrigándoa a retirar estes sedimentos fóra do río e a darlles o tratamento correspondente. Pero Endesa manda moito. Na primeira proposta que enviaron co proxecto de obras para cambiar esas válvulas a intención de Endesa era mandar as lamas polo río abaixo, deixando ben ás claras que o río Eume para Endesa non é máis que o seu sumidoiro particular. Só despois da presión das asociacións ecoloxistas, nomeadamente de Adega, e das alegacións que presentaron no proceso administrativo, a Xunta rexeitou o proxecto e solicitoulle a Endesa que presentara unha nova proposta, que consistiu en mover as lamas do fondo cara á cola do encoro; proposta, esta si, aprobada pola Xunta, malia non dar unha solución definitiva ao problema, que sería a súa extracción, e ademais sen garantías de terse realizado correctamente a caracterización desas lamas; é dicir, a análise da súa composición nin a determinación da cantidade exacta das lamas existentes. Era cuestión de tempo que por circunstancias climatolóxicas, por fallos de infraestrutura ou por incumprimentos que afectasen o fluxo da auga no encoro esas lamas se mobilizasen e acabasen no río como, efectivamente, pasou. Foi a crónica dun desastre anunciado. E agora a Xunta anuncia que vai abrir expediente a Endesa e que lle vai pedir

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

compensacións polos prexuízos. ¡Faltaría máis! ¿Pero que é o que vai contabilizar a Xunta como prexuízos? ¿Vai exixir desta vez unha solución definitiva ou será un novo parche?

Señora conselleira, no BNG entendemos que o seu goberno debe poñer sobre a mesa un proxecto que atenda todas as circunstancias deste contorno excepcional, un proxecto integral, e facemos propostas concretas; un proxecto que na nosa opinión debe ter dúas fases: unha primeira de recuperación e unha segunda de dinamización do territorio. Mais antes o primeiro aínda debe ser unha auditoría sobre o estado do río que conteña unha categorización exhaustiva destes sedimentos que se foron acumulando no río e no encoro durante todos estes anos, e con especial atención ás lamas dos bancos marisqueiros da ría. Esta auditoría debe contar coa análise de todo o espectro de contaminantes, especialmente un panel completo de metais pesados e hidrocarburos, e debe trasladarse íntegro a todas as partes afectadas e interesadas con inmediatez e transparencia. E a partir desta auditoría débese comezar coa primeira fase, a da recuperación do río e a súa bacía, por suposto, coa obrigada participación de Endesa, que debe asumir os custos de todos estes anos de agresións ambientais no Eume e, por suposto, os custos de retirar as lamas, porque a propia Endesa xa advertiu na reunión da comisión celebrada haberá un mes que as verteduras se van repetir polo efecto da ampliación do caudal ecolóxico. Non pode ser que a solución da Xunta sexa modificar a depuradora de Pontedeume para que poida tratar uns niveis de turbidez na auga superiores. Está ben estar preparados para calquera continxencia, pero unha cousa é ser previsor e outra asumir unha deterioración permanente da auga porque Endesa non queira retirar as lamas do encoro.

E despois da recuperación, a segunda fase, a dinamización dos territorios da bacía do Eume, con especial atención a aqueles que fan parte do parque natural; e con ambición, señora conselleira, porque o potencial é enorme e non podemos permitirnos desaproveitalo.

Desde a Comisión da Unión Europea á propia Xunta, pasando polo Goberno central e por expertos de toda caste, fan fincapé na necesidade dunha transición ecolóxica da economía. ¿Que mellor ocasión de comezar cun proxecto que poida servir de auténtica declaración de intencións? Porque unha dinamización destes territorios e do Parque Natural das Fragas pode ser a mellor imaxe de marca dun proxecto de país co que toda a sociedade galega se sinta identificada e mesmo fachendosa.

Non hai mellor ocasión para concretar na práctica, na realidade, para concretar no territorio, un proxecto de economía verde e circular de acordo con ese *Green new deal*; un proxecto excepcional e gañador, que, ademais, contaría con toda a certeza co aplauso entusiasta e a implicación de toda a sociedade comarcal. Sabemos que non vai ser doado, nin rápido, porque hai moitos consensos que aglutinar e que traballar, son moitos concellos, moitos propietarios, moitos intereses, pero iso non pode ser escusa para manterse nunha inacción suicida. A participación no deseño do plan dun xeito democrático de todas as administracións e de todas as partes interesadas será tamén unha baza fundamental para o éxito do proxecto. Hai moito traballo por diante e moitas eivas que corrixir, seguro, por iso falamos dun plan plurianual. Mais, como queira que sexa, é obrigado e urxente acometer a recuperación da bacía do Eume e a súa dinamización. Pero é que, ademais de ser obriga do Goberno, no BNG estamos convencidos e convencidas de que poucas veces haberá un proxecto tan necesario, tan agardado, tan motivador e tan satisfactorio coma este.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pedímoslle ambición, señora conselleira; trátase do noso país, trátase dun primeiro paso que marque o camiño cara a facer de Galiza aquela cidade xardín á ribeira do Atlántico coa que soñaba Castelao. ¡Paga a pena!

Obrigado e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Grazas, conselleira, por vir comparecer a petición propia e trasladarnos as medidas adoptadas pola Xunta para solucionar este problema da turbidez do río Eume; unha comparecencia detallada e con total transparencia. Moitas grazas.

Trátase dun tema importante, por iso agradecemos esta comparecencia; ademais, únese ás completas explicacións que a directora xeral xa deu o pasado día 6 na Comisión 2ª.

En primeiro lugar, gustaríame trasladar que desde o Grupo Popular lamentamos o acontecido, en especial polas molestias ocasionadas á veciñanza de Pontedeume e de Cabanas, que viu como tiña que estar dez días sen subministración de auga; un tempo longo para un servizo básico e un dereito. ¡Pena de non escoitar estas mesmas desculpas do partido que xestiona o servizo!, pero, bueno, desde o Partido Popular si queremos lamentar estas cousas.

Ás súas explicacións, creo que o primeiro que temos que dicir é que a Xunta actuou con eficiencia, e dentro non só das súas competencias, senón tamén para axudar e para dar amparo dentro das competencias que ten o municipio.

Señor Arangüena, sinto dicirlle que, como se demostrou e como se está demostrando, se tivera o Concello unha depuradora ben feita e estivera mantida coas taxas que cobra de abastecemento —que son moitas—, se estivera ben feito o mantemento, non estaría nin un só día sen servizo. Esa é a realidade. Porque calquera depuradora... *(O señor Arangüena Fernández nega coa man.)* —perdón, señor Arangüena— ten que estar preparada para calquera accidente, porque os hai. Os accidentes hainos, e este non foi, pero digo que poden suceder calquera día.

En calquera caso, a conselleira e a Consellería creo que estiveron axudando o Concello desde o principio, creo que é importante recordar que non houbo toxicidade na auga, como demostran non só as análises feitas pola Xunta senón tamén polo Concello e que tampouco houbo afección nin na fauna fluvial, como informan desde Medio Ambiente, nin nos bancos marisqueiros. Polo tanto, creo que, aínda sendo importante, sendo grave, é verdade que, polo menos, non existiu esta toxicidade.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A min gustaríame volver recordar unha cousa que cada vez que falamos de subministracións e de auga neste Parlamento temos que recordar: sempre desde a oposición queren botarlle as culpas á Xunta de servizos que son municipais —polo menos hoxe recoñeceron que son municipais—. Os responsables desas plantas de tratamentos de augas son os concellos, e teñen que mantelas e teñen que telas preparadas porque son competencias municipais. É verdade que, neste caso de Pontedeume, non estaba preparada adecuadamente e tivo que ir a Xunta tamén a axudar. Colaborou, e ademais exixiulle tamén —que iso si que é competencia da Xunta— as medidas correctoras á empresa que xestiona o encoro. Nesa parte, porque, evidentemente, como creo que quedou claro, nas dúas non se lle bota a culpa ao Concello; o que se lle di é que non está facendo as cousas..., que non tiña o mantemento da estación potabilizadora adecuadamente. Iso é o único que se lle di, que creo que é unha realidade. A que ten a culpa é a empresa xestionadora do encoro, e xa o dixo o outro día por activa e por pasiva a directora. Creo que o titular foi ben claro, fixo as cousas moi mal, pero estivo clarísima niso a directora, e hoxe a conselleira, idéntico.

Mire, dáme pena que non sexan capaces de recoñecer o que se fai e que sigan negando a realidade das cousas, porque, claro, descualifican todo o da Xunta. Iso é o que lles quita credibilidade. A Xunta acaba de solucionar o problema, dentro da instalación municipal, e o que fixo o BNG foi que veu alí a señora Pontón a propoñer un plan de 250 millóns de euros. Vou pasalo a pesetas —para recordar—: 42.000 millóns de pesetas. (*Un señor deputado:* ¡En patacóns!) Si, si, en patacóns... Un plan irreal, populista. A xente quere certezas e realidades. Falemos das cousas claramente: con que o Goberno de España, que deixou tirada a toda a comarca das Pontes, puxera o 10 % diso na comarca, a xente estaría botando e dando palmas, ¡o 10 %! Deixen de apoialos. *(Aplausos.)* Ese goberno de España, señor Arangüena, non só deixou tirada a comarca, senón tamén os transportistas do carbón, a xente do naval, as auxiliares..., a todos. Non necesitariamos tantas cousas que piden de recuperación se non as deixaran morrer, porque están matando, con esas decisións como a das Pontes, a toda a comarca.

Pero miren, xa sei que non son da mesma corda, e ao mellor isto non lles gusta, pero ¿onde estaba a deputación? ¿Onde estivo a deputación en todos estes tempos? Non se lle viu. Di vostede que chegou tarde a conselleira, pois aínda estamos esperando o presidente da deputación, ¡e iso que é da zona! ¡Aínda!

Pero miren, ¿que fixo a deputación para axudar en Pontedeume? Nada. Aínda están esperándoa. ¡Nada!, e iso que é unha competencia da deputación axudar os concellos. *(Murmurios.)* ¡Si, señor!

Pero mire, señor Aragüena, se tivese que listar os incumprimentos e desfeitas do PSOE na xestión da auga alí onde gobernan, iso si sería unha letanía, como vostede dicía hoxe; unha letanía larga. ¿Que fixeron en Vimianzo? ¿E que fixo a deputación coas inundacións? ¿Que fixeron en Corme e en Ponteceso? ¿Onde estaba a deputación mentres se intoxicaban pola mala xestión da planta? ¿E en Nigrán, contaminando praia América? Na ETAP de Vigo, hoxe mesmo —non hai que ir moi lonxe— pola mañá liamos que se confirma a multa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola mala xestión da auga en Vigo, e non estamos falando de sitios pequenos. A listaxe sería infinita. Se a conselleira fai esa listaxe, non acabamos hoxe aquí a comparecencia.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero mire unha cousa, señor Arangüena, esta letanía requiriría un *ora pro nobis* especial. E que a esquerda —si, si, a esquerda— fale da depuradora de Melide, isto si que ten valor. A alcaldesa do Goberno bipartito foi condenada penalmente —¡penalmente!— por certificar unha depuradora de auga que non fixo. Firmou que estaba acabada e non a fixera, nin sequera o acopio de materiais, e iso si que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

Señor Rivas, silencio.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Está confirmada polo Tribunal Supremo a denuncia, penalmente. *(Aplausos.)*

¡Que veñan a falar de Melide os da esquerda...!

(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Señor Rivas!

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Logo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Desculpe, desculpe.

Señor Rivas, vostede non está neste debate. Por favor, non quero chamalo á orde. *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non... *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Rivas, non está... *(O señor Fernández Prado pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor, Prado, perdón.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Eu estaba falando con Arangüena... (*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Rivas, non está no debate, non está no debate, e se imos a esas alusións, polo que dixo antes o señor Bará tamén interviría eu, e non ten sentido. Non ten sentido. ¡Non ten sentido, xa llo digo!

Entón, por favor, continúe. Non se preocupe, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente.

Estaba falando co señor Arangüena, que foi o da letanía desta mañá. Letanía o das obras do PSOE. E digo que que fale de Melide a esquerda, cunha alcaldesa condenada por non facer unha depuradora, condenada penalmente e confirmado polo Tribunal Supremo... Ademais, o Concello de Melide, que esta señora dixo que tiña a obra... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Señor Arangüena!, ¿quere sentar, que non está no uso da palabra? Non está no uso da palabra. ¡Señor Arangüena, chámoo á orde! ¡Pero, isto...! Pois chámoo á orde. Primeira chamada á orde.

Continúe, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Estamos falando... ¡Que pel máis sensible! ¡Se ten que escoitar o que teño que escoitar eu e o que escoitei hoxe todo o día...! E aínda lles dou un sorriso aos voceiros, ¡co que tiven que escoitar! Imos ser un pouquiño...

Imos ver, señor Arangüena, aquí hai unha alcaldesa da esquerda, dun Bipartito, que a condenan por un tema de auga dunha depuradora. O que estou dicíndolle é que esta señora certificou unha depuradora que non se fixo e dixo que estaba acabada cando non tiña nin os acopios feitos. O Concello de Melide tivo que devolver os cartos e agora vostede bótalle a culpa dos problemas de depuración á alcaldesa que veu despois. ¡Vaia cara! Isto é o que digo. *(Aplausos.)*

E permítame dicirlle que, para que vexa, tomei nota das súas palabras, porque creo que non poden ser máis adecuadas para isto. Dixo vostede: «desvergoña e caradura». Isto é o que é poder botarlle esas culpas: desvergoña e caradura.

Pero, bueno, a xente recoñece cando un vai por aí. Ás do PSOE xa nin se lles esperaba. A Xunta estivo alí cun compromiso claro, que ademais non é só deste caso, levamos moitos anos investindo 1.100 millóns de euros, máis de 300 actuacións en abastecemento e 350 en saneamento. Creo que os datos... Non sei que dicía antes de que os datos son os datos, e aquí están claros os datos, 1.100 millóns de investimento.

E, ademais, eu creo que é verdade que é importante non volver repetir os erros. Por iso, eu tamén quero rematar coas mesmas cousas coas que rematou a conselleira. Sinceramente facía unha reflexión sobre a necesidade de creación dunha entidade pública para a xestión da auga. Eu creo que estes casos, que son algúns dos moitos que hai, demostran a vulnerabilidade das administracións locais para dar este servizo con calidade e co completo nivel que se necesita. Creo sinceramente, non só por estes casos e por estas situacións de urxencia, senón en xeral no día a día, que paga a pena que demos unha pensada colectiva á creación dese ente. Pensémolo, eu creo que é importante para toda Galicia, e creo que os concellos o van agradecer...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...os cidadáns tamén e, en calquera caso, sinceramente creo que neste caso, recoñecendo que a culpable é a empresa explotadora, hai que recordar tamén que se non chega a estar a Xunta, como acabamos de escoitar, aínda estariamos sen abastecemento, que é unha competencia municipal.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Prado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para o turno de réplica, ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Continuamos. Eu vin e comparecín aquí. Veño falar das competencias de Augas de Galicia, do que fixo Augas de Galicia, polo tanto, coas competencias da Administración hidráulica de Galicia, que as coñecemos ben, e a falar do que fixemos, do que fixemos na potabilizadora, do que fixemos no encoro, do que fixemos no río e do que estamos a facer.

E, señor Arangüena, non escoitou. Dende logo, eu o que lamento é que non escoitara para nada a miña intervención. Non a escoitou, e lamento que non escoitara en absoluto, porque eu escoiteino e, polo tanto, obviamente, saquei a conclusión de que vostede non me escoitou. E, ademais, millón e medio de euros nunha anualidade directamente en tres semanas non é propaganda, non quede nas barreiras de xeotéxtil. Un millón e medio de euros en tres semanas. Porque aí estamos, para axudar cando se precisa, con solucións, e creo que iso son solucións.

Non escoitou. Dixen claramente as causas da turbidez: que o nivel do encoro cando baixa afecta, e témolo demostrado. Polo tanto, sabemos as causas e dixémolas: é a empresa explotadora. Por iso abrimos o expediente sancionador, por iso se sancionará, e por iso lle solicitaremos que asuma os custos das obras, non só das obras, tamén as das analíticas, porque nin lle conto —creo que non procede— o investimento que estamos a realizar, porque son infinitas as analíticas que estamos a facer diariamente na columna de auga en moitísimos puntos. Iso non lles importa.

Eu creo que desvergoña é que dous deputados do Partido Socialista, Pablo Arangüena e Gonzalo Caballero, vaian ao río a sacar tallada política e a sacar unha foto, moito despois ca min, ¡eh!, pero, claro... Tallada política, sen solucións, nin unha solución... *(Aplausos.)* Pero poden propoñer, que é lexítimo; é lexítimo propoñer, ¡é lexítimo propoñer! Ás propostas construtivas, eu tendo a miña man; é lexítimo propoñer, pero non propoñen, senón foto, nada máis, e tallada, moito despois ca min, pero, bueno.

Estamos traballando desde o primeiro día. Parece que lles molesta, pero é que traballamos dende o primeiro día, porque é o que temos que facer e así o fixemos dende o primeiro momento. Eu o que lamento tremendamente é que parece —vou dicir «parece», a ver se logo me responden— que non lles importa en absoluto a calidade da auga que sae da billa nas casas. Veñen aquí..., e non lles importamos cada un de nós. Na covid, ¿cal é a receita? Lavar as mans con auga. En plena covid non podemos estar dez días coa xente sen auga. ¿É que non lles importa a calidade da auga que sae da billa? Bueno, é que desviaron o tema totalmente. Eu veño aquí falar do tema das augas, do abastecemento e calidade das augas. Se lles

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

importa e se lles interesa, eu encantada de que me fagan as súas propostas e as súas reflexións sobre garantir a calidade das augas nas billas das persoas e das familias, porque a min si me importa e eu estou aquí precisamente por iso, porque é un tema que nos importa, no que hai un problema, e creo que entre todos temos que buscar unha solución.

Veñen aquí coa bandeira medioambientalista, coa pancarta. Eu dígolle ao BNG que a depuradora de Bueu desde que instalamos os raios UVA, que son para desinfección, ¡non a acenderon! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, estamos falando de calidade das augas, de temas medioambientais; polo tanto, a depuradora de Bueu non custaría tanto acendela se tanto lles importa o medio ambiente e a calidade das augas.

E o mesmo lle digo ao Partido Socialista. Temos un exemplo en Nigrán. ¿Pensan que as verteduras son da Xunta de Galicia? As verteduras son de moitísimos concellos, de todos os partidos políticos, pero son de concellos. Voulle poñer o exemplo de Nigrán, da praia América, que está pechada moitas veces. ¿Consecuencia? As verteduras e pluviais do concello de Nigrán, do Partido Socialista. ¿Pero vaime dar aquí lecciónes de xestión de calidade das augas? A min sorpréndeme. Se queren traballar conxuntamente por unha mellor xestión do ciclo integral da auga, téñenme aquí para traballar e facer un mellor modelo, porque é necesario; pero que queiran levar aquí a pancarta e a bandeira medioambientalista cando vemos problemas, evidencias en determinados concellos onde gobernan vostedes... Creo que un pouco de humildade é moi bo para todos. *(Aplausos.)*

Sobre o expediente aberto a Endesa, eu díxeno, o expediente non é por verteduras, o expediente é pola xestión que fixo do encoro. Hai arrastre de materiais como consecuencia dunha incorrecta explotación, porque non se fixo a explotación do encoro como se tiña que facer, de conformidade coas normas de explotación. O expediente de verteduras foi do ano 2018 —non sei se o están mesturando—, e si se impuxo sanción; polo tanto, non estamos a falar dunha vertedura de residuos non autorizados, estamos falando dunha turbidez como consecuencia de arrastres de materiais como consecuencia dos niveis de explotación dun encoro. Canto máis baixa a lámina de auga —creo que o dixen, non me escoitaron—, esa é a consecuencia do nivel de turbidez. Por iso non lle deixamos a Endesa baixar de determinada cota de auga para garantir a turbidez. Non teño aquí a gráfica, pero téñena mentalmente e ven que baixou a turbidez substancialmente abrupta coas medidas que tomamos. Porque iso son solucións, non sacar a foto para sacar tallada política. Podían propoñelo. Xa dixen que non teñen por que propoñelo, pero podían propoñelo. Nos fixémolo.

Alégrome, señor Arangüena, de que recoñeza por fin drasticamente que o abastecemento é unha competencia municipal. Eu alégrome porque son tantas as versións que teño dalgúns... Alégrome porque si que é competencia municipal. É unha competencia complicada —recoñézoo e recoñecino sempre—. O que lamento enormemente e profundamente é que descualifique os enxeñeiros para a xestión da auga; iso significa que non ten nin idea do que é a xestión do ciclo integral da auga. *(Aplausos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Díxoo, eu escoiteino. Falou de enxeñeiros... Como o escoitei... Se descualifica os enxeñeiros para a xestión da auga... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, díxoo, se non, ten na seguinte rolda oportunidade... Eu, dende logo, cando o escoitei, lamenteino profundamente, non polo que me toca, senón polos enormes profesionais que hai para que chegue a auga de calidade á billa de cada un de nós.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu creo que está acreditado, actuamos con axilidade, con compromiso; e falouse de ambición, por suposto, que actuamos con ambición, e a ambición é o que propoño para esa entidade pública, para esa forma de xestionar as infraestruturas hidráulicas para darlles axuda aos concellos. Actuamos máis alá das nosas competencias, e as nosas competencias directas son velar pola calidade das augas e vixiar as verteduras. Esa é a nosa competencia directa. Claro que sabemos cal é a nosa competencia directa e actuamos. Pero fomos máis alá, que foi estar ao carón do Concello co obxectivo final e único que é mellorar os servizos e darlle un servizo de auga a toda a poboación de Pontedeume. Teremos que traballar todas as administracións xuntas para conseguir ese obxectivo de profesionalizar a xestión da auga. Para iso son necesarios os enxeñeiros, xa deixo aquí ben claro que son necesarios; os enxeñeiros e moitos profesionais máis, porque hai que profesionalizala.

Falan aquí [...] *(Inintelixible.)* e queren deixalo aí nesa anécdota... ¡Dez millóns de euros estamos investindo en infraestruturas hidráulicas no concello de Pontedeume! Dez millóns de euros, dos que se está beneficiando... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, colector-interceptor, as obras de saneamento e o millón e medio de abastecemento, ¡10 millóns de euros! ¡E din que veño facer propaganda sacando unha foto alí! Eu creo que hai que ir ao terreo, señor Arangüena, pero con solucións. Eu tomei a decisión de ir ao terreo, pero tomei esa decisión de ir a pé, a pé de río, cos técnicos e co alcalde. ¿E onde estaba a deputación? Ausente. ¡A deputación, ausente para axudar os concellos nas súas competencias! ¿Onde estaba a deputación? Hai un gravísimo problema de auga potable prohibida e a deputación —que creo que o presidente da deputación é de por aí, da zona— non acudiu. A min sorpréndeme. Polo tanto, gustaríanos —e creo que tamén ao alcalde de Pontedeume— que a deputación botara unha man en situacións tan complicadas como son darlles solución aos veciños que che veñen porque non teñen auga, ás familias que estaban nos seus bares, nas cafeterías, sen auga... Esas si que eran situacións complicadas ás que creo que tiñamos que darlles resposta. Teríanos gustado tanto ao Concello de Pontedeume —penso eu— como, dende logo, á Xunta de Galicia que a deputación estivera tamén para axudarnos aí con este asunto. Porque, ¿canto investiu en infraestruturas de saneamento e abastecemento o propio Concello de Pontedeume?

Eu non veño aquí a querer botarlle a responsabilidade ao Concello de Pontedeume porque non o fixen na miña primeira intervención, non o fixen, pero si que penso que con 700.000 euros ao ano que recada o Concello de Pontedeume en taxas de saneamento e abastecemento ben merecía a pena modernizar os sistemas. Bueno, penso eu que con 700.000 euros ingresados en taxas de abastecemento e saneamento anuais ben merece a pena —porque son finalistas— que os invista onde hai que investilos. Dende logo, na potabilizadora non os investiu, iso garántollo. Polo tanto, con ese ingreso que ten anual —que creo que é importante— , eu fágolle unha multiplicación: en cinco anos, 700.000 euros: 3,5 millóns de euros; 2 ETAP tería feitas. *(Aplausos.)* Eu creo que os 700.000 euros, o que ingresas por taxas, hai que investilos. *(Aplausos.)* Pero non o considerou prioritario, o mellor é recadar, e cando hai un problema é cando hai que investir; a Xunta, a investir. E nós, cando hai un problema de calado no que non se garante a calidade das augas na billa dos veciños, estamos ao seu carón para solucionalo e acudimos a solucionar ese problema de auga. Nunha competencia municipal —que insisto, porque é así, municipal, e agradezo que o recoñecera o deputado Arangüena— estivemos para garantir ese servizo de abastecemento.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Os feitos son eses. O Concello de Pontedeume non foi quen, non foi capaz de darlles o abastecemento de auga de calidade aos veciños, e axudámolo. Estamos contentos de axudar o Concello de Pontedeume neste caso, e traballamos conxuntamente; é como hai que traballar. Gustaríanos que viñera a deputación e que estivera a carón de nós, pero non estivo, e cadaquén, as súas responsabilidades.

Eu, señor Fernández, xa lle contestei ao tema das verteduras, pero doulle a benvida ao BNG á preocupación pola auga. A min gustaríame que esa preocupación pola auga tamén fora nas rías, aínda que penso que agora está máis canalizado o saneamento da ría de Pontevedra... No saneamento da ría de Pontevedra a min gustaríame ver moitos anos a implicación do Concello de Pontevedra. Non vimos, dende logo, unha implicación para sanear Pontevedra, tamén competencia municipal, e tivemos que vir nós... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É así, é así. Cando queiran, facemos —comprométome aquí— unha visita conxunta a todas as obras que estamos a facer de competencia municipal para arranxar ese plan de saneamento local que tivemos que facer para axudar os concellos a exercer esa competencia complicada. Pero estamos a facelo para axudar os concellos. Gustaríanos esa implicación de saneamento nas rías que parece que poidan ter. E tamén no río Gafos, que non son quen de sanear, pero xa demos unha solución. *(Murmurios.)* Non vou dicir o nome porque non quero... Xa temos unha solución para o río Gafos. O Concello de Pontevedra non foi quen de dala, pero xa temos nós a solución, non se preocupe. Xa temos a solución, que xa plantexamos ao Concello. *(Aplausos.)* Plantexámoslla ao Concello a semana pasada. Son dez actuacións concretas, e unha é un interceptor no río Gafos para evitar que haxa verteduras a este río.

En calquera caso, volvendo ao señor Fernández e ao Plan Eume do BNG, dos 250 millóns de euros, eu non sei se son patacóns... Eu creo que fixeron as contas en pesetas e directamente dixeron euros, porque, dende logo, o investimento total consolidado da Consellería son 445 millóns de euros. É que iso xa requiriría todo o investimento de Augas de Galicia —que teño a honra de dirixir—; nin chegaría todo o investimento para un único sitio... ¿Fixeron ben as contas? Eu non sei con que criterio científico. Eu pediríalle moderación e ponderación. Esas cousas extravagantes non as cre ninguén.

Polo tanto, aí están os feitos e a xestión da Xunta de Galicia. Aquí ningún de vostedes —que entendo que lles preocupa o Eume, como a min— me falou da escorrentía de augas ácidas que hai no Eume; ningún de vostedes. ¿Saben canto investimos? ¿Saben canto estamos dedicando dende o ano 2009 a xestionar para que non pase nada? Vinte e seis millóns de euros. Pero, claro, cando non hai problemas porque damos solucións e non se sabe... Pero 26 millóns de euros que estamos a xestionar para que esas escorrentías... Si, si, é así. Polo tanto, eu lamento que, se son tan coñecedores desa conca que tanto lles importa, non saiban que hai un problema de escorrentías, de augas ácidas e que o estamos a xestionar cun investimento que é importantísimo, á parte dos coñecementos técnicos que require levar esa explotación para que non haxa ningún problema.

Eu lamento que sexa un non polo non, tanto do BNG como do Partido Socialista, e creo que co non polo non non chegamos a ningunha parte. Nós queremos avanzar, ser responsables, dicir con transparencia todo o que fixemos e non compartir esas frivolidades como a dos 250 millóns de euros na conca do Eume, en plena pandemia, con crise económica, con crise

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sanitaria... ¡O número de hospitais ou centros de saúde que fariamos con eses cartos! Ben, eu ¿que queren que lles diga? ¡O que ten non xestionar! ¡O que ten non xestionar!

Eu vou rematando. Dende logo, apoio técnico e económico dende a Xunta de Galicia, total neste caso, e temos que afrontar todo o que temos por diante como retos.

Eu creo que dei cumprida resposta a cada unha das intervencións de vostedes. Agardo propostas construtivas. As propostas construtivas eu escóitoas, anótoas e, dende logo, terémolas en conta. Eu creo que o noso traballo conxunto ten que ser mellorar os servizos e que se recoñeza que é un problema para os concellos a xestión do ciclo integral da auga. Hai que buscar solucións para axudar os concellos nesta situación complexa, e todas as administracións xuntas e todos xuntos.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Abrimos unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno.

En primeiro lugar, en nome do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Arangüena Fernández.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señor Calvo, chámame vostede á orde cando eu o que pretendía era indicar que o señor Prado estaba falando do debate da mañá; é dicir, que pretendía dicirlle que non estaba vostede ordenando correctamente esta intervención, porque o debate da mañá creo que era o debate da mañá, e vir aquí pola tarde a falarme de cousas que dixen no debate da mañá, pois non parece que sexa un adecuado e racional ordenamento das intervencións.

Pero, en todo caso, di a señora conselleira que lamenta que non escoitara a súa intervención. Certo que eu lamento a súa intervención, que si a escoitei con moita atención, a primeira e a segunda. E, por certo, que me acuse vostede de descualificar os enxeñeiros... ¿Está gravado, verdade, o que eu dixen? O que eu dixen foi que vén hoxe unha enxeñeira a falarnos dunha cuestión que é eminentemente medioambiental. É dicir, que o enfoque que vostedes están facendo desta cuestión —con todo o respecto para vostede e para os enxeñeiros— é un enfoque —na miña opinión— erróneo, porque estamos falando dun parque natural, como lle dixen na miña primeira intervención e llo reitero, e parece que vostedes o enfocan como un problema de abastecemento de auga de Pontedeume. E non é iso, iso é un efecto, unha derivada da situación que vive o Parque Natural das Fragas do Eume, sinaladamente o encoro do Eume e o río Eume, que é a cerna dese parque.

Reitera vostede que actuaron vostedes por enriba das súas competencias. Ben, é dun cinismo que a min me parece absolutamente abraiante. E agora dinos tamén —á parte de atribuírme a min que eu o recoñezo; debe ser unha especie de innovación— que o abastecemento de

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

auga é unha competencia municipal, unha responsabilidade municipal. En parte, si, claro; pero lembre vostede que o canon de saneamento o cobra a Xunta, e a Xunta tamén ten competencias en saneamento, en abastecemento e, sobre todo, en contaminación, e este é un caso de contaminación procedente dun parque natural cuxa xestión é integramente súa.

Pero mete vostede tamén en danza agora a deputación. Ben, xa soamente lles queda meter a Unión Europea e pedirlle a Ursula Von der Leyen que apareza por Pontedeume a botarlles un capote no exercicio de escapismo das súas responsabilidades que fan permanentemente neste Parlamento.

Di que actuaron dende o primeiro momento. Ben, xa lle dixen que a súa celeridade... Por certo, evidentemente, gañounos en celeridade porque é vostede a conselleira; pero a conselleira de Medio Ambiente nin foi por alí. E nós non somos os que temos que estar a pé de río, os que teñen que estar son vostedes —nós xa estivemos—, e con celeridade.

Di tamén que actuaron con contundencia. Tanta contundencia que no día de hoxe o río segue baixando da cor do leite, e practicamente vostede nos di que está en perfecto estado. Ben, pois segue baixando practicamente da cor do leite. E a directora de Augas de Galicia díxonos en comisión o venres pasado que se debía a un posible arrastre de sólidos. ¡Vamos!, que non ten nin idea do que pasa aí cando xa pasou máis dun mes.

E cando lle reprochei á señora directora de Augas de Galicia nesa comisión que non se dignase a visitar o Eume neste episodio de contaminación, díxome que non ten que ir porque quen teñen que ir son os técnicos; nin ela nin a conselleira de Medio Ambiente. O cal dá idea da mentalidade burocrática que preside as políticas de conservación do medio ambiente do PP de Galicia. Mentalidade burocrática no mellor dos casos, porque no peor son políticas ao servizo dos intereses de empresas contaminantes hidroeléctricas e de grandes intereses económicos —¡que casualidade!— sempre amigos do PP. Por iso consideramos que as políticas medioambientais de Galicia son un mero capítulo con demasiada frecuencia dun libro chamado «capitalismo de amiguetes», que fai que o exconselleiro de Medio Ambiente, don Carlos del Álamo, remate como conselleiro coordinador do Consello de Administración de Ence ou que a exconselleira de Medio Ambiente, dona Beatriz Mato, remate como directora de Responsabilidade Corporativa de Greenalia; unha empresa á que favoreceu por acción, por omisión e de todos os xeitos posibles cando era conselleira.

Non podo deixar de referirme á proposta que fixo o BNG —aparentemente aproveitando que a río revolto, ganancia de pescadores— de mobilizar 250 millóns de euros para recuperar o río Eume.

Señores do BNG, xa sei que a súa relación co mundo da economía é certamente lonxana, pero teñan vostedes en conta que a recuperación e rexeneración ambiental da ría do Burgo, que foi recentemente licitada polo Goberno progresista, como non fixo o Goberno do PP nos últimos dez anos, ten un orzamento de 48 millóns de euros. Así que propoñer 250 millóns de euros para recuperar o río Eume está certamente fóra da realidade, aínda que compartamos o empeño.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nós o que propoñemos é que se aprobe dunha vez o Plan reitor de usos e xestión do parque natural, que se dote do seu correspondente orzamento, que se rexenere o río, que se sancione a quen se teña que sancionar —porque non sancionaron nunca vostedes a ninguén, practicamente nunca en décadas, no río Eume por verteduras a este río—; polo tanto, que se faga cumprir a lexislación...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ...e que se faga un plan de rexeneración integral do río Eume e un plan dotado de fondos para recuperar o Parque Natural das Fragas do Eume.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

En nome do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Fernández Alfonzo.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Obrigado, señor presidente.

¡Son de traca vostedes! Bueu, depuradora; Melide depuradora; Pontevedra, depuradora; concello de Pontedeume, depuradora, empresa de xestión de augas... Céntrese, por favor; Eume, estamos falando do Eume. Céntrese, señora conselleira, non estamos a falar de nada estraño, estamos a pedir que se cumpra a normativa.

En canto aos sedimentos, a normativa hoxe obriga a dragar os encoros para retirar os sedimentos periodicamente. E o lóxico, habendo un responsable, é que asuma os custos, con máis razón aínda porque o responsable, neste caso, Endesa —non me fulminou ningún lóstrego, pódese dicir quen é o culpable— obtivo beneficios multimillonarios da explotación da mina das Pontes. Hai que lembrar que é a máis grande do Estado español a ceo aberto, orixe polo menos dunha grande parte desas lamas que se acumulan no encoro.

Pero non é o único incumprimento de Endesa nestes anos. É de todos sabido —lembrábao antes o deputado Arangüena— que tardou cincuenta anos en permitir o fluxo ecolóxico do río, ¡cincuenta anos!, máis de tres quilómetros do cauce do río seco. ¿Que consecuencias tivo isto para a bacía do río?

En canto ao Plan reitor de usos do Parque das Fragas do Eume, vostede sabe mellor ca min que debería estar aprobado e funcionando, e que a súa falta é un dos principais problemas no Parque das Fragas, por non dicir o máis importante. Falamos de problemas no parque que están provocando unha grave deterioración; tanto é así que, como non se faga algo urxentemente, pode que de aquí a pouco non haxa nada que protexer. Non sei se iso é, precisamente, o que está esperando a Xunta.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E insistimos en que non vale quedar parado polas dificultades, en parte porque vostedes, coa súa inacción e coa súa falta de iniciativa e de ambición con ese proxecto, teñen responsabilidade, en certa maneira, na creación, si, dun certo clima social contrario ao parque natural. Polo tanto, é unha obriga e unha débeda do Partido Popular cos territorios da bacía do Eume poñer iso a andar dunha vez por todas.

Pero é que, ademais, nós queremos insistir nisto, na parte propositiva, na parte construtiva deste debate. Temos moito que gañar da posta en marcha dun proxecto que aposte decididamente por facer do Eume esa avanzada do *Green new deal* galego, que nos están dicindo dende todas as institucións —o seu goberno incluído— que debe ser a señeira dunha economía de futuro e sustentábel.

Fíxese que, ademais da impresionante biodiversidade das Fragas, estamos a falar dalgúns concellos de marcado carácter rural, onde existe un nivel de actividade agraria importante e que combinan nalgunha medida con usos turísticos; dun parque ben conectado por estrada e por autovía —fáltanos o tren, quizais tamén tiñamos que falar diso—; estamos falando dun parque que, a pesar de toda a súa falta de atención, gaña visitantes ano tras ano grazas á súa espectacularidade; estamos a falar dun parque no que podemos apreciar a pegada de San Rosendo, da guerra de Pedro I e Enrique o Bastardo, das Revoltas Irmandiñas... E non son pegadas pequenas, son monumentais. Aí está o mosteiro de Caaveiro, o de Monfero, o castelo de Nogueirosa, o torreón do pazo dos Andrade, na vila de Pontedeume, e a propia ponte que cruza o río na súa desembocadura.

Señora conselleira, clama ao ceo que unha combinación tan impresionante de patrimonio natural, histórico e monumental estea todo el en estado ruinoso e sufrindo agresións que quedan impunes. *(Aplausos.)* Non poden seguir mirando para outro lado, non hai escusa. O Eume ten todas as potencialidades, e por una vez todas as bendicións das institucións e expertos; faltan as súas.

Todos estes días pasados todos os comparecentes na Comisión de Reactivación facían fincapé en que este debía ser o camiño, a economía verde. Pois ben, non hai nada máis verde neste noso país que as Fragas do Eume nin ámbito socialmente máis rendíbel para realizar investimentos que a promoción económica de modelos de explotación do territorio tan integradores como o que potencialmente pode darse no Eume.

O expresidente Laxe, na Comisión de Reactivación, falando da necesidade de promover unha imaxe da marca de Galicia que evocara, precisamente, todas estas características do noso país, facía unha brincadeira co nome de «Galiza, o país das marabillas». Eu prefiro, como dicía antes, o de «Galiza, cidade xardín». Pero o importante é que se poñan a traballar, o importante, como di a xente, é «que veña saniño», xa lle poñeremos o nome despois.

Aos seus compañeiros e compañeiras non lles gustou —e parece que a vostede tampouco— o investimento ao que faciamos referencia de 250 millóns. Falamos dun investimento, efectivamente, de 250 millóns para un plan de dinamización dos territorios da bacía do Eume en varios anos. Falamos dun investimento público que mobilice recursos e cree riqueza nunha das comarcas que máis o necesita.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Non se nos ocorre mandarlle cartas aos Reis, nós sabemos perfectamente que os reis, polo menos os reis de España, o que fan é marchar cos cartos, non traelos.

Obrigado. Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Alfonzo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente.

Boas tardes de novo.

Antes de empezar, a min gustaríame pedirlle —xa que estamos falando de que Endesa é a responsable, porque creo que niso podemos estar un pouco de acordo, en que a responsable é Endesa— ao señor Arangüena que chamase a unha exministra socialista. Xa que falou de consellos de administración, podía chamar a Elena Salgado, que é exministra socialista e conselleira de Endesa, a ver se facemos algo *(Aplausos.)* porque creo que disto o Partido Socialista pode falar pouco. Logo tamén teremos outros días para falar doutros, non se preocupen. *(Risos.)* Si, tamén.

Permítame, señor Fernández... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —eu respecteinos a todos—, tamén que fale do Eume, porque eu sinceramente creo que, desde os partidos da Esquerda, nin o BNG nin o PSOE están para dar lecciónns nin de xestión de auga nin de medio ambiente, por iso falei de Melide e por iso agora quero falar de Monfero: alcalde socialista en Monfero, no corazón das Fragas do Eume —si, nas Fragas do Eume, non me vou lonxe, señor Fernández—. Ten aberto un expediente medioambiental por ter un punto limpo convertido nun vertedoiro, ¡e véñenme aquí de salvadores das Fragas do Eume os socialistas! Chame ao seu alcalde de Monfero e que faga as cousas básicas, porque non se pode vir aquí sendo salvador das Fragas do Eume e logo esa incongruencia, como lles dicía antes tamén, de que non fan nada. Ou chame ao alcalde de Pontedeume para que os 700.000 euros de taxas os invista na depuración e no servizo de auga. Iso sería coherencia e iso permitiría poder vir aquí dar clases e exemplos. *(Aplausos.)*

Eu, por iso, sinceramente, pediríalles algo máis de humildade e ser un pouquiño máis construtivos. Non pensamos que facemos todas as cousas ben, pero está claro —e repítoo— que se temos auga en dez días non é grazas ao responsable do servizo de depuración e de subministración de auga, que é o Concello, nin á axuda da deputación, que está desaparecida, é porque a Xunta de Galicia foi dilixente e, como dicía agora a conselleira, investiu 1,5 millóns de euros en dez días para facer unha obra municipal. Isto é así, e o que permite é que poidamos ter calidade no servizo de augas.

Eu quero rematar en positivo, quero rematar sendo construtivo. Creo sinceramente —e xa o dicía na primeira intervención— que temos que darlle unha pensada ao ente de xestión do ciclo

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da auga, e dígoo de verdade, porque os concellos están tendo moitos problemas, e non só os pequenos, xa falaba antes da confirmación da multa de hoxe a Vigo, que é o concello máis grande Galicia e que leva desde o 2011, segundo sentenza, tratando mal a auga; e dío a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, non só as análises continuas dende o 2011.

Por iso creo que temos que falalo, porque, ademais, é unha boa forma de construír, de construír país e de dar mellores servizos aos cidadáns. Creo sinceramente que a xente, por exemplo de Pontevedra, o pode entender ben porque as obras e investimentos dos que falaba a conselleira son claros. É verdade que lles está custando moito aos concellos dar ese servizo de calidade, e é a súa competencia, e por iso nos alegramos, porque aos que levamos aquí catro anos se nos negaba que o servizo de subministración de auga era municipal. Entón, por primeira vez, xa que alguén do PSOE di que é municipal, temos que facer unha festa. Perdoe, pero é así. *(Aplausos.)*

En calquera caso, eu quero rematar poñendo os 10 millóns de investimentos da Xunta de Galicia en saneamento e abastecemento de auga en Pontedeume fronte á desaparición dos gobernos socialistas, da deputación e do Goberno central, que despois de arruinar a comarca das Pontes, está desaparecido con toda a rexión de Ferrolterra, das Pontes e, evidentemente, das Fragas do Eume.

Nada máis, conselleira. Moitas grazas polas explicacións e grazas pola dilixencia no traballo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Para o peche da comparecencia, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

¿A auga non é medio ambiente? Eu penso que si. ¿E non leron o título da miña comparecencia? É que nin escoitan nin len, porque, lendo o título da miña comparecencia, vese que un dos asuntos principais —e que vexo que non lles importa— é o abastecemento de auga á poboación de Pontedeume. Polo tanto, parece que nin escoitan nin len.

Eu vin aquí, a petición propia, comparecer para trasladar nesta Cámara todo o que fixemos, as medidas e actuacións que fixemos dende o primeiro momento, para dar información das actuacións que levamos a cabo nese episodio, dende logo excepcional, que tivo consecuencias no abastecemento de auga de Pontedeume, xa que en dez días estiveron sen poder ter auga potable 11.000 persoas. Polo tanto, lendo o título desa comparecencia, eu creo que xa tiñan unha pista importante do que, dende logo, desde as miñas competencias, podo falar.

Eu creo que teño máis que acreditada na intervención, nas explicacións, a inmediatez, a responsabilidade, dende logo, e a contundencia en todas as accións e as medidas que levamos a

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cabo dende o primeiro momento. Dende o primeiro momento estivemos nesa situación excepcional con actuacións excepcionais que se poden concretar en tres liñas de actuación concretas —se escoitaron a miña intervención, as dúas intervencións anteriores—: en primeiro lugar, seguimento continuo e exhaustivo no encoro e no río, continuo, exhaustivo, diario e con moitísimos parámetros; en segundo lugar, rebaixar a turbidez e garantir o abastecemento de auga —esa é a segunda— e a terceira, darlle indicacións concretas e precisas á empresa explotadora, que xa dixemos aquí que é a responsable, Endesa, a que xestiona o encoro, para que adopte medidas para reducir a turbidez, dentro das cales a imprescindible —como dixemos, reiteramos e conseguimos— é o nivel de auga do encoro para diminuír a turbidez. E actuamos con contundencia abrindo ese expediente sancionador, por suposto, imporémoslle a sanción que corresponda e repercutirémoslle os investimentos das analíticas das obras que houbo que facer, porque é a responsable —como dixemos aquí— do episodio acontecido.

Falaba o BNG de cumprir a normativa. Por suposto, eu non sei como se pon en dúbida. ¡É que faltaría menos! ¡Por descontado! Vixiaremos e velaremos polo cumprimento da normativa —¡por favor!, ¡por descontado!—, polas normas de explotación e por todas as normativas en materia de augas, cos expedientes que correspondan. ¡Por suposto que si!

Intensificamos de forma substancial as analíticas e o control para garantir a calidade, porque nos importa a saúde das persoas, e a calidade da auga pode afectar a saúde das persoas. Fixemos controis periódicos, rutineiros no encoro, e pasamos a un plan de vixilancia extraordinaria, intensivo e exhaustivo para garantir a calidade das augas e para facer un seguimento constante na evolución dos diferentes parámetros, porque queremos que a auga chegue ás vilas de cada unha das casas con garantías de calidade, porque nos preocupan.

E, señoría, colaboramos —volvo insistir— dende o primeiro momento co Concello de Pontedeume con solucións inmediatas; colaboramos e traballamos na potabilizadora dentro das nosas competencias. Eu non lle pedín aquí ao Concello de Pontedeume que actuara no río. No río actuamos nós, que son as nosas competencias. Actuamos no río, no encoro, nos niveis de explotación e na potabilizadora tamén, porque se houbese un físico-químico como na ETAP de Cervo isto non pasaría, por poñer un exemplo, para poñernos en contexto. Hai que poñerse en contexto de todos estes sistemas de abastecemento.

Polo tanto, houbo unha resposta inmediata dende o primeiro momento, tanto coa barreira xeotéxtil o primeiro día como cos tratamentos físico-químicos e vendo de xeito inmediato que a gran problemática era para garantir o abastecemento de auga á poboación, á estación potabilizadora. Actuamos aí, porque carecía, dende logo, de instalacións necesarias.

Entón, a resposta áxil, a resposta contundente e a resposta responsable por parte da Xunta de Galicia no episodio en Pontedeume, e esa declaración de emerxencia que declaramos aos tres días antes de prohibir o Concello o abastecemento de auga, permitíronnos unha declaración de emerxencia para executar de xeito inmediato, en moi pouco tempo, 1,5 millóns de euros en actuacións para mellorar a estación de tratamento de auga potable.

Polo tanto, actuacións e xestión eficiente, áxil e rápida. O maior investimento foi modernizar a estación de tratamento de auga potable e avanzar nese investimento para garantir a cali-

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dade das augas. E volvo insistir en que o Concello de Pontedeume recada 700.000 euros ao ano en taxas. Gustaríanos que se investisen directamente nese servizo. Taxas que eu entendo que son finalistas. Deberían vostedes tamén compartilo e entendelo, porque está en xogo a calidade da auga de todos os veciños.

Traballamos de inmediato nestas liñas de actuación que acabo de explicar. A obra da estación de tratamento de auga potable xa vai estar rematada practicamente este xoves día 12; unha mellora da potabilizadora que entrará a funcionar ao cen por cento, polo tanto, en cuestión de días. Así que solucións, solucións sobre o terreo e solucións a pé de río. Sobre o terreo estiveron os técnicos de Augas de Galicia dende o primeiro momento; sobre o terreo estiven eu mesma e tamén a directora de Augas; sobre o terreo melloramos esa estación de tratamentos; sobre o terreo medimos diariamente todas as analíticas e pedimos á explotadora do encoro que non baixe ese límite do encoro para evitar a turbidez. E con total transparencia comparecemos aquí, creamos a comisión de seguimento e informamos puntualmente a todos os axentes —da man do concello e da man dos técnicos—. E coa máxima transparencia comparecemos aquí.

Eu volvo insistir: o episodio de turbidez no río Eume non conlevou toxicidade. Algún intenta trasladar que houbo toxicidade. E non houbo toxicidade, non se afectou a fauna, non houbo mortalidade nos ríos e non se detectaron variacións na afección a moluscos na ría. Importantes foron as restricións aos veciños, e creo que son o suficientemente relevantes como para facer unha reflexión conxunta e aprender da experiencia, aprender das lecciónS e aprender dos acontecementos. Vimos claramente que hai deficiencias no sistema de abastecemento que parece que merecen unha reflexión. Dende logo, pola miña parte, penso que si son dificultades que son evidentes e que vemos en moitos sistemas —como podemos ver no saneamento en Ferrol, que ten problemas, xunto con Narón, para xestionar ese sistema de saneamento—. E, polo tanto, é unha realidade, e por iso na explotación de infraestruturas hidráulicas temos que dar un paso máis alá e avanzar nesa sociedade pública, con adhesión voluntaria e coas premisas marcadas que se abordaron no Pacto local da auga —e, polo tanto, implicándonos todas as administracións—. Creo que é un reto colectivo que busca solucións. E nese reto colectivo eu agardo poder atopalos, agardo que nos fagan contribucións e traballar conxuntamente por unha problemática que existe, que é unha realidade na xestión do ciclo integral da auga por parte de moitísimos concellos en Galicia.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pasamos ao punto sexto da orde do día, de proposicións non de lei.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa participación da Xunta de Galicia no financiamento dos concellos, o incremento do Fondo de Cooperación Local e o establecemento no ano 2020 dos criterios de distribución das subvencións ás entidades locais

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Os socialistas traemos hoxe aquí unha iniciativa que foi reiteradamente presentada nesta Cámara polo noso grupo parlamentario e que reiteradamente foi rexeitada polo grupo maioritario desta Cámara, é dicir, polo grupo do Partido Popular. Impediu así que este Parlamento sacase a adiante unha regulación por lei, consensuada coa Fegamp, sobre a participación no financiamento dos concellos galegos por parte da Xunta de Galicia, tal e como ten solicitado a Fegamp, por unanimidade de todos os grupos políticos —do Partido Popular tamén— en febreiro de 2017, no documento denominado *Resumo executivo da Comisión de análise para o estudo e proposta de medidas de cara á reforma da normativa que rexe as facendas locais* —que foi reiterado o 29 do 11 do 2019 na X Asemblea Xeral de Fegamp—.

A verdade é que o Partido Popular presenta nesta Cámara poucas iniciativas. Unhas son para lucimento do Goberno galego ao que sustenta, e a maioría son para instar o Goberno do Estado —iso si, cando no Goberno do Estado non goberna o Partido Popular—. Dos setenta e cinco deputados e deputadas desta Cámara, unha parte importante pasamos pola vida municipal e, polo tanto, deberiamos coñecer a realidade dos nosos concellos. En Galicia temos 313 concellos, dos que hai sete grandes cidades, que abranguen o 36,57 % da poboación total de Galicia, 106 concellos intermedios e 200 concellos de menos de 5.000 habitantes. Polo tanto, temos un número importante de concellos con potencialidades moi diferentes e tamén con necesidades distintas. Pero nos que todos os seus gobernos locais, independentemente da súa cor política, queren darlle á súa cidadanía o mellor benestar posible, sendo o seu obxectivo mellorar a vida dos homes e das mulleres que viven no seu territorio.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. Pero a realidade é que os concellos galegos, para poder desenvolver esa autonomía recollida nas leis e satisfacer esas necesidades da súa veciñanza, non contan cos recursos económicos necesarios para poder facerlles fronte. Como vostedes saben, os recursos dos concellos veñen fundamentalmente, por unha banda, dos recursos fiscais propios; por outra banda, dos recursos procedentes da participación nos tributos do Estado, a denominada PIE —que, segundo o Consello de Contas, para o 2018 supuxo o 21,76 % dos recursos totais—; e, por último, dos recursos procedentes da participación nos tributos da Comunidade Autónoma, a denominada PICA —que, tamén segundo o último informe para o 2018 do Consello de Contas, representaba o 10,68 %—. Tanto a PIE como a PICA son transferencias correntes de carácter incondicionado que teñen como finalidade dar cobertura ás diferenzas existentes entre as necesidades de gasto e os recursos que poidan obter polos seus propios medios; é dicir, contribuír á consecución da suficiencia financeira das facendas locais. E, evidentemente, son os concellos de maior tamaño os que teñen maior autonomía financeira.

Así, o propio Consello de Contas, no seu Informe de fiscalización da Conta Xeral das entidades locais de Galicia correspondente ao exercicio 2018, de novo pon literalmente de mani-

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

festo o pequeno tamaño orzamentario dos concellos galegos, comparado cos seus homólogos do resto do Estado, con cifras de ingresos e de gastos por habitante por debaixo da media nacional en todos os tramos de poboación. O Partido Popular, no seu programa electoral das eleccións autonómicas de 2016, recollía literalmente: «Constitúe unha obriga modernizar a Administración pública local para mellorar a súa prestación de servizos e seguir dotando as entidades locais galegas das mellores ferramentas para afondar na prestación de servizos públicos de calidade, na eficacia da súa xestión e na proximidade á cidadanía. —Feijóo, *En Galicia si*, 2016—». Fin da cita.

Pero a realidade é que durante estes catro anos —é dicir, nesta última lexislatura— o Goberno galego non dotou nin un só recurso adicional para afondar nesa prestación de servizos de calidade da que falaba no seu programa electoral. E, pola contra, aprobou normas que incrementaron as competencias dos concellos sen achegarlles os recursos necesarios para desenvolvelas.

O Goberno galego pretendeu que, a custa dos escasos recursos dos concellos, e renunciando a unha parte dos seus ingresos fiscais, se asentaran empresas en Galicia, esquecendo que a competencia exclusiva da política industrial lle corresponde á Comunidade Autónoma. O Goberno Feijóo non asumiu na súa totalidade os gastos de mantemento dos centros de atención primaria e dos centros de saúde —a cargo dos concellos—, sendo unha competencia exclusivamente autonómica e incumprindo o Pacto local, asinado coa Fegamp no ano 2006. O Goberno Feijóo durante a crise sanitaria da covid-19 volveu cargar os concellos coa responsabilidade de asumir unha parte importante dos gastos necesarios para evitar a propagación desta pandemia. E o Goberno Feijóo non incrementou nin un só euro a contía do Fondo de Cooperación Local.

Miren, co Goberno de Emilio Pérez Touriño en só catro anos o Fondo de Cooperación Local incrementouse en 40 millóns de euros, chegando a practicamente 120 millóns de euros. Nos gobernos de Núñez Feijóo este fondo non chega aos 113 millóns de euros —exactamente 112.972.806 euros—. É dicir, 7 millóns de euros menos que durante o goberno de Touriño.

O presidente Feijóo é un experto en dicir unha cousa para logo facer outra. É un experto en pedirlles responsabilidades a outras administracións mentres que esquece cumprir coas propias. Porén, os concellos, cos seus escasos recursos, actuaron para atender as necesidades da súa veciñanza sen mirar de quen era a competencia. Actuaron para atender os máis vulnerables.

E os socialistas rexeitamos unha vez máis o sistema de subvencións da Xunta de Galicia, un sistema caciquil que non respecta a autonomía local; que no está baseado nun plan de reequilibrio territorial para Galicia; que non procura a cobertura de servizos básicos para toda a cidadanía galega independentemente de onde viva; que non cumpre cos principios de transparencia e obxectividade contemplados na Lei de transparencia e bo goberno de Galicia; que non respecta a Lei de subvencións de Galicia. É un sistema que favorece os gobernos locais da súa mesma cor política. Xa que logo, a Xunta de Galicia de Núñez Feijóo durante estes once anos non gobernou igual para todos os galegos e para todas as galegas. A Xunta de Galicia de Feijóo goberna de maneira caciquil favorecendo os gobernos locais do Partido Po-

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pular. A Feijóo só lle acorda «Galicia, Galicia, Galicia» para as súas comparecencias propagandísticas, e emprega os medios de comunicación públicos como plataforma de publicidade ao seu servizo. *(Aplausos.)* E eu pregúntolles aos deputados e ás deputadas do Partido Popular: ¿entende o presidente Feijóo que é máis «Galicia, Galicia, Galicia» alí onde goberna o Partido Popular?

Miren, se debullamos os convenios asinados polo Goberno galego durante a X lexislatura —non vou agora mesmo entrar neles porque traeremos unha iniciativa a este Pleno con datos e cadros comparativos, como facemos sempre os socialistas, ¡sempre!— podemos concluír que máis do 80 % dos concellos beneficiados con convenios polos gobernos de Feijóo tiñan un goberno do Partido Popular —sen que se corresponda co número de concellos gobernados polo PP en Galicia e sen que existise ningún criterio nin ningún plan estratéxico previamente elaborado—.

E se analizamos o título V, *Corporacións locais*, dos orzamentos da Comunidade Autónoma, temos que durante estes tres últimos exercicios se consignaron unhas cantidades iniciais que en realidade logo non foron executadas. Deixáronse sen executar, no ano 2017, 40 millóns de euros; no ano 2018, 54 millóns de euros; no ano 2019, 48 millóns de euros. É dicir, 142 millóns de euros que deixaron sen executar tiñan a finalidade de ir para eses concellos para poder cumprir coas súas competencias. Son cantidades que en tres anos superan con creces a cantidade asignada pola Xunta de Galicia anualmente ao Fondo de Cooperación Local. É dicir, 29 millóns de euros máis do que agora mesmo ten consignado o Fondo de Cooperación Local...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...cantidades que nós pedimos na nosa iniciativa e que poderían incrementar a contía do Fondo de Cooperación Local para que os concellos puidesen exercer as súas competencias sen ter a tutela da Xunta de Galicia.

No programa electoral do Partido Popular de 2020, das eleccións autonómicas que acabamos de ter, no apartado relativo á Administración local, dise literalmente que se comprometen «a revisar o financiamento dos concellos a través do Fondo de Cooperación Local cara a un modelo que sobrepondere o avellentamento, a despoboación e o esforzo fiscal, e que aposte pola cohesión territorial».

E como xa me ten avisada o presidente...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...supoñemos que, con este compromiso coa cidadanía que vostedes, o Partido Popular, manifestaron con este programa, votarán a favor desta iniciativa que traemos hoxe aquí os socialistas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Remataba a súa intervención a señora Rodríguez Rumbo confiando no voto favorábel do Partido Popular. Non é por decepcionala pero, despois do debate que tivemos na moción presentada polo BNG, onde se substanciaban basicamente —polo menos algúns— dos temas que se traen agora tamén nesta PNL, o resultado é previsible, é moi previsible. Porque aí o Partido Popular está erre que erre nas súas contradicións.

Aquí proponse que se aprobe unha lei que regule a participación dos concellos no financiamento da Xunta, cousa que reiteradamente defendeu o Partido Popular na Fegamp e mesmo anunciou o señor presidente da Xunta no 2017. Pero van votar en contra. Tamén se propón o incremento do Fondo de Cooperación Local, integrando partidas das subvencións, que tamén defendeu o Partido Popular na Fegamp pero ao que tamén van votar en contra —na Fegamp e mesmo aquí neste Parlamento, porque chegamos a aprobar iniciativas neste sentido—. E están os criterios para a repartición das subvencións.

Como dicía, estas tres cuestións aparecían na nosa moción xunto con outras que son realmente a clave, a clave de bóveda, para resolver ese problema estrutural de estrangulamento dos concellos no seu financiamento, que ten que ver co sistema de financiamento local e tamén co sistema de financiamento autonómico. E resulta que aquí vivimos o paradoxo de que os concellos son as administracións máis cumpridoras no gasto e no déficit e resulta que son as máis castigadas, tanto polo Estado como pola Xunta de Galiza, na falta de transferencia de fondos.

Polo tanto, é evidente que é necesario chegar a acordos nesta materia no ámbito parlamentario ademais dos acordos aos que se chegaron na Fegamp. O normal sería, por coherencia, trasladar os acordos da Fegamp a esta Cámara. E esa é a coherencia, desde logo, na que está instalado o Bloque Nacionalista Galego, pero o Partido Popular está instalado na comenencia, na comenencia. Depende do día, depende da comenencia do Goberno. E, polo tanto, vota unha cousa na Fegamp e vota a contraria neste Parlamento sen despeinarse. Son uns auténticos virachaquetas, é evidente que actúan así.

Entón é fundamental, é urxente, é importante, chegar a acordos nestas cuestións porque, como dixemos antes, é un momento no que os concellos necesitan atender un montón de urxencias derivadas desta crise. E ademais é necesario e urxente tamén resolver a cuestión das competencias municipais, porque aquí o que se acordou no Pacto local foi que os concellos tivesen menos competencias —tamén na Lei de estabilidade—, e resulta que os concellos teñen máis competencias e teñen menos ingresos. Teñen máis gastos, moitos deles por transferencias da Xunta de Galiza, e teñen menos ingresos. Non digamos xa agora con esta situación.

Entón, ¿como chegamos ata aquí? Porque, claro, agora o Partido Popular di que hai que estudar, que hai que crear unha comisión. Pero ¿de onde vimos? Vimos de que, despois do Pacto local do 2006, no 2010 se crea a Comisión de Cooperación Local, que non se reúne desde o

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2010 ata o 2017 —gobernando o Partido Popular—. ¡Non se reúne nin unha soa vez! E isto é o que lle importa ao Partido Popular, á Xunta do Partido Popular, resolver estas cuestións. ¡Sete anos sen ter ningunha reunión! Iso si, no 2013, a bombo e prato —non vou dicir quen estaba naquel momento de presidente da Fegamp, pero anda aquí por este Parlamento, séntase nas bancadas do Partido Popular—, anúnciase a bombo e prato, o Pacto local da auga. E resulta que agora nos veñen vendendo a moto desa empresa pública de xestión da auga. Pero ¿que estiveron facendo en todos estes sete anos que levan gobernando na Xunta de Galiza? ¿Por que non chegaron xa a acordos? Por certo, se queren chegar a acordos, non lle chamen «Sogama da auga». Non veñan buscando amizades chamándolle... Nós non discutimos que ten que haber unha empresa que se chame «empresa pública de xestión da auga», pero coidado con eses sobrenomes, con eses alcumes, que lle poñen, que non soan alá moi ben.

Entón, chegados a este punto, ao Pacto local da auga, no 2017 chegamos aquí a un acordo neste Parlamento para desenvolver e cumprir o Pacto local da auga. Estamos agardando por ese cumprimento. E resulta que agora o señor presidente da Xunta —no ano 2017 tamén, como dixen antes— anuncia unha lei para regular o financiamento dos concellos e o Fondo de Cooperación Local. Tres anos levamos agardando.

E, por certo, sobre a auga e sobre o ciclo da auga, lean a Lei da auga que aprobou o Partido Popular. Di claramente cales son as competencias. E no caso da depuración, do saneamento, as instalacións de saneamento declaradas de interese autonómico son de competencia da Xunta. Por iso a Xunta de Galicia xestiona moitas depuradoras —que, por certo, funcionan moi mal—. E xa nos terán que explicar vostedes tamén por que investiron 1.100 millóns de euros —como dixeron aquí, que presumen, que se gaban, de investir 1.100 millóns de euros— e temos as rías feitas un desastre. Teñen varios procedementos sancionadores abertos por parte da Unión Europea. E iso non é responsabilidade principalmente dos concellos, é responsabilidade principalmente da Xunta. Porque a Lei de augas tamén di que a Xunta tiña que facer o Plan xeral de abastecemento e o Plan xeral de saneamento, e non o fixeron. Polo tanto, lecciónns, as mínimas. Porque, claro, agora están facendo o plan local de saneamento da ría de Pontevedra pero resulta que non fixeron previamente o plan xeral. Isto non é serio; polo tanto, coidadiño coas lecciónns.

E cando o Eume pasa por Pontevedra, ¡mal, mal, mal! Porque, ademais, que citen aquí e teñan a santa jeta, o morro ou o morrazo —como queiran chamarlle— de citar o río dos Gafos de Pontevedra, cando o río dos Gafos estaba no Plan hidrolóxico Galicia-costa cunha consignación de 1,1 millóns de euros que financiaba a Xunta de Galiza e que decidiron incumprir ese compromiso, incumprir o compromiso dun convenio co Concello de Pontevedra —que o tivo que financiar cos fondos propios e da Deputación—, ¡vaia jeta teñen vostedes de vir aquí falar do río dos Gafos e de que van resolver o problema do río dos Gafos!, cando vostedes incumpriron algo que está escrito no Plan hidrolóxico de Galicia-costa. Cando deixaron de gastar eses cartos aí é que os levaron para outro lado. E por iso dicimos que a vostedes a malversación de fondos públicos, ou polo menos o mal uso ou o abuso dos fondos públicos, quédalles curto. En fin, coidado con esas mencións.

O que propoñemos, e que é de toda lóxica, é absolutamente razoable, é que os fondos desas subvencións e eses convenios —eses convenios que se asinan pola porta de atrás pasando

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

previamente os alcaldes e alcaldesas polos despachos da conselleira de Medio Ambiente, ou pola conselleira de Infraestruturas, e despois asinando o correspondente convenio con administracións do Partido Popular, que é absolutamente escandaloso— formen parte do Fondo de Cooperación Local. Porque xa lles dixemos que o dato é contundente. Só un terzo do financiamento dos concellos, do diñeiro que vai para os concellos, está no Fondo de Cooperación Local. Entón hai dous terzos que van por outra vía. O mellor é que todo ese diñeiro estea nun fondo único, no Plan único, no Fondo dos concellos, que se reparta por criterios obxectivos —igual para todo o mundo— e que isto se blinde por lei, que quede para a historia, para o futuro, para os que veñan despois, que serán doutra cor. Xa non serán da cor azul escura do Partido Popular, escura, moi escura.

Ben, pois xa para rematar, despois de dez anos de parálise nos que non deron resolto ningunha destas cuestións, agora sacan anuncios da chisteira —porque nisto si que son hábiles, como fixo hoxe tamén a conselleira—. E o señor presidente da Xunta de Galicia, o señor Alberto Núñez Feixóo, na reunión que tivo o 6 de outubro coa directiva da Fegamp, dixo: Imos facer unha reunión antes de fin de ano da Comisión de Cooperación Local para abordar todas estas cuestións, algunhas novas, como os niños das velutinas, que non digo que sexa unha cuestión moi importante, e outras que veñen de atrás, de moitos anos, como o problema da auga, como o problema das emerxencias —por certo, que está sen resolver o mapa das emerxencias—, como o problema tamén do financiamento local e do Fondo de Cooperación Local. E puxo un prazo de ata fin de ano. Despois de dez anos de parálise, de incapacidade —porque a vostedes non lles interesa resolver esta cuestión, porque lles vai tamén a conta niso e porque lles van ter que dicir a moitos concellos do Partido Popular —que antes pasaban polo despacho e despois asinaban o convenio— que iso xa se acabou, e por iso non lles interesa—. Pero cumpran os compromisos e, sobre todo, cumpran os acordos asinados da Fegamp, que nos comprometen a todos, ¡a todos!, ao BNG, ao PSOE e tamén ao Partido Popular.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Como cuestión previa, quería dicirlle ao señor Bará que no Grupo Parlamentario Popular non acostumamos a meternos coas crenzas relixiosas de ninguén, e tampouco coas non-crenzas. Vostede é moi dado a iso. E eu non lle vou dicir que pida perdón pero si, polo menos, que se arrepinta internamente. Porque vostede acusoume de mentir na miña intervención por dicir que a Deputación de Pontevedra asinaba convenios cos concellos do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego. *(A señora Prado del Río amosa unha gráfica desde o estrado.)* Saquei esta gráfica e vostede aquí saíu coma unha furia, vostede si que estaba alporizado —porque me dicía a señora Rumbo que estaba eu alporizada e despois ela aquí parecía que tiña electricidade—, e acusoume de mentir. Eu dixen: Bueno, igual o soñei, vou mirar outra vez. Bai-

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xei ao despacho, abrín o ordenador, entrei na páxina web da Deputación de Pontevedra, señor Bará, e non é que haxa un, é que hai 335 convenios asinados con concellos e outras entidades. Mire, todos eses convenios que vostede negou, e polo que me acusou de mentir, señor Bará —a mentira ten as patas moi curtas—, están resumidos nesta gráfica. Eu xa sei que é moi difícil defender o que fan vostedes na Deputación de Pontevedra, ou na Deputación de Lugo, e vir aquí e dicirlle á Xunta que está facendo algo caciquil. Caciquil é o que fan vostedes na Deputación de Pontevedra. *(Aplausos.)*

E, miren, dicía a señora Rodríguez Rumbo que os concellos de maior tamaño son os que teñen maior suficiencia financeira. Pois dígallo tamén á súa compañeira señora Silva, porque lle dá máis cartos a Vigo e a Pontevedra que aos concellos pequenos. ¡Ah, claro! Pero é que eses concellos están gobernados polo Partido Popular. Iso si que é sectarismo e iso si que é caciquil, señor Bará.

Pero xa á marxe dos convenios —que parece que non lle gustou— imos falar dos plans. Falemos de plans, dos plans de reequilibrio depoRemse Mire, fóra dos plans dos concellos, a Deputación de Pontevedra aprobou os plans de reequilibrio no ano 2017, os depoRemse dos anos 2018 e 2019. Coñéceos perfectamente, sei que os coñece. Repartiu nestes tres anos 29 millóns de euros. E facendo unha comparativa dos beneficiarios polos dous plans, estes son os datos. *(A señora Prado del Río amosa unha gráfica desde o estrado.)* Outra vez o *quesito* está en roxo. Mire, PSOE e BNG, 17,5 millóns de euros —é dicir, un 67,6 %—; os pobres concellos do PP, 6,2 millóns de euros —é dicir, 23,9 %, señor Bará—.

Pero logo temos os concellos *top* dez —que, se ve o *quesito,* está case roxo; case, case, fáltalle moi pouquiño—. Porque, mire, dos dez concellos *top*, dos que máis cartos reciben —que son 11,4 millóns de euros—, 8 son do PSOE e BNG e dous concellos, deses dez top, son do PP, e reciben 1,7 millóns de euros. Esta é a gráfica. Eu entendo que é moi difícil xustificar a actitude caciquil que ten o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista na Deputación de Lugo e na Deputación de Pontevedra. E veñen vostedes aquí falar do Goberno da Xunta de Galicia, que o que fixo foi protexer o financiamento dos concellos co Fondo de Cooperación Local para garantilo e incluso para darlles máis cartos dos que lles correspondían, en plena crise económica e cunha baixada espectacular de ingresos da Administración autonómica. A pesar diso mantívose o financiamento dos concellos, incluso por riba do que lles correspondía en máis de 30 millóns de euros nestes últimos anos, señor Bará.

E despois tamén temos os concellos en branco. Eses son os do «*quesito azul*», os que no reciben absolutamente nin un euro da Deputación de Pontevedra. Son 12 concellos do PP.

E, señora Rodríguez Rumbo, que vostedes actúen así non quere dicir que o Partido Popular actúe así. Se é a súa forma de actuar, a súa forma de gobernar, non pense que os demais fan o mesmo. Pensa o ladrón que todos son da mesma condición. Pois non, señora Rodríguez Rumbo, non. O Partido Popular goberna para todos, e aí está... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, é que é un insulto á intelixencia dos galegos e das galegas dicir que o Goberno do Partido Popular non goberna para todos e que os galegos e as galegas sistematicamente, cada catro anos, sigan apoiando gobernos do Partido Popular —e cada vez con máis apoio nas urnas, señora Rodríguez Rumbo—. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire, vostede dicíanos que aprendamos dos gobernos socialistas. ¿É isto o que temos que aprender dos gobernos socialistas? ¿Isto? ¿Actitudes caciquís de darlles máis cartos só aos concellos da nosa cor política? Non. ¿Que é o que temos que aprender dos gobernos socialistas?

Mire, dicía vostede antes que o Ministerio de Facenda destacaba o seu compromiso cos concellos nunha nota de prensa do pasado 5 de outubro de 2020. Mire, os compromisos teñen que cumprirse, e non facer pirotecnia, mercadotecnia, ¿entende? Iso é a «factoría Moncloa»: roldas de prensa, notas de prensa... Pero, mire, lémbrolle que o goberno do señor Sánchez, investido cos votos do Bloque Nacionalista Galego, acadou unha das maiores derrotas que se lembran na historia recente do Parlamento español, que foi co Real decreto-lei 2720, do 4 de agosto, de medidas financeiras, de carácter extraordinario e urxente, aplicables ás entidades locais. ¿Lembra cal foi? Pois, mire, conseguiron poñer de acordo a 8.131 concellos de España —perdón, 8.130, porque hai un, o Concello de Vigo, que foi, co seu voto de calidade, o que intentou facerlles esa falcatruada aos concellos de España—. Eran 14.000 millóns de euros que querían roubar dos aforros dos concellos galegos. *(Aplausos.)* Señor Bará, Madrid non rouba, España non rouba, quen rouba é Sánchez. Sánchez si que lle rouba a Galicia e pretendía roubarlles a todos os concellos de España.

Mire, ¿tamén temos que aprender do Goberno de España, señora Rodríguez Rumbo, nos presupostos xerais do Estado que se están debatendo estes días? Mire, non, porque todo incremento aparente que vai nos presupostos xerais do Estado para os concellos vén do Fondo de resiliencia. Son fondos da Unión Europea e non se sabe que criterios se van utilizar para repartilos nin se os vai xestionar a Comunidade Autónoma nin se os van xestionar directamente os concellos nin quen os vai controlar. Non se sabe quen os vai xestionar nin como se van distribuír. Non sabemos se van ter en conta criterios de envellecemento, de dispersión poboacional... Porque ¿sabe, señora Rodríguez Rumbo? Vostede hoxe trae aquí unha iniciativa na que pretende que aprobemos unha lei para esa repartición de fondos. Pero, mire, para esa repartición de fondos hai que ter claro o que tiña moi claro o anterior presidente da Fegamp cando se reuniu co presidente da Xunta, que dixo que, efectivamente, había que facer esa lei pero que antes tiñamos que ter moi claro cal era o financiamento da Comunidade Autónoma. E tiñámolo moi claro ata que chegou o señor Sánchez, reinventouno e rachou con todos os consensos anteriores. E agora non sabemos como se reparten os fondos, señora Rodríguez Rumbo. Vostede hoxe ¿pode dicir aquí como se van repartir eses fondos aos concellos, eses fondos que veñen nos presupostos xerais do Estado e que non deixan de ser un espellismo para os concellos, para a Administración local? ¿Sabe vostede que iso é unha hipoteca, non? É unha hipoteca a longo prazo porque eses cartos temos que devolvelos, señora Rodríguez Rumbo. Son cartos da Unión Europea, non é un regalo nin de Sánchez nin da súa ministra, que dá notas de prensa co seu compromiso cos concellos, esa de... *«¡Bah!, ¿qué son mil millones de euros, chiqui!»*. Esa que despreza millóns de mil en mil, millóns de mil en mil, é a que ten o compromiso cos concellos, a que intenta roubar os 14.000 millóns dos aforros dos concellos e agora di que está moi comprometida.

Pois, mire, señora Rodríguez Rumbo, lamento dicirlle que non teñen credibilidade. Non teñen credibilidade nin para os concellos nin para este grupo parlamentario nin para a sociedade en xeral. E por iso perden votos como auga entre as mans cando se poñen debaixo

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dun grifo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Faille moita graza, pero no creo que rira tanto o 12 de xullo, señora que ri tanto.

Mire, o que si temos claro é que hai que mudar os criterios de financiamento autonómico, porque Galicia neste momento está sendo discriminada. E mentres non teñamos un financiamento, uns criterios de financiamento para a Comunidade Autónoma, dificilmente imos poder poñer uns criterios de financiamento para os concellos. Vostede sábeo e a Fegamp sábeo. Vostede hoxe veu aquí e falou antes dunha proposición de lei que presentou vostede nesta Cámara. E vostedes antes preguntábanme: ¿non podemos traer aquí acordos da Fegamp? Si, claro, o que non poden é manipular e dicir aquí que traen unha iniciativa que din que vén consensuada coa Fegamp e que despois resulta que a Fegamp non sabía nada desa proposición de lei que vostede presentou e defendeu nesta mesma tribuna, señora Rodríguez Rumbo. Por tanto, entre mentiras e manipulacións creo que este grupo está máis a salvo ca vostedes. Porque un que mente e di que outros mentimos; outra, que manipula... Traian as iniciativas que queiran. Pero despois nós temos dereito absolutamente a desmontalas e a dicirlles que o que traen consensuado coa Fegamp, que é o que dixo naquel momento a señora Rodríguez Rumbo, nin é consensuado nin dialogado nin nada de nada.

E, miren, efectivamente entre a Fegamp e a Xunta hai consenso en moitas cousas, hai diálogo en moitas cousas. Efectivamente, vótanse alí moitas cousas que logo non se poden levar a cabo. Pero non é por falta de vontade do Partido Popular, señora Rodríguez Rumbo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non... Claro, é que, se nega a evidencia, se nega que é evidente que hai que ter uns criterios claros de financiamento autonómico para poder poñer uns criterios claros de financiamento local, se negamos a maior, loxicamente non imos chegar nunca a ningún acordo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Pero, por sorte, o anterior presidente, o presidente socialista da Fegamp, si que o tiña claro e era consciente de que, mentres non se reformulase o financiamento das comunidades autónomas, dificilmente se podería aprobar ese texto lexislativo. De feito, vostede tróuxoo a esta Cámara e agora desapareceu. Volva traelo. Se hai un consenso, se hai un diálogo, se vostedes din que traen aquí un texto lexislativo que está consensuado na Fegamp, ¿por que non o volve traer? Eu rétoa a que o traia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

O señor Bará iniciaba a súa réplica dicindo que había dúbidas razoables de que o PP non apoiase esta iniciativa, unha iniciativa cuns acordos que foron tomados polos seus alcaldes

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e polas súas alcaldesas na Fegamp, que alí votaron a favor por unanimidade, para que o Partido Popular nesta Cámara vote en contra. Despois das verbas da señora Paula Prado del Río, a verdade é que non me estraña. Xa non contaba realmente, pero bueno, aínda tiña algunha esperanza.

Vostede vén aquí a esta tribuna a intentar desviar o debate porque non se quere centrar, porque se poñen colorados ante as evidencias. Eu veño falar aquí das obrigas da Xunta de Galicia, e xa lle dixen na miña intervención anterior que traeremos proximamente unha iniciativa na que lles amosaremos con datos e con gráficos como fai a repartición a Xunta de Galicia cos concellos galegos, favorecendo sen ningunha xustificación os concellos gobernados polo Partido Popular. E aquí vimos falar da Xunta de Galicia e a cuestionar a xestión que fai a Xunta de Galicia con respecto ás entidades locais galegas. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

E vostede falou tamén de roubo nesta Cámara. A min, a verdade, é que me parece bastante, bastante, forte. Falou tamén vostede dos fondos europeos. Mire, recórdolle... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Estou falando eu nestes momentos. Por favor, eu escoiteina con atención, aínda que non comparta, evidentemente, moitas das cousas que dixo. Vostede falou dos fondos europeos. E, mire, eu recórdolle que a Xunta de Galicia di —tamén nunha nota de prensa— que presentou ao Estado 108 proxectos a eses fondos europeos. E nós —os parlamentarios, os deputados e as deputadas que estamos nesta Cámara— nada sabemos deses proxectos que foron presentados ao Goberno do Estado.

Miren, vostedes —o Partido Popular— son uns especialistas en acordar cousas no papel para nunca ser cumpridas. Recordeille na miña primeira intervención o programa electoral de 2016 e o que puxeron no programa electoral de 2020. Os socialistas entendemos que un programa electoral é un compromiso coa nosa cidadanía, un compromiso para, na medida das posibilidades, cumprir aquilo que alí se escribe. Pero vostedes non tiñan intención en 2016 de cumprir con ese compromiso, e tampouco teñen intención no 2020 de cumprir con ese compromiso. Asegúrolle que, cando nós trouxemos a Proposición de lei de financiamento local, estaba falado coa Fegamp. Vostede pode vir dicir aquí o que queira, pero ao mellor a que mente é vostede. E volveremos traer textos acordados coa Fegamp para que vostedes novamente, aplicando o seu rodillo, seguramente voten en contra.

En calquera caso, vou ler o que pedimos na nosa iniciativa para que vostedes sexan conscientes do que van votar en contra. Pedimos aprobar unha lei autonómica consensuada coa Fegamp para regular a participación no financiamento dos concellos galegos por parte da Xunta de Galicia. Pedimos incrementar o Fondo de Cooperación Local para o exercicio 2021 na contía das partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais. E pedimos establecer neste exercicio 2020, de cara á próxima aprobación dos orzamentos de 2021, os criterios que rexan a repartición das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais —obxectivos consensuados coa Fegamp—, e que garantan a igualdade de acceso para todas elas cunha convocatoria pública á que concorran todos os concellos en igualdade de oportunidades.

E mostras traeremos, señora Prado del Río, mostras traeremos, señores deputados e deputadas do Partido Popular, para que se poñan colorados pola forma que teñen de empregar

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

os recursos que son de todos e de todas para favorecer, simplemente en moita maior medida, os que son os seus. E recórdolles simplemente un exemplo, o Plan Hurbe: de 39 concellos subvencionados, 1 é do Partido Socialista e 38 do Partido Popular.

Non teño máis que dicir.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa liña ferroviaria Vigo-O Porto

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda a esta proposición non de lei.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Teresa Egerique Mosquera, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1. Incluír na axenda postcovid a modernización da liña ferroviaria Vigo Porto e a súa consideración como proxecto estratéxico e prioritario para a Eurorrexión, co obxectivo de contar cun tren competitivo, moderno e rápido que garanta a mobilidade sustentábel e segura. Con este obxectivo, o goberno galego impulsará, diante dos gobernos español e portugués, a seguinte actuación de modernización da liña ferroviaria, entendida como traxecto de media distancia que dá continuidade ao eixo Coruña Vigo:

Impulsando a aprobación do proxecto da saída sur de Vigo e a súa construción como parte do Corredor Atlántico Ferroviario de Mercadorías, incluída en xuño de 2019 na rede básica TEN-T, gracias á negociación mantida por Asturias, Castela-León e Galicia ante as autoridades comunitarias, e cuxas obras deberán estar rematadas antes do 31/12/2030.

2. Demandar ao goberno do Estado a recuperación dos servizos ferroviarios entre Vigo e Porto suprimidos coa escusa da COVID.

3. Reclamar do goberno do Estado que transitoriamente acometa a modernización dos vehículos que circulan pola liña Vigo Porto».)

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Alexandra Fernández Gómez, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Substituír a redacción do punto 2 pola seguinte:

«2. Demandar ao goberno do Estado, na medida en que a situación sanitaria o permita, o incremento da oferta de servizos e mellora da combinación de horarios no traxecto Vigo-Porto.»

Emenda de adición.

Engadir un novo punto 4, co seguinte texto:

«4. Solicitar ao Goberno Español o acordo coa Xunta de Galiza das fases e os prazos de execución da modernización da infraestrutura entre Vigo e o Miño, así como da saída sur de Vigo; co obxectivo de que a conexión entre Vigo e O

Porto nunha duración de menos dunha hora, sexa unha realidade no ano 2030 en consonancia cos prazos marcados polo goberno portugués».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidente.

Ben, traemos esta iniciativa sobre a conexión Vigo-O Porto. Nalgúns lugares reciclan e recuperan trens de época para dedicalos ao turismo. E a verdade é que a liña Vigo-O Porto parece pensada máis ben para iso, para viaxar no tempo, tanto en material rodante, que consiste en trens reciclados dos reciclados, como na infraestrutura, directamente do século XIX. O mesmo ocorre nas frecuencias. Neste momento hai unha frecuencia diaria entre Vigo e O Porto, unha que sae ás oito da mañá, e outra que volve do Porto a Vigo ás oito da mañá. É dicir, hoxe en día hai que facer noite no lugar de destino para poder volver. Eu creo que quizais no século XIX era máis fácil volver dende O Porto. E isto, que leva décadas producíndose, este desmantelamento entre Vigo e O Porto, pois é un proceso encuberto para a desaparición da conexión. E é especialmente grave porque estamos a falar da cidade máis poboada de Galiza e, por outro lado, da conurbación urbana máis importante do noroeste, que ao mesmo tempo son dúas cidades, dous nodos, fundamentais do eixo atlántico.

É absolutamente anormal, ademais, dentro do contexto Europeo que dúas grandes cidades que forman parte dun único sistema urbano pois non dispoñan dunha opción de mobilidade ferroviaria, porque é evidente que o que hai non é hoxe en día unha opción real. Pero é que ademais temos un problema estrutural de fondo, que é que a liña dende A Coruña ao Porto está conformada por dous sistemas segregados: da Coruña a Vigo temos un sistema ferroviario que remata na estación de Urzáiz; e de Vigo ao Porto temos outro sistema dende a es-

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tación de Guixar. É dicir, que en Vigo se ve claramente ese problema estrutural con dúas estacións para dous sistemas segregados.

Por iso nesta proposición non de lei plantexamos a necesidade de resolver o problema en dous sentidos: por un lado, a estratexia a curto prazo para resolver a necesidade de frear o proceso de desmantelamento; e, por outro lado, a estratexia a medio e longo prazo para resolver o problema estrutural que hai de fondo. No obxectivo a curto prazo —como digo— hai que frear ese proceso de desmantelamento encuberto que leva anos sendo sistematicamente fomentado por parte do Goberno central. É urxente a mellora do material rodante, é urxente o incremento de frecuencias —e aquí quero sinalar que presentamos unha autoemenda porque cando presentamos esta iniciativa o contexto da pandemia era outro, e cremos que a nivel de frecuencias tamén é normal que se adapte á situación da pandemia—. E temos que avanzar na electrificación. Pero sabemos tamén que todo isto non deixan de ser parches e que o fundamental é o obxectivo que temos a medio prazo —nun prazo de aproximadamente dez anos—, que é resolver a saída sur. Esta é a obra fundamental, a clave de bóveda para convertelo nun único eixo atlántico continuo dende A Coruña ata Lisboa.

Ben, a situación que describía é grave, é anormal, pero non é casual. É consecuencia dun proxecto de Estado que se baseou principalmente no desenvolvemento dun modelo radial de infraestruturas que tivo e ten como obxectivo fundamental converter Madrid na capital política, na capital económica, e agora na capital financeira, a custa do resto de territorios. E isto leva sendo así en España dende o século XVIII. Este modelo radial de infraestruturas nunca se desenvolveu baixo criterios de rendibilidade social, nin sequera baixo criterios liberais de potenciación da produtividade económica; senón sempre baixo o criterio único de ordenar espacialmente o poder político ao servizo da capital. E, claro, no caso de Madrid isto sempre foi bastante problemático, porque Madrid sempre foi unha capital contra natura, é unha excepción en todo o contexto europeo. Non existe outra capital que non teña conexión marítimo-fluvial. E iso, fronte a un contexto peninsular cheo de cidades portuarias cunhas composicións xeoestratéxicas no Atlántico e no Mediterráeno moito mellores, supuxo un gran esforzo para construír esa capital contra natura. Converter Madrid nesa gran capital requiriu un esforzo que se canalizou principalmente en dúas estratexias: por un lado, o deseño do modelo radial de infraestruturas, e, por outro, a estratexia da desarticulación dos corredores litorais. E esta é a cuestión de fondo. Non é que a Galiza cheguen tarde os trens porque si. É que hai unha tensión entre dous modelos diferentes de entender a vertebración territorial da península, e hai dous modelos diferentes de entender cal é o rol xeopolítico que debe xogar Galiza. Para o Estado Galiza debe ser simplemente un extremo desa estrutura radial supeditada ao proxecto de acumulación e concentración de capital, e tamén de capital humano, cara a Madrid —e, ao mesmo tempo, hai que boicotear ese corredor litoral—. E dende a nosa perspectiva isto é inaceptable e inasumible dende as nosas necesidades de mobilidade cotiá, dende o noso potencial de desenvolvemento económico, dende o potencial que temos de facer parte dun dos sistemas urbanos máis potentes da Península e do contexto europeo. Porque, a pesar dese modelo radial que se quixo impoñer na Península, existen neste momento tres grandes sistemas urbanos: Madrid, o sistema litoral mediterráneo e o sistema litoral atlántico. E por máis que o Estado teña tratado de evitalo, somos un sistema urbano continuo dende A Coruña ata Lisboa. Somos a pesar de séculos de boicot programado; somos a pesar de ditaduras que reforzaron fronteiras, de mapas que borran sistematica-

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mente Portugal, que borran o noso territorio ao sur, porque a dinámica litoral é máis potente; *(Aplausos.)* somos porque a dinámica litoral é máis potente, porque a continuidade cultural, a continuidade das formas de ocupación do territorio son moi fortes; e, a pesar de Madrid, somos un único sistema urbano atlántico, que só na rexión norte de Portugal e Galiza suma 6,5 millóns de habitantes. E, ademais, un sistema urbano que no caso galego ten unha serie de especificidades polas cales o modelo radial supón un grande perigo e o corredor litoral aportaría grandes vantaxes.

O noso sistema urbano é un modelo policéntrico de cidades medias; é dicir, nós non temos unha grande cidade como é o caso de Barcelona que poida contrarrestar as dinámicas de succión que xera o modelo radial. Por iso o modelo radial no noso caso é un grande perigo. Pola contra, nós temos un modelo que funciona dende a complementariedade das distintas cidades, das relacións de proximidade e da articulación dun continuo urbano que vai ata O Porto e que se estende ata Lisboa. Por iso o corredor litoral sería unha grande oportunidade para conectar os principais nodos en intervalos de trinta minutos ou chegando ata unha hora, co obxectivo de colocarnos Vigo-Braga en trinta e cinco minutos e Vigo-O Porto en menos dunha hora.

Porque a cuestión de fondo é reforzar o sistema policéntrico urbano que temos no noroeste da Península. E a conexión ferroviaria cara ao sur de Vigo tamén debe entenderse como unha oportunidade para a mellora das infraestruturas en toda a área metropolitana cara ao sur, é unha oportunidade para conectar Vigo con toda a súa área e reordenar todas as comunicacións. Este plan de saída sur cara a Vigo e da conexión de Vigo ao Porto debe ir parello a un estudo do que é todo o sistema de cercanías, porque temos o potencial de poder reciclar as actuais infraestruturas para definir un novo sistema de cercanías cara ao sur da cidade.

Tamén debe ser unha oportunidade para mellorar os lugares conflitivos da infraestrutura, como poden ser o paso pola vila do Porriño, que divide en dous a urbe. Hai que pensalo dende o punto de vista do conxunto, non simplemente dende o punto de vista da grande infraestrutura.

E levamos demasiado tempo baixo o rol que nos impón Madrid, e todos sabemos que tanto o Partido Popular como o Partido Socialista en Moncloa gobernaron sempre ao servizo deste modelo radial; ademais, con certa opacidade, porque este tipo de proxectos nunca se debateron de forma aberta, sempre se debateron en despachos ou en mesas camilla cun entramado político empresarial que exerce o poder e a soberanía de costas á cidadanía.

Con esta iniciativa queremos, polo tanto, tamén dar luz aquí, dende o Parlamento galego, a exixir unha rectificación desa política. Queremos mandar unha mensaxe clara con esta iniciativa: somos un único sistema urbano e, polo tanto, queremos un único sistema ferroviario, continuo, articulado, emancipado da política centralista, para poder xogar un rol fundamental no Atlántico e no contexto internacional.

E, ademais, este é un momento fundamental, porque durante as últimas décadas, no contexto das negociacións europeas das grandes infraestruturas internacionais, deuse *de facto* unha repartición de roles xeopolíticos respecto de que papel debía cumprir cada parte do li-

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

toral peninsular. Hai como unha especie de acordo tácito dentro do contexto europeo de que Portugal desenvolvese os portos da fachada atlántica e España se centraría nos portos do Mediterráneo e Euskadi. Só hai que ver todas as inversións en infraestruturas nas conexións ferroviarias da intermodalidade do ferrocarril cos portos.

E cos fondos europeos nas últimas décadas España decidiu apostar única e exclusivamente cara ao Atlántico na conexión Madrid-Lisboa, porque o obxectivo fundamental, unha vez máis, era colocar Madrid como o nodo fundamental das conexións entre os portos portugueses do Atlántico e Europa. Mais o Goberno portugués vén de deixar claro que ese xa non é o seu modelo, que non van apostar por ese modelo nos pasaxeiros, que a súa prioridade deixa de ser Lisboa-Madrid e vai ser o desenvolvemento do eixo atlántico.

De aí tamén a nosa autoemenda. Despois destas declaracións, criamos necesario actualizar a nosa iniciativa cos avances que se están dando dende o lado portugués. Por iso estamos nun momento fundamental, temos a man tendida do lado portugués, é fundamental que a parte sur do eixo atlántico estea mirando cara ao norte e ademais temos unha inxección de fondos europeos para os próximos anos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...—vou rematando— que van definir o futuro das próximas décadas. Por iso este é o momento de facer unha aposta decidida na defensa dos nosos intereses e por iso tamén dicimos que non basta cun voto favorable, que a Xunta de Galiza debe poñerse á fronte deste proxecto, debe lideralo e debe abrir unha negociación co Estado. E aquí cada partido debe exercer a responsabilidade dende as competencias...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...que ten cada un.

Remato xa.

Ao Partido Popular pedímoslle que actúe, está á fronte do Goberno deste país, que lidere este proxecto. E ao Partido Socialista, que rectifique e que debe atender as demandas dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

En nome do Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Boas tardes.

Grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPGLiG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nós presentamos unha emenda cun texto algo modificado, que nos parece máis realista dados os últimos acordos do cumio hispano-luso e a última reunión entre os presidentes de Asturias, Castela-León e Galicia, comunidades que, unha vez máis, unha vez tras outra, vense discriminadas polo Goberno do PSOE e Podemos, que unha vez máis mira cara ao Mediterráneo e lle dá as costas ao noroeste.

O pasado venres na Comisión 2ª debatemos unha PNL e coa abstención do Partido Socialista sacamos adiante unha iniciativa que pedía un cronograma viable e realista para a tramitación da saída sur de Vigo, unha actuación estratéxica que ten acreditada a súa rendibilidade económica e social. Saímos bastante sorprendidos coa abstención do Partido Socialista, pero quedou en evidencia, quedou clarísimo que están antes polos intereses de Sánchez que polos intereses de Vigo ou de Galicia. Houbo reaccións, pero é verdade que parece mentira que na saída sur, nesa demanda —como dixo a voceira do Bloque Nacionalista Galego— que tantas veces se está pedindo, que é fundamental para o nexo con Portugal, neste caso o Partido Socialista mire para outro lado.

Esa infraestrutura —como digo— é crucial, e non só para o desenvolvemento de Vigo e a súa área metropolitana, tamén para mellorar —como digo— a conexión con Portugal. É un treito necesario para evitar o paso por Redondela, para modernizar o trazado, para dar o primeiro paso xa de cara á alta velocidade con Portugal.

Os orzamentos do Estado presentados rebaixan un 11 % os investimentos en Galicia, discriminan totalmente o noroeste, de xeito que, mentres vemos como o corredor mediterráneo avanza, o noroeste vai quedando atrás. E no debate da comisión lembraba as cantidades, que hoxe vou lembrar tamén de novo, porque é importante saber non só as intencións, senón que reflicten os orzamentos.

No *Diario de León* dicían o 17 de outubro: «*Inversión de 7.000 millones al corredor mediterráneo con el atlántico sin definir*». E dicían: «*El abismo está en el compás. El arco levantino sabe el dinero con el que contará los tres próximos años, el del noroeste espera con ansiedad para que se definan los proyectos de León, Galicia y Asturias*». O *Diario de Levante* dicía: «*El corredor mediterráneo recibe 800 millones más que el eje ferroviario atlántico*». E se les a noticia di que «*el corredor atlántico en España recibe casi 800 millones de euros menos que el mediterráneo y que la mitad de ese dinero se concentra en el País Vasco y en Extremadura*». É dicir, Galicia, Asturias e Castela-León, outra vez totalmente discriminadas. E preocúpanos, preocúpanos e moito.

E, con respecto a Portugal, mentres o Goberno portugués xa amosou o seu compromiso facendo fincapé nos fondos europeos, explicando claramente como vai intentar acceder a eses fondos para lograr a conexión con Lisboa-O Porto, O Porto-Vigo, o Goberno de España non dá ningunha pista, nin tan sequera, vémolo reacio a recuperar os servizos que eliminou na conexión con Portugal, efectivamente pola covid, pero cunha escusa da pandemia que nós cremos que non quere volver recuperar.

Nós cremos que eses servizos son tamén fundamentais, son peticións que vostedes expoñen na súa PNL e que nós tamén apoiamos.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Galicia precisa tempos de viaxe competitivos con Portugal, e para iso non resulta suficiente a electrificación da liña actual que se está a executar, pois é intentar enredar cos orzamentos para dicir que se fai pero non facer nada. Nos últimos anos as actuacións impulsadas polo Goberno restrínxense á liña existente, pero nós queremos que se lle dea un impulso á alta velocidade con Portugal, o que suporía unha redución dun 57 % nos tempos de percorrido.

O tren de alta velocidade entre Vigo e a fronteira portuguesa comprende 21 quilómetros, suporía un investimento de 578 millóns de euros. Disto nos orzamentos do Estado, nada de nada. Tamén está ben e temos que sabelo. E aínda por riba a prensa, que ademais non é de Galicia —para que vostedes non sospeiten nada—, tamén di que a maior parte dos cartos destinados ao corredor do noroeste, ao corredor atlántico, van para o País Vasco.

Galicia, unha vez máis, discriminada. Como xa dixo en varias ocasións a conselleira de Infraestruturas e nós neste parlamento, a Xunta trasladoulle ao Goberno de España un estudo custo-beneficio que acredita a rendibilidade da saída sur de Vigo, ao que se non se obtivo resposta, e, como saben, a saída sur é unha prolongación crucial —como dixen— para a alta velocidade con Portugal. Pediamos un cronograma. O PSOE abstívose e, como dixen, houbo reaccións, e o alcalde de Vigo sae hoxe acompañado dun secretario de Estado que veu inaugurar cunha orquestra unha muralla de Vigo —que a verdade é que quedou moi bonita— e díxolle: ¡por favor!, ¡por favor!, tes que facer aquí, tes que comprometerte ti coa saída sur de Vigo, porque o outro día no Parlamento o PSOE abstívose, quedamos nun auténtico ridículo, e é unha infraestrutura necesaria para a cidade. E, entón, sae hoxe o secretario de Estado e saca da manga pois unha serie de prazos e compromisos. Pero mire, a nosa fiabilidade con Caballero sobre as infraestruturas é nula, é cero, porque mire, Abel Caballero anuncia a alta velocidade para 1993; está é a fiabilidade que nos dan as palabras de Abel Caballero con respecto aos compromisos. *(Aplausos.)* Nos orzamentos non está reflectida a partida para a saída sur. É fundamental que estea reflectida para que se poida realizar.

Polo tanto, nós seguiremos exixindo, como fixemos sempre; ademais, dende a Xunta de Galicia, con moita lealdade. Toda a información da que dispoñemos emana do Goberno portugués. Por iso digo que hoxe así, nunha reunión previa e rápida, Caballero tivo que dicirlle ao secretario de Estado que era o interesante para anunciar, e alí díxoo nunha rolda de prensa. Esperemos que iso se poida tamén despois perpetuar —como digo— nos orzamentos, porque o Grupo Parlamentario no Congreso xa presentou unha emenda. Como dicía, a información emana do Goberno portugués. De momento do Goberno español non temos nada, ningunha noticia.

E eu non falaría, señores do Bloque Nacionalista Galego, neste caso, dunha visión ou planificación radial. A señora Alexandra entrou nun debate en profundidade, que si que é verdade que poderiamos debater sobre este tema, pero, neste caso, o Goberno de España ten unha planificación sueste, absolutamente é un corte no medio da Península, e o noroeste non existe para nada, porque así queda reflectido —como digo— nos orzamentos do Estado e nos investimentos que fai o señor Ábalos cara á súa terra de Valencia e tamén cara a Cataluña. Porque a verdade é que é descarado como tanto as infraestruturas ferroviarias como as infraestruturas portuarias reciben inmensas cantidades de cartos comparadas coas de Galicia.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, ao Goberno de España, ao que tamén apoia o Bloque Nacionalista Galego, tamén debemos de reivindicarlle o que nos corresponde, polo menos estar en igualdade, no mesmo equilibrio no caso dos investimentos, porque está claro que o Partido Socialista sempre, sempre, barre para a zona sueste. Vostede falaba hoxe da opción Lisboa-Madrid. Lembro cando José Blanco foi negociar o corredor atlántico a Bruxelas e a súa opción era Lisboa-Madrid-Bilbao; aí quedaba Bilbao-Galicia tamén absolutamente borrado do mapa.

Nós dende o PPdeG imos seguir reivindicando a conexión rápida coa Meseta e con Portugal, coa Meseta tamén, porque se nos poñemos a falar aquí da importancia que ten por suposto o eixo atlántico e toda a franxa costeira noroeste non podemos olvidar que tamén é importante ter unha boa conexión coa Meseta. Polo tanto, nós seguiremos reivindicando —como digo— con lealdade, e queremos estar nas mesmas condicións que a outra parte da Península no taboleiro de xogo.

En Madrid deberían coñecer o volume de actividade do Sá Carneiro e Leixões, porque son dous puntos importantes, porque para Galicia son cruciais, e nós temos que estar tamén xogando nas mesmas condicións e coas mesmas infraestruturas e non podemos quedar atrás neste caso. Reitero que, lendo os orzamentos do Estado, quedamos atrás, quedamos atrás, coma sempre, cando está gobernando o Partido Socialista.

Hai poucos días inaugurábase o treito de alta velocidade Zamora-Pedralba, un dos treitos máis complexos pola súa orografía, foron 110 quilómetros, cun custo de 898 millóns de euros, tamén impulsado na súa maior parte mentres gobernaba o Partido Popular. Esperemos que o Partido Socialista prime tamén os intereses de Galicia neste caso e non prime, como fixo nalgunhas votacións e como fai nalgunhas iniciativas, sempre os intereses do señor Sánchez, en lugar de primar os de Galicia.

Antes falaba da fronte noroeste, de Asturias, Galicia e Castela-León, da importancia que tiveron as reunións mantidas entre os diferentes presidentes das comunidades autónomas, de distintas cores políticas, reivindicando as axudas de Europa. É importante que saibamos que hai 30.000 millóns de euros para toda a rede, pero que hai que reivindicalo cunha cifra concreta, que son 3.100 millóns de euros, e é o que debería aportar o Goberno de España ata o 2025, para modernizar minimamente o ramal atlántico, a infraestrutura clave para equilibrar a competitividade dos territorios de España e Portugal.

Pero, como digo, diso nada sabemos, non sabemos nada e estamos nun momento crucial ante a oportunidade ademais de poder acceder aos fondos europeos Conectar Europa, aos fondos de reconstrución Next Generation. Temos que estar alerta e non esquecernos desta parte de España, de Galicia. E, polo que vemos e polas manifestacións constantes, o Mediterráneo sempre crece en detrimento do Atlántico.

Nós insistimos en que a Xunta mantén unha liña proactiva e leal, porque —como dixen— remitiuse un estudo ao Ministerio de Fomento para explicar, ademais, cales son os beneficios, a importancia que ten, tanto ademais en valor como socialmente, conectar Galicia con Portugal, a importancia que ten a saída sur de Vigo.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A emenda que presentamos respecta a necesidade e a nosa vontade de que a alta velocidade con Portugal sexa unha realidade. Compartimos a necesidade desa infraestrutura, pero aprobar nesta mesma iniciativa a creación dun servizo de cercanías co Baixo Miño desvirtúa a petición que hoxe debemos facer dende este parlamento, porque xa é inminente e os orzamentos están xa presentados.

Incluímos tamén información adicional interesante, como que a saída sur de Vigo foi incluída en xuño de 2019 na rede básica TNT, grazas á negociación mantida polos gobernos de Asturias, Castela-León e Galicia ante as autoridades comunitarias e cuxas obras deberán estar rematadas antes do 30-12-2030, data que desvelou o ministro de Transportes portugués, que incluso expresou claramente: «*Madrid debe poner plazos a la salida sur viguesa.*» (*La Voz de Galicia*).

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Xa remato, presidente.

O ministro portugués ponlle as pilas tamén ao Goberno de España, ponlle as pilas ao señor Ábalos: «*Madrid debe poner plazos a la salida sur viguesa.*»

Agardamos chegar a un acordo que sexa beneficioso para Galicia e os galegos e de paso para toda a franxa noroeste, que para este goberno do PSOE-Podemos parece que non existe. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

En nome do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas noites xa, señorías.

A verdade é que unha non sabe por onde empezar, despois de escoitar o cinismo da voceira do Partido Popular. Señora Egerique, vostede, que é de Vigo, sabe que fallou en reiteradas ocasións á verdade ao longo da súa intervención.

Dixo que quedaba en evidencia o Partido Socialista despois da votación do pasado venres na Comisión 2ª. Di que non apostabamos pola saída sur, que lle dabamos as costas á saída sur. E tanto, tanto lle damos a espalda á saída sur que hoxe o secretario xeral de Infraestrutura do Ministerio de Transportes anunciaba a licitación do proxecto da saída sur para o vindeiro ano; *(Aplausos.)* ¡tanto lle dabamos a espalda á saída sur!

Mire, señora Egerique, a non aposta do Goberno de Pedro Sánchez pola saída sur, a non aposta conleva dotación orzamentaria para ese proxecto, miren a non aposta do Goberno central pola

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

saída sur, porque o outro día na comisión deixamos moi claro o posicionamento do PSdeG: saída sur, si, saída sur proposta pola Xunta de Galicia, pola Autoridade Portuaria, non. Polo tanto, non terxiverse as miñas palabras, porque eu deixei moi claro que estabamos a favor da saída sur, pero é que os feitos de hoxe corroboraron tamén a miña intervención do outro día.

A verdade é que mezclar e falar de orquestras cando estamos a falar dunha obra tan importante para a cidade de Vigo demostra que vostede parece que non coñece a importancia desta infraestrutura para a cidade de Vigo. Bueno, a verdade é que a orquestra formada polos concelleiros do Partido Socialista de Vigo soaría bastante máis alta que a formada polos do Partido Popular; dende logo, iso está claro. *(Aplausos.)*

É que agora vostedes van de abandeirados da saída sur ferroviaria de Vigo. Agora acórdanse de reclamar esa infraestrutura tan importante para Vigo, pero cando o Partido Popular gobernaba en Madrid, tanto cando gobernaba o señor Aznar como o señor Rajoy, o Grupo Parlamentario Popular galego calaba e non pedía esa infraestrutura.

Aquí falábase de que se trata dunha demanda histórica, e niso estamos de acordo. Pero, para ser honestos, creo que tanto o presidente da Xunta como o expresidente do Goberno, señor Rajoy, deberían de explicar como impulsou o Executivo central esta actuación dende o ano 2012, ou, mellor dito, como non se impulsou dende os gobernos de Rajoy este proxecto. E tamén a antiga alcaldesa de Vigo, a actual secretaria da Mesa desta Cámara, a señora Porro, debería de explicar por que cando ostentaba a alcaldía se elaborou un proxecto de acceso á estación de Urzáiz que impedía a saída sur, xa que o tren ía entrar en zanxa e non era posible esa saída porque chocaba cos edificios da calle Urzáiz. ¡Menos mal que invalidou este proxecto Abel Caballero cando chegou á alcaldía de Vigo!, o proxecto de acceso á estación de Urzáiz que impediría a saída sur de Vigo, invalidado por un alcalde socialista en Vigo e un ministro de Fomento socialista en Madrid.

E miren, no ámbito da planificación ferroviaria, todo o que se faga no presente condiciona o futuro. E se se levase adiante o proxecto de actuación que pretendía levar o tren a Vigo dende Redondela, a través de Teis, rompendo Teis e a cota cero, iso implicaría que hoxe non puidésemos estar a falar da saída sur. ¿E quen apoiaba ese proxecto? O Partido Popular de Vigo, coa súa alcaldesa á cabeza, e tamén nalgúns momentos o Bloque Nacionalista Galego. Polo tanto, era necesario recordar que, dada a paralización dese proxecto, hoxe podemos estar a falar da saída sur. O que lle deu vida á saída sur ferroviaria de Vigo foi a paralización dese proxecto e que o tren entrara en Urzáiz de forma soterrada; xestións realizadas polo alcalde de Vigo, Abel Caballero. *(Aplausos.)*

Nós, dende o PSdeG, sempre estivemos a favor da saída sur ferroviaria de Vigo e niso volvemos incidir o outro día na Comisión 2ª, pero parece que á señora Egerique non lle quedou claro. Volvo repetirllo, eu dicía: saída sur, si; non á saída que plantexou a Xunta de Galicia e a Autoridade Portuaria de Vigo. Por certo, falan de tanta colaboración, pero sen consenso e sen contar tampouco co Concello de Vigo.

Este proxecto tamén incluía unha conexión ferroviaria da terminal de Bouzas, trazado este cun inmenso impacto ambiental que rompe dramaticamente a cidade de Vigo e que aínda

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

por riba non xera valor engadido para as empresas de Vigo, nin para da comarca, nin tampouco para o resto de Galicia. É que nin sequera a principal empresa da cidade, Citroën, quere este proxecto. Pero o peor de todo é que este proxecto do tren de Bouzas da Xunta de Galicia e da Autoridade Portuaria de Vigo chega a unha saída sur que non existe. En fin, as présas é o que teñen. Entráronlles as présas dende o 1 de xuño de 2018 —día da moción de censura— e, claro, así pasaron estas cousas cando presentaron ese proxecto en xullo de 2018, sen darse conta de que non existía esa saída sur. Para o Goberno de España a saída sur é unha prioridade, e no Proxecto de orzamentos do Estado do 2021 contémplase unha partida para a saída sur de Vigo; polo tanto, deixe de fallar outra vez á verdade.

A principios de 2021 licitarase o estudo de alternativas para ver a configuración ferroviaria da saída sur con tres obxectivos: un, unificar o transporte de viaxeiros en relación coa estación de Urzáiz; dous, mellorar a conectividade das mercadorías; e tres, garantir a conexión do Eixo atlántico ferroviario con Portugal. Este anuncio foi feito hoxe mesmo por un secretario xeral de Infraestruturas, como dixo a señora Egerique. Miren a diferenza, vostedes fan roldas de prensa con publicidade e propaganda e nós falamos con feitos, plasmándoos nos proxectos de orzamentos para ese ano 2021. *(Aplausos.)* Apoien, apoien ese proxecto de orzamentos.

Mire, agora esta actuación da cidade de Vigo é imparable. Iníciase a saída sur ferroviaria de Vigo e iníciase cun estudo funcional para determinar as posibles alternativas e a forma de facer o túnel. Claro que é imparable, pero ¿que fixo a señora Ana Pastor durante cinco anos, metendo tanto o proxecto do AVE de Vigo como o proxecto da saída sur nun caixón? Polo tanto, agora si que hai feitos, non anteriormente.

Esta saída sur enlazará co proxecto de Portugal de vertebrar todo Portugal coa alta velocidade, especialmente Lisboa, O Porto e Vigo, que en Vigo entrará pola entrada sur e de Vigo seguirá por Cercedo a Madrid. Estudo este —este último— que se está a realizar agora co Goberno de Pedro Sánchez, porque anteriormente nin sequera tiñan en conta este estudo.

Polo tanto, aposta decidida do Goberno central pola saída sur de Vigo, e ese proxecto será licitado a principios do ano que vén. *(Murmurios.)* Parece que non lles interesa que Vigo mellore.

Coincidimos tamén co BNG na necesidade de buscar unha alternativa ao paso do ferrocarril polo centro da vila do Porriño. Neste punto temos que dicir tamén que o Goberno de España xa está a traballar para dar resposta a unha demanda histórica, como é a eliminación do perigoso paso a nivel existente no centro do Porriño. En setembro deste ano foron adxudicados os estudos e a redacción do proxecto de supresión deste paso a nivel. Este contrato forma parte das actuacións previstas por Adif para a supresión e mellora de protección dos pasos a nivel da rede ferroviaria de interese xeral, co fin de incrementar as condicións de seguridade das infraestruturas de transporte tanto para os cidadáns como para as circulacións ferroviarias. E, neste senso, Adif traballa na supresión progresiva daqueles pasos a nivel que maior intensidade de tráfico de vehículos e de trens rexistran, de conformidade coa lexislación establecida nesta materia.

No tocante ao punto de electrificación da vía, creo que a redacción do Bloque Nacionalista Galego, ao mellor, non é a máis axeitada, xa que non cremos que sexamos nós os que lles

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

teñamos que poñer deberes aos do outro lado do Miño, pero en relación con esta petición cómpre recordar que en outubro deste ano, no Cumio luso-español, ambos os países manifestaron a súa vontade de avanzar na mellora da conexión ferroviaria O Porto-Vigo, e congratuláronse os dous pola finalización das obras de electrificación do lado español. Polo tanto, outro cumprimento máis do Goberno central.

No tocante ás melloras e ás condicións de seguridade do trazado, estamos totalmente de acordo co que pide o Bloque Nacionalista Galego. Chámanos poderosamente a atención que na emenda do Partido Popular se suprima, entre outros puntos, o da seguridade. Nós, dende o PSdeG, cremos que é algo fundamental e cremos que debería de ser algo fundamental para todos os grupos parlamentarios, porque exemplos temos todos nas nosas retinas.

No tocante á recuperación dos servizos ferroviarios suprimidos pola covid, coincidimos en que na medida que na situación o permita se vaian recuperando, e así o está a facer tamén o Goberno central.

E no relativo ao último punto da proposición non de lei do Bloque Nacionalista Galego, quero dicir...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...—e vou rematando, presidente— que Renfe adquiriu novos equipamentos para toda España que virán substituír os vellos e que seguro que tamén afectarán esta liña. Por certo, os gobernos de Mariano Rajoy, cero euros para a substitución dos vellos equipamentos.

En resumo, todo o que se está a pedir nesta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego son cousas que xa está a facer o Goberno central ou nas que está a traballar. Polo tanto, coincidimos nas reivindicacións que se presentan...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...nesta iniciativa.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Fixemos unha intervención procurando unha posición de país, procurando un debate de fondo sobre cal é o reto que temos por diante neste país, e vostedes saen cun pim pam pum competencial entre o Goberno da Xunta e o Goberno central.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(Aplausos.) Eu, sinceramente, creo que vostedes non fan un traspaso de responsabilidades na Moncloa, fan unha repartición de papeis segundo quen goberne, e cando están no Goberno calan e cando perden, entón, soben a voz e defenden as cuestións para este país. Bueno, paréceme un auténtico teatro.

O desenvolvemento do proxecto radial do Estado foi sempre continuo, gobernase quen gobernase, o Partido Popular ou o Partido Socialista, e ningún mudou substancialmente o rumbo da política. Vamos ver, ¿alguén cre que o deseño da alta velocidade, cos prazos que ten, non se fai sen un acordo tácito entre o Partido Popular e o Partido Socialista para sacar adiante ese proxecto? A alta velocidade resume e é a quinta esencia dese proxecto do que falaba antes, desas dúas grandes estratexias: o modelo radial, por un lado, e o boicot sistemático a aquilo que sexan corredores litorais ou corredores que non pasen por Madrid. E aí temos a alta velocidade radial e o desmantelamento sistemático de vías como o Feve, de vías como Vigo-Barcelona —que non pasa por Madrid, claro— ou Vigo-O Porto; o desmantelamento sistemático de todo o que non sexa ese modelo radial. E iso non se fai se non hai un acordo entre os grandes partidos.

É que, ademais, nas últimas décadas, ¿que fixo o Partido Popular? Estivo sete anos gobernando na Moncloa. Bueno, pois mentres estivo gobernando, investiu todos os cartos do corredor atlántico europeo na conexión entre Madrid e Lisboa; tamén gastou os fondos europeos do corredor atlántico en reformar a estación de Atocha; o Partido Popular tamén investiu os fondos europeos do corredor atlántico en reformar a estación de Chamartín. Porque non sei se para o Partido Popular o corredor atlántico non significa que pase polo Atlántico, senón que significa como facer chegar o Atlántico á capital. Estas son as cousas de facer de Madrid esa capital contra natura, e as súas eivas.

En todo o tempo que estivo Rajoy vostedes foron á procesión dos caladiños. Hai uns anos, cando estaba Rajoy na Moncloa, aínda, mantiven unha reunión coa comisaria europea de Transportes, na que lle levamos todos os datos da importancia que tiña, precisamente, a conexión entre Vigo e O Porto, e a comisaria europea dicía que, poñendo os datos enriba da mesa, era incomprensible que non se defendese esa liña. É máis, é que, dende un punto de vista liberal —e por iso dicía antes que está antes o proxecto da España radial que o proxecto liberal—, ¿cal foi a principal proposta para explotar por parte dunha empresa privada unha infraestrutura ferroviaria? O corredor atlántico, porque por número de pasaxeiros é a máis rendible, pero o «proxecto España» está por riba. O proxecto que lle presentaba o Goberno español á comisaria europea de Transportes non pasaba por aí. E a comisaria dicíame: é o lóxico, é o evidente, pero o Estado español non está poñendo enriba da mesa esta proposta —e iso era mentres gobernaba o Partido Popular—. O Partido Socialista máis do mesmo, deixaron morrer no seu momento o proxecto da saída sur e seguen na Moncloa esquecendo conscientemente o corredor atlántico. Nós imos seguir defendendo este corredor litoral atlántico sempre, en todos os ámbitos e sexa cal sexa a posición na que esteamos.

Falaba a señora Egerique do mediterráneo, da prevalencia do corredor mediterráneo. Ben, cando se iniciou a primeira proposta dos corredores, a proposta era radial para todo o Estado. ¿Cal é a diferenza entre o noroeste e o mediterráneo? Que no mediterráneo se articularon

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

politicamente para dar unha resposta. ¿Que fixo o Partido Popular aquí? Asubiar cara arriba. Ese é o principal problema que temos neste país.

E a situación, ademais, é que levamos anos arrastrando uns orzamentos que nunca se executan; sempre hai estudos previos que se orzan e nunca se conclúen. De feito, acaba de caducar o último estudo informativo previo, e, polo tanto, temos que reiniciar todo o proceso cun novo estudo informativo. E, ademais, coa cuestión engadida de que neste momento, para dar cumprimento á normativa da Unión Europea en canto aos estudos hidrolóxicos, precisamos que se faga nun prazo temporal de tres anos. Iso xa nos coloca —se todo vai ben— no 2024 para o inicio das obras. Polo tanto, se queremos chegar ao horizonte temporal de 2030, tal e como marca Portugal, debería poñerse en marcha canto antes todo o proceso.

Como digo, o que queriamos hoxe aquí era presentar unha posición de país, e iso significa que cada un dos grupos desta Cámara se comprometa a exercer o poder que os galegos e as galegas lle deron para sacar a adiante este proxecto. Isto non significa converter este tema nun pim pam pum competencial...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...significa que abramos un debate alonxado dos intereses partidarios, deixarse de teatralización e marcar unha posición conxunta. Primeiro, que o Goberno central abandone a folla de ruta centralista e que asuma a axenda política de infraestruturas para Galicia, que a imos decidir dende aquí. Todo avance, señores do Partido Socialista, é importante, pero queremos ver feitos, porque estamos fartos de estudos que non se executan.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...—acabo xa, isto é o último—. E, en segundo lugar, que o Goberno galego faga valer os intereses dos galegos e das galegas e que exixa ao Goberno central unha negociación, que exerza o poder que ten. Ten competencias para solicitar a execución desta infraestrutura.

A emenda está ben, pero cremos que serve máis para facer publicidade que para falar de feitos concretos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...e das accións específicas que vai facer o Goberno.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: De todas formas, estudarémolo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pois, rematados os puntos da orde do día de hoxe, suspendemos a sesión ata mañá, ás dez da mañá.

Suspéndese a sesión ás oito e trinta e sete minutos da noite.

CSV: BOPGDSPGLIG5b1Q0C5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPGLiG5b1Q0C5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/